

ECOS DUN TEMPO

Editan: Asociación Cultural Cultura Aberta
Andavira Editora, S.L.
www.andavira.com

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas, S.A.

I.S.B.N.: 978-84-8408-578-2

Depósito Legal: C 2042-2010

Índice

Limiar

Asociación Cultural Cultura Aberta	v
Mini	vii
Baldomero Iglesias Dobarrio	xi

1ª Xornadas / ano 2005:

“SILENCIOS DA GUERRA CIVIL”

Charla: Avelino Pousa Antelo	1
Charla: Elixio Rodriguez, sobor do libro "Matadeo Mañá"	15

2ª Xornadas / ano 2006:

Charla: " O 36 na Coruña" por Emilio Grandio	19
Charla: " O Foucellas" por Luis Lamela	39

3ª Xornadas / ano 2007:

A SEGUNDA REPÚBLICA EN CARRAL

Charla: Herminio Barreiro (Mestre represaliado)	67
Charla: "Os novos mártires de Carral, os de 1936" por Luis Lamela	73
Charla: " O sindicalismo femenino na Coruña e bisbarra" por Eliseo Fernandez	105
Charla: "Francisco Javier Alvajar, republicano, exiliado e masón" por Carlos Pereira	127

4ª Xornadas / ano 2008:

75 ANOS DE VOTO FEMENINO: 1933 - 2008

Charla: "As eleccións de novembro de 1933: mito e realidade" por Emilio Grandío	145
Charla: "O voto da muller nas eleccións da II República" por Carmen Domingo	175
Charla: "Muller e represión na Galicia da guerra civil" por Carmen Blanco	181
Charla: "Muller e política na Galicia de 1933" Mesa Redonda con Eliseo Fdez, Carlos Pereira e Emilio Grandío	203

5ª Xornadas / ano 2009:

Charla: "La reforma agraria de la Segunda República: los orígenes de la Guerra Civil" por Francisco Espinosa Maestre	227
"A FRONTE POPULAR: 1936" Casa da Cultura de Carral (A Coruña)	
Mesa redonda: <i>Significado da Frente Popular en Galiza, orixes e acción política</i>	251
Bernardo Máiz e Emilio Grandío	
Mesa redonda: <i>A memoria da Frente Popular</i>	285
Julio Prada, Dionisio Pereira e Andrés Dominguez	

E chegou o rumor. Voltaron os ecos dun tempo. Resoraron as verbas dun pasado incompleto. Pola Casa de Cultura de Carral nos chegaron nestes cinco últimos anos as voces da memoria. Nas cinco convocatorias de Xornadas da Recuperación de Memoria Histórica, organizadas pola asociación cultura Cultura Aberta co apoio de institucións como o Concello de Carral, a Deputación da Coruña e a Vicepresidencia do Goberno, quixemos recuperar ese pasado dos anos da Segunda República, da guerra civil e do franquismo. Puxemos a disposición da cidadanía de Carral dende as testemuñas directas daqueles anos ós máis prestixiosos historiadores e investigadores sobre o tema tanto de Galicia como do Estado. Por estas aulas asistimos en só cinco anos a un recoñecemento sobre aquel pasado, conflictivo no debate político actual, máis nítido, rotundo e claro tanto nas análises das derradeiras testemuñas daquel tempo como dos investigadores. Charlas, mesas redondas, ponencias... integraron estas Xornadas que tiveron un mes de convocatoria obrigada no mes de novembro, de encontro e debate libre e aberto. Elas motivaron tamén a recuperación da mesma memoria de Carral, publicada o ano pasado no libro 'Azos de Memoria'.

O libro que tedes entre as mans pretende algo mais: difundir e divulgar a un público maior as actividades reali-

zadas sobre temas monográficos nestas cinco Xornadas. Boa parte das intervencións son realizadas expresamente cun enfoque particular: dende o apaixonamento das testemuñas ata as disertacións máis científicas. Mais todas elas teñen un valor engadido: o da inmediatez, mesmo o do diálogo espontáneo a través do debate que veredes nas intervencións. O propósito desta obra resposta pois as intencións primeiras das xornadas: divulgar e permanecer. A primeira tiña o seu punto culminante nas xuntanzas realizadas con motivo das charlas; a segunda forma parte desta obra: converter o efímero do diálogo en algo permanente, consolidado e con rigor.

Agradecemos finalmente a todas as persoas e institucións que colaboraron con nos nestes cinco anos de traballo. Nas mais visibles e nas que están detrás do espazo escénico, mais que formaron parte co seu apoio do noso discurso. Cultura Aberta, debedora da súa autoría, cree que para todas elas debe ir esta obra. Por explicarnos o pasado. Por cimentar a construción do futuro.

Asociación Cultural Cultura Aberta

O PESO DO SILENCIO

¡Canto nos custa entender o por que a nosa xente se bota atrás cando toca falar do 36 e dos paseos e da represión ! Todo enmudece, todo cala e un: *¡deixa iso xa!..* sae dos labios de quen nos escoita, cando non saen improprios que teñen a ver coa política, *esa maldita femia que todo o corrompe...*

Só ás veces, na penumbra, na seguridade de non ser escoitado, na complicidade da confianza que se ten no que escoita, a xente fala... *O Medo permanece...*

Todo isto é o resultado dos corenta anos de represión oficial, de silencio obrigado e de dolor calada e disimulada. Pero é preciso sumarlle a todo isto os trinta e moitos anos máis de democracia controlada de liberdade provisional de *expresión correcta.*

E milleiros e milleiros de asasinatos silenciados. Decenas de miles de torturas e abusos roídos cara dentro cos puños apertados e bágoas afogadas. Os vencidos non tiñan nin dereito a chorar.

E nós sen saber nada. Nós dispostos a sermos libres sen coñecer o noso pasado. Con toda a falsa ilusión que nos transmitiron polos medios de comunicación. *El ejemplo español, modelo de transición democrática.* A dereita tiña moito que agachar, e a esquerda calou covardemente. E para nós a ignorancia, e para eles, para os que sufriron o

terror: *o silencio e o esquecemento*. Foron borrados da historia, nunca existiron, nunca naceron... ¡nunca poderemos aprender dos seus desexos de liberdade e tampouco dos seus erros!

¡A nosa democracia naceu orfa!

E ben, 70 anos despois, con timidez, algunhas voces, con enorme estrondo e algarabía dos de sempre, dos que mandaron con voz firme ...*¡Silencio!*... comezamos a rebuscar nos nosos ósos, nos de todos. Porque queríamos aproximarnos á verdade, porque queríamos saber de onde viñamos, porque había milleiros de preguntas sen resposta, porque nos adormeceran con mentiras increíbles e ... *porque xa non había lugar para o medo.*

E non comprendíamos nós, que non vivimos aquelas datas como se podía pousar tanto tempo a abafante lousa do esquecemento sobre os corpos e as vidas públicas dos torturados e dos asasinados nos paseos ou nas condenas daquelas farsas de xuízos.

Pero o medo estaba aí. *Está aí.* Permanentemente instalado nos nosos xenos. Competentemente alimentado polos culpables daquela barbarie, polos seus sucesores, polos que nos tutelaron esta democracia con lei de punto final incluída. Porque o medo está nuns e noutros. O medo reparte números e obríganos a sermos politicamente correctos. E non o sacaremos do lombo ata a nosa morte. E os que veñan nacerán coa síndrome sen saberen de onde lles veu. ¿Ou non? ...*Se cadra non.*

E ¿como se evita que a traxedia se repita? Desde logo nunca calando, nunca desde o silencio e a ignorancia. Nunca desde o frío esquecemento das foxas comúns. Nunca desde a admisión da derrota das ideas por medio da barbarie. Porque foi barbarie o asasinato vil. Porque foi barbarie a rescisión da liberdade. Porque foi ignominia a asunción da falsa moral por parte dos asasinados e confesos diante da poboación calada polo medo.

Para non repetir os erros do pasado é necesario coñecer o pasado.

E nesas andamos...

Este libríño é o resultado do esforzo feito por Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral para desenterrar a memoria do 36. Nesta serie de actos, conferencias e mesas redondas os máis deles, pasaron xentes que foron protagonistas no seu tempo ou que levan dedicada boa parte da súa vida a desenterrar memoria, a pescudar no pasado para sacalo á luz. Sen vinganzas, sen odio, pero con firmeza, con absoluto afán de recuperar dignidade para os dobremente maltratados, unha vez naquel tempo e logo pola Historia.

O libríño non é completo, non abrangue ese tempo todo, esa memoria toda. Non sería posible. Pero achega claves, aproxímase ós feitos, sementa opinións, discutibles, por suposto. Pero para iso están, para seren discutidas.

E niso andamos.

Mini, marzo do 2.010

Abrides aquí un novo libro que relata algunhas das iniciativas principiadas xa hai anos polos nosos amigos de Carral e de Cultura Aberta. Hai anos xa quixeron deseñar novas actividades de dinamización cultural que incidiran no contorno. Falamos do tema da recuperación do pasado máis próximo, da memoria que estaba aí e case se podía tocar cos dedos, ...na man dos nosos. Esa memoria que aínda recendía a dignidade pero que estaba tapada pola lousa do silencio e do medo. Era, e é, unha teima en moitos sitios e sobre todo en Carral despois dos acontecementos daquel "abril de lume e ferro".

Un pregúntase como foi posible chegar a tanto rancor, a tanto sangue. E cómpre saber, tamén para cerrar as feridas dunha vez, para recuperar a dignidade daqueles que foron castigados por pensar, por defender quizais as súas ideas e que permanecen aínda hoxe acalados, na ocultación máis suíña, a mesma que impide -por ruín- que as feridas curen. Foi así que acordamos organizar encontros coa xente do arredor e con xentes que puideran contar-nos, en primeira persoa, aquelas experiencias. Invitamos a Elixio (aquí levades unha grande parte e transcrición daquel encontro). Nós xa o coñeciamos e sabiamos da sedución da súa palabra, sempre referendada en feitos, en feitos increíbles sobre aquelas memorias nas que el tivo algo

que ver. Eran feitos que volvían pasar polos seus ollos como unha película de superoito, en brancoen negro xa amarelada polas xeirás. Contounos, acompañado pola súa dona, con certo acento mexicano, as súas vivencias. Foi como revivilas connosco polos escenarios do seu libro "Matádeo mañá" e, así, en pé de descubrimento, adiviñar a súa luz e as tantas sombras.

Despois veu Avelino Pousa Antelo, O Lucho do Peto, amigo moi estimado, compañeiro de tantas loitas e defensor da nosa Cultura propia. Tamén nos volveu engaiolar coas súas palabras, coas súas anécdotas, co seu verbo aceso e clarificador. E logo viñeron outros moitos, e os historiadores a contextualizar tempos e a contarnos as deducións por eles sacadas de debaixo das lousas do esquecemento. Era a verdadeira historia tecida a base de razóns e pensamentos, de afectos de desafectos.

Estabamos en marcha para recuperarnos da terrible enfermidade do esquecemento. Por iso, tamén fixemos reunións para valorar as actividades e para programar outras novas, para facer as nosas propias indagacións, para recuperar cantos, ditos, romances, coplas, ...saber popular, sinxelo e misterioso, que nos descubre verdades ocultas da nosa Historia. Mesmo fixemos por preparalas e recuperalas interpretándoas, gravándoas e impedindo que se esquezan ou poidan habilmente manipular por aqueles que tanta mentira nos contaron e tantas veces nos fixeron crer o que dicían, ata converter en obsesión a mentira, e que agora se demostra non foi certo. Deberan saber que non, que xa non poden reforzar a nosa indiferenza, nin sequera

paralizar o noso pensamento. Que non, que fai falla saber, que a vinganza non é o noso estilo, pero que si o é promover o coñecemento e, sobre todo, das claves que nos trouxeron a onde estamos. E queremos desentrañar aquela tanta violencia, para arredala de aquí en todas as súas formas e maneiras, ...sen que fagan ignorancia do noso dereito a saber de nós, sen que nos furten o presente tapando o pasado e sometendo ás tebras o futuro. Porque esa é a técnica dos que rouban a estima dos pobos, o agasallo de sermos nós propietarios do noso. Nós non deixaremos que nos leven ese patrimonio e que nos deixen no silencio, nas cinsas dos papeis e títulos que un día foron documentos de pertenza, da existencia propia e nunca emprestada, pero non contada. Non podemos deixar que nos leven a vontade de sermos nós, nin a plena consciencia do que foi e do que pasa, pasou e pasará. Non queremos que no aire soe un réquiem penitente e avergoñado cando miramos atrás, porque mesmo o aire nos roubaron nesta xa desolada paisaxe que é a Nosa Terra. E queren tamén borrar a nosa palabra, a voz inédita que nos enche de orgullo e de forza as verbas, nesta boca que berra esperanzada e chea de anceios para os nosos fillos, con horizontes de luz. Nós somos propietarios e non poden xogar a alugarnos trintaporcentos de nada, nin cincuentaporcentos de nada. Porque é noso, tamén o noso idioma, e só noso o dereito e a vontade, que eles queren usurpar desde listas pechadas que levan o demo dentro para ocultárense nas sombras e con esa escusa, do poder que din son delegados e representan, e da representatividade dos desleigados e enganados, dos que non saben e se deixan ir, borrar

a nosa identidade. Eu estou seguro de recuperaremos, aprenderemos a querernos, a lembrarnos e a sabernos dignos da nosa propia Historia. E así, ese día, despois de tanto e tanto, o ceo volvera ser moito máis azul e branco.

Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero.

CHARLA AVELINO POUSA ANTELO

Setembro 2005

Moitas grazas, un saúdo moi cordial aos ointes que vos presentáchedes aquí. Grazas por escoitar a alguén que tivo, por un lado, a mala sorte de vivir aquel horror do ano 36, cando unha xuventude ilusionada, na que me encontraba, soñabamos que tiñamos ao noso alcance unha Galicia máis culta, moito máis rica, moito máis solidaria e moito máis galega. Soñabámolo e parecía que o tiñamos ao alcance da nosa man e de repente todo isto parouse e dun xeito brutal, salvaxe, inexplicable. Costa traballo imaxinar o horror con que vivimos aquela invasión terrible.

Eu estaba facendo o servizo militar en Ceuta. Viñera de permiso para facer unhas oposicións a maxisterio. Pasei por Madrid o 1 de maio de 1936. Un Madrid que eu non sei como sería normalmente, pero había bombeiros, enfermeiras.. non me gustou aquilo realmente. Tiven que vir dende a estación de Atocha, a onde chegaba o tren, ata a estación de Príncipe Pío, que era a estación do norte. Deben ser dous kilómetros e pico ou tres, non atopei nin autobuses, nin ningún vehículo, nin ambulancias ningunha, nin taxis.

Cheguei aquí, fixen a oposición. Tiña a oposición xa rematada. Aí tiven noticias do Estatuto aquel de 1936 a través dun grupo de mozos que eran das Xuventudes So-

cialistas Unificadas, socialistas-comunistas, un deles, ainda viviño, pequeno de talla pero enorme de calidade humana: Isaac Díaz Pardo.

Isaac é seis anos máis novo ca min, eu tiña vinteun anos e el tiña quince. El andaba ainda con pantalón curto, daba a impresión de que fose un neno que ía a unha escola de párvulos.

Camilo Díaz Valiño, un extraordinario escenógrafo, pintor, escritor, amigo entrañable de Castelao, era un home que facía propaganda para a empresa Fraga que tiña os cines máis importantes de Galicia. Ao cine Fraga de Santiago, era ao que lle facía os carteis, o cine Fraga tamén de Vigo. Non tiña nada que ver co Fraga político, (calquera parecido coa realidade é mera coincidencia).

Ben, pois este home extraordinario, que fixo aquela publicación na que aparece na portada un gran dolmen e detrás unha oruga, que se vendía a trinta céntimos, e na que escribiu xente de moita categoría, Fernández Florez, por exemplo, foi un dos primeiros. Hoxe, as que se reeditaron véndense a un euro e medio. Eu conservo exemplares orixinais, daqueles dos trinta céntimos. Era a pequena inversión que podía facer. Había tamén unha revista a nivel estatal que se editaba en Madrid: “Cuentos y leyendas”, me parece que era; que tamén valía así, trinta ou corenta céntimos, e eu lín a tódolos grandes escritores españois naquelas noveliñas que viñan publicadas nunha folla bastante grande e cunha letra cativa e as tiña na miña biblioteca.

Por certo, cando estaba falando lembrei que coñecera a D. Anxel Casal, o dono da Imprenta Nós e Alcalde de Santiago; publicamos alí unha revista quincenal da Federación Agropecuaria de Negreira, titulada ‘La Voz de Barcala’. Eu escribía as miñas cousiñas no meu galego aprendido dos meus avós, por tanto sen normativa ningunha. Algunhas cousas corríxíamalo o gran Casal.

Casal foi o primeiro que fixo unha escoliña en galego no ano 18 ou 20, das Irmandades da Fala na Coruña. Así Casal foi o primeiro mestre de galego dos fillos dalgúns galeguistas. A min, como comentei, corríxíame as pifias dun galego aprendido vagamente e foi realmente o único profesor de galego que tiven. E eu aprendía. Falta que me corríxía, falta que non volvíaa cometer. Por exemplo, estaba eu falando dunha excursión que fixera polas Rías Baixas e eu falaba de “gaviotas” e chegaba el e me dicía “gaiotas”. Foi unha das palabras que me corríxiu.

Como era membro das Irmandades da Fala, cedéunos unha camionetiña do servizo de recollida de lixo de Santiago. Foi a primeira que tivo o Concello de Santiago, sendo alcalde Anxel Casal, e cedéunola para facer un percorrido desde Carnota, Muros e Noia ata a ría de Arousa e volta para Santiago. Iamos con este grupo de xente das Xuventudes Galeguistas, con Isaac, entre outros.

Había cousas que nos custaban traballo afrontar. Tiñamos unha especie de megafonía, era unha máquina de cartón. Recordo que a min tocoume, porque iamos por orde, intervenir. En calquera aldea ou vila, onde había un grupo de xente que nos quería oír, aí parabamos. Eu falei

en Muros, a min paréceme que era nun cine que aínda existe. Sei que cando estaba eu falando con todo o entusiasmo que podía, houbo un tipo de alí que berrou: “Viva España”. Porque naquel tempo a dereita de sempre provocaba o viva España.

Seguimos agora coa propaganda do Estatuto. Houbera uns mitins, creo que durante tres anos, que se chamaban os mitins das arengas que se celebraban na Praza da Quintana, na propia véspera do día do Apóstolo. Había ata trinta oradores cun máximo de dous a cinco minutos. Estando falando un extraordinario orador que foi deputado, Ramón Suárez Picallo, que se formou en Arxentina e que como digo, era un tribuno extraordinario. Ben, pois estando el falando, un facha santiagués berrou un Viva España e entón dixo Picallo: Se é España, a España da democracia, a España do progreso, a España da liberdade, a España da cultura, a España da solidariedade, eu son o primeiro en dicir Viva España. Pero se é a España triste, a España da lenda negra, a España da inquisición, a España da vergoña, eu digo “¡morra!”. E volvo atrás, cando falaba eu en Muros, como vos dicía, eu lembrei aquilo e repetín o mesmo. Case me sacan a ombros. O mérito era de Suárez Picallo pero eu sabía a lección máis ou menos, saúme ben e sigo recordando con satisfacción, e incluso divírtome lembrando aquela anécdota de Muros.

Tocoume outra vez falar en Rianxo. E fixen unha cousa... Castelao para min xa era unha figura máis que sobranceira do nacionalismo galego daquel tempo (e de tódolos tempos) e entón dixeran que me gustaría ser

rianxeiro, sen renunciar a miña patria que foi Barcala. Porque Rianxo ademais de ter unhas uvas exquisitas, mariscos e unha empanada fóra de serie, ten a ese grupo de intelectuais. Castelao por suposto, pero había outros. É outro recordo que teño ben agradable o daquel mitin.

Pasados uns días eu estou na casa en Barcala e chega un grupo de Santiago da Fronte Popular que viña a requisar as armas. Alí cerca estaba Casa Salvador en San Xoán de Barcala, o dono estivera en Cuba e era un pouco facha. Viu que viñan os de Santiago con ánimo de requisar e el tiña escopetas de caza e cartuchos. Non estaba na casa e veu a súa filla buscarme, chamábanme Lucho. E eu fun alí botar unha man. Os de Santiago víronme e dixeron: “Que coño fas aquí ti?”. – “Eu vivo aquí; aí ao lado está a casa dos meus pais. Que queredes que faga?. E vos, a que vides?” – “A requisar armas”. – “Vale, pois deixádeme a min ao cargo diso”.

Fixemos entón unha notiña conforme eu quedaba encargado diso. Así lle resolvín o problema a aquela xente. Así se asinou e así o fixen. E requisei unhas doce armas. Había unha que era un artefacto que eu creo que se o disparabas non saía a bala porque estaba fatal. Había tamén dúas Winchester. Esas armas estiveron en Santiago a véspera de saír a artillería á rúa. Consequimos chegar ata alí nun pequeno ómnibus. E logo unha vez entregadas as armas aos “escopeteiros” tomamos uns bocadillos nas tascas de alí ao lado. E de repente houbo un apagón. Había quen tiña aínda a luz de Santiago que era General Gallega de Electricidade e viña da central do Tambre.

Sáímos de alí e topámonos que tiñan nun galpón cerca de onde está hoxe o hotel Araguañey, a oficina da eléctrica. E alí nos dixeron: -“Isto non é de aquí, isto é de alá, do Tambre” Entón volvemos e dixeron eu: - “a min chéirame a can”. E acertei. Tiven unha visión do que ía vir. Tivemos unha discusión e me dixeron: - “Este debe ser o facha”. Eu contestei: -“Facha será a nai que te pariu ou serás ti. Se queres vamos aí a preguntar quen son e vancho dicir rápido”. - “Vale, vale. Veña imos a por outro”. Nese intre eu dixeron: -“Veña imos para casa”. E eu estiven o resto da noite pendente dun aparato de radio que tiñamos bastante bo. E as 8 da mañá chega o audio coa declaración do Estado de Sitio.

Botei mes e pico pensando que iso ía acabar en dous días. Acórdome que escoitando Radio Madrid dixeron que todos os que pertencían as tropas de Marrocos quedaban automaticamente licenciados. Pensei todo contento: Xa non teño que volver alá!

Ese tempo, mes e pico, andei por casas de amigos. Quixen pasar a Portugal, pero un amigo médico que me ensinara moito díxome: - “De ningunha maneira, se volves, cepíllannos”. Voltamos para a casa e ao mes e pico eu vía que non había outra solución, pensei como podía cruzar o charco. O meu pai non quería. Pero xa foi tarde para todo iso, metinme na cova do lobo e acabei no exército do bando nacional. Mandáronme ao fronte de Guadarrama na zona de Ávila. Mandáronnos curiosamente a relevar a un grupo de soldados de cota. Os soldados de cota eran uns que botaban pouco tempo de servizo. Se o

total eran dous anos, estes botaban uns seis meses, pagaban a cota esa famosa, tiñan uns uniformes feitos de xastrería, era unha alta categoría. E por qué tiñan chamado a eses? Porque eran burguesiños e non se atreveron a chamar aos soldados normales, sabían que os soldados normales eran na súa maioría republicanos e íanse pasar ao outro bando. E entón en pouco tempo, eu creo que foron os alemáns, os nazis, os que deron a consigna: “Impoñernos polo terror”. “Cargádevos a todo bicho vivinte que sexa republicano: fusiládeos, paleádeos”. Ao mellor equívócome no das cosignas que foran dos alemáns, porque aquí tamén había xente de “categoría”.

Ben, pois eu botei o resto da guerra e terminei sendo sarxento de automóbiles. Lembro que tivemos que ir unha vez a pedir un coche que era para levar mortos e ao que conducía déronlle un balazo. Pediron un chófer para a ambulancia. Eu sabía polos pelos, así, algo. Pero o vehículo que tiñamos na casa tiña a marcha atrás nun sitio que non coincidía co que me deron. Por moito que busquei non lla atopei. Andiven dous meses e pico con el sen atoparlle a marcha atrás. Mandábanme a facer un servizo a Ávila eu aparcaba fora das murallas ou se entraba en Ávila daba a volta nunha praza e volvía a saír. Ata que un día estaba o chofer anterior e pedinlle que aparcara. Eu estaba axexando mentres e vin que tiraba dunha panca e así entraba a marcha atrás.

Un día indo para Ávila empezou un ruído. Pensei “coño, debeuse fundir un pistón”. Eu idea algo tiña. Ía comigo un brigada e díxenlle: por favor, avise a un taller que

veña unha grua a levar o coche. Cando quedei só preguntame: “Non será que lle falta aceite?”. A verdade é que en todo ese tempo non se me ocorrera miralo. Sácolle a cala e estaba seco. E había alí unha lata de aceite por sorte. E digo por sorte para min porque se non ao mellor pensaban que era unha sabotaxe, piden informes e dous falanxistas que había en Negreira e teríanme *pasaporteado* con toda tranquilidade.

Despois pasei a ter unha ambulancia e fixen alí o servizo cando a batalla de Brunete. Eu estaba nun sitio que era un pobo chamado Navalagamella que era un enclave que a seis quilómetros á esquerda estaba Fresnedillas da Oliva e a dereita estaba Quijorna, outro pequeno pobiño. Ou sexa que estaba enfronte do Escorial. Había un desnivel tremendo cun regueiriño ao fondo. E entón de repente por carta: “Na casa preguntan por ti moito os teus compañeiros de Negreira e papá di que deberías *esgueirar*”, que na linguaxe dos canteiros é darse o bote. Eu intentei pasarme esa noite. Estiven entre as dúas liñas, era unha zona minada e cando amencía por pouco me meto nunha posición que se chamaba “Cabeza de Toro” que había alí enriba postas tres cabezas disecadas e vin alí unha bandeira da falanxe. Debían estar durmindo. Eu vin aquilo e dixen: “Pies para que os quero” e volta para atrás. Volvín a miña posición e dixéronme: -“Onde estiveches?” Eu dixen: -“Mareeime, estiven mal”. Pasou a cousa, pasou un mes e pico e eu non durmía e pensaba “vanme cazar dun momento a outro” e despois foise calmando a cousa e cando foi o de Brunete eu fun coa ambulancia a Quijorna

para entregarlle un parte ao xefe militar de Quijorna. E cheguei a unha garda uns quilómetros antes e paráronme: -“De aquí non pode pasar”. – “Pero eu traio isto”. E estando nesa discusión de repente oímos avións. Tireime ao chan e deitado nunhas herbas mirando o ceo eu pensaba: “se tiran unha bombiña aínda me da tempo a escapar pegando un salto. E nisto unha néspira, carallo, que me pica no pescozo e acórdome que dixen: “me cajo na néspira, xa me podes picar ti e tódalas túas comadres que eu non me movo de aquí”.

Despois diso saquei coa ambulancia aos últimos que quedaban alí. A ambulancia tiña catro angarellas e eu saquei corenta. E entón incluso citaron aquilo como unha cousa de certo heroísmo. Entón atrevínme despois a facer o curso de Sarxento de automóviles, posto que conseguín.

Teño un libriño que se titula “Galicia na década dos 80” que recolle unha serie de artigos dos anos 60 e 70. E hai un aquí que fala de Carral, precisamente. Lembrome que Álvaro Cunqueiro dixera cando lle deron o Pedrón de Ouro, o home emocionadísimo, alí na horta da casa de Rosalía de Castro: “Eu síntome tremendamente emotivo, e máis por ser aquí, na casa da escritora. É, para min, un dos santos lugares de Galicia”. A partir daquel momento tomei nota. E digo que hai outros moitos lugares santos de Galicia e un deles é Carral pola cousa dos Mártires.

Di o artigo que vos comentaba: Nós, os galeguistas, vimos a un dos lugares sacros da Galeguidade, a este pobo

de Carral mecido na mellor historia do Rexurdimento polo sangue xeneroso do Coronel Don Miguel Solís y Cuetos e os seus once compañeiros que morreron fusilados as tres da tarde de 26 de abril de 1846 e soterrados logo no cemiterio de Paleo.

[Nota: fai un inciso para contar unha historia persoal]

No ano 72 ou 73 os membros do Pedrón de Ouro acordamos facer unha peregrinaxe a Carral nese día, o 26 de abril. Eramos 12 ou 13 como máximo e viñemos en dous coches. De feito, adiantaronnos varios equipos da garda civil e aínda comentamos que debía ir na comitiva algún xerifalte do Réxime. Achegámonos aquí e nin sequera sabiamos onde era Paleo e por onde se ía. Topamos de novo coa Garda Civil, incluso algún se sorriu ao vernos e pasamos por xunto deles. Chegamos a unha misa en galego onde oficiaba o crego de Campañó de Campañóns, Antón Rodríguez Fraiz, xa que alí era un sitio no que había a misa en galego xa naquel tempo. Alí había un home que foi o que dixo a misa e era un home “benemérito” e ensinounos onde estaban as sepulturas. Estaban cubertas de musgo e decidimos limpalas cunhas raspiñas que tiñamos. Tamén levabamos uns ramos moi sinxelos de flores para poñer alí. Foi unha aventura simpática que eu lembro.

Retomo a lectura do artigo de A Nosa Terra. “O 25 de xaneiro do ano 1936 tivo lugar o grandioso mitin coa presenza de preto de tres milleiros de persoas e alí intervi-

ron os irmáns Suárez Picallo. Estaba organizado pola Sociedade Agraria do distrito e a xente concurriu en masa con xantar e con gran entusiasmo. Trataron tódolos problemas dese intre en relación á situación da República de Galicia e atendendo o momento electoral”.

O 3 de marzo dende o cuartel de Ceuta, eu e os compañeiros, puxeramos un telegrama ao Partido Galeguista porque morrera Antón Vilar Ponte, que daquela era elixido deputado pero non chegou a tomar posesión. Morreu, como digo, o 3 de marzo antes de que puidera tomar posesión. No telegrama mandábamos o pésame a toda a familia.

Despois, curiosamente houbo un mitin en Santiago en xuño do 36. Foi pouco o que atopei ao respecto. Isaac Díaz Pardo cando inaugurou o edificio aquel da Rúa Nova apareceu un papeliño que dicía: “Organizado por los maestros cursillistas se celebrará mañana día 7 a las 10 en el teatro Principal grande mitin en el que tomarán parte varios oradores. Concurrid todos en masa a este importante acto en el cual se hará patente la crítica situación de 230.000 proletarios de la enseñanza en paro forzoso a fin de exigir el exacto cumplimiento de los artículos 26 y 48 de la Constitución por el bien de la República y de la cultura popular”.

Estes artigos eran os da substitución da educación relixiosa. No mitin falaban: Avelino Pousa Antelo, Concha Martínez, José Seijo e Fernando Barcia. Este último foi un dos primeiros paseados en Santiago. Concha non sei se morrería cos anos e dos outros...non sei que foi deles.

Outro dos lemas que aquí se recollen: “Por el frente unido de todos los trabajadores por la escuela proletaria, por las alianzas obrera y campesina.. UHP”.

Figurei en dous Consellos de Guerra. Un era pola requisa das armas, no que eramos 12 e salvámonos dous. A un de 18 anos collérono pero escapou. Outro, menda, andaban a preguntar por onde andaba, se estaba escapado. Reclamábanme en Ceuta, e logo de Ceuta reclamábanme en Negreira e eu escribíalle cartas á nai e as miñas irmás como afillado de guerra e pedíalles que me mandaran prendas de abrigo e algunhas latas de conservas. Estaba nunha zona na que non había máis que algún enfermo e non chegaban as balas. Así que os meses que pasei aproveiteinos para descansar.

Atopei na fronte ao Brigada Xefe da Garda Civil de Negreira que me tiña unha simpatía especial. Preguntoume: - Ti que fas por aquí?. Díxenlle: -E, que vou facer?, aquí estou intentando capear o temporal. Eu non teño vocación militar, quería licenciarme en canto puidera pero teño medo. Díxome: -Tranquilo, has de entrar aí de uniforme. Parecía un Almirante, era un traxe azul e tiña un lema de enxeñeiro. É máis, eu cheguei a un momento en que despois da guerra quixen ir á División Azul. E fun tres veces a me apuntar pero coa condición de ir como sarxento, pero me dixeron que si quería ir sería como combatente. Eu ía disposto a, por un lado, se podía, se había posibilidade, pasar, se non lesionarme unha man para que me hospitalizaran e me retiraran de garda. Entonces, con iso de ser un loitador me salvou dos alemáns.

Dado que os alemáns viñeron aquí, os famosos da Lexión Condor. Moitas damas españolas e ata patriotas “entraron”. Entón debíamos cobrar unha “débeda histórica” e polo menos devolverlle a xogada e, podendo ser, con propina.

Máis tarde por fin logrei que un almacenista de Santiago que fora alcalde de alí, Don Jorge de la Riba Barba (dunha familia como digo cun almacén de tecidos), que coñecía ao meu pai, logrei, como digo, que me fixera un certificado de adhesión e ao fin tiven a miña primeira escoliña. Fun ás primeiras oposicións que fixo o franquismo. O primeiro exercicio saíame moi ben e pensei “aprobei”. Pero aprobei, puñetas!, xa que sei que se recibira unha recomendación dun crego que era veciño meu dicindo que eu era un “perigoso roxo separatista”, que naquel tempo non era dicir case nada! [*sinala Avelino con grande ironía. Nota do transcritor*].

Logo fun capeando o temporal e aquí estou. Se a min me contan que outro nas miñas circunstancias sae tan ben parado coma min, non o creo. Porque eu figurei en dous Consellos de Guerra, e aquí estamos para contalo.

Eu regresei a Negreira para facer o curso que comentei antes de Sarxento de Automóbiles que eran os alemáns os que os daban. Dábanse na Coruña e eu tiña tantas gañas de volver a Galicia...Eu solicito facer os cursos e logo maquinei: “Como chego a Coruña?. E se encontro aos falanxistas de Negreira? ...Que lle digo?. Inventei: conteille ao coronel xefe do sector o que era a miña historia e o coronel díxome: “Tranquilo, pode vostede facer isto, vaia

alí e se alguén se mete con vostede que mire se ten unha folla de servizos como a que ten vostede”. Entón achégome á Coruña e saio a tomar uns viños pola rúa dos Olmos e atópome co falanxista de Negreira que me di: -“Coño, Pousa, que fas por aquí?. – Pois veño a facer un curso de Sarxento de automóbiles. Xa levo case dous anos conducindo. Nese tempo paseinas suficientemente estreitas como para contarlle ao meu coronel toda a miña historia. O coronel díxome: ‘vaia vostede tranquilo e se alguén se mete con vostede que mire se ten unha folla de servizo como a súa ou vaino a pasar mal’...”. Isto era pura invención miña pero resultou perfecta para cubrirme dos falanxistas naquel tempo escuro e duro.

CHARLA ELIXIO ROGRÍGUEZ

(15 de setembro do 2005)

O noso país era unha nación, unha nación ademais moi bonita. É cuestión de levala ben e de manexala como dios manda e estar felices con ela.

Pregunta do público: ¿Qué consello lle daría vostede a aqueles pais que aquí en Galicia, lle ensinan aos seus fillos o castelán, en vez de ensinar o galego de pequenos?

E. R. Que sei eu, eu non podería facer nada pero gustaríame que deran unhas boas bofetadas (risas)... aos pais, aos pais (aclara). ¿Qué podo facer eu? Respetar e calar.

O primeiro que hai que respetar é a patria de un.

Eu son o único galego que non lle din a mau a Fraga. Estou arrepentido, debínlle dar a mau por educación, non tiña porque facerlle iso, el no me fixo nunca ningún mal. Pero diante de moísimas xente veu correndo a darme a mau e eu...(fai o xesto de retirada) e quedou frío, Fraga. Moi mal feito pola miña parte.

Son un home de moita sorte. Teño a sorte de cara, non o digo de chiste, teño tido unha sorte bárbara. Se vos conto cousas que me teñen pasado, ou que lle teñen pasado a outros a miña beira...

Unha das sortes máis grandes que tiven foi dar con esta señora (sinála a sua dona que está ao seu carón), non o debía dicir pra que ... (risas).

Conta a sua dona: Tiña Elixio unha muller que estaba medio tola.

Elixio: Deixeiña!

A sua dona: Unha noite, cando ías a ir ao restaurante, a mañanciña, cara as tres da mañán, berrou un home: - ¡cuidado! Era que a sua muller viña cun coitelo. El gañou a carreira dos cen metros.

Elixio: Corría que metía medo (risas). Era unha muller perigosa, fumaba marihuana e tivera un xuizo por fumadera de marihuana. Non vos extrañe que me quixera matar, era media novia miña, bueno amiga, pero unha amiga tan rara... Vouvos contar unha anécdota. Un día levome a sua casa e estaba toda decorada de negro. ¿Qué vos parece? Fuxín dalí enseguida. Era unha muller á que non lle traballaba ben a cabeza.

Pregunta do público: ¿Vostede coidaba de Castelao?

Elixio: Fun secretario xeral de Castelao

A sua Dona: Non, ese era Luís Soto. Fuches lazarrillo

Elixio: Bueno Lazarillo e tamén secretario. Castelao decíame: Cuidame das bicicletas! (risas). Tíñalle máis medo as bicicletas que ao home.

Pregunta de Mero: ¿Ti no tempo do exilio en México como contemplabas a situación de España? ¿Qué contac-

tos tiñas alí? ¿Coñéciches a Blanco Amor, a Luís Seoane...? A toda esa xente coñécíchela en México, ¿non? ¿Tamén chegaches a coñecer a Alexandre Bóveda?

Elixio: Claro! Foi moi amigo meu Alexandre Bóveda. Cando foi o do Estatuto teño un recordo desagradable. Enfadouse comigo moito, inxustamente. Porque eu fixera o que podía, pero eu estaba encargado de vixiar a votación do Estatuto na zona sur da provincia de Ourense, e él estaba no Goberno Civil e xa tiña os datos de cómo estivera a votación e faltáballe a miña de Bande. Entón veu personalmente a Bande e comezou a botarme unha bronca terrible, sen preguntarme. Finalmente expliqueille o que pasara e non chegou a auga ao río. Eu fun moi amigo de Alexandre Bóveda, moi amigo.

Pregunta de Mero?: A min contoume a filla, e a muller incluso, cando vivía Amalia, contou en “petit comité” que Alexandre era un home moi correcto, moi sano e que cando o mataron tiveron un detalle moi..., os que o mataron, que está claro que o feito de matar é despreziable desde calqueira punto de vista, pero di que non fixeron nada por ocultar aquela morte que o fixeron para escarnio e castigo público. Incluso que o foron matar o lado da casa na Caeira. E decíame Amalia, a filla, que ela sentira os tiros que mataran ao pai.

Elixio: Así foi, así foi.

Mero?: Nos que non vivimos aquel tempo non entendemos...

Elixio: Eran malvados. Eran malvados

Mero?: ¿Pero xenerar tanto odio como era posible, carallo?

Elixio: Eran malvados. Bóveda era un tipo moi activo, moi intelixente. Era un gran nacionalista. Tiña todo a favor seu. A morte de Bóveda foi terrible, porque moita xente que ao mellor non era do noso partido, que non era galeguista, respetaba a Bóveda. Todo o mundo o respetaba.

Mini?: Mesmo Calvo Sotelo chegou a dicir unha vez que Bóveda sería un bo ministro de Facenda deles.

Mero?: Estaba Castelao... ¿Quen máis estaba?

Elixio: Luís Soto, Luís Seoane, Carbonero, Velo, Aurelio Rodríguez, Roxelio Rodríguez de Breaña, Andrés Valín. A México chegamos moitos e fomos moi ben recibidos. México portouse moi ben. Fixemos unha escala para chegar a México na Martinica e dábannos billetes de dólares, a min non me deron ningún, pero a moitos deronlles.

O 36 NA CORUÑA

EMILIO GRANDÍO (*9 de outubro do 2006*)

Antes de nada agradecer ós amigos de Cultura Aberta de Carral o ofrecemento que se me fai para dar esta charla sobre un tema sempre pendente na nosa sociedade e que segue a levantar motivos de disputa e controversia, non tanto dentro da sociedade civil senón máis ben no debate político cotidián e diario. O golpe de estado de xullo de 1936 segue a ser un tema complicado de abordar, mesmo setenta anos despois da súa realización. E non tanto por que non se saiba nada dél, xa que dende o proceso de transición á democracia dos anos setenta, e sobre todo dende os oitenta, téñense publicado numerosos traballos de investigación rigurosos e fundamente documentados sobre o tema, senón entendo que sobre todo por unha circunstancia: a longa duración do réxime político herdeiro dese golpe. O franquismo, que dura cuarenta anos, que serve para modelar a moitas xeracións de persoas: tamén serve para perfilar os valores de respecto sobre o seu pasado. A depuración no ensino tras o verán de 1936 e o mantemento da súa estrutura de valores durante tantos anos resulta fundamental para entender o porque esta sociedade actual non é quen de asumir ese pasado, que malo ou bon resulta ser, eso sí sen dúbida, noso.

O 36

O ano 1936 na vida da xente que o vivíu é evidente que non foi un ano calquera. Se o día primeiro de xaneiro se atopaban inmersos na campaña electoral máis dura e combativa xamais realizada ata ese intre, o trinta e ún de decembro os galegos estaban no medio dunha guerra civil e dun enorme proceso represivo contra a democracia e a republica. Non foi un ano calquera. Aínda que sí só foron 365 días máis. So doce meses nos que se cambiou radicalmente a faciana da xente, as súas perspectivas de futuro, e o seu presente.

O 36 en Galicia foi dividido case xusto pola metade entre o goberno da Frente Popular e a creación e consolidación do Nuevo Estado. A percepción desta sociedade dos cambios rápidos en política viña sendo asimilada dende a chegada da II República, especialmente dende o ano 1933. Mais a fractura interna que significou o golpe de xullo de 1936 foi nunca visto. Os representantes públicos que ata fai uns días se atopaban en todas as celebracións tiñan que agacharse debido ó temor dunha morte máis que segura; os membros e líderes dos sindicatos obreiros e partidos políticos que na primeira metade do ano estaban nas rúas, ben na mobilización social ou na inmensa actividade xenerada tras a chegada do goberno da FP eran acollidos nas cadeas e boa parte deles sacados delas sen xuízo para deixalos sen vida nas cunetas ou preto dos cementerios galegos; os grupos máis reaccionarios, que tras a ilegalización de Falange tiveron que converterse á vida da clandestinidade saíron á luz máis que nunca

implicándose decididamente na represión... Da festa do triunfo da clase obreira e de esquerdas da FP, da unidade do progresismo nas institucións, se pasaba á restauración do vello poder, dirixido por militares reaccionarios e dentro dun conflito bélico de insospeitada duración.

A etapa da Frente Popular, entre o 19 de febreiro e o 18 de xullo de 1936, é unha das épocas menos traballadas pola historiografía que aborda o período. Pasase por ela dende análises secundarios, xa que ou ben se entende como a prolongación final e escasa do reformismo que representaba o cambio republicano, ou como o preludio da traxedia e a representación previa dunha guerra civil, da que evidentemente a sociedade da primaveira de 1936 descoñecía. Realmente o que se segue a facer, setenta anos despois, ó abordar este período é repetir os mesmos tópicos aínda que máis ampliados de anos anteriores. As investigacións sobre o período que o aborden de xeito concreto son reducidas, e dende un enfoque máis ben tópico, non como un obxecto historiográfico en si mesmo. Eses tópicos mantivéronse por necesidade argumentativa: a do franquismo para amosar que a opción violenta era necesaria debido ó desorde e a fractura social xa existente; a das posicións máis progresistas por que non cabía entender a República máis que dende unha perspectiva tópica e iluminadora, precisamente para a súa pervivencia no tempo, cun lonxevo Franco e franquismo.

O sistema republicano podíamos dicir que xa non se recoñecía. Do ano 31 ó 36, só cinco anos, máis sobre todo dende 1933 coa chegada do NSDAP ó poder da

República alemana de Weimar, todo mudara extraordinariamente rápido. Os homes do cambio, da ‘revolución incruenta’ de abril, son considerados por boa parte dos novos dirixentes da FP como ‘tibios’ e ‘moderados’. De feito coa FP xurde unha nova xeración política, de menor idade e moi influenciada pola dirección local exercida pola unidade da inmensa maioría da esquerda, obreira ou burguesa.

É evidente que a guerra civil non xurde da FP, como tampouco de outubro de 1934. Do mesmo xeito, eses meses de goberno de esquerda non foron tampouco unha balsa plácida na que se tentaba reconstruír só o realizado entre 1931 e 1933. Posiblemente teñamos que distanciarnos destes plantexamentos e observar este período máis dende a distancia, non temporal que xa é tempo de facelo, senón de observación histórica e sobre todo de exercicios comparativos con outras democracias parlamentarias europeas de entreguerras e atoparemos as mesmas dificultades senón peores ante o ascenso dos totalitarismos de esquerda e de dereita ante unha poboación moi xove e escasamente educada en valores democráticos de convivencia e tolerancia. Resulta un perigo abordar esta etapa por separado, vencellada sempre ó fenómeno singular dunha guerra civil –que contrariamente do que se poida supor, non é un feito histórico que teña lugar de xeito frecuente, senón que mesmo non é moi doado que se podía producir- e debemos abordala máis dende fora desa perspectiva ‘ombliuista’ de tratamento do noso pasado. O do ‘Spain is different’ máis aplicado ó traballo historiográfico. Esta

teima impídenos non só abordar o noso pasado dun xeito inserto nas correntes historiográficas europeas e mundiais, senón que este enfoque pechado en sí mesmo e que se satisface a sí mesmo resulta finalmente empobrecedor e debilitador da mesma análise.

As eleccións de febreiro

Mais volvamos ó 36, e máis concretamente á preparación daquelas eleccións. Ante o deterioro da coalición radical-cedista no goberno e o incremento notable das opcións de goberno da organización e Gil Robles, o Presidente da República Alcalá Zamora, que nunca compartiu a vontade de nomear ó político salmantino para formar goberno, prefire convocar novas eleccións ante o risco de chegada ó poder da CEDA. E ademais o fai tendo en conta que de xeito moi presumible, a disposición constitucional da posibilidade de dúas convocatorias electorais anticipadas poñíao nunha situación de ser refrendado, de xeito pouco probable, tras as eleccións. Portela Valladares, o político galego de longa tradición e experiencia, é designado para levar adiante esta nova convocatoria electoral.

A campaña foi realizada durante moito tempo, practicamente iniciouse coa chegada de Portela á xefatura do gabinete ministerial, e dun xeito apocalíptico e maximalista. Conformáronse dous grandes bloques, de dereita e de esquerda, que tentaban aproveitar ó máximo os recursos que ofrecía a lei electoral, e no medio, creada dende o alento institucional, a posibilidade de formar unha serie

de deputados ‘colchón’ entre as dúas grandes coalicións que preservara o réxime republicano nas condicións de 1935.

Contrariamente do que se poidera supor a dereita presentaba un discurso móito máis rompedor que a esquerda. A Frente Popular presentaba un discurso conservador: retomar as medidas progresistas do primeiro bienio, recuperar a República de 1931. A dereita ía por unha nova República, agora dun carácter corporativo e que reafirmara os seus valores. E evidente o influxo, e non só na estética senón tamén na práctica política, do novo goberno nazi e as súas actuacións.

Ainda que existiron poucos plantexamentos comúns, o que si é certo é que na propaganda das dúas grandes coalicións políticas non había opción para os matices. Se difundía intencionadamente que aquilo era o final: ben para a victoria esperanzadora ou a para a derrota máis inmisericorde cos vencidos. Os discursos de Largo Caballero e José Antonio Primo de Rivera coincidían en que non era posible unha ‘opción B’: todo pasaba pola victoria nas urnas. Non existía futuro fora delas.

Como todos sabemos os resultados electorais deron co triunfo das candidaturas da coalición FP. Sen embargo, tamén debemos decatarnos de que ese resultado non foi tan abrumador como a sensación de victoria nin a executoria deses meses de goberno semellaban reproducir. Ainda que a diferenza en número de escanos, debido á aritmética electoral, era notable a favor dos deputados de esquerda, o certo é que en número total de votos a dife-

rencia entre os acadados pola FP e o Bloque Contrarrevolucionario no que se integraban as organizacións conseradoras era aproximadamente do 2%. Non é o mesmo exercer o goberno sobre unha metade da poboación – descontando a porcentaxe de voto dos candidatos centristas- que cun resultado máis amplo.

É evidente que estes resultados, ó comparalos cos acadados nas anteriores eleccións de 1933, influíu sobremaneira á maior participación da esquerda, tanto das mulleres progresistas –que neste caso tamén votaron á esquerda- como no caso dos grupos anarquistas, que aínda que sen facer campaña e aconsellando oficialmente a abstención de novo, no boca a boca insistíase en sacar os presos do trinta e catro á rúa, amnistía que neste caso beneficiaba notablemente ós anarquistas. De feito, neste caso e tras a victoria, a dereita atopábase tan sumamente desorientada que mesmo a CEDA na Comisión Permanente das Cortes votou a favor da amnistía horas despois de coñecerse o resultado das urnas.

No caso galego as eleccións de febreiro de 1936 constataron unha importante influencia das redes e do voto a favor da FP nas provincias de Pontevedra e A Coruña, un dominio aplastante e absoluto das cifras a favor do calvosotelismo en Ourense, e unha situación singular de predominio do centro portelista en coalición coa FP, ante o proceso de desunión interno da dereita lucense, mesmo tras apostar nesta provincia por un candidato forte procedente de Madrid como o dirixente das Juventudes de Acción Popular (JAP) Pérez Laborda.

De todos os xeitos en todas as provincias, aínda que non en todos os colexios, as cifras non deben ser tomadas únicamente en clave de representación do sentir dos cidadáns galegos, xa que en boa parte delas funcionou cara un bando ou outro o control do voto. E digo ben: sen distinción de cor político. As redes clientelares que dominan as bolsas de votos por toda Galicia non distinguen moito entre a orientación ideolóxica, senón na procura do máior e máis puro pragmatismo na súa executoria posterior na defensa de intereses concreto. A única distinción é o modelo de fraude, aínda que eiquí tamén hai certos elementos comúns entre as circunscricións correspondentes: dende as xuntanzas de notables previas á data electoral e o peche de colexios en Ourense ata a alteración do voto real e o efectivo na provincia da Coruña en distritos electorais focalizados, como o caso de Ordes.

O goberno da Frente Popular

Chegados xa ó goberno, o novo gabinete Azaña fai efectiva o acordo previo entre sindicatos e burgueses, esa ‘complementariedade táctica’ que reparte os campos do control da rúa e do goberno. En boa parte fáise así porque o mesmo gabinete é sabedor da súa incapacidade para controlar nas rúas precisamente a aqueles que durante os dous primeiros anos de goberno republicano ós criticaron de ‘exterminadores’ da clase obreira. Debedores en boa parte do seu ascenso ó poder o xeito máis rentable dende a súa perspectiva era continuar con este grao de colaboración, sen chegar ó enfrontamento. E este non é productivo

de circunstancias couxunturais concretas como semella interpretar a publicística máis conservadora sobre o tema, senón que forma parte dunha tradición a medio prazo de coalición da esquerda en España, que vai moito máis alá da caída da Dictadura de Primo de Rivera, e que se relanza sobre todo dende mediados da etapa da Restauración, co cambio de século. O concepto de 'república', de representatividade democrática e de goberno do pobo non era semellante nos dous grandes polos desta complementariedade: os burgueses querían afianzar unha república federal e democrática; os obreiros entendían chegado o momento da superación desa fase e levar adiante o goberno do pobo e a 'revolución', pero a súa, non a dos burgueses de abril de 1931.

Aquela primaveira non foi un período de calma. Determinadas circunstancias incidían en que aquilo non poidera ser unha balsa de aceite. A desorientación dunha dereita parlamentaria que entende que non hai solución ás súas demandas naquela orientación republicana e polo tanto os grupos máis reaccionarios teñen eco e escoitáanse as súas reclamacións como anticipadoras do que acontece naquel presente; unha esquerda obreira que toma o control das rúas e que, como aconteceu en abril de 1931, agosto de 1932 e outubro de 1934 de xeito puntual acomete a ocupación de locais conservadores e os atentados contra os recintos eclesiásticos como unha especie de 'ximnasia revolucionaria', sendo atemperados nos seus excesos polos representantes da orde pública republicana; unha Falange que se converte en ilegal ó incrementar o

seu nivel de atentados nas vías pública contra destacados dirixentes obreiros e políticos de esquerda ou mesmo republicanos;...

Unha situación de conflictividade non xenerada dende a FP, máis que continua nas rúas o enfrontamento dialéctico forte daquelas pasadas eleccións. Decatémonos de que nestes intres e na terceira lexislatura de Cortes republicana os deputados tiñan que entregar as súas armas ó entrar no recinto. Neste contexto de violencia política España e Galicia non foi unha excepción. Circunstancias semellantes de problemas de orde pública vencellados á conflictividade socio económica e política acontecían noutros lugares de Europa nestes intres, e mesmo con maior intensidade. A excepción foi precisamente o golpe de estado e a guerra civil posterior. Deste xeito non se pode entender como estrano que Moreno Torres no mítin anarquista convocado na Praza de Touros da Coruña convocado horas despois de coñecerse a sublevación militar das forzas de Marrocos fixera un chamamento ós integrantes das milicias que patrullarían a cidade ata a saída das forzas militares dos cuarteis da cidade para que colle ran armas onde estiveran, como ‘se colle o pan das panaderías’. A sublevación de xullo foi a chispa que acendeu unha mecha que xa levaba tempo sendo potencialmente moi inflamable.

Sen embargo, cando ún repasa a práctica política local das corporacións da FP atopámonos sorpresas. É certo que a esquerda nestas corporación actúa como si recibira unha votación aplastante, e de feito a execución do seu

programa realízase de xeito rápido, acelerado, como si lles fora a vida nel, retomando o tempo perdido dende 1933. Mais, como xa indicamos, xa non nos atopabamos en 1931, senón en 1936. Aínda que teóricamente había unha reposición 'automática' dos concelleiros suspendidos en 1934 pola súa pertenza política ás esquerdas, na maioría dos gobernos locais galegos, os Comités Locais da FP xa non aceptaban a estes novos dirixentes, e colocáronse outros novos, cun novo consenso entre estas forzas políticas, distinto ó de 1931.

Na maioría dos gobernos locais galegos son xestoras que agardan unha convocatoria electoral estatal. Esta atopábase prevista para o 12 de abril dese ano, e mesmo o seu aviso oficial publicóuse nos Diarios Oficiais daqueles días, máis suspendéuse debido ós problemas de orde pública xenerados coa ilegalización de Falange, tras a tentativa de asasinato de Jimenez de Asúa. Foi precisamente estas datas a que marcaron o rumbo da conflictividade socio política do goberno da FP. Dende o mes de abril rexístrase un notable descenso dos problemas e enfrontamentos por motivos políticos, precisamente por este proceso de ilegalización que deriva en que os grupos falangistas se teñan que agachar e clandestinizarse. Tamén era evidente que os conflitos por motivos económicos non descendían, senón que mesmo se incrementan comparandoo co goberno da dereita, xa que a potencialidade sindical vese agora enormemente reforzada coa súa proximidade ás teses gubernamentais.

Política e cidade no 36

Neste caso o goberno local da Coruña foi máis unha excepción que a regra, aínda que como xa veremos, o tempo político foi tan curto que mesmo impediu observar que se achegaba tamén a un cambio na súa estrutura de poder político interno na localidade.

Na corporación local o que se conseguiu foi, tras unha loita constante nos meses de 1935, repórter nos seus postos á corporación local electa nas eleccións de abril de 1931. Había unha sensación de que o tempo se esgotaba, de que era necesario aproveitalo na súa totalidade na execución de medidas políticas concretas que fixeran posible a consolidación do proxecto republicano. É evidente, como tamén xa indicaremos logo, que todo o mundo coñecía a existencia de planificacións e tramas respecto dun golpe militar reaccionario. A ninguén lle colleu por sorpresa. Mais tamén hai que dicir que as páxinas dos xornais dende case a proclamación da República – continuando unha dinámica tamén previa á mesma chegada do réxime democrático- están cheas de referencias a esta posibilidade de cambio violento: de dereitas, de esquerdas, de obreiros... As posibles tramas son de feito unha rutina da singularidade. Non é algo especialmente singular.

A corporación herculina tamén se integrou nesta dinámica de resolución de decisións rápidas, case sen contar previamente coa perspectiva real de realizalas. No aspectos das obras públicas –moi importante dende a perspectiva de desactivar en parte a conflictividade económica dunha ci-

dade moi marcada polo sindicalismo anarquista e nun contexto de crise laboral-, irían dende a construción e adecentamento do Parque Joaquín Costa –hoxe Santa Margarida, e que se pagaría a cargo do Estado-, á edificación da Escola Normal de Maxisterio, de Peritos Agrícolas, de Aparexadores, do Hospicio Provincial, do Castelo de San Antón –que se adicaría según ese plan a Aquarium-, do Laboratorio de Bioloxía Marina... Os principais proxectos locais destes anos entrarían tamén a elaboración dun Plan Xeral de urbanización e da Municipalización dos servicios esenciais da cidade –auga, gas e electricidade, e mesmo plantexóuse o control do porto, a través da municipalización da Lonxa-. A pegada de defensa da identidade local seguía tamén a existir, como cando o concellal casarista Somoza plantexaba a creación dun organismo coruñés para impedir que *elementos extraños, siempre al acecho, sigan obteniendo beneficios para sus respectivos pueblos a costa de nuestra ciudad.*

O republicanismo coruñés quedou esgazado en tres grandes tendencias tras as eleccións de 1936:

1) Os casaristas foron os grandes triunfadores. Nos meses seguintes, xa nas súas representacións institucionais, fixeron numerosas viaxes a Madrid relacionándose nas altas esferas gubernamentais e sacando proveito da súa relación estreita cun Casares Xefe de Gabinete. A súa orientación nestas datas va encamiñada na recuperación do peso perdido pola forza local doutras organizacións semeliantes, como a de Unión Republicana, e aproveitar esta dinámica de influencia gubernamental para liderar o proxecto de FP na provincia.

2) Unión Republicana: integrados dentro da FP, dentro do goberno local herculino seguen a constituirse como a peza fundamental da andamiaxe da corporación de esquerdas. O seu número de representantes acadados en abril de 1931 os sigue facendo indispensables na gobernabilidade da corporación, e mesmo a reposición na Alcaldía de Alfredo Suárez Ferrín tropeza con serias dificultades ante a intervención cada vez máis intensa e reiterada do novo Gobernador Civil, Pérez Carballo, sen relación previa na cidade e que ven da designación directa de Casares para relanzar os seu proxecto político e organizativo na provincia.

3) O Partido Radical: son os grandes perdedores do republicanismo burgués. Mesmo xa o eran antes do proceso electoral cando o seu proxecto local, nunca moi forte na cidade –aínda que sí debedor dunha tradición de partido histórico do republicanismo–, rompeu en mil pedazos, como aconteceu con moitas outras organizacións locais radicais. Tras as eleccións cada quen correu ónde puido. No caso concreto da organización local herculino podemos ver restos importantes do seu partido implicados nas tramas golpistas do verán. Así o ex alcalde durante a Segunda Republica, Atanagildo Pardo de Andrade, atopábase horas antes de saír as tropas o 20 de xullo nos cuarteis da cidade; ou por exemplo a autodisolución na mesma cidade da organización do Partido Republicano Radical herculino nunha data tan estrana como o 20 de agosto de 1936, un mes despois da toma do poder por parte dos militares sublevados.

Planificación e desenvolvemento do golpe militar na Coruña

E, ¿que facían as dereitas, mentras tanto?

Xa comentamos que os rumores de golpe ou de revolución eran da orde do día. Mais existían. E encontraron o seu caldo de cultivo nunha sociedade que se sentía derrotada e que necesitaba estímulos fortes para recuperar a súa autoestima. As tentativas de golpe auspiciadas dende as institucións gubernamentais madrileñas –dende os meses finais de 1935 ata a data mesma do coñecemento da victoria da FP diante de Portela Valladares–, engadéñse dende a perspectiva herculina tres tramas golpistas máis, de distintas intensidades: nas xuntanzas con este fin nas cafeterías herculinas e salas militares de primeiros de marzo; da planificación reducida máis comprometida para a data do 19 de abril; e a final xa reiterada que tiña como data inicial o 19 de xullo, máis que o asesinato de Calvo Sotelo acelerou.

Todo o mundo, dende o goberno á oposición, dende os falanxistas agachados ata os sindicalistas, sabía que algo ‘ia pasar’. Millor dito, case a sensación era como dunha olla a presión que se quentaba: todo o mundo sabía que algo ‘tiña que pasar’. A pasividade na política das democracias occidentais respecto de fenómenos de violencia conservadora era algo común: véxase senón a actitude gubernamental dos mesmos dirixentes políticos ante o referente máis inmediato de 1936 como foi o golpe de Sanjurjo; ou mesmo a actitude ambigua de Chamberlain ante Hitler nestes anos culminada en 1938 no Pacto de

Munich ou na política de ‘non intervención’ na guerra civil española. Desaparece o mito da sorpresa do golpe: hai varias conspiracións recoñecidas durante meses. De feito, os mesmos militares herculinos vixían de xeito directo e expreso nos cuarteis herculinos dende o mes de febreiro, con patrullas periódicas e mesmo con visitas esporádicas ós centros considerados sospeitosos en horas intempestivas de altos mandos da División Militar. O protagonismo do golpe de xullo na Coruña ven dado sen dúbida polos elementos militares, que se convirten non só no referente na cidade, na provincia senón mesmo de todas as guarnicións militares de Galicia.

Fronte a todo este ‘run run’, ¿cal é a perspectiva da FP? O poder civil evidentemente vése incapaz de responder a non ser aproveitando a mobilización sindical e obreira, da que, nos seus obxetivos non coinciden e non se pode fiar moito en dar armas. Pero ademáis, existe nestas datas na Coruña unha fonda descoñexión que sorprende nesta tesitura entre mandos políticos e militares. Aínda de que ‘rutina’ do golpe e da revolución estaba presente non se entende actitudes persoalistas fora da lóxica desta situación de ‘alarma’ como o enfrontamento entre Suárez Ferrín e Pérez Carballo ou a inexistencia de conversacións entre este último como responsable político último da provincia co Xefe da División Militar Salcedo.

Estas actitudes sorprende aínda máis cando se observa a posteriori que a estrutura golpista de xullo na provincia herculina – Benito de Haro, Leseduarte, os Santos Otero, González Vallés, Victoriano Suances...- é a mesma, aínda

que incrementando xa algúns nomes máis, que a de abril, estrutura da primavera que teóricamente se atopaba desartellada, máis que un par de meses despois atópanse no mesmo sitio e no mesmo lugar tentando retomar a iniciativa golpista. En parte, a consideración por boa parte do personal non só militar, senón tamén político, de que o golpe era inminente e non se sabía moi ben con cal das dúas baraxas quedarse, puido incidir nesta incapacidade de facer cumprir as ordes de alexamento dos mandos militares, especialmente dos responsables da Guardia Civil, en abril, aínda da obviedade das súas declaracións en favor dun golpe militar que botara abaixo o goberno da FP.

O certo é que o que se denta das actitudes do verán do 36 na Coruña houbo unha indecisión entre os dirixentes políticos e mandos militares entre o 17 e o 20 de xullo, é dicir, entre os momentos en que se coñece por primeira vez a sublevación do Exército de Marrocos e a saída das tropas dos cuarteis herculinos. As medidas que se tomaron por parte do Goberno Civil foi dar unha imaxe de tranquilidade que se expresaba no envío de camións con Guardias de Asalto paseando pola cidade —que xa estaba tomada por piquetes de milicianos— e a colocación de pizarras avisando de que a normalidade era a pauta común nas guarnicións da maioría do Estado. Ó único cambio nesta actitude de agardar á saída das tropas, ou algún elemento que permitira incidir na defensa da cidade, fíxose na madrugada do 20 de xullo, despois de que na data anterior se estivera negociando ata altas horas da noite a rendición de Salcedo ante as presións mesmo de Martín

Alonso e a utilización da complicidade con Sanjurjo. O Goberno Civil, coñecedor da ruptura final destas conversacións clandestinas, envía aviso a todas as corporacións locais da provincia para que collan as armas dos Cuarteis da Guardia Civil correspondentes. Esta foi a última comunicación que chegou a moitas das vilas importantes da provincia. Mais arredor das seis da mañán dese 20 de xullo chegou unha contraorde anulando a disposición anterior. Os motivos da mesma: posiblemente o temor dun desbordamento revolucionario tras a toma das armas polas agrupación sindicais.

Estes foron a única defensa efectiva na provincia. O Gobernador Civil coñecía a existencia desta vontade dos milicianos, tanto no envío de reforzos que se estaba a realizar en toda Galicia, e especialmente na súa provincia, para defender A Coruña como polo que acontecía nese fin de semana nas ruas herculinas. Estas se atopaban, especialmente pola noite, cheas de milicianos observantes, a maioría armados, dos movementos dos militares sinalados. Mesmo Martín Alonso tivo que ir conferenciar con Salcedo para pedirlle que se sumara á sublevación de incognito nesas horas da tarde e da noite. E mais aínda: por dúas veces o Gobernador Civil e os mandos militares dispostos na súa sede tiveron que deter a chegada de masas de milicianos que se encamiñan de xeito directo ós cuarteis da Cidade Vella herculina para tomar os cuarteis, nunha postura semellante ó acontecido co Cuartel da Montaña en Madrid. Foi o Goberno Civil quen o parou, aínda sen sublevarse as tropas.

Son os militares os que planifican, desenvolven e establecen as pautas da sublevación –e tamén da posterior represión-. Na provincia coruñesa este é o perfil maioritario, aínda que non se desbota a colaboración civil, moi especialmente en Santiago, onde os JAP xogaron un papel determinante na sublevación. Referencias de civís nos cuartres nas horas anteriores hai varias: dende a de Pardo de Andrade na Coruña ata a dun falanxista en Santiago. Mais a man que guiaba a situación foi sempre militar. O Exército colocábase nunha situación de privilexio, e convertíuse na fonte última do poder. Os membros da Guardia Civil foron o instituto militar executor, só tendo por riba os mandos militares, e apoiados por grupos civís de falanxistas e paramilitares. Os outros dous corpos militares, Guardia de Asalto e Carabineiros, xogaron papeis distintos según as provincias, máis na da Coruña, a Guardia de Asalto da Coruña foi decisiva para a toma rápida da cidade, aínda dunha primeira intención de defender o Goberno Civil; os Carabineiros, encargados de servizos de vixilancia costeira, tiveron unha actitude na maior parte dos casos pasiva na situación, aínda que algúns deles como no caso da fuxida de Muros e Noia, foron os que máis se enfrontaron á situación de golpe militar nas vilas costeiras.

O certo é que a República véuse incapaz de frear a sublevación nesas primeiras 48 horas, por estas razóns. Outra razón esgrimida de xeito constante é o da incapacidade de Casares para tomar unha decisión neste aspecto. Hai que dicir que o xeito de comportamento de Casares ante unha

sublevación militar destas características era ben coñecida: acontecera xa na súa etapa de Ministro de Gobernación ante a sublevación de Sanjurjo. Non tiña por que coller de sorpresa a ninguén que elixira a opción de que naquela partida de xadrez na que se convertira o mapa de guarnicións militares do Estado él non tiña por que mover ficha primeiro. Ademáis, a versión oficial indica que Casares dimite ás catro da madrugada do día 19 de xullo, e noméase a Martínez Barrio co obxectivo manifesto de pactar. Ante a incapacidade de conseguir algo comenza a difundirse a idea de armar os milicianos, nova que xa recolle Pérez Carballo na súa derradeira comunicación. Ese tempo foi fundamental. Un tempo de indecisión, máis non consciente, senón de toma de distintas posturas gubernamentais e todas pouco definidas de xeito consciente. Quen abriu o camiño no taboleiro de xadrez xa nunca máis perdería a iniciativa.

CREACIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXTERMINIO DA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA A TRAVÉS DA AVENTURA VITAL DE FOUCELLAS

LUIS LAMELA

(16 de outubro do 2006)

A actividade sindical e política de Benigno Andrade

Benigno Andrade García naceu en 1.908 no lugar de Foucellas, parroquia de Cabrui, en terras de Mesía e estivo casado con María Pérez Mellid, residindo en 1.936 na parroquia de Lourdes, en Curtis. Traballou de xornaleiro na súa zona natal e tamén nas minas de Fabero-León, regresando para traballar en labores de pequenas industrias establecidas na localidade de residencia, Curtis, cal foi o caso do serradoiro de Afonso Torres.

Ao mesmo tempo, a esposa de Foucellas traballou como doméstica na casa de Isabel Ríos Lazcano, casada esta co médico oriúndo de Santiago Manuel Calvelo López, quenes o introduciron no sindicalismo e na política a un voluntarioso e agradecido Benigno Andrade e á súa esposa María, ao organizar en 1.934 unha pequena célula/radio do Partido Comunista, composta por seis mulleres e dous homes.

E, como xa coñecemos amplamente, durante o quinquenio republicano en todos os pobos de Galicia participou de forma activa do entusiasmo sindical e político xeral, fundándose frecuentemente Casas do Povo adscritos aos sindicatos de Oficios Varios afectos á CNT ou á UXT, e nestes centros os xornaleiros e obreiros das distintas actividades sectoriais recibiron adoctrinaxe e formación sindical, cultural e política, chegando a ser obrigatorio a sindicación para poder traballar en calquera actividade dependente. E o mesmo sucedeu cos partidos políticos que recibiron amplos persoais de afiliados por toda a xeografía galega, nunca coñecidas ata aquel entón. E, Benigno Andrade, tal e como o fixeron a maioría dos seus contemporáneos afiliouse a un sindicato creado en Curtis, integrándose tamén na célula comunista sinalada anteriormente.

En 1.936 foron convocadas as eleccións xerais, e Benigno, xunto con outros compañeiros de partido e do coaligado Fronte Electoral de Esquerdas, prepararon intensamente a campaña electoral repartindo propaganda, pintando e escribindo consignas nos muros, entregando as papeletas da votación aos demais veciños e cooperando na preparación do mitin que o Partido Galeguista deu naquela localidade. E do mesmo xeito que no resto dos pobos e cidades españolas, en Curtis tamén se produciu algún altercado cos falanxistas veciños de Melide, que buscaban crispar, radicalizar e enfrontar á sociedade para invocar aos militares que salvarsen á España dos privilexios.

A sublevación militar en Curtis. Os preparativos para a defensa.

Poucos meses despois do triunfo electoral das esquerdas, o 17 de xullo subleváronse contra a II República os militares. E por mor de recibirse noticias do movemento no protectorado marroquí, o alcalde de Curtis, do mesmo xeito que os demais alcaldes de toda a provincia coruñesa, recibiu instrucións do gobernador civil para que por parte dos militantes dos partidos políticos republicanos e de esquerda se requisasen as armas de fogo en posesión das xentes dereitistas co obxectivo de evitar que puidesen causar incidentes violentos ao apoiar aos sublevados. Igualmente convocaron aos dirixentes políticos e sindicais e aos obreiros e labradores coa finalidade de manterlles atentos nas sedes sindicais ou no concello, informándolles dos sucesos e das instrucións puntuais recibidas da capital provincial.

E naqueles momentos de inquietude e zozobra, Benigno Andrade foi un dos moitos individuos que acudiron á chamada da autoridade municipal, levando a cabo requisas de armas -pistolas e escopetas de caza- e de dinamita en Fisteos e en Teixeira -depositándoas no local do sindicato- e convocando aos paisanos ao pobo. Cando o día 20 chegou a noticia de que os militares coruñeses saíran ás rúas atacando a cañonazos ás autoridades civís e aos defensores do Goberno Civil, os concentrados en Curtis confiscaron tamén varios vehículos co fin de acudir en axuda das lexítimas autoridades civís coruñesas tal e como fixeron desde moitas outras localidades da provincia e do

norte de Lugo. Con todo, pola irreversible situación da sublevación militar, os expedicionarios non chegaron a entrar na cidade herculina, regresando frustrados, cansados e fementos á súa localidade de orixe sen enfrontarse ós militares franquistas. E tres días despois do retorno da expedición, comezou a verdadeira historia do fuxido Foucellas.

Os fuxidos

Varios camións cheos de soldados, de gardas civís e de falanxistas arribaron ao pobo de Curtis o día 23 de xullo co obxectivo de poñelo baixo o mando das autoridades designadas polos militares sublevados. Benigno Andrade, e varios compañeiros esquerdistas, fuxiron ao monte coa intención de agacharse durante os primeiros momentos para, debido aos seus antecedentes de esquerdas ou republicanos e por temer represalias dos elementos dereitistas da comarca, poder salvarse da primeira queima. Máis tarde, pasado o primeiro momento, estaban convencidos de que volvería a calma e poderían regresar ás súas casas tranquilamente para seguir coa súa vida cotiá.

Os que inocentemente quedaron nas súas casas crendo que por non facer ningún dano, e menos delito penal algún, non lles sucedería nada perigoso, foron detidos pola garda civil e polos falanxistas e confinados en locais habilitados para prisión. Finalmente algúns foron procesados polos sublevados e fusilados, caso do médico Manuel Calvelo e do xornaleiro Manuel Sánchez Ayerbe,

amigos e compañeiros de actividade política e sindical de Benigno Andrade. E os que como Foucellas escaparon ao monte, foron perseguidos e acosados ata que o cansazo, a fame, a enfermidade ou a persecución, entregáronse voluntariamente ou foron detidos falecendo algúns por disparos realizados polos perseguidores.

Mentres tanto, coñecendo como os seus compañeiros caían vítimas da represión franquista, Benigno Andrade foi sorteando a duras penas aos seus perseguidores logrando que non lle detivesen. O monte foi para Foucellas durante os 7 ou 8 primeiros anos un lugar para agacharse nos momentos de maior acoso. As casas amigas e de familiares facilitáronlle acubillo no inverno e alimento a cambio dalgún que outro traballo no campo, un deles como cesteiro. Noutros momentos de acoso inclemente, Benigno Andrade acudiu aos pequenos furtos ou roubos para poder subsistir nun medio máis que hostil e difícil, aínda que a pesar de ser acusado de varios destes delitos durante a primeira época de escapado, nada puideron probar as autoridades que lle perseguían, e xa que logo as causas abertas foron sobresaídas, e todos eles ademais sen móbiles que puidesen considerarse políticos.

A pesar das requisitorias publicadas no Boletín Oficial da Provincia e das insidias vertidas sobre a súa persoa, as xentes da súa comarca de orixe consideraron a Benigno Andrade como un bo home e ata certo punto, ao burlar durante tanto tempo aos perseguidores, tamén un heroe. Por iso seguiu recibindo axuda de familiares e de amigos, cobrando unha certa significación segundo transcorreu o

tempo, entrando con paso firme na lenda con aires case épicos. Pero ao aumentar a súa fama, tamén aumentou o perigo que sobre el constantemente cernouse, aínda que Benigno seguramente nunca foi consciente do perigo que estaba correndo. O tempo, logo de dedicarse a tratar de sobrevivir, a conseguir os alimentos e a esquivar as batidas da garda civil e dos falanxistas, foise convertendo aos poucos no seu inimigo.

Formación das guerrillas

Unha vez finalizada teoricamente en abril de 1.939 a contenda civil, fóronse sumando aos homes do monte -os escapados-, moitos máis individuos -milicianos e militares republicanos derrotados-, organizándose nos montes de Ourense e León as primeiras estruturas guerrilleiras, resultando a Federación de Guerrillas de León-Galicia -máis tarde o Exército Guerrilleiro de Galicia-León-, cuxa base formouse principalmente con loitadores da fronte asturiana -asturianos, leoneses e galegos-, iniciándose a creación das infraestruturas necesarias para a loita guerrilleira, con enlaces, con puntos de apoio, con estafetas, cunha eficiente organización do chamado 'Llano'... E mentres os escapados soamente preocupáronse pola subsistencia individual, formando despois grupos para defenderse ante a persecución das autoridades franquistas, finalmente pasaron á ofensiva ao albiscarse o final da II Guerra Mundial, organizándose en Agrupacións Guerrilleiras e destacamentos ou partidas para atacar determinados intereses da ditadura.

Así, os escapados dos primeiros tempos convertéronse en guerrilleiros, aos que se sumaron progresivamente desertores do exército franquista, algúns dos represaliados do franquismo ao saír dos cárceres ou ao saír en liberdade condicional, outros fuxidos dos campos de concentración, de traballo ou de castigo, familiares ou colaboradores descubertos pola forza represiva, e máis tarde, enlaces queimados e mozos incorporados á organización política do Partido Comunista de España nas cidades galegas, a máis diso algúns loitadores enviados polas organizacións políticas democráticas desde o exilio.

E con esta organización do monte comezaron as accións militares contra a ditadura de Francisco Franco, ao principio preferentemente de autodefensa, escasas e circunscritas exclusivamente a atentar contra falanxistas, contra os colaboradores franquistas e contra os confidentes que lles prexudicaban, etc., xa que tampouco posuían armas como para máis enfrontamentos e aventuras. Igualmente buscouse o auxilio exterior dos republicanos coa creación da Unión Nacional Española (UNE) -frente de unidade antifranquista no interior e no exilio-, e máis cando a II Guerra Mundial comezou a retomar a cor aliada.

Durante os primeiros anos da década dos corenta do século XX -ata 1.944-, tal e como xa sinalamos, nalgunhas zonas reagrupáronse de forma espontánea os escapados formando pequenos grupos para realizar algunhas accións de represalia contra os que se significaron na represión de 1.936, ademais de impor sancións económicas aos máis

próximos ao novo réxime para financiarse e poder satisfacer os custos da súa protección e acollida nas bases de apoio. Esta actividade dos fuxidos, certamente descoordinada nun principio, preocupou pronto ao novo réxime franquista cando se comezou a organizar logo de 1.941 a Federación de Guerrillas de León-Galicia, dotándose progresivamente dunha estrutura e disciplina militar con claros obxectivos políticos, con regulamentos internos que obrigaban a todos os seus participantes, e redactando uns principios de conduta do guerrilleiro antifranquista, organizándose tamén a garda civil para combater aos grupos armados do monte -que soamente dispuñan dalgunhas pistolas, escopetas de caza e algún que outro mosquetón- e que viñan pondo en intranquilidade a unha sociedade galega moi controlada polo franquismo, ao coñecerse as continuas accións dunha cada vez máis organizada guerrilla antifranquista.

Cando en 1.943 produciuse a batalla de Stalingrado, ao albiscarse quen ía ser o vencedor da contenda mundial, cobrou máis forza a organización dunha guerrilla máis belicosa, para reclamar a atención dos Aliados e que tomasen cartas no asunto español. Coa nova organización quíxose significar que as forzas republicanas seguían loitando no interior do país contra a ditadura, xa que os Aliados tiñan unha débeda moral contraída desde a política de non intervención de 1.936 e a colaboración na loita dos republicanos exiliados españois en Europa, ademais das sabotaxes da guerrilla galega contra os intereses alemáns, como foi no caso do transporte do wolfram...

Nun determinado momento, este continxente humano de guerrilleiros -cunha procedencia social principalmente de campesiños, mariñeiros, mineiros e obreiros- chegou a ser importante -a oposición máis seria ao réxime de Franco, en palabras de Paúl Preston- como para preocupar a un réxime que quería dar a sensación ao exterior de que en España non había problema algún, que non existía insurxencia. E o réxime franquista, como veremos máis tarde, poría os medios necesarios para a súa erradicación.

Varios apuntes sobre a loita guerrilleira

a) As armas, os uniformes, as infraestruturas de apoio, enlázcelos, as estafetas...

As armas utilizadas pola guerrilla foron sempre escasas e deficientes. Os mosquetóns e os ‘naranjeros’, as pistolas e algunhas pistolas metralladoras, as escopetas de caza, as granadas ou bombas de man e os puñais ou coitelos, e para as sabotaxes a dinamita e a pólvora. Estas armas incautábanse nalgúns dos enfrontamentos coas parellas da garda civil nas verbenas rurais, aos falanxistas, aos *somatenes* e aos dereitistas, as que os desertores do exército ou da Mariña levaban con eles, igualmente as adquiridas no mercado negro en Portugal e as conseguidas ilegalmente da Fábrica de Armas coruñesa, etc., encargo da organización do ‘llano’ que foi preferentemente quen forneceu todo este material.

En moitas das operacións dos guerrilleiros cubríanse con gabardinas e capas de lenzo impermeabilizado, de cor

oliva, que tiñan bordada as bandeiras republicana e galega cruzadas, portaban mochilas e bolsas de costado, correaxes con cartucheiras e boinas negras con estrelas de cinco puntas encarnadas á fronte; tamén levaban mantas das que se usaban no Exército, de cor castaña; vestíanse con traxes ordinarios, pantalóns de pana, zapatos tamén ordinarios, vestimenta e armamento que lles identificaba plenamente como soldados da República, aínda que o réxime o ocultase custara o que custara. Os puntos de apoio foron vivendas campesiñas, casas do rural galego que acollían clandestinamente á xente do monte, axudándolles algunhas veces sen contraprestación algunha e outras a cambio de diñeiro ou de garantía de que nada lles sucedería. Nestes agochos pasaron longas tempadas do inverno así como en momentos posteriores á realización dalgunha actividade militar. Ademais creouse unha complexa organización na que traballaron decenas e decenas de persoas: unha rede de enlaces e colaboradores, formación de estafetas, lugares de encontro..., que forneceron regularmente todo o necesario para os homes que loitaban contra a ditadura de Francisco Franco -alimentos, pilas e lanternas, armas, vestimenta, medicamentos, tabaco, ferramentas, información, estafetas de correspondencia, etc.-, previo pago do seu custo, aínda que non sempre se podía comprar todo o que se necesitaba. Naqueles anos, cada tenda estaba vixiada polos alcaldes, polos *somatenistas* ou polos falanxistas que colaboraban coa garda civil, e moitas veces eran os propios tendeiros os que denunciaban ás forzas de orde pública certas adquisicións para eles sospeitosas. Era estraño que unha familia compra tres quilos de arroz, seis

de fariña, catro ou cinco de carne, varios litros de aceite, unha ou máis lanternas, uns pares de alpargatas, dúas gabardinas, etc., xa que todos coñecíanse e sabían do seu poder adquisitivo e das súas necesidades, motivo polos que en devanditos puntos de apoio non podían normalmente hospedarse máis de dous ou tres homes en cada casa, ao non ser conveniente pasar a noite a partida nunha soa vivenda, tanto por razóns de seguridade como de intendencia....

Os enlaces -os 'loitadores sen fusil', chamáronlles- foron moi importantes e sen eles os grupos do monte nunca poderían chegar ata onde chegaron na súa loita armada. Con eles compréndese o carácter popular da loita e a profundidade das súas raíces, con redes familiares e de amizade, con identificación ideolóxica e política, e tamén por diñeiro ou por sufrir a represión practicada polos franquistas na súa propio carne ou na dos seus familiares. A muller de Foucellas, por estas actividades, foi primeiro encarcerada e despois desterrada a Valladolid, falecendo prematuramente naquelas terras.

A guerrilla construíu tamén, axudado polos seus colaboradores, unha serie de bases e refuxios en lugares de difícil acceso no monte que se utilizaron como albergue durante algunhas tempadas e de aprovisionamento nos intervalos das súas accións militares, construíndose algunhas subterráneas -debaixo de vivendas propiedade dos seus colaboradores- ou en covas próximas aos ríos, con obxecto de eludir aos perseguidores.

b) A organización do llano

E non se pode entender a presenza e a loita antifranquista da guerrilla do Alto sen a existencia e apoio da organización política de Chairó. A guerrilla de Alto foi considerada polo réxime e polas forzas da orde, o brazo armado da organización comunista, a chamada guerrilla do 'llano'. Ademais dos puntos de apoio e dos refuxios de acollida na zona rural, que cubrían a primeira intendencia dun reducido exército irregular, a infraestrutura política nas cidades e demais núcleos urbanos foi fundamental, tanto para fornecer o material necesario -explosivos, armas e demais artigos precisos para a vida do monte-, como para alimentar de novas incorporacións -de *savia nova*- ás partidas aos poucos minggadas/aniquiladas polos perseguidores franquistas e de servir de enlaces entre as distintas agrupacións guerrilleiras que operaron na xeografía galega.

c) A propaganda dos contendentes

A loita, ademais de golpear onde doía ao réxime, buscaba a publicidade. E a propaganda directa foi considerada como un dos obxectivos máis importantes da organización do monte. Esta consistía na ocupación de pobos, preferentemente nas prazas ou nas tabernas por parte dos destacamentos nas que os guerrilleiros case sempre procedían da mesma forma: unha vez comprobada a ausencia da garda civil, entraban á noite nos establecementos ou nas aldeas controlando os exteriores e os camiños de acce-

so, convocando aos veciños da poboación aos que reunían, organizaban mitins e sesións de concienciación política, explicándolles o sentido e o obxectivo da súa loita, distribuíndo a propaganda política -prensa, *El Guerrillero*, *Liberación*, *Mundo Obrero* e a revista *Galicia* ou outros diversos panfletos-, entoándose himnos republicanos -a *Internacional* ou o *Himno de Riego*-, e aclamando finalmente á República. En cada acción, ademais do mitin político correspondente, repartían panfletos criticando aos franquistas e tratando de xustificarse ante quen non coñecían a súa loita, para manter vivo o espírito da República, difundir a súa causa e simbolizar para a xente a posibilidade da esperanza do fin do franquismo.

Tamén utilizaron emisoras de radio clandestinas que trasladaban dun lugar para outro co obxectivo de non ser localizados.

Para executar estas accións, con anterioridade había un traballo cos enlaces do lugar, facilitándolles os nomes dos *somatenistas*, a situación da casa do alcalde, a do xefe da Falanxe, os dereitistas aos que sancionar, etc... Ao mesmo tempo trataban de confiscar as armas -as das autoridades municipais, dos sacerdotes, dos falanxistas, dos somatenes, etc.- requisando tamén alimentos e impondo sancións económicas en accións que duraban estritamente o necesario para evitar que a garda civil chegase a intervir.

Igualmente, por parte da organización do chairo confeccionábanse centos de panfletos con frases moi curtas e consignas contra o réxime franquista, co obxectivo de invadir rúas, prazas e lugares públicos, ademais de deixalas

nos lugares onde se realizaban as sancións económicas e os atentados ou sabotaxes, panfletos que atacaban tamén os sistemas das Comisións de Abastos, as cotas, as actuacións das contrapartidas, a pobreza do pobo e o enriquecemento de determinados personaxes, lanzándose constantes consignas contra o réxime político e económico, animando á deserción aos mozos incorporados a filas para realizar o servizo militar, efectuándose pintadas nas paredes ou nas propias estradas criticando á Falanxe e ao Réxime, etc.

E polo outro lado, polo franquista, cuns medios de comunicación social amordazados pola censura, a loita guerrilleira foi bastante silenciada xa que non quixeron darlle publicidade algunha, converténdose nunha loita allea polo tanto aos españois que non a viviron directamente. No entanto, a pesar do silencio imposto existiu unha historia dos homes do monte, aínda que fose desprazada ás marxes da Historia e convertida finalmente en memoria clandestina. Con esta actividade, Foucellas e todos os foucellas do monte foron presentados como fuxidos e bandoleiros, como pistoleiros sen piedade e ladróns e, ademais, calquera altercado sucedido, aínda que fose alleo á loita guerrilleira, a eles atribuíuselle para evitar que se coñecese que no monte loitábase contra Franco e contra as autoridades franquistas.

Como vimos, os homes do monte practicaron o principio de resistencia fronte á opresión e á tiranía. En realidade foron perdedores da contenda civil que non se renderon -ás veces só por falta dunha oportunidade-, combatentes dunha forma de supervivencia case sempre sen al-

ternativa. Eles foron os últimos soldados do exército da República que loitaron para defender os valores democráticos e as liberdades civís conseguidas durante a súa vixencia e que Francisco Franco había proscrito por medio dunha sublevación militar de xullo de 1.936 que asaltou o poder político, económico e social en España. A falta dun horizonte de integración dentro da nova sociedade civil española creada polo franquismo, levou aos homes do monte a unha loita sen cuartel e cunha soa saída: a vitoria ou á morte. E, esta loita, profundamente humana, acabaría finalmente, logo de anos de sufrimento e un tributo de numerosas mortes, nun fracaso estremecedor.

A falta de medios foi para a guerrilla o obstáculo máis importante da súa pelexa. A loita pola supervivencia no monte acaprou a maior cantidade de tempo e de enerxías das partidas: a procura dos alimentos cotiáns, que borrou ás veces a fronteira entre a guerrilla e o bandoleirismo; resistir como animais nunha vida á semi intemperie, a dramática necesidade de servizos médicos e medicamentos en caso de enfermidades ou de sufrir feridas nos enfrontamentos armados, o problema da auga para beber e cocinar e o perigo de facer lume para quentarse, a abstinencia sexual prolongada, que tamén existiu como problema, etc.

Os obxectivos da guerrilla para atender contra determinados individuos dirixíronse contra destacados membros do aparello do réxime, contra os falanxistas, os sacerdotes, os gardas civís represores e os confidentes ou *chivatos* ou outras xentes moi próximas á ditadura, actuándose contra eles e sancionándose a persoas comprometidas co réxime,

en atentados que en moitos casos realizáronse como axustes de contas para vingar antigas culpas de individuos moi activos na represión xurdida logo de xullo de 1.936, e nas que participaron cos paseos a republicanos. Ese foi o caso de Manuel Doval Lemat, aquí en Cambre.

O clero tamén se converteu nun dos obxectivos primordiais dos fuxidos, unha das principais vítimas, ao considerarlles partidarios e colaboradores máis visibles do novo réxime franquista, e aínda que foron tamén varios os sacerdotes do rural galego que pola súa indefensión ante as partidas guerrilleiras, ou por outros motivos ou razóns descoñecidas, axudáronlles naquel penoso transo, protexéndolles nas súas propias vivendas ou entregándolles diñeiro sen practicar denuncia algunha, tamén existiron outros moitos que colaboraron coas forzas represoras para axudar a capturar aos fuxidos. E como as residencias dos sacerdotes acusadores estaban normalmente na illados núcleos rurais, lonxe dos cuarteis da garda civil, e xa que logo, desprotexidos, con ingresos económicos elevados, convertéronse en obxectivos a golpear pola guerrilla, sancionándolles periodicamente e perecendo axustizados un número importante deles.

Para cometer os atentados enviábase sempre unha avanzada con guerrilleiros do servizo de información que contactaba coa organización do 'llano', ou con outros colaboradores de cada zona, que identificaban os obxectivos dos atentados e os personaxes a sancionar economicamente, así como facilitaban outras valiosas informacións para as accións de sabotaxe previstas. As actividades pre-

parábanse meticulosamente, sempre cun estudo previo, cunha detida preparación para que nada fallase logo de recibir e analizar as informacións da organización do llano e dos enlaces, primando nalgúns casos o golpe económico sobre o axuste de contas, posto que non consideraban conveniente matar as galiñas dos ovos de ouro, amais diso protexer aos colaboradores das iras dos perseguidores....

Os atentados, nos que faleceron xentes do réxime, tanto falanxistas como gardas civís ou autoridades locais, entre outros, e nos que se buscaron grandes golpes de efecto, foron, a través dos anos da loita guerrilleira, numerosos. Doutra banda, a práctica das sabotaxes contra os intereses do réxime franquista por parte da guerrilla foron innumerables en todo o territorio galego, sabotaxes que con todo na súa maior parte careceron de transcendencia social algunha ao practicar a censura nos medios de comunicación social -a prensa e a radio- as autoridades franquistas. Pero aquelas noticias, co boca a boca, percorrían, aínda que de forma restrinxida, amplas capas de poboación e ás veces con motivo das celebracións fúnebres de personaxes abatidos pola guerrilla, saían á luz pública as actividades destes como realizadas por un movemento antifranquista .

As sabotaxes e os atentados a centrais hidroeléctricas, a destrución de torres de condución eléctrica, ás vías do ferrocarril, ás torres de comunicacións, nas minas de wolfram, os incendios provocados en casas consistoriais e en vivendas de colaboradores do réxime franquista, así como asaltos a autobuses de liña, sancións económicas a persoas

próximas ao réxime, accións para desarmar *somatenes* e falanxistas, ademais dos axustizamentos de delatores ou de antigos represores, explicaban á poboación os obxectivos da guerrilla. De calquera forma, a maior parte das enerxías da guerrilla foron utilizadas para as chamadas sancións económicas, posto que as súas necesidades, as vitais e as correspondentes á acción militar subversiva, absorbían calquera cantidade recadada por estes procedementos. E, aínda que existiron algunhas subvencións voluntarias recadadas polas organizacións do llano, foi moi difícil subsistir por non dicir imposible sen practicar as sancións ou a recadación das contribucións económicas in-voluntarias á causa, efectuándose dun modo continuo a través do tempo. As sancións económicas impuxéronse como contribucións á causa pola que loitaba a guerrilla e algúns dos sancionados asumían a súa contribución como unha especie de cota fixada polo exército republicano para subvencionar a loita contra a ditadura, e con este aval asegurábanse ser respetados e non agredidos ou maltratados.

Os golpes económicos dábanse preferentemente nas vivendas dos fascistas máis destacados e daqueles que se favoreceron coa implantación do réxime franquista. Con elas intentábase obter os medios cos que axudar aos familiares dos presos e dos guerrilleiros falecidos, aos colaboradores que lles acollían nas súas vivendas para comer e durmir baixo teito e os que coidaban dos feridos ou doutros perseguidos, para comprar armas e explosivos, para financiar os atentados, ademais do vestido, e financiar a estrutura organizativa do llano, tan necesaria para a loita

guerrilleira e para a difusión de propaganda subversiva, entre outros moitos gastos.

Durante aqueles anos, Foucellas participou activamente na loita. Os atentados como os do cabo da garda civil, Manuel López Bello, morto en Curtis o 15 de marzo de 1.945 na taberna do Mintireiro -ata un total de 18 gardas civís faleceron en enfrontamentos ou atentados naquel período-, as sabotaxes coas explosións de artefactos colocados nas vías férreas ou nas do tendido eléctrico; os atentados ou os axustizamentos, as sancións económicas a persoas próximas ao réxime, os enfrontamentos coas forzas de orde pública, etc., foron unha constante dos grupos ou partidas que formaron o chamado exército guerrilleiro. Voaduras de torretas de alta tensión, de liñas eléctricas e ferroviarias para evitar que o wolfram se exportara aos nazis de Hitler, explosións en determinadas empresas, cortes de liñas telefónicas, incursións en aldeas e pequenos pobos onde se queimaron algunhas casas consistoriais -ao queimarse os arquivos supuñan dificultades para o cobro das contribucións aos paisanos-, foron procedementos empregados polos homes do monte e da IV Agrupación Guerrilleira de Galicia, na que estaba adscrito Foucellas. Durante 1.945 os destacamentos da IV Agrupación protagonizaron preto de 120 operacións guerrilleiras, mentres que en 1.947 ascenderon a preto das 300. E cando Foucellas foi destinado como xefe de partida á provincia de Pontevedra para aliviar un pouco a presión que a forza pública exercía sobre as partidas da provincia coruñesa, participou directamente en numerosas sancións económi-

cas, no axustizamento de varios dirixentes falanxistas, en varias requisas de abastecemento ou aprovisionamento, etc., momento no que a súa fama máis aumentou. Con todo, o mancar da súa partida nun enfrontamento coa garda civil na aldea de Loureiro-Luou-Teo o 19 de maio de 1.948, marcou tamén o seu declive e final.

Os perseguidores

Francisco Franco e os falanxistas foron os homes que encarnaron todos os infortunios políticos e persoais dos homes do monte, e tamén, por suposto, de Foucellas. Primeiro, ao verse na necesidade de fuxir ante a sublevación militar e a brutal represión que seguiu e escapar dela. E, despois, unha vez derrotado o exército republicano e implantado o novo réxime fascista, por non facer borrón e conta nova con todos aqueles que esperaron durante anos a súa clemencia. E ante a persecución permanente non quedou máis remedio que a defensa, e máis tarde as ofensivas que buscaron reclamar a atención das nacións occidentais, unhas nacións que xa antes lles abandonaron.

No ano 1.945 o réxime xa constatará que o que eles denominaban *bandolerismo* -o problema dos homes do monte- era unha secuela que se herdou da guerra civil española. Ante a constatación do problema dunha fronte que loitaba no interior de España contra o réxime, a ditadura legalizou burocráticamente o terrorismo de Estado, sinalando para esta tarefa a falanxistas, ao exército, á garda civil e á policía, para perseguir aos resistentes ata eliminar-

lles completamente: a tarefa de limpar España de vermellos. Coa volta atrás na primeira resolución da ONU contra o réxime franquista, e o consentimento de Estados Unidos ao réxime de Francisco Franco e o nacemento de dous bloques ideolóxicos liderados pola URSS e Estados Unidos e a guerra fría, ó réxime quedoulle as mans libres para rematar un traballo que pola indecisión provocada polo final da II Guerra Mundial, estaba pendente. Cando Francisco Franco asegurouse de que non se produciría a temida intervención armada dende o exterior, preparou o necesario para exterminar a guerrilla, poñendo en práctica novos métodos contrainsurxentes como as brigadas móbiles de gardas civís e as contrapartidas -grupos disfrazados de guerrilleiros, dirixidos por un garda civil e integrados por civís que operaban coma se de guerrilleiros tratáse-. O 18 de abril de 1.947 foi promulgada o Decreto-Lei de Represión dos delitos de bandidaxe e terrorismo - substituto da Lei de Seguridade do Estado publicada en 1.941-, endurecéndose as leis anteriores, e ordeando man dura contra todos aqueles cualificados de conxunción entre bandolerismo e comunismo. Ordenouse combinar a persecución máis activa e as accións de infiltración dos grupos volantes con ofertas dun razoable perdón a quen puidesen achegar información e coa presión sobre as familias dos bandoleiros. Comezou así o chamado trienio de terror, producíndose o enfrontamento máis sucio. O Decreto-Lei serviu de coartada xurídica para aplicar indiscriminadamente as execucións extraxudiciais -coa famosa aplicación da Lei de Fugas-. Foi a partir de devandita promulgación cando chegaron a Galicia oficiais da garda

civil con formación específica no combate contra a resistencia armada e con eles chegou tamén o acoso insufrible aos homes da resistencia, tanto contra a loita armada como contra as infraestruturas de apoio e os seus familiares, provocando o denominado trienio do terror (1947-1949). E comezou tamén, de forma xa máis clara, o éxito represor cunha campaña de detencións masivas, encarcerando a todos aqueles que tiñan antecedentes de colaboración ou relación familiar cos homes do monte, sufrindo malleiras e torturas para obrigarlles a facilitar información sobre os guerrilleiros, practicando a Lei de Fugas a uns, e a outros xulgándolles en macro procesos e condenándolles a diversos graos de prisión e moitos tamén ao desterro.

Á garda civil ordenáronlle acometer un traballo -o exterminio e a erradicación dos homes do monte- e fíxoo con resultados máis que satisfactorios para o réxime. Instaláronse postos ou casas cuartel -denominadas polas xentes cuartelillos- en todos os pobos galegos e en moitas outras poboacións menores -inclusive, aldeas-, creándose así mesmo as famosas contrapartidas e os somatenes. A garda civil, como vemos, foi un instrumento da ditadura, a perseguidora principal -tamén participou na loita o exército e a policía-, e con todo o antagonista real, o inimigo da guerrilla foi o Estado franquista, e a Benemérita o instrumento político-represor do franquismo, considerando aos guerrilleiros como alimañas a extirpar, a eliminar totalmente...

O fin da loita

Cos novos métodos da forza represora, a solidariedade das xentes do rural pronto desapareceu ante o medo a ser descubertos e recibir o mesmo castigo que os que loitaban coas armas na man: a morte ou a prisión, ademais das torturas e a ruína. A todo este temor sumouse tamén, a pesar de toda a triunfal propaganda subversiva, tanto interior como exterior -*Mundo Obrero, El Guerrillero*, etc.-, o cansazo dos homes que viron caer aos seus compañeiros de forma constante e intermitente, temendo ser os próximos en recibir o chumbo dos seus inimigos, incansables en facerlles emboscadas e cazalos, amén do horizonte que xa non vían poder alcanzar na súa loita contra o franquismo.

Comezou, xa que logo, un período de declive - e co declive, a moral da derrota- e de aniquilación da guerrilla que non acabou ata exterminarlles completamente, debáténdose nun longo combate puramente defensivo, á contra, loitando para manterse vivos en espera dunha morte inminente, volvendo á situación primixenia: á exclusiva supervivencia, abandonando os atentados e as sabotaxes, aínda que non totalmente as sancións económicas convertidas en furtos ou atracos. Pelexaban nas súas horas máis baixas, logo de haberse producido a caída masiva de enlaces e os enxuciamientos sumarios, as delacións, as traicións de familiares, as emboscadas, as cadeas e a morte de moitos compañeiros, chegando á conclusión de que a loita xa non era viable, que a perspectiva internacional non lles favorecía e non se albiscaba solución algunha.

Ao mesmo tempo as forzas represoras introducíanse máis na infraestrutura de apoio da guerrilla, dando resultados apetecidos as tácticas das contrapartidas, comprando á xente que xa moralmente estaba esgotada, e que se prestaba a colaborar coa policía franquista. Non era, pois, a situación propicia para seguir loitando, sabían que se moitos compañeiros caeran, eles estaban tamén condenados a caer, aínda que tampouco podían entregarse, e era necesario estirar a corda ata onde esta chegase, convencidos de que non chegarían moi lonxe: ou se buscaba unha saída fuxindo ao estranxeiro, ou a morte estaba asegurada... A desesperación, que sempre lles acompañou, apropiouse daqueles homes desconcertados e sen destino.

Para os máximos dirixentes comunistas no exilio, aquela situación levou a considerar evidente o fracaso da loita armada. Manter uns homes armados no monte, acosados, sen operatividade algunha, desmoralizados e moi gastadas as estruturas de apoio en todas as ordes, fixo que o Partido Comunista de España cambiase a súa estratexia e decidise, ¡por fin!, no mes de outubro de 1.948, o cesamento da loita armada e a reconversión dos guerrilleiros en instrutores políticos e organizadores dos campesiños. Estaba claro que a loita no monte -a militar, a guerrilleira- estaba obsoleta, e era necesario pasar á loita política, mirar cara adiante... Con todo, aqueles homes que quedaban no monte non recibiron a axuda necesaria para realizar os novos labores ou para trasladarse ao estranxeiro e poder escapar daquel inferno. Seguiron acorralados e sen esperanza de que a súa sorte cambiase a mellor, existindo tímidos in-

tentos de reorganizarse en contra da estratexia marcada polo partido para seguir a loita armada, xa que non sabían, nin podían, e algúns non querían, logo de tantos anos e de tanto compromiso, facer outra cousa. Pero esta pos-trimera loita, sen o apoio político necesario, convertéuse nos últimos e esporádicas rabexadas, en accións con obxectivos pobres e escasos de propaganda. En realidade, tratábase máis de asociacións de bandoleiros-mendicantes, nunha volta á primeira época de escapados, co obxectivo de conseguir financiamento e poder pagar as estancias nos seus agochos, que dunha loita contra o réxime franquista. Buscaban unha supervivencia difícil, dura, imposible, pero a realidade incuestionable era xa de completa decadencia e descomposición.

No entanto, coñecendo todo este proceso de descomposición, en forma algunha o Partido Comunista organizou unha retirada ordenada e a evacuación dos membros sobreviventes, moi cansos, esgotados e gastados, aos países limítrofes, especialmente a Francia. Ás agrupacións que xeograficamente actuaran preto da rexión catalán, o partido puido axudarlles para pasar a fronteira francesa, pero aos homes que loitaron contra o franquismo en Galicia, case non lle prestaron axuda algunha, e non era fácil trasladarse polos seus propios medios xa que nos trens da época foi rito obrigado e frecuente mostrar a documentación á policía, así como nas pensións, etc.

Como conclusión, indicar que a guerrilla non foi soamente unha forma de combate militar, senón tamén unha causa e unha idea e o monte e a zona rural foi para a gue-

rilla o refuxio, a vivenda, o cuartel, o campo de batalla e o símbolo de liberdade, e tamén para a maior parte, o seu cemiterio. En moitos casos a loita foi obrigada, máis que para atacar, para defenderse, para sobrevivir. Por iso que, en puridad, a loita guerrilleira non pode contemplarse soamente como unha loita contra a ditadura, como un compromiso político que loitaba para recuperar as liberdades democráticas, de fidelidade aos principios e valores democráticos, de honradez e dignidade. Tamén foi unha loita para poder sobrevivir. Pero aqueles homes foron forxándose na loita e o sacrificio, loitando, ademais de por a supervivencia, por recuperar para a súa patria os valores de liberdade, de xustiza, igualdade e pluralismo ideolóxico, aínda que o cansazo chegou cos anos, e o fame cos días de fuxida, aflorando as intrigas, as traizóns e as vilezas nun mundo no que todo foi desmedido e abafador. Non todos foron heroes, tampouco en xeral, bandoleiros ou atracadores ou asasinados como xenéricamente foron acusados polos seus perseguidores, aínda que as moitas excepcións confirmaron a regra. A súa loita guiouse habitualmente pola idea de combater o fascismo franquista e de loitar pola súa liberdade e a dos demais españois. E dos que se separaron das directrices da loita, cos seus excesos e crimes, en moitos casos sufriron castigos, inclusive a morte en mans dos propios guerrilleiros. Naquela maraña de sufrimentos foi lóxico que convivise o drama e a traxedia, a baxeza human e a grandeza, os ideais e os baixos instintos, as paixóns atopadas e a nobreza, os resentementos persoais e as traizóns e as esceas de brutal comportamento ademais dos abandonos. Homes exemplos de dignidade e

abnegación e tamén, en moitos casos, de ignominia e infamia.

En definitiva, non todos os homes que loitaron no monte foron dignos, tamén os houbo despreziables, aínda que non máis que moitos dos seus perseguidores. O terrorismo de Estado practicado pola garda civil e pola policía, especialmente as contrapartidas ou a Brigadilla, foi moito máis indigno polo que debese representar e non representou. Ningún medio -legal ou ilegal- excluír para loitar contra a guerrilla e a súa liquidación: subornos, torturas, asasinatos, infiltracións, encarceramentos de inocentes, desterros, intimidacións, violacións, malleiras, aplicación da Lei de Fugas nunhas fuxidas inexistentes, etc.

Cando por unha delación -o maior inimigo dos homes do monte- finalmente caeu Foucellas en mans da garda civil o 9 de marzo de 1.952 nun refuxio da aldea de Costa-Rodeiro-Oza dos Ríos, unha longa lista de encarcerados foi a consecuencia da confesión do ferido. A súa estancia no cuartel de Betanzos, en lugar de levalo a un hospital polas súas feridas nas catro extremidades, unha con fractura do fémur da perna dereita e as torturas recibidas naquelas dependencias, fixo que o traslado quince días despois ao cárcere da Coruña do guerrilleiro supuxese unha liberación.

Benigno Andrade non buscara o seu destino. Ese foi o seu drama persoal. O destino foille imposto pola intolerancia e a intransigencia dunha época e duns acontecementos provocados polo fanatismo do vencedor da contenda incivil. Foucellas tampouco foi un líder pola vella,

aínda que o era para o pobo, pero non para os dirixentes do partido comunista a pesar de envialo a terras pontevedresas como xefe dunha partida que alí tivo unha destacada actuación. Foi demasiado autónomo nos seus movementos, ademais de desconfiado, o que resultaba perigoso para os seus demais compañeiros. Benigno Andrade foi simplemente un home convertido en lenda, ao que non lle deron a oportunidade de integrarse na sociedade franquista por medio de amnistía algunha, e aproveitado polas organizacións guerrilleiras para loitar contra o franquismo, e nunca o delincuente ou o bandoleiro que a historia oficial transmitiunos.

Derrotado completamente na súa loita, cunha visible coxera a consecuencia das feridas recibidas cando foi capturado, Benigno Andrade foi condenado á morte no consello de guerra celebrado o día 26 de xullo de 1.952. A sentenza foi cumprida o día 7 de agosto seguinte, ás 7 horas da mañá por medio do garrote vil dentro das instalacións da Prisión provincial, nun dos ángulos (do)/do recinto carcelario. Coa morte de Foucellas o franquismo deu un golpe de graza, o definitivo, á guerrilla en Galicia.

CHARLA HERMINIO BARREIRO CALVETE

(25 de outubro do 2007)

Moitas grazas, pola vosa presenza, síntome fondamente emocionado por contar aquí con moitos dos meus antigos alumnos da escola de Bordel. Este foi o meu primeiro destino como mestre, onde comecei a dar clase o dezaioito de Febreiro de mil novecentos trinta e un. A escola era un pequeno pazo, como lembraran moitos dos meus nenos que teño sentados aí enfronte. Tiña a praza en propiedade por primeira vez, e viña tódolos días aquí a Carral, a mercar os xornais “Pueblo Gallego”, “Crisol” e “El Socialista”, que daquela era diario. Neste lugar vivín a proclamación da República, quitei na escola a foto do rei e o crucifixo, o que non lle gustou nada aos curas. A República foi un troco importante. Comezouse a dar escola nocturna de inverno na escola de Bordel, apareceron en tódalas escolas o método de proxectos, as Bibliotecas Ambulantes, e os inspectores respostaban e atendían calquera denuncia dos veciños.

Pero eu por aquel tempo tiña unha moza en Pontevedra, e pedín traslado, pasando a dar escola no ano mil novecentos trinta e catro en Andrés (na Ría de Arousa) onde o secretario do concello, tentaba que a parroquia de Andrés pasara a formar parte do concello de Vilagarcía,

feito este que produce bastantes complicacións e revoltas. Ao ano seguinte en mil novecentos trinta e cinco comezo a dar clase en Vilanova de Arousa, ata mil novecentos trinta e seis.

Naqueles tempos facía unha colaboración no semanal “La Hora” do Partido Socialista de Pontevedra.

Prodúcese o alzamento militar e eu agardo o meu reemplazo na granxa da miña muller en Sanxenxo, para logo ata mil novecentos trinta e nove agacharme en Sisán na casa de miña nai, nese ano mobilizaron o meu reemplazo. Meu irmá Enrique falou co cura de Cea, e este díxolle que se non tiña as mans manchadas de sangue podía presentarme, e fíxeno. Tiña que ir tódolos días a Cambados a presentarme diante do Comandante da Mariña, ata que un día infórmase de que o alcalde e o cura de Vilanova de Arousa me denunciaran dicindo que na miña escola se cantaba a internacional, exercía prácticas antirelixiosas, e moitas máis cousas que agora non lembro. Unha barbaridade que coído que era polo acontecido na parroquia de Andrés.

Comunicárame que por mor destas denuncias vanme someter a un consello de guerra, e eu lémbrome nese intre que os nenos e nenas aos que eu daba escola mandáballes escribir na libreta o que faciamos na clase pola mañá e pola tarde. Díxenlle ao Comandante, que se aparecían algunha desas libretas, xa se sabería que eu tiña as mans limpas, que non se facía nada que puidera prexudicarme. Dinlle algúns nomes dos nenos, pero el falou cos pais, e o día do consello de guerra que foi en Vigo, apareceron os

país, e ao comezo dixeron que na miña escola, tan só se daba clase, pero comezaron a presionalos, decíndolles que mentían e ofrecéndolles, de ser así, darlle catro tiros, que remataron asentindo a que se cantaba a internacional, e que facía propaganda antirelixiosa.

Condenáronme a cadea perpetua. Eu cría que este tipo de condenas era por suxerencia da igrexa, non querían que foran pequenas. A igrexa foi cruel coa escola.

Metéronme no calabozo en Vigo, onde no chan había auga, mesturada con palla, e un camastro tamén de palla. Só nos deixaban ir unha vez no día ao water, polo que se mexaba alí, por iso estaba mollado. Tratábannos coma verdadeiros salvaxes. Dende aí trasladáronme ao cárcere de Pontevedra, cheguei á cadea sobre das once da noite. O cárcere vello de Pontevedra, era con salóns, onde había colchonetas de cincuenta centímetros de ancho, que tendíamos á noite e recollíamos pola mañá, os cobertores traíanolos da casa, alí non daban nada.

Eu exercín sempre coma mestre, xa que os cárceres tiñan que ter todas mestre. Naquel intre non había tantos mestres para mandar, nin interesaba que aprenderan alí, nin que a xente se documentara. Pero, se non sabías ler nin escribir non te obrigaban á liberdade de lei condicional, tiñas que saber ler e escribir, mais non tiñan con que mantelos. No cárcere de Pontevedra nos anos corenta e tres e corenta e catro, morrían coma chinches, tódolos días morrían un ou dous presos, eso foi o que fixo que exerceramos a mestría.

Había semanas que tan só nos daban unha remolacha nin tan sequera cocida. A min servíanme a comida de fóra. Había un preso que se encargaba, estaba na porta para recoller esas cousas, comida e roupa que nos traía a familia. Mentres estiven no cárcere pagaronme a comida uns e outros, se non fora así, xa estaría morto hai moitos anos.

O cárcere de Vigo era celular, tiña unha celda para cada recluso, cun canastro, o water cunha tapa de madeira, e unha mesa. A tapa do water servía de asento.

En Pontevedra a escola dabámola no patio, xa que daquela había moita xente e non quedaba ningunha aula, nin outros espazos libres.

A min non me pagaban nada por dar clase. Había moita xente analfabeta que lle custaba aprender e o cura prome-tíalles a liberdade se ademais de saber ler e escribir sabían a salve. Comezaron a dar liberdade a algúns reclusos, porque non os podían manter. A min por dar clase reducíronme de cadea perpetua a doce anos de cárcere.

Puxéronme en liberdade en decembro do mil novecientos corenta e catro. A miña muller suspendérona tres anos para exercer a ensinanza pública, pero como non tiña nada de política, de Vilanova mandaron para Cerdedo. Alí vou eu a Cerdedo, a encontrarme coa miña muller, pero atópome que non teño nada co que gañarme a vida.

Trinta e oito anos despois, chégame unha comunicación de que volvo ser oficialmente mestre. Repóñenme a praza en Sanxenxo, no ano mil novecientos setenta e catro.

En Sanxenxo era unha escola onde estaban separados os nenos das nenas e mestres homes e mulleres. Alí relacioneime con outros dous mestres de esquerdas, e logo pedín traslado para O Grove. Morreu Franco e o director do Colexio do Grove, opta por facer rezar cinco padrenuestros.

Xubilome no ano mil novecentos setenta e sete sendo mestre do C.P.I “Julia Becerra Malvar” de Barrantes (Ribadumia).

E esta foita en resume unha parte da miña vida.

Moitas grazas.

OS NOVOS MÁRTIRES DE CARRAL: OS DE 1.936

LUIS LAMELA

(26 de outubro do 2007)

Boas tardes.

Nesta intervención sobre a represión franquista dos republicanos galegos, imos falar de vidas rotas, de vontades de resistencia afogadas en moitos casos no desalento, e onde se mesturaron actitudes numantinas con tentacións de desistir e de entregarse. De abandonarse en espera dunha reconciliación que nunca chegaría, nun tempo que sopraba rápido cara a un destino que xa era imposible escapar...

Como xa coñecen, en xullo de 1.936 se produzo en España un golpe de Estado por parte dos militares sublevados. Na Coruña, capital da provincia, como noutras moitas cidades españolas, triunfou ás poucas horas de producirse. O enfrontamento armado nas calles daquela cidade, entre defensores da lexitimidade democrática -os obreiros e militantes dos partidos políticos de esquerda, obreiristas e republicanos, e dos sindicatos-, e os militares rebeldes e a Garda Civil, terminou con un saldo de máis dunha trintena de mortos e cerca dun cento de feridos, practicamente todos -os mortos e os feridos- da parte dos

defensores republicanos. Precisamente un deles, un daqueles mortos que se enfrontaron aos militares sublevados para intentar salvar a democracia republicana, foi un veciño desta poboación de Carral: Miguel Rey Medes, que tiña 20 anos de idade, e que faleceu entre os días 20 e 22 de xullo de 1.936 nas calles da Coruña. A causa da morte, segundo o Rexistro Civil coruñés, foi por unha hemorraxia interna, expresión que ocultaba a verdadeira causa, a de feridas por disparos de arma de fogo. Miguel, xunto con outros varios compañeiros, acudiran a chamada do Gobernador civil para que defenderan o réxime republicano asaltado polos militares sublevados e pola Garda Civil.

Unha vez controlada a situación na cidade e en toda Galicia polos militares rebeldes e os seus colaboradores -os falanxistas e xapistas, grupos de extrema-dereita-, e visto o fracaso do golpe de Estado en Madrid e noutra media España, na Coruña, despois de controlar militar y gobernativamente toda a provincia, os militares seguiron o plan previamente establecido durante a conxura: represaliar fisicamente as autoridades republicanas e aos demais dirixentes políticos e sindicais para atemorizar e paralizar calquera actividade, reacción ou enfrontamento na defensa da legalidade democrática.

E como xa todos coñecemos, en Galicia non existiron fronte de batalla durante a guerra civil, pero Francisco Franco, o xeneral armado contra a II República, contou como vítimas a numerosos republicanos e obreiros galegos que foron asasinados, encarcerados, depurados, desterrados, sancionados economicamente e continuamente per-

seguidos, non por defender coas armas a causa da democracia republicana -que tamén, nalgúns casos se deron, como foi o caso de Miguel Rey Medes-, senón por respectar a legalidade vixente, a das eleccións democráticas de febreiro de 1.936, soportando durante moitos anos a negra lousa da calumnia de roxos e comunistas...

E, esa represión supuxo, ademais dos prontos encarceramentos masivos, eliminar literalmente -por medio dos fusilamentos o dos paseos-, a numerosos individuos identificados polos novos donos da situación patria como roxos, comunistas ou masóns. E, para eliminalos, foi necesario escoller lugares idóneos para esta práctica, en moitos casos -non sempre- lonxe da curiosidade pública e estratexicamente situados, para producir as mortes de forma controlada e cun fácil traslado dos cadáveres ás instalacións dos cemiterios correspondentes, e, nalgúns casos, cando interesaba a súa política de medo e de terror, coa publicidade conseguinte.

Mentres tanto, as autoridades civís delegadas dos sublevados, representadas maioritariamente por gardas civís, colaboraron intensamente dirixindo -e practicando- a eliminación física dos numerosos individuos republicanos detidos nos locais habilitados para o caso, executaron as sacas e os famosos paseos, disfrazados ao efecto pola aplicación da famosa Lei de Fugas, e repartindo os cadáveres por diferentes lugares do entorno xeográfico coruñés, no próximo e no máis afastado -a ponte da Castellana na carreteira Coruña-Madrid, no municipio de Aranga, determinadas zonas dos axuntamentos de Arteixo, Cullere-

do, Carballo, Carral, Coirós, Cambre, Sada, Betanzos, Oleiros e a praia de Santa Cruz, e outros diversos lugares da carreteira que conduce a Lugo, como foron as terras de Guitiriz e Rábade, entre outras-, os militares franquistas buscaron lugares próximos onde encerraron aos presos condenados a morte nos consellos de guerra celebrados na cidade -a Prisión Provincial coruñesa-, para fusilalos. E ese lugar foi na Coruña, principalmente, Punta Herminia e tamén, en ocasións, o Campo da Rata -utilizado preferentemente para os paseos, e para un fusilamento a plena luz do día con asistencia de público curioso-, e onde naquel entón existían as instalacións das Baterías militares costeiras. Alí, naquel reducido entorno, presidido pola Torre de Hércules, faleceron asasinados máis de 200 individuos, enterrados posteriormente no cemiterio coruñés de San Amaro. Entre todos aqueles mortos enterrados no citado cemiterio de San Amaro, ademais de Miguel Rey Medes, temos que contar tamén a dous oriúndos desta localidade de Carral -pai e fillo-, aínda que veciños da Coruña, compoñentes dun grupo de resistentes anarcosindicalista detidos durante o ano 1.937. Eles foron:

-José Brandariz Ramos, de 49 anos de idade, obreiro, natural de Carral e veciño da Coruña, anarcosindicalista, imputado na Causa 992/1937, acusado de Rebelión militar, fusilado o día 9 de marzo de 1.938, e, -Felisardo Brandariz Souto, de 22 anos de idade, soldado, militante das JJ.LL -Xuventudes Libertarias-. , natural tamén de Carral e veciño da Coruña, imputado na Causa 1007/1937 e fusilado o mesmo día que o seu pai, o 9 de marzo de 1.938.

Namentres, os falecidos da metrópole coruñesa, como xa todos coñecemos, foron moitos máis -bastantes máis que 600-, pero os seus cadáveres foron espallados polas tapias de cemiterios, campos, camiños e cunetas de localidades da provincia da Coruña e de Lugo e enterrados en cemiterios doutros municipios, lugares como os que xa citamos anteriormente.

Alí, pois, naquel lugar próximo a Torre de Hércules -a Prisión Provincial, Punta Herminia e o Campo da Rata-, se viviron enormes traxedias persoais, numerosos dramas familiares, e unha gran catástrofe colectiva sufrida por unha xeración espléndida e xenerosa, convertida, por mor dos pelotóns de fusilamento creados polos militares sublevados -ou polas patrullas nocturnas formadas por gardas civís, falanxistas ou membros da milicia armada denominada Caballeros de La Coruña, que practicaron os paseos-, en mártir da democracia republicana. Pero, como xa adiantamos, existiron así mesmo outros lugares nos que tamén se practicaron os asasinatos. E tamén nas terras do axuntamento de Carral se viviu a enorme traxedia dos paseos. E a parroquia de Veira, aquí nestas terras, foi o lugar escollido polos represores franquistas para cometer a maioría das súas tropelías e asasinatos neste municipio: 18 individuos asasinados dun total de 21 (nove no mes de agosto de 1.936, e oito no de setembro, cinco deles nun solo día, o 16 de agosto de 1.936, precisamente, o día de San Roque. Dos 21, tres eran veciños de Carral).

E todos eles foron, sen dúbida ningunha, noventa anos despois de 1.846, os novos mártires, os mártires republicanos de Carral.

Inscritos no Rexistro Civil de Carral

(Período investigado: Do 20.07.36 ó 1.04.39)

Apelidos e nome Data falecemento Idade Causa do falecemento e outras observacións

-Taboada Insua, Antonio 19.07.36 47 Hemorragia traumática. Inscrito en virtude de carta-orden da Superioridade. Veciño de Quembre-Carral, labrador casado con Dolores Méxigos Roel, con 4 fillos.

-Salgado Núñez, Manuel 14.08.36 28 Dúas feridas de pistola. Faleceu na parroquia de Veira ás 2 horas da madrugada. Foi enterrado no cemiterio de Veira. Veciño da Coruña, albanel, casado con María Santos Varela.

-Descoñecido 14.08.36 s/28 Tres feridas de pistola. Faleceu na parroquia de Veira ás 2 horas da madrugada. Foi enterrado no cemiterio de Veira.

-Costa García, Luciano 16.08.36 29 Disparo de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño de Cambre, casado con Celsa Míguez Macey.

-Pérez Matos, Francisco 16.08.36 43 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño de Cela de Cambre e casado con Mercedes Pérez Ferreño.

-Méndez Fernández, Francisco 16.08.36 23 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma

parroquia. Natural de Madrid e veciño da Coruña, empregado, solteiro.

-Díez Mauricio, Antonio 16.08.36 20 Disparos de pistola. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Natural de Segovia, veciño da Coruña, empregado, solteiro.

-Rubio Sauce, Juan 16.08.36 24 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Natural de Madrid, veciño da Coruña, empregado, solteiro.

-Descoñecido 18.08.36 ¿? Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre as 2 horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia.

-Ramos Martínez, José Antonio 22.08.36 42 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño de Eiris-A Coruña, xornaleiro.

-Descoñecido 2/09/36 ¿? Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre a unha da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia.

-Díaz Loureda, Juan 3.09.36 28 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre as 2 horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño de Rutis-Culleredo, solteiro, xornaleiro.

-Seoane Díaz, Acracio 4/09/36 30 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre as dúas horas da

madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño da Coruña, casado con Luísa Calderón Cabañas.

-Descoñecido 5/09/36 s/32 Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre as dúas horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia.

-Lage Baldomir, Enrique 10/09/36 24 Hemorraxia interna. Faleceu na parroquia de Veira sobre as dúas horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño da Coruña, barbeiro.

-Pérez Rodríguez, Antonio 10/09/36 34 Hemorraxia interna. Faleceu na parroquia de Veira sobre as dúas horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño de Monelos-A Coruña, solteiro, barbeiro.

-Teijo Fernández, Julio 15/09/36 26 Hemorraxia interna. Faleceu na parroquia de Veira entre as 4 e as 5 horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño da Coruña, panadeiro.

-Hermida Montoya, Julián 29/09/36 29 Hemorraxia interna. Faleceu na parroquia de Veira sobre as dúas horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia. Veciño da Coruña, mestre nacional casado con Luz Lastres López.

-Descoñecido 3/11/36 ¿? Hemorraxia interna. Faleceu na parroquia de Veira ás primeiras horas da madrugada e enterrado no cemiterio da mesma parroquia.

-López Mallo, Joaquín 14/11/36 66 Parálises cardíaca. Faleceu no seu domicilio ás 21 horas, inscrito segundo

carta-orden da Superioridade. Veciño de Tabeayo, casado con Andrea Montero López.

- Sánchez Gestal, María 25/12/36 24 Schok traumático. Faleceu no seu domicilio segundo carta-orden da Superioridade. Veciña de Quembre-Carral, casada con José Mouriño Gómez, con un fillo.

Total: 21

Un dos inscritos como descoñecido, quizás corresponda a José Manuel Moledo Rodríguez, dirixente coruñés do Socorro Rojo Internacional, oficial de Farmacia, casado cunha mestra corcubionesa.

AS PENAS IMPOSTAS

Definitivamente, a represión franquista realizouse sobre os membros das forzas políticas republicanas progresistas e dos partidos obreiristas -Izquierda e Unión Republicana, o PSOE e o Partido Comunista de España, e, a maior distancia, o Partido Galleguista, principalmente-, así como contra os dirixentes e militantes sindicais das dúas máis importantes organizacións sociais daquel entón, a CNT anarcosindicalista e a UGT socialista, todas elas integrantes da coalición electoral de febreiro de 1.936, a chamada Frente Popular, así como contra os membros da Masonería e outros grupos sociais de carácter progresista. E, todos e cada un dos militantes e afiliados dos devanditos partidos, sindicatos e grupos sociais, principalmente a súa clase dirixente, sufriron dalgunha forma a represión

física, laboral e económica, ou a psicolóxica, durante os longos anos que perdurou o franquismo, en maior ou menor medida e grao, pero todos, practicamente a sufriron sen excepción algunha.

E as penas impostas máis importantes durante a represión franquista foron, sen dúbida algunha, as penas de morte ditadas polos consellos de guerra sumarísimos e ordinarios, e os paseos -esta última pena, a máis numerosa en Galicia, imposta extra legalmente por un tribunal invisible constituído principalmente nas Delegacións de Orde Pública creadas ao efecto, compostos especialmente por mandos da Garda Civil e por dirixentes falanxistas, entre outros-.

Un dos métodos utilizados polos paseadores, foi o asasinar os elixidos fora do seu termino de veciñanza. E os veciños ou oriúndos de Carral paseados fora das terras do municipio, foron, como mínimo, tres -non investiguei os Rexistros Civís de Ordes ou Cerceda, por exemplo-, que hai que sumar os citados anteriormente.

Eles foron:

- Luis (a) O Carral. Polo seu alcume, quizais dedúzase como oriúndo de Carral. Foi paseado polos falanxistas e non coñecemos onde o asasinaron. Era veciño e panadeiro da Silva-A Coruña, sindicalista, membro do Ateneo libertario El Resplandor en el Abismo. Quizais conste inscrito como descoñecido nalgún dos Rexistros Civís que investigamos.

- José Mosquera Rivas, de 34 anos de idade, veciño de Sumio-Carral, labrador, casado cunha tal Justa e cun solo

fillo. Foi paseado o día 18 de setembro de 1.936 aparecendo morto no lugar da Gándara-San Pedro de Nós. A causa do falecemento consta como Hemorragia interna.

- Jacobo Caramelo Alonso, de 54 anos de idade, veciño de Carral, labrador, casado con Dolores Vázquez Crespo, con tres fillos. Foi paseado o día 1 de novembro de 1.936 en terras de Betanzos. Causa do falecemento no Rexistro Civil: Hemorragia interna.

A maior distancia, en grao, pero non en número, séguelle a pena privativa de liberdade, coa maioría de condenas de 12 a 30 anos de reclusión maior ou menor, cunhas condicións de vida infrahumanas nos cárceres, con amoreamento, fame, arbitrariedades e brutalidades no trato aos reclusos, provocando un índice de falecementos moi importante entre os presos. Algúns dos naturais de Carral que sufriron esta clase de represión, puideran estar representados por:

- Juan Aguiar Brandariz, de 23 anos de idade, soldado, natural de Carral e veciño da Coruña. Foi imputado na Causa 1007/1937 e condenado a pena de prisión.

- José Botana Ans, de 70 anos de idade, industrial, natural de Carral e veciño da Coruña. Foi imputado na Causa 448/1939 e condenado a pena de prisión.

- José Rodríguez López, de 29 anos de idade, xardineiro, natural de Carral e veciño de Vilaboa (Culleredo), pertencente ao PCE e ao Sindicato Unitario Tranviario. Foi detido e imputado na Causa 776/1936 acusado de Rebelión e condenado a pena de prisión.

Outros individuos oriúndos de Carral tiveron máis sorte cos anteriores, xa que foron acusados dos mesmos artificiais delitos e aínda que foron nun primeiro momento encarcerados, as súas causas foron finalmente sobresidas e puideron quedar despois en liberdade sen cargos, sen librarse por iso de ser acusados e acosados durante todos aqueles anos pola sociedade na que vivían, de roxos ou de comunistas. Eles foron, entre outros,

-Francisco Cañas Lozano, de 25 anos de idade, xornaleiro, natural de Carral e veciño de Vioño. Foi imputado na Causa 827/1936 e encarcerado acusado de Rebelión militar. Finalmente foi sobresida.

-Pedro Fachal Freire, de 39 anos de idade, labrador, natural de Carral e veciño de Cambre. Foi detido e imputado na Causa 78/1938 acusado de Auxilio a Rebelión. Finalmente foi sobresida.

-Antonio López Ríos, de 40 anos de idade, labrador, natural de Carral e veciño de Cambre. Foi detido e imputado na Causa 78/1938 acusado de Auxilio a Rebelión. Finalmente foi sobresida.

-Jacobo Novoa Valcárcel, de 29 anos de idade, axente de negocios, natural de Carral e veciño da Coruña, afiliado ao PSOE. Foi encarcerado e imputado na Causa 82/1937 acusado de Rebelión. Finalmente foi sobresida.

Cos encarceramentos conviviron tamén os internamentos nos campos de traballo, a depuración dos postos laborais, as penas de confinamento ou desterro en lugares afastados da residencia habitual, as sancións económicas

impostas en función do patrimonio de cada un e o que supuña a ruína familiar; a persecución permanente das forzas da orde pública franquista ao ser sinalados socialmente como roxos, comunistas ou masóns, a carencia de certificados de ser afectos ao Glorioso Movemento Nacional que os discriminaba, etc., etc.

Un exemplo deste tipo de represión foi a sufrida por outro oriúndo de Carral, entre moitos, José Gómez Naveira, que naceu neste pobo en 1.906, e pertencía en 1.936 ao corpo Fiscal. Gómez Naveira foi suspendido de emprego e soldo -depurado- e pasou toda a guerra encerrado na súa casa, na calle de San Andrés coruñesa, e ademais foi sancionado en varias ocasións -acusado de pronunciar frases desafectas ao novo Estado, por ser roxo, etc.-, expropiándolle tamén algúns bens inmobles. En 1.959 puido volver a exercer a súa carreira fiscal na Audiencia Provincial de Pontevedra. Pasaran 23 anos.

Outro exemplo máis, que quizais coñezan ben, podería ser o de Germán Doval García, de 38 anos de idade, natural e veciño de Carral, e alcalde de Ordes en xullo de 1.936, ademais de mestre nacional. Germán estivo fuxido e foi imputado na Causa 230/1936 acusado de Traición. Condenado nun principio a morte, finalmente foi indultado.

As denuncias durante aquel tempo foron tamén un método moi utilizado polos dereitistas para arruinar aos contrincantes ou inimigos sociais ou políticos e para uparse eles nos postos vacantes dos depurados, cesados ou encarcerados ou para beneficiarse social, laboral ou econo-

micamente da nova situación. Pola contra, os falanxistas, como non podía ser doutra forma, foron os que máis o practicaron. Un exemplo en Carral podémolo atopar nos seguintes documentos (datados en xuño de 1.937):

El camarada Alfredo Hermidas Gómez, de Carral no pudiendo por más tiempo silenciar los abusos que han cometido y siguen cometiendo el Alcalde y músico de la banda de Falange, Laureano Núñez Rivas y el Secretario del Ayuntamiento y también al parecer Falangista de nuevo cuño, José Llamas Esmorís, denuncia ante los Jefes de Falange Española y Tradicionalista de las J.O.N.S. los siguientes hechos: El Alcalde Laureano Núñez ha sido hará dos años aproximadamente, Secretario de una sociedad agraria en la parroquia de Cañás de este Municipio, cuya sociedad estaba afecta a la C.N.T. y era filial de la fatídica de San Pedro de Nos. En unión con el Secretario, confeccionó el último Repartimiento de Utilidades, en cuya confección intervinieron los elementos más destacados del Frente Popular de este pueblo, cometiendo en él mayor número de tropelías, aumentando considerablemente las cuotas de los contribuyentes derechistas, y rebajándoselas a los elementos del Frente Popular. En la sesión celebrada para la aprobación de dicho Repartimiento, los Concejales Alfredo Hermidas, Juan Antonio González Amil y Francisco Espiñeira Boquete, protestaron de las anomalías cometidas en el repetido Repartimiento, y al pretender que este se pusiera de manifiesto para señalar las falsedades cometidas, el Alcalde por consejos del Secretario, suspendió la sesión caprichosamente, y a los pocos días destituyó a medio de oficio y por si y ante si a los referidos Concejales, por el enorme delito, según rezan los referidos oficios, de ser los citados

Concejales INCORRECTOS. En sus informes que como Alcalde hace a las autoridades superiores, los hace tan caprichosamente y faltando tan abiertamente a la verdad que estuvo a punto de causar perjuicio gravísimos a alguna persona afecta a nuestra organización y del más abolengo derechismo. Sin faltar a la justicia podría aplicársele a este individuo la Ley de Vagos, por que su posición económica no le permite vivir en el rango social a que aspira de señorito enguantado y en realidad es comerciante en abaratija. El Secretario José Llamas Esmorís vino prestando afectuosa colaboración a las tendencias extremistas durante la etapa republicana del 1.931 al 36, sin que se haya observado poner el más leve reparo a sin número de atropellos: Seis pleitos entablados por el Ayuntamiento y perdidos; Escuelas clausuradas caprichosamente; Cantidades cobradas de empleados ausentes de sus cargos; obras ejecutadas sin previo concurso, etc., etc. Implantado el Estado Nacionalista sigue sin variar y dando muestras palpables de poner en descrédito el nuevo Estado. Abandona sus funciones con gran frecuencia y los pocos días de la semana que viene al Ayuntamiento (puesto que él tiene la residencia en La Coruña) permenece en la oficina breves horas; pues es frecuente la llegada de personas a la Secretaria para arreglar asuntos y no encontrarle a él ni al Alcalde y sin que los oficiales den razón de cuando se hallarán presentes. Su inmoralidad es notoria; Levanta las actas sin hallarse presentes las Juntas que deben tomar los acuerdos de las mismas; modifica las cuotas del Repartimiento por si ante si, habiendo ofrecido a varios el rebaje de las mismas y luego amenaza con multas y coacciones a la Junta de evaluación y les obliga a firmar en blanco; tal hizo con el Reparto del

1.936, hecho por los elementos del Frente Popular y modificado a su gusto, expulsados estos ya del Ayuntamiento y de acuerdo con el actual Alcalde que domina a su voluntad, según rumores mediante piltrafas que le va soltando. No hemos visto que encabezase un donativo para el Ejército de su peculio propio y en cambio tiene la poca delicadeza de no estender recibos de los donativos que recibía. Incluyó en el subsidio Pro-Combatientes y con cuotas exageradas a amigos del Frente Popular. Y en fin sigue prestando colaboración y apoyo a individuos que mangonearon durante la etapa republicana, tal lo prueba el haber nombrado hace poco Oficial temporero del Ayuntamiento a un marxista empedernido de La Coruña. Pone todo género de trabas a todo lo que redunde y tienda a favorecer el Estado Nacionalista, sirviendo como de freno a la implantación de una España Una, Grande y Libre. Véase lo que hizo con D. Leonardo Gómez de la Iglesia, Maestro Nacional, por cuyo motivo obra en este Juzgado un sumario donde se puede apreciar el proceder canallesco del Secretario Llamas y del Alcalde. Firma: A. Hermidas Gómez. Carral junio de 1.937.

A información obtida por FET y de las JONS de Carral a raíz do escrito anterior, foron as seguintes declaraciones:

1. D. Leonardo Gómez de la Iglesia, Maestro Nacional de la Escuela Nº 2 de niños y Administrador Subalterno de la Compañía Arrendataria de Tabacos de Carral, manifiesta: Que visto el escrito presentado por D. Alfredo Hermida Gómez relatando varios hechos llevados a cabo por el Secretario D. José Llamas Esmorís y por el Alcalde D. Laureano

Núñez Rivas, y en cuyo escrito se manifiestan anomalías y atropellos que estos dos señores realizan, informa el Sr. Gómez que tales hechos son tan solo una leve sombra de las actividades, sucias, bajas y rastreras llevadas a cabo por estos dos señores. A raíz del Glorioso Movimiento y destituídos los que componían la Corporación del Frente Popular, he sido llamado por el Secretario Sr. Llamas, quien en presencia del Comandante del Puesto de la Guardia Civil, Cabo D. Carlos Couceiro Vázquez, me hizo la oferta del cargo de Depositario de Fondos Municipales; oferta por mi rechazada, advirtiéndome y exhortando a dicho señor, que no ansiaba cargos ni prebendas y que solamente era mi deseo se corrigiesen y enmendasen los abusos, para que al fin brillase la justicia y pureza en el cumplimiento de deberes, tan en descrédito en el anterior estado de cosas, y tan indispensable a las intenciones y fines que se perseguían con el Glorioso Movimiento y tan necesario a la implantación de la nueva España, y a pesar de mis nobles consejos en las sucesivas ocasiones, estos dos Sres. Secretario y Alcalde siguen (seguramente en castigo de Dios) ciegos y sordos, más no mudos, quizás movidos por soberbia Satánica concedida a los que Dios abandona. Sin referir aquí los hechos que me han obligado a tener un altercado con el referido Secretario, tan solo manifiesto que con este motivo ha presentado este Alcalde de acuerdo con el Secretario y ante el Sr. Juez del distrito de la Audiencia, una denuncia contra mí en la que hace constar que soy pernicioso y otros calificativos injuriosos y falsos. Mi sensibilidad y dignidad de Español me obliga a que por las Autoridades amantes de Dios y de la Patria se esclarezca si efectivamente yo soy pernicioso, no siga enseñando ni educando a nuevas generaciones a las que re-

gento en mi cargo de Maestro y se me elimine de la sociedad, pues con gusto daré vida en holocausto de la Patria en la cual considero no deben convivir seres de tanta villanía. Ruego pues se analice mi vida a fin de que puedan desenmascarse las personas emboscadas en la nueva España.

2. D. Andrés Barbeito Fernández, Comerciante y Cartero de esta Estafeta de Carral manifiesta: Que son ciertos la mayor parte de los hechos que se relacionan en el escrito que se le pone de manifiesto y que está firmado por D. Alfredo Hermidas Gómez. Que las concomitancias con los elementos del Frente Popular fueron y son tan notorios que aún en las actuales circunstancias, se reúne con ellos con frecuencia en la Coruña y sobre todo con el Ex-Secretario Suplente de este Juzgado hoy destituido Jesús Doval, con el Ex-Alcalde Eduardo Valdés y Ex-Secretario del Juzgado Municipal D. Manuel Doval, todos ellos destituidos hace poco, por sus actividades izquierdistas. Firma: Andrés Barbeito.

3. D. Generoso Ulloa Rodríguez, Jefe de la Milicia Nacional de Carral, manifiesta los siguiente: Que le consta la certeza de la mayor parte de los hechos que se citan en el escrito que se le pone de manifiesto y que lee, suscrito por D. Alfredo Hermidas Gómez. Que por vivir en la casa inmediata a la Casa Ayuntamiento, le consta que la mayor parte de los días no viene de La Coruña y otras solo para en la oficina breves horas, siendo frecuente la llegada de varios vecinos para arreglar asuntos en el Ayuntamiento y tener que volver varias veces por estar ausente el referido Secretario. Firma: Generoso Ulloa.

4. Manuel Barbeito Ramos, Jefe Local de F.E.T. y de las J.O.N.S., manifiesta: Que son ciertos y evidentes la mayor parte de los hechos relacionados en el escrito que firma D. Alfredo Hermidas Gómez. Que el concepto que le merece el Secretario del Ayuntamiento es que hace de Agente de Enlace con los elementos del Frente Popular de este pueblo, con los que lleva una amistad íntima, por cuyo motivo lo tiene puesto estos hechos en conocimiento del Jefe Provincial de Falange Española en diversas ocasiones. Firma: Manuel Barbeito Ramos.

5. D. Daniel Suárez Guerra, Cura Párroco de San Esteban de Peleo en Carral, manifiesta lo siguiente: Que es cierto que desde el advenimiento de la República, fecha en que aproximadamente (...) ...tural estado de cosas en aquella fecha de Agosto o Septiembre. Como le consta también que son ciertos la mayor parte de los hechos relacionados en el escrito que se le pone de manifiesto, que es general el rumor público que de acuerdo con el actual Alcalde desatiende sus deberes con notorio perjuicio del distrito. Firmado: Francisco Arenas.

6. Andrés Pérez Brandariz, labrador y vecino de este pueblo de Carral, manifiesta: Que como vocal de la junta de evaluación del Repartimiento de Utilidades para el año 1.936, fue llamado por el Secretario del Ayuntamiento, que le obligó a firmar en blanco dicho Repartimiento por medio de coacciones que como labrador poco versado en estos asuntos, lo firmó, pero que él no intervino para nada en la confección de dicho Repartimiento. Firmado: Andrés Pérez.

7. Ángel Barreiro Cabeiro, Juez Municipal suplente en funciones, de Carral, manifiesta: Que le constan varios de los

hechos que se relacionan en el escrito que se le pone de manifiesto, suscrito por D. Alfredo Hermida. Que con motivo del Repartimiento General de Utilidades para el año 1.936, se presentó en el Ayuntamiento para ver su cuota y hacer la reclamación oportuna por considerarla exagerada, habiéndole manifestado el Sr. Llamas no hiciese reclamación que él se encargaría de rebajarle la cuota, cuya cuota no le fue rebajada. Y que nada más tiene que manifestar. Firmado: Ángel Barreiro.

8. Ángel Gómez de la Iglesia, Inspector Municipal de Sanidad, de Carral, manifiesta lo siguiente: Que le consta ser cierto que desde el advenimiento de la República, fecha en que aproximadamente fue nombrado secretario de este Ayuntamiento D. José Llamas Esmoris, observó sus afinidades con los elementos de izquierda que constituían en esos años el Ayuntamiento, y aún en la actualidad se le observa gran afecto a las mismas personas: Es cierto también que este señor Secretario pasa la mayor parte del tiempo en La Coruña, desatendiendo las obligaciones de su cargo como tal Secretario. Que aún cuando soy lego en asuntos de Administración Municipal, formulé el criterio de que el Secretario lleva muy mal la administración y contabilidad de este Ayuntamiento, en virtud de los cuales se suceden trastornos e irregularidades en los pagos de los empleados, motivados sin duda a incompetencia o mala fe. Firmado: José Gómez.

E aínda que o informe da Garda Civil da Comandancia da Coruña, firmado polo tenente coronel Benito de Haro Lumbreras, conclúe que Como puede verse por los cargos que el Hermida hace contra el Alcalde y Secretario,

se le nota claramente un despecho y enemistad hacia ellos por el hecho de haber sido destituido y siguiendo las viejas costumbres que estaban tan arraigadas en los pueblos de Galicia no vacila en denunciarlos para originarles las consiguientes molestias, pues todos los cargos que se les hace no tienen, a juicio del instructor, importancia y en caso de resultar ciertos, y por tratarse de asuntos administrativos y de interioridad del Ayuntamiento, entiende que debía designarse por la Autoridad Governativa un Delegado entendido en esa clase de funciones para depurarlos. Con respecto a haber sido Secretario de una Sociedad Agraria el Alcalde, dicho señor no lo desmiente, pero fue a principios del año 31 y viendo los derroteros que tomaba aquella Sociedad, como todas las de los contornos, optó por darse de baja, dejando desde luego el cargo. Interrogado el Cabo de esta Comandancia Don Carlos Couceiro Vázquez, que cuando se inició nuestro Glorioso Movimiento Patrio se hallaba al frente de aquel puesto, dice, que considerando a Don Laureano Núñez como elemento de derechas y de orden, porque en las elecciones del 36 actuó en el frente anti-marxista y desde aquella fecha lo vio reunido siempre con elementos de derechas, no vaciló en proponerlo para el cargo que tiene en la actualidad. No obstante y vistas las declaraciones que figuran en los escritos que me honro en devolverle a V.S. y los informes emitidos recientemente por el Oficial que suscribe, con respecto al Ayuntamiento de Carral, en cumplimiento de órdenes del Excmo. Sr. Gobernador Civil de la provincia entiende debe ser relevado de su cargo el actual Alcalde por el que en el referido informe se proponía

al igual que el Secretario Don José Llamas Esmorís, ao final aparece no referido informe, que está datado o día 11 de setembro de 1.937, unha nota marxinal manuscrita polo propio Gobernador civil coruñés co seguinte texto: Conforme, puede destituir al Alcalde y relevado el Secretario por ser de Casares -Quiroga-. Así de sencillo...

A REPRESIÓN NOS TEXTOS LEGAIS DO FRANQUISMO

Resumindo, temos que dicir que a represión sobre as clases obreiras foi intensa e extensa, sistemática, mentres que a producida sobre os dirixentes e militantes republicanos foi máis selectiva e de maior calidade, xa que se cebou principalmente nas autoridades civís ou dirixentes máximos provinciais ou locais, como foron os gobernadores civís das catro provincias galegas, todos eles fusilados nos primeiros días da sublevación militar, sobre os deputados nacionais de Esquerda Republicana, Unión Republicana e PSOE, sobre os presidentes das Diputacións provinciais, sobre os alcaldes e concelleiros e outros destacados membros da sociedade daquel entón, tanto profesional como socialmente -médicos, avogados, empresarios, rendeiros, funcionarios, profesores, comisionistas, etc.- afiliados aos partidos frontepopulistas ou á francmasonería.

Para os numerosos paseos executados polos represores, os paralegais tribunais invisibles non dispuxeron nin utilizaron texto legal algún nos que basear a súa actuación e

decisións. Soamente prevaleceu a necesidade de aliviar os locais carcerarios e minorar o traballo duns militares moi necesarios na fronte de guerra, a máis diso sementar de cadáveres toda a xeografía galega co obxectivo de atemorizar a todos aqueles que puidesen soste algún tipo de esperanza futura. Nada -ou moi pouco- se fixo anárquicamente, todo foi planificado polos represores para eliminar físicamente aos que consideraban os seus inimigos políticos ou sociais, aínda que tampouco faltaron quen se aproveitaron para pescar en río revolto, asasinando por vellas rifas ou axustes de contas por pasados agravios.

Para os fusilamentos, os principais textos legais utilizados para a represión franquista foron os Bandos de Guerra e o Código de Xustiza Militar, imputando aos civís republicanos os delitos cometidos polos propios militares sublevados que formaron os tribunais franquistas, delitos como foron os de sublevación militar, traizón á Patria, auxilio ou adhesión á rebelión, entre outros. Os dirixentes civís republicanos, os gobernadores ou os alcaldes, por exemplo, foron castigados coa pena capital pola súa defensa do réxime republicano, unha actitude á que estaban obrigados manter legalmente pola Constitución de 1.931, a mesma Constitución que traizoaron os militares logo de habela xurado defender.

E durante todo aquel cruel período promulgáronse tamén unha serie de leis, decretos e outras disposicións encamiñadas a completar a represión sobre os frontepopulistas. Por exemplo, a Lei de Responsabilidades Políticas promulgada nos últimos meses da guerra civil, concreta-

mente o 9 de febreiro de 1.939, presentándoa cun carácter esencialmente retroactivo ao afirmar no seu artigo 1º a responsabilidade política das persoas, tanto xurídicas como físicas, que desde o 1 de outubro de 1.934, e antes do 18 de xullo de 1.936, contribuíron a crear ou a agravar a subversión de todo orde de que se fixo vítima España e daquelas outras que, a partir da segunda de devanditas datas, opuxéronse ou se opoñan ao Movemento Nacional con actos concretos ou con pasividade grave, quedando así mesmo fora da lei todos os partidos e agrupacións políticas e sociais que, desde a convocatoria das eleccións celebradas o 16 de febreiro de 1.936, integraron a chamada Fronte Popular, así como os partidos e agrupacións aliadas e adheridos a éste polo só feito de selo, as organizacións separatistas e todas aquelas que se opuxeron ao triunfo do Movemento Nacional, establecendo tipos abertos coa amplitude necesaria para que resultasen comprendidas todas as actuacións que, a xuízo do Goberno, eran merecedoras de castigo.

As condutas estimadas típicas referíanse substancialmente á vinculación á Fronte Popular, como xa citamos, á aceptación de cargos do Goberno da República ou á súa oposición ao Movemento Nacional. Polo tanto, as sancións previstas foron:

-Restritivas da actividade como a Inhabilitación absoluta e a Inhabilitación especial.

-Limitativas da liberdade de residencia como o Estrañamento, a Releación ás posesións africanas, o Confinamento e o Desterro, e,

-Económicas como a Perda total dos bens, o Pago de cantidade fixa e a Perda de bens determinados.

A todos elas, o artigo 9º agregaba, para casos excepcionais nos que os feitos realizados polo inculpado revestisen carácter de gravidade extraordinaria, a perda da nacionalidade española, aplicada a numerosos dirixentes políticos exiliados.

Esta responsabilidade política contemplouse tamén como un plus da que derivaba de ser condenado pola xurisdicción militar por algún dos delitos de rebelión, adhesión, auxilio, provocación ou indución á mesma, ou polos de traizón en virtude de causa criminal seguida con motivo do Glorioso Movemento Nacional, establecendo tamén que en todo caso impoñeríase unha sanción económica que podería ir soa ou acompañada dalgún dos outros dous grupos, deixando a sanción de ser persoal, ao establecerse que as sancións económicas faríanse efectivas, aínda que o responsable falecese antes de iniciarse o procedemento ou durante a súa tramitación.

Así mesmo, a Lei para a Represión da Masonería e o Comunismo supuxo un salto cualitativo na represión desenvolvendo medidas administrativas de depuración individual iniciadas nos primeiros meses da guerra civil, ao completar as actuacións xurdidas por lei o 10 de novembro de 1.939 e das anteriores Comisións de depuración nadas nos momentos iniciais da contenda incivil.

A lei de represión da masonería e o comunismo foi promulgada o día 1º de Marzo de 1.940 e foi unha dispo-

sición encamiñada directamente, e aplicada tamén con carácter retroactivo, ao castigo dos que o novo réxime tivo sempre polos seus tradicionais inimigos: os liberais. Con todo, os feitos sancionados tiveron vida nunha época e dentro dun réxime legal que autorizaba o funcionamento da masonería en España, e cuxa organización figuraba inscrita no Rexistro de Asociacións.

A aplicación con carácter retroactivo das leis penais, como todos coñecemos, vai en contra dun principio consagrado e secular de procedemento criminal, e o artigo 5º da devandita Lei Especial, ao definir e castigar o delito de masonería, respectando ese principio universalmente recoñecido establecía que dito delito ía ser castigado a partir da publicación da lei, e, polo tanto o seu espírito era o de constituír unha sanción penal para o que en diante a desafiara ou faltase ao propósito da nova disposición. É evidente, pois, que a Lei en si non tiña carácter retroactivo, pero, a maiores o mesmo texto legal na parte expositiva ofrecía tamén esa interpretación. Con todo, o Tribunal Especial nacido a raíz da promulgación daquela, infrinxiu a súa propia lei unha e mil veces, condenando aos procesados en contra da propia norma legal vixente.

A lei definía no artigo 2º a quen consideraba masóns e comunistas, estes últimos con gran amplitude e orixinalidade: indutores, dirixentes e activos colaboradores da tarefa ou propaganda soviética, trotskista, anarquista ou similares.

Únase a isto, para valorar o carácter esencialmente represivo desta lei, a imposición contemplada no artigo 8º,

en determinados casos da inhabilitación perpetua e o castigo coas referidas penas privativas de liberdade -reclusión maior ou menor-, da propaganda que exaltase os principios ou os pretendidos beneficios da masonería ou do comunismo ou sementase ideas disolventes contra a relixión, a Patria e as súas institucións fundamentais e contra a harmonía social.

Como podemos apreciar por este pequeno percorrido polo articulado, a lei creou tamén unha xurisdición especial e o contido material da norma, o seu carácter retroactivo na aplicación práctica, a formulación dos seus tipos e a severidade das súas sancións, fixeron que dita lei considérese hoxe en día como un claro exemplo do que é un Dereito Penal totalitario. As penas, como tamén sinalamos, ían desde a incautación de bens ata a reclusión maior e os masóns, aparte das sancións económicas quedaban automaticamente separados de calquera emprego ou cargo público, establecéndose penas de 20 a 30 anos de prisión para os graos superiores, e de 12 a 20 anos para os cooperadores.

As actuacións depuradoras foron en todo caso minuciosas e completas, sen concesión algunha á caridade humana, á compaixón ou á clemencia. E condición sine qua non para calquera intento de posible rehabilitación -na maioría dos casos, imposible- foi o requisito da retractación, e nesta, a da denuncia dos nomes de varios compañeiros para que o Tribunal Especial non a declarase insincera. A propia Lei obrigaba a realizar as declaracións de retractación que tiñan que presentar os masóns ante as

novas autoridades franquistas, resultando ao final e frecuentemente unha trampa mortal para todos eles. Na maior parte das declaracións presentadas, segundo os xuíces instrutores se omitía consignar algúns dos extremos de interese, considerando de forma completamente arbitraria que ditas retractacións ocultaban extremos de interese ou que carecían de datos de interese, ou non axustadas á lei, ou que se habían omitido extremos de importancia dos que a Lei esixía a súa manifestación ou as declaraban insinceras, decisión que levaba implícita poder procesarlles con resultado case sempre de penas de prisión ou de confinamento en lugares afastados centos de quilómetros do seu domicilio habitual sen medios económicos para sobrevivir. E, é, que, nunha represión extrema e continuada durante a contenda fratricida e a longa posguerra, resultaron asasinados polo franquismo numerosos masóns en España e unha vez terminada aquela, máis de 20.000 foron encarcerados ou confinados, ademais de impoñer outras sancións económicas ou de privación de dereitos civís e humanos.

E todas estas leis represivas, conviviron con outras disposicións que tamén castigaron aos republicanos y demais forzas progresistas, como a depuración dos docentes, os Tribunais de Honor, etc, continuando desenrolando outras medidas administrativas de depuración individual que xa habíanse iniciado nos primeiros meses da guerra. Así mesmo, a actuación das Comisións de Depuración foise completando, sistematizando e homoxeneizando pola lei de 10 de novembro de 1.939 que regulou a depuración de

toda clase de funcionarios. E as sancións a impoñer, sempre na vía administrativa -e sen posible recurso-, foron, de acordo co artigo 1:

-Traslado forzoso con prohibición de solicitar cargos vacantes durante un período de un a cinco anos.

-Postergación desde un a cinco anos.

-Inhabilitación para o desempeño de postos de mando ou de confianza.

-Separación definitiva do servizo

EPÍLOGO

Miles de persoas en Galicia, e centos de miles en España, sufriron durante moitos anos, despois de finalizada a guerra civil, a presión e o acoso, a depuración ou a cárcere, a ruína familiar e a fame e o desprestixio social, hasta que, en 1.969, trinta anos despois, Francisco Franco viuse obrigado, ao fixar as leis penais vixentes a prescrición dos delitos aos 30 anos, a conceder a amnistía xeral. E tardaríamos algúns anos máis en recuperar a democracia actual.

Como conclusión, diremos que coa sublevación franquista iniciouse o ocaso dos soños dunha brillante xeración de galegos, anubréndose o horizonte coa máis sombría desesperanza, principiando tempos de terribles frustracións.

Non existe dúbida algunha, na nosa opinión, que da represión franquista en Galicia aínda existen universos

estancos e impenetrables que é necesario investigar e recuperar para recuperar tamén aos seus protagonistas. E neste acto en Carral recuperamos algúns deles. A guerra civil española foi un horror e a posguerra -ou os anos da vinganza- unha continuación dese horror. Foi como unha inmensa cárcere sen esperanza onde os republicanos foron encerrados -ou inhabilitados- logo de longos interrogatorios nunha represión posbélica continuada, irrompendo o pesadelo na vida cotiá cunha permanente ameaza psicolóxica que ensombrecía a vida, abríndose a caixa de Pandora das ansiedades e dos temores que xurdiron polo desvarío, o fame e o medo, xurdindo tamén naquela situación de desamparo, naquela época mesquiña, veciños que querían ver pasar o cadáver dos seus considerados inimigos de quen cobizaban a casa, o coche, a muller e a facenda...

Foron aqueles tempos de miseria humana, no que vivir foi sinxelamente sobrevivir, como unha sorte de museo dos horrores cotiáns, con personaxes que se moveron entre a desesperación e a resignación e que nunca puideron recuperar o control sobre as súas propias vidas, nin construírse un mundo no que vivir. Homes que tiveron a mala sorte de nacer aquí e nunha época equivocada. Para uns, pasaría moito tempo para volver recuperar o perdido acougo e a liberdade, para outros, nunca chegaría...

E a responsabilidade histórica de desencadear aquel período bárbaro, e de prolongalo máis aló da vitoria, ten nomes coñecidos difíciles de deixar de lado. En conclusión, a obsesión represora do réxime de Francisco Franco,

con toda a súa teoría do contubernio xudeo-masónico-marxista, ata con tintura de cruzada, hai que entendela dentro do contexto internacional da evolución dos fascismos europeos e dentro da gran crise da democracia liberal en torno aos anos trinta. Os ditadores que emerxeron entón consideraron ante si dous flancos adversos que debían eliminar de raíz: por unha banda os teóricos da liberdade, igualdade e fraternidade, defensores dos dereitos do individuo, a tolerancia, a liberdade de crenzas e do sistema democrático, en contra de absolutismos ou ditaduras, é dicir, os masóns e librepensadores, os republicanos; e doutra banda, os movementos obreiros e o espectro do triunfo da revolución rusa.

Contra uns e contra outros actuaron drasticamente desde Mussolini a Francisco Franco, pasando por Adolf Hitler. Contra estes últimos, os obreiros e sindicalistas, fíxose unha represión masiva, e contra os masóns e os dirixentes republicanos en xeral, unha represión selectiva, pero non menos cruel e intensiva.

E nada máis por hoxe. Moitas grazas pola súa atención.

O SINDICALISMO FEMININO NA CORUÑA E BISBARRA

ELISEO FERNÁNDEZ

(27 de outubro do 2007)

L.A.F.B.- Retomamos agora estas Terceiras Xornadas de Recuperación da Memoria Histórica: a II República en Carral, e repasamos un pouco o que aconteceu nestas Xornadas ata agora.

Iniciamos o pasado xoves coa conversa con Herminio Barreiro, un home de cen anos, mestre republicano, represaliado, de Bordel ademáis, dunha parroquia próxima, e que nos contou aquí a súa vida.

Logo despóis o venres tivemos a oportunidade de escoitar o relatorio de Luis Lamela sobre os novos mártires de Carral, e así coñecemos cousas tan interesantes como quen foi o último alcalde republicano de Carral, incluso sabemos agora de quen é a familia e todo. Tamén coñecemos que unha persoa de aquí, de Carral, pois foi, aparte de mestre aquí en Carral, o último alcalde republicano de Ordes. Coñecemos unha serie de persoas que foron “paseadas” aquí, do noso concello, e coñecemos unha cousa moi curiosa: as pelexas que tiñan os falanxistas despóis que tiñan o poder, porque todos querían acadar o poder. Leunos eiquí unhas cartas moi

curiosas Luis Lamela, nas que uns, digamos, “tirábanse pedras” contra os outros , porque todos querían o poder.

Estivo moi interesante e quero dicirvos a todos que o que fai Cultura Aberta, que somos quen organizamos estas charlas, estas Xornadas , en colaboración ca Xunta de Galicia, en colaboración co Ministerio da Presidencia, que son quen as patrocina. Pois o que facemos é que todos os intervintes, o relatorio que nos contan aquí deixannolo a nós coa idea de nun futuro recollelo nunha especie de libríño, facendo unha especie de memoria destas Xornadas , para contar un pouco o que aconteceu aquí e dalo a coñecer a través dunha publicación. Esa é un pouco a nosa idea

Ideas e plantexamentos temos moitos máis pero todo irá pouquiño a pouco avanzando. O outro día Luis Lamela convidábamnos, despois de lanzarnos unha serie de datos, a traballar nós máis sobre eses asuntos, el decíanos: estas familias supoño que as coñeces, falade con elas, debes investigar máis esto que eu vos digo... e facerémolo así supoño .

Ben, pois imos agora a continuar con estas Xornadas, unhas xornadas que coma dixemos o primeiro día tanto o meu compañeiro e Presidente de Cultura Aberta Xoan Manuel coma eu, lle adicamos especialmente a Elixio Rodriguez, un home que estivo con nós aquí o ano 2005 e que agora xa finou. Tivemos a oportunidade de escoitalo e de que nos contara en vivo e en directo a súa historia que tamén plasmou nun libro que se chamaba “Matáde-me mañá”. Dámosvos a todos os que queirades tamén esto que ven sendo un cuadríptico que fala da figura deste

home Elixio Rodríguez e tamén en donde se recolle unha parte do que nos falou aquí nesa conversa que tivo con nós nesas Xornadas de Recuperación da Memoria Histórica do ano 2005.

Tamén tedes uns anacos de historia que nos fixo Luis Lamela e Xose Lois Vilar Hermida neste díptico que tamén é para repartir gratuitamente a todo aquel que o queira.

Ben, como dixen este luns 29 de outubro imos falar sobre outro tema. Hoxe queremos falar sobre un tema que para nos é tamén fundamental e que certamente moitas veces quedou asolapado, ou sin falar, o papel da muller, que xogou en todo este tempo da II república, en tempo da guerra civil, e incluso noutros tempos. Moitas veces o papel da muller queda un pouco asolapado e aquí estamos acostumados a falar do Foucellas, de Manuel Ponte, dunha serie de xente que loitou ...,do propio Elixio Rodríguez, ou do propio Herminio Barreiro, e todos son en masculino.

Pois ben, nós hoxe queremos falar do apartado feminino, e para eso o título desta conferencia, desta charla é: “O sindicalismo feminino na Coruña e bisbarra”, e quen nos vai dar este relatorio é Eliseo Fernández, un home nacido en Ferrol no ano 1967, Licenciado en Documentación, especialista en traballos de investigación sobre a historia do movemento obreiro en Galicia. Ten publicados numerosos artigos e traballos que abranguen especialmente o obrerismo de Ferrolterra e o desenvolvemento do anarquismo en Galicia. Ten publicados varios libros “Centro Obrero de Cultura e Beneficiencia. Ferrol 1911-

1936”, “José López Bouza, do anarquismo ó republica-
nismo”, “O Congreso de Paz de Ferrol 1915”, “Obreris-
mo ferrolán” e “O anarquismo na Galiza 1870- 1970”.
Sin máis, cédolle a palabra a Eliseo Fernández para que
nos fale dese papel que xogou a muller na Coruña e bisbarra.
Moitas gracias.

E.R.- Ben, antes de nada quero agradecervos que me
convidarades a vir aquí a falar sobre este tema que coma ti
ben dixeches é un tema esquecido. Realmente chama a
atención que a muller, e a importancia do traballo femi-
nino estea tan esquecido na bibliografía sobre a historia da
Galiza, porque realmente incluso xente que viña de fora,
xente por exemplo coma Federica Montseny, a militante
anarquista que foi a primeira muller ministra na historia
de España, ou Margarita Nelken, unha militante socialista
tamén moi destacada lles chamaba a atención tanto a im-
portancia da muller no mundo do traballo en Galiza co-
ma a dureza do traballo feminino. E sen embargo hoxe a
bibliografía que existe sobre o tema non é demasiado
abundante.

Eu vou falar dunha pequena faciana deste tema que se-
ría a muller e o sindicalismo. Desde logo unha parte que é
pequena, porque a muller no mundo do traballo represen-
tou un papel moito máis importante, sobre todo no
mundo rural, onde no período entre 1830 e 1930, real-
mente a feminización do traballo foi tremenda pola fortí-
sima emigración masculina neste período.

Aínda así, aparte do traballo feminino no mundo rural,
podemos dicir que a incidencia do traballo feminino na

industria e nos servicios estaba na Galiza por encima da maior parte dos territorios do estado. Unicamente Cataluña tiña unha porcentaxe maior de traballadoras asalariadas mulleres, e isto era evidentemente pola importancia que tiña a industria téxtil. Aquí realmente o motivo desa importancia do traballo feminino era dun sector que no seu momento foi o punteiro na industria galega, que era a industria conserveira e todas as industrias derivadas do mundo da pesca. Calculase que a comezos de século había entre 20.000 e 30.000 mulleres empregadas no sector da conserva e da salgazón en todo o litoral galego.

Ademais había tamén outros sectores que eran importantes, como o téxtil, o tabaco, ou o servizo doméstico. Algo menos noutros coma a alimentación, o transporte, e as labores auxiliares da pesca en terra. A Coruña ademais era, dentro da Galiza, tamén o lugar onde o traballo feminino tiña unha maior importancia. Podemos dicir que había unhas 9.000 traballadoras asalariadas na cidade da Coruña, o que significaba máis ou menos un tercio da poboación activa da cidade. Unha de cada tres persoas que traballaba era muller, e esta porcentaxe xa chega incluso ó nivel da media que tiñamos para Cataluña. Eso quere dicir que o traballo feminino na cidade da Coruña era importantísimo. En canto a súa distribución, podemos dicir que a metade delas traballaba no sector da industria, especialmente foi importante na Coruña a Fábrica de Tabacos, máis tamén había outras fábricas que ocupaban a bastantes mulleres coma era a Fábrica de mistos, a fábrica de tecidos da Primeira Coruñesa, a fábrica de Calzados

Senra -que tiña tanto empregados homes como mulleres-, a Litografía Artística e diversas pequenas fábricas na Coruña e na súa bisbarra. Ademais había 4.500 mulleres empregadas nos servicios, e non todas elas eran da Coruña senón que moitas delas eran de concellos limítrofes e desprazábanse diariamente á cidade a desenvolver a súa actividade.

O traballo feminino tiña ademais características diferentes do traballo masculino. Había unha discontinuidade sobre todo nos sectores vencellados á pesca. Cando non había pesca, ou os factores climáticos impedían que houbera capturas as mulleres do sector quedaban no paro. Ademais había unha segregación da muller a ocupacións menos cualificadas: en todos os sectores as labores desempregadas pola muller eran as de menor cualificación. Predominaba tamén o traballo por peza, o denominado *destajo*, no que se pagaba por traballo feito. Ademais incluso na maior parte das empresas, facendo as mulleres o mesmo traballo que os homes cobraban menos, unha situación que aínda hoxe lemos diariamente na prensa. En termos actuais podemos dicir que o nivel de precariedade do traballo feminino era moi elevado, e esta situación viña agravada por outras cuestións. Unha delas era que a muller traballadora asalariada, que traballaba nunha fábrica ou nunha casa allea, cando chegaba á súa propia casa, traballaba no fogar, e se vivía no rural e mesmo as veces na cidade tamén traballaba nas labores agrogandeiras.

Outra problemática era tamén o tema do embarazo e o nacemento dos fillos que obrigaba ás mulleres a deixar o

traballo asalariado, abandonar as fábricas, e só podían retornar a traballar cando xa os fillos eran maiores de idade, cando tiñan axuda na casa, e cando chegaban outra vez tiñan que volver “empezar de cero”, perderan todo o que tiñan gañado dentro das empresas ou das industrias nas que traballaban. Este era un pouco o panorama no que se podía mover a muller dentro do mundo do traballo.

Estas circunstancias e algunhas outras dificultaban a integración da muller no mundo do obreirismo. Unhas circunstancias que foron especialmente graves para esto e impedían que as mulleres se organizaran eran o illamento con outras mulleres que traballaban. Había moitas mulleres que traballaban na súa propia casa ou en casas particulares, no servizo, ou eran por exemplo modistas, costureiras ou palilleiras. Esas mulleres ó non compartir espazo físico con outras mulleres que traballaban no mesmo sector, impedía que houbera comunicación que revertera na organización de sindicatos ou na loita contra problemáticas que lles afectaran. Ademais incluso en empresas nas que había moitas mulleres agrupadas, tamén había unha segmentación, había diferentes clases de traballadoras, había tamén diferentes tipos de contrato, eventuais, descontinuas, fixas, temporais, e había as que cobraban a *destajo*, outras que cobraban salario, e todo eso facía que habendo diferentes problemáticas non existirá tampouco unha unión entre as mulleres traballadoras. Outro factor era ademais a influencia da Igrexa, nos primeiros tempos sobre todo, a finais do século XIX e comezos do XX. Tiña

aínda unha forte influencia sobre as mulleres e lles influía a hora de non asociarse, e de facelo que fora nos chamados “sindicatos católicos” que non estaban organizados cara a confrontación senón, digamos, cara ó pacto ou que eran contemporizadores con certos abusos patronais. E por último o baixo nivel cultural das mulleres por unha escasa educación formal, tamén redundaba en que elas non se decataran, non foran conscientes, de toda a explotación que estaban padecendo, ou da necesidade de organizarse para tomar medidas contra elo e mellorar as súas condicións de vida.

En canto ó que foi a organización do proletariado feminino podemos dicir que é moitísimo máis tardío que o dos homes. Mentres que na cidade da Coruña e na bisbarra a partir de 1880 xa estaban organizados os sindicatos e xa empezaban a dar guerra, a partir de 1890 se comeza a celebrar o 1 de Maio, comezan as folgas xerais... en cambio no sector do proletariado feminino hai que agardar ata comezos de século para que se formen as primeiras asociacións e realmente cando empeza a haber un incremento deste asociacionismo é a partir de 1910. A partir desta data as mulleres en algúns sectores, por exemplo as traballadoras do porto, na Fabrica de Mistos, na Fábrica de Tabacos ou no téxtil comezaron a facer os seus primeiros sindicatos aínda que hai que dicir que estas sociedades primeiras foron organizadas para mulleres por homes. Eran sociedades nas que os directivos eran maioritariamente homes malia que o 90 ou o 95 por cento das asalariadas do sector eran mulleres. Hai, digamos, unha especie

de tutela sobre este proletariado feminino. Pero esto comeza a cambiar un pouco a partir do comezo da primeira guerra mundial. Xurde un problema que sería recorrente durante todos estes anos da década, que é o problema da carestía dos alimentos de primeira necesidade, as chamadas “subsistencias”.

Cando comeza a primeira guerra mundial xorden os denominados acaparadores, que eran persoas que ían ás feiras, ós mercados, ou ós particulares e compraban os produtos de primeira necesidade (leite, ovos, cereais...) para revendelos ós países en conflito cun incremento de ganancia tremendo. En vez de vendelos aquí a un prezo normal, vendíano dez veces máis caro a eses países que estaban en conflito e que os necesitaban. Eso significaba que aquí os presos elevábanse e vendíase o que quedaba practicamente ó mesmo prezo que se estaban vendendo por aí fora. Significaba que cando unha muller chegaba ó mercado un día despois de comprar unha causa a un prezo, o día seguinte o atopaba moitísimo máis caro. Eso foi algo detonante de toda unha serie de revoltas espontáneas, especialmente nos anos de 1917 e 1918 que foron importantes para que a muller tomara conciencia da necesidade de organizarse e da necesidade de tomar parte no movemento obreiro.

Estas protestas eran protestas viscerais, moi espontáneas. O mellor consistían en que mulleres asaltaban unha tenda, na Coruña, en Neda, en Ourense... incluso aquí en Carral temos constancia que pola falta de trigo tamén se fixeron actos deste tipo. Se asaltaba un transporte de

alimentos que se levaban cara á Coruña... Había todo ese tipo de actividades que fixeron que as mulleres tomaran conciencia de que esas problemáticas requirían unha intervención, e que elas podían, dalgunha maneira, intervir en todo esto e conseguir que esa problemática tivera unha solución. E de feito as autoridades tiveron que intervir para frear esa escalada de prezos abusiva que redundaba na economía doméstica. Daquela, a suba do leite, do pan, dos ovos, era a base da economía familiar, era no que se investía a maior parte dos cartos que se gañaban. Entón ir ó mercado e non poder traer toda a comida que querías significaba pasar fame, e precisamente ademais en 1918 veu un andazo tremendo de gripe, e para moita xente esa fame significou posteriormente a morte. Toda esta problemática fixo que aumentara a toma de conciencia nas mulleres.

Despois houbo un feito que se producira moi lonxe de aquí, que foi a revolución rusa, pero que tamén tivo a súa influencia porque esa perspectiva que estaba aí lonxe pero que se escoitaba, de que a clase traballadora tomara o poder, de que había un goberno dos soviets, de obreiros e campesiños, pois aquí tamén tiña unha repercusión que non se vía no momento, pero que no imaxinario colectivo si que tiña a súa influencia. A xente vía que noutro sitio era posible, pois o mellor aquí tamén é posible. A patronal tamén tiña máis medo de que aquí se organizara a xente porque vían que noutros lados estaban pasando cousas que non lles interesaban. Estes factores foron os que fixeron incrementar esa necesidade de organizarse sindical-

mente. Tamén nesa época empezan a xurdir diferencias graves entre sociedades obreiras de distinto signo. Ata esa época, digamos 1918-19, o sindicalismo organizábase por sociedades de oficio, esas sociedades de oficio podían ser máis socialistas ou máis anarquistas, que eran as tendencias maioritarias do momento, pero sempre era unha única sociedade e despois podía ir para un lado ou para outro. Mais neste tempo aparece outro fenómeno, que é que dentro do mesmo oficio xorden unha sociedade ao mellor de tendencia anarcosindicalista e outra socialista, que compiten polo mesmo espacio sindical, e eso provoca enfrontamentos graves.

Eses enfrontamentos no mundo do feminismo no traballo da bisbarra tiveron moitísima importancia. Realmente a finais dos anos dez a altura de 1919, a Unión Tabacalera que era o sindicato das traballadoras do tabaco, que era maioritariamente socialista, tivo unha escisión. Fundase a 'Nova Aurora' que era unha sociedade anarcosindicalista e isto provoca un conflito tremendo, que comeza pouco a pouco, con pelexas dentro da Fábrica de Tabacos, liortas á saída do traballo, boicot das traballadoras da Unión Tabacalera ás traballadoras da 'Nova Aurora', boicot dos Traballadores da Federación Local Obrera da CNT con respecto ás traballadoras da Unión Tabacalera, que eran socialistas... Finalmente, a finais de 1919, hai unha auténtica batalla campal dentro da propia Fábrica de Tabacos que fai que a empresa tivera que pechar a fábrica durante catro meses, agardando a que a situación se reconducira e desaparecerá ese conflito que impedía real-

mente o traballo. Este conflito estendeuse a outros sectores do traballo, especialmente ás traballadoras textís e ás misteiras, as traballadoras da fábrica de mistos. Alí as traballadoras anarcosindicalistas non formaron outra sociedade de oficio pero se quitaron da sociedade socialista, da Unión Textil no caso da fábrica de tecidos e da sociedade *La Lucha* no caso das misteiras, quitáronse desas sociedades e entraron no Sindicato de Oficios Varios da CNT. A herdanza destes conflito foron que o proletariado feminino quedou profundamente dividido en toda a bisbarra.

Facendo unha análise xeral podemos dicir que neses tempos o sindicalismo feminino é un sindicalismo tutelado, xa na primeira sociedade ou nunha das primeiras que se fixo na Coruña que é a Sociedade de Sastres, estaba formada por un anarquista, José Sanjurjo, que era, digamos, o líder sindical delas. O personaxe que exemplifica perfectamente esa tutela é Severino Chacón, que foi o organizador da maior parte das sociedades femininas socialistas e foi especialmente destacado coma líder das tabaqueiras ata tal punto de que durante todo ese tempo e durante a segunda república, as traballadoras da Fábrica de Tabacos eran coñecidas coma as *Chaconeras* porque eran as que estaban afiliadas, primeiro á Unión Tabacalera e despois á Federación Tabaquera dirixida por Severino Chacón.

Esa presenza masculina que impulsou o sindicalismo feminino foi ó tempo un freo para que despois esas mulleres que militaban nas organizacións sindicais se implicaran nos postos directivos, e que tomaran a dirección des-

tas sociedades. Verdadeiramente, por exemplo, Chacón foi o líder das tabaqueiras ata a segunda república. O feito foi que unha minoría de homes dirixían sociedades formadas maioritariamente por mulleres.

Houbo algunhas excepcións a este feito. Por exemplo temos que destacar a dúas militantes da CNT que tiveron unha actuación un pouquiño máis destacada, por exemplo Josefa López foi a única muller que participou no congreso da CNT de 1919. Tabaqueira coruñesa de 55 anos era xa unha veterana, e foi a única muller que estaba alí.

Outro caso foi o de Adelina Fernández, que era tamén unha tabaqueira militante da CNT, que participou en mitins, mitins multitudinarios, o cal era un feito relativamente complicado de ver, xa que non había moitas mulleres que falaran en mitins. As mulleres que tiñan falado na Coruña e na Galiza eran xente que viña de fóra. Por exemplo, Virxinia González, unha militante socialista, despois comunista. Pero o que era raro, realmente penso que ata 1923 non o viramos, coma é este caso de Adelina Fernández, era que unha muller de aquí participara nun mitin e falara á xente. E esta muller ademais escribía tamén na prensa anarquista, no voceiro da CNT galega *Solidaridad Obrera*.

Nesta época había tendencias que motivaban unha maior concienciación das mulleres, pero tamén había cousas que motivaban desunión e problemas sindicais internos. Todo esto viuse complicado pola chegada da dictadura de Primo de Rivera que foi un freo a todo tipo de sindica-

lismo. Daquela as sociedades obreiras femininas esmorecen e a súa actividade mantívose un pouco baixo mínimos. Realmente cando renaceu a actividade sindical novamente foi cando se proclamou a segunda república; comezaron a formarse novos sindicatos e aí a CNT tomou un maior protagonismo.

Ata ese momento pode dicirse que eran as sociedades socialistas as maioritarias na zona, mais a partir da proclamación da segunda república é a CNT a que colle un pouco máis de forza, e iso pode estar motivado porque a UGT mantivo unha posición contemporalizadora ca dictadura de Primo de Rivera, xa que Largo Caballero chegou mesmo a formar parte do Consello e Estado. Entón ó mellor esa foi unha das cousas que influíu en que o sindicalismo feminino socialista estivera un pouco en decadencia. Hai outro motivo deste, que é que o proletariado masculino na cidade era maioritariamente anarcosindicalista e integrado na CNT.

Nesta época xorden novos sindicatos coma o sindicato de empacadoras, o de conserveiras, e algunhas sociedades achegáronse máis polo lado da CNT coma é o novo sindicato da industria textil, ou o sindicato de obreiros e obreiras misteiras Unión Cerillera. Por outra parte no centro máis importante de traballo feminino, con case 2.000 traballadoras, que era a Fábrica de Tabacos, mantense fora da influencia da CNT, pero a Unión Tabaqueira era un sindicato de tipo autónomo que non estaba integrado na UGT. A afiliación feminina era nesta época moi superior na Coruña que no resto das cidades e vilas

da Galiza. Esa afiliación feminina era dun 20% na Coruña e a media do resto da Galiza era dun 8%. En xeral a porcentaxe de mulleres afiliadas a sindicatos era un porcentaxe inferior ó do proletariado masculino, nunha porcentaxe do 45%, que era bastante importante se o comparamos con outras zonas.

Este incremento da afiliación tamén levou consigo un incremento da conflictividade. A conflictividade na Coruña foi, de lonxe, moitísimo maior que no resto das cidades e pobos de Galicia, de xeito que na estatística que temos feito sobre este tema podemos dicir que de cada dous conflitos sindicais protagonizados por mulleres que había na Galiza, un era na cidade ou na bisbarra da Coruña. Aínda tendo en conta que na Fábrica de Tabacos da Coruña na segunda república non houbo a penas conflictividade. Isto era así porque nunha empresa estatal había en certa medida, mellores condicións de traballo nesta fábrica. E ademais había unha estabilidade que mesmo tiña continuidade temporal, xa que a veces ingresaban as fillas e as netas das operarias máis maiores. Isto fixo que na Fábrica de Tabacos non houbera apenas conflictividade.

A conflictividade onde estivo realmente foi nas traballadoras do téxtil, na segunda república a fábrica de tecidos de La Primera Coruñesa tivo unha época bastante mala e eso repercute nas condicións de traballo, nos salarios, e iso motiva unha conflictividade. E tamén nas empacadoras de pescado que mantiveron un conflito no 1935 motivado polo despido de 19 mulleres integrantes

deste sindicato. Estes conflitos na súa maior parte tiveron trazos defensivos, non era por conseguir unhas melloras espectaculares, aínda que tamén os había. Na súa maior parte eran para evitar despedimentos, para evitar o empeoramento das condicións de traballo. Tamén en moitas ocasións era en protesta por abusos de encargados ou patróns que as veces chegaban incluso ós malos tratos, vexacións, ou abusos de tipo sexual.

Ademais desa conflictividade laboral algunhas mulleres tamén se inclinaron un pouco a accións insurreccionais que van xurdindo nesa época sobre todo no sector anarcosindicalista e participan en folgas xerais insurreccionais coma foi a de maio de 1933. Por estes feitos na cidade da Coruña foron detidas 100 persoas das cales 8 eran mulleres que participaron neste movemento.

O conflito máis significativo no período da segunda república foi o motivado por algo que en principio sería un avance, que era a implantación do seguro de maternidade. Sen embargo, este seguro, impulsado polo ministro socialista Francisco Largo Caballero, atopouse ca resistencia de moitísimas mulleres e sobre todo das dos sindicatos anarcosindicalistas. Era así porque ese seguro de maternidade consistía en que as mulleres cobrarían un diñeiro cando estiveran de baixa por maternidade, pero isto que estaba moi ben realmente, tiña unha faciana que deixaba moi descontentas ás mulleres, que era que había unha parte da cota que tiña que pagar o empresario e outra parte a tiñan que pagar as mulleres. Vendo os baixos salarios que tiñan elas cando se descontaba esa cota, realmen-

te os soldos eran aínda máis pequenos do que xa eran. A marxe diso tamén había outro problema, que cando as mulleres estaban de baixa ou non traballaban seguíase devengando a cota e cando comezaban a traballar descontábase todo de golpe, o que significaba que o mellor estaban traballando un mes e non chegaban a cobrar practicamente nada porque tiñan que pagar eses atrasos da cota do seguro de maternidade. E aínda había máis, porque cando deixaban o traballo por algún motivo e non volvían a traballar perdían todas as cotas co cal, sobre todo nos traballos vencellados ó mundo do mar, o seguro deixábaas moi descontentas.

A partir de decembro de 1931 hai unhas protestas fortísimas na cidade da Coruña e fanse varios mitins ou asembleas femininas nas que se protesta por esa situación e as mulleres debaten o que facer con esto e pronúncianse en contra do seguro de maternidade e manifestan que non desexan pagalo. É importante dicir tamén que esas asembleas eran femininas, que se celebraron incluso no teatro Rosalía de Catro na Coruña, pero eran asembleas dirixidas por homes, moderadas por militantes destacados da CNT coruñesa, o cal nos sigue falando dunha certa tutela respecto ó proletariado feminino.

A situación foi tal que pouco a pouco os sindicatos femininos da cidade da Coruña empezan a poñerse en folga e finalmente produciuse unha folga xeral en toda a cidade que durou 72 horas. Foi a partir do 20 de xaneiro de 1932 e mesmo foi secundada noutras cidades de Galiza sobre todo polos sindicatos anarcosindicalistas. Mentres

que os sindicatos socialistas naturalmente, sendo Largo Caballero quen implantou esta medida, estaban de acordo con ela e non secundaron a folga.

Este épico conflito, que aparte desa forza que implica poñer en folga xeral a todo o proletariado masculino e feminino, é significativo porque reflicte unha problemática de xénero. Esta non é unha problemática que podía ser común a outros sectores coma os baixos salarios, os accidentes laborais, ou outro tipo de asuntos, senón que este é un problema que afecta especificamente ás mulleres.

A pesar desto, de que hai un incremento da actividade, movementos coma este nos que a participación da muller é moito maior, a muller ten unha incorporación incompleta ó mundo do sindicalismo de clase. Digamos que nesa época o movemento obreiro sigue sendo un movemento masculino, a maior parte dos militantes sindicais son homes, nos comicios sindicais, nos congresos chamados daquela rexionais, a penas participan mulleres. Os que participan son basicamente homes aínda que, coma vos dicía, leven a representación de sindicatos femininos. Tanto na prensa coma nos textos dos congresos hai unha escasa preocupación ou reflexión sobre unha problemática especificamente feminina, seguen aínda permanecendo algúns tópicos machistas, coma o tema da femineidade, a muller coma beleza, a función da muller como nai, e todo eso segue mantendo á muller nun plano secundario.

Hai una belixerancia moi pequena con respecto á segregación das mulleres no mundo do traballo, no que ocupan postos de menor cualificación, hai moi pouco

interese en reivindicacións propias do sexo feminino. É o que é máis grave: as veces chégase a expresar un rexeitamento a que a muller traballe. Na segunda república seguía habendo esa idea de que a muller, pode traballar, pero está mellor na casa, había unha certa idea de que se baixaban os salarios dos homes nalgúns sectores porque as mulleres cobraban menos. De feito nun sector dominado polo anarcosindicalismo coma é o de descargadores chega a desaparecer o traballo feminino e queda copado por traballadores homes. Permanece aínda unha visión machista e patriarcal, propia de tempos anteriores, mais tamén hai avances. Nunca antes deste período houbo unha participación da muller tan importante na conflictividade laboral e social. Houbo esas asembleas das que vos falei de mulleres e houbo tamén mitins específicos para mulleres ou conferencias realmente importantes. Por exemplo Federica Montseny estivo en 1935 na cidade da Coruña, e alí foron organizadas dúas conferencias unicamente para mulleres. Decía Federica Montseny: *“Las mujeres sobre todo ocupaban el local mucho antes de la hora, infatigables, con un anhelo de escuchar, con un frenesí por saber por mí aún nunca vistos”*.

Ela falaba un pouco desto, de que había unha curiosidade, de que as mulleres estaban preocupadas, de que estaban nese momento que hai na segunda república de participación, de que todo o mundo pode ter máis capacidade de decisión sobre a súa propia vida que era onde ó final confluían todos estes movementos sociais, o movemento obreiro, o agrarismo... O que querían era decidir

con maior capacidade sobre a vida. E as mulleres veían que tamén tiñan que participar neses movementos, se preocupaban, tentaban formarse culturalmente. Faíse en certos casos unha propaganda un pouco dirixida á muller para que participe nas organización sindicais, hai actos dirixidos as mulleres, e xorden ademais máis mulleres coma esa Avelina Fernández da que vos falei, xorden máis mulleres na segunda república que participan en mitins. Aquí na bisbarra da Coruña foi moi destacado o caso de Sebastiana Vitales que era unha muller aragonesa pero que vivía na Coruña, compañeira dun militante do sindicato da construción, e participou en moitísimos mitins tanto na Coruña coma en toda a bisbarra, dando unha visión máis feminina, ou feminista incluso, xa que era membro da federación *Mujeres Libres*, sobre a problemática do traballo da muller e sobre a visión feminina do que podía ser un cambio social.

Aínda que había un pouco ese contrapunto entre unha visión masculina do mundo do traballo comezábbase a albiscar nesa época que podía haber un cambio, que a muller podía participar un pouco máis tanto na vida sindical coma na económica e política. E ademais se falaba xa tamén de que a muller buscaba unha personalidade propia e a súa independencia espiritual. Pese a que aínda ficaba algo daquel paternalismo machista houbo un esforzo importante por achegar á muller ó mundo do traballo.

O balance final é positivo porque houbo unha mellora substancial nas condicións do traballo. Evitáronse certos abusos, pero queda aí a idea de que podía ter ido un pou-

co máis adiante coma realmente estaba indo noutras zonas do estado e do mundo. Malia os atrancos sinalados comezaba a verse unha nova perspectiva do papel da muller na sociedade. Todo isto quedou rachado co golpe militar e coa dictadura, e todas aquelas mulleres que se destacaran en actividades sindicais tiveron aínda un grado maior de represión do que sufriron a maior parte das mulleres. As mulleres nos primeiros tempos do franquismo sobre todo, padecían unha represión moi forte, xorda porque non tiña na maior parte dos casos un resultado de morte.

O número de mulleres mortas pola represión en Galiza foi pequeno en comparación co dos homes, pero nembargantes a represión que padeceron foi maior noutros sentidos, porque a ausencia de homes nas casas fixo que a economía doméstica estivera en mans das mulleres, e que tiveran que manter a familia, que tiñan en moitos casos que apoiar a represaliados, a persoas que estaban na cárcere, que tiñan que apoiar a persoas que estaban perseguidas. E as mulleres cando había unha persoa da súa familia que estaba na cárcere, perseguida, ou agochada, eran o branco no que a Garda Civil se fixaba porque sabían que eran a referencia pola que podían atopar a esa persoa que estaban buscando.

E esta represión estaba agravada no caso das mulleres que tiveran certo protagonismo, que tamén pasaron pola cárcere, que pasaron as súas penurias nese sentido. E houbo varias mulleres que foron asasinadas na Coruña, dúas militantes do sindicato de empacadoras, seguramente pola seu protagonismo no conflito das empacadoras foron

asesinadas. Unha delas foi María Bello Paz, e a outra Teresa Varela Calviño, unha muller de 74 anos. E outras dúas mulleres vencelladas a redes clandestinas anarquistas, Alicia Dorado e María Otero, tamén foron asasinadas nos enfrontamentos que houbo no barrio das Atochas en xullo de 1937. Aínda que non teño moitos datos sei que houbo unha muller de Carral, veciña de Quembre, María Sánchez Gestal, que tamén foi asasinada con 24 anos en decembro de 1936.

Ao final o camiño da emancipación da muller non se puido retomar en sentido amplo ata moitos anos despois. E aínda hoxe segue adiante ese traballo porque aínda fican cousas por facer. Nada máis.

FRANCISCO JAVIER ALVAJAR LÓPEZ: REPUBLICANO, EXILIADO, MASÓN

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

(30 de outubro do 2007)

Este acto representa para min, hoxe, algo especial, e vou explicar a razón: é a primeira vez que falo en Carral. Pero curiosamente, fágoo presentándome un antigo compañeiro no Concello de Culleredo, e protexéndome pola parte de atrás a fotografía dun acto de Manuel LUGRÍS no Monumento dos Mártires, no que aparecen unhas mozas envoltas na bandeira republicana, co gorro frixio: aínda que algúns non o saiban, formaban parte da Xuventude Republicana de Sésamo en 1931. E, ademais, preséntome para falar da figura de Javier Alvar, que é tamén, casualmente, o membro da familia Alvar sobre o que eu menos teño traballado.

Podo decir, sen pecar de inmodestia, -de feito o seu propio sobriño César Antonio Molina así mo di tamén-, que eu son formalmente o biógrafo da familia Alvar. Teño publicado moitísimos traballos tanto sobre o pai, César Alvar, coma sobre a nai, Amparo López Jeán, unha mestra cullerense. Pero falar de Javier, pesie a que coñecía moito da súa traxectoria, obrigoume a retomar a súa figura. Agora fáltame só unha das súas irmás, a única supervivinte, María Teresa,

coa que teño unha boa amizade e da que quizais non moi tarde, porque xa é unha persoa de avanzada idade, terei que dar igualmente un testemuño pública.

Quero felicitar á asociación Cultura Aberta de Carral por organizar estas xornadas, xa son as terceiras. Eu lembro cando empezamos co Seminario de Historia de Culleredo....., e dentro dun mes celebraremos xa a 13ª edición. O que hai que facer sempre é non perder o ánimo, insistir, porque os proxectos sempre se van consolidando a longo prazo. E é importante que se siga a falar, coma así fixeron diversas persoas durante estes días, varios deles amigos meus coma Luis Lamela ou Eliseo Fernández, sobre este período, o da Segunda República e o do franquismo, no que tantas lagoas hai que investigar e tantas persoas debemos reivindicar.

Pero imos entrarmos xa rapidamente a facer unha semblanza de quen foi Francisco Javier Alvarjar López.

Francisco Javier Alvarjar López naceu na Coruña no 1920. O seu pai, o célebre xornalista César Alvarjar Diéguez (tío avó do ministro de Cultura, César Antonio Molina), foi desde a adolescencia un destacado republicano coruñés, dirixente de varios partidos, gobernador civil de Soria en 1936 e exiliado posteriormente en Francia, onde sería, entre outras actividades que logo mencionaremos, xefe de prensa do Goberno Republicano no exilio; a súa nai, a mestra cullerdense Amparo López Jean, sería a primeira muller afiliada ao Partido Galeguista na Coruña, formando parte do seu comité local; presidiu tamén a Agrupación Republicana Feminina da Coruña e, durante

a Guerra Civil, formaría parte do Comité Executivo do Partido Galeguista en Barcelona, presidindo o Grupo de Mulleres Galeguistas; tamén se exiliaría, falecendo en Montauban.

Dos irmáns de Javier, a maior sería a escritora e tradutora Amparo Alvar, que co tempo traballaría na ONU e faleceu en Portugal en 1998 sen volver nunca a Galicia; Ana María, violinista, tamén escritora, que morreu hai pouco tempo, sobrevivindo na actualidade a menor dos irmáns, María Teresa, que reside en Madrid e que tamén sufriu diversos avatares durante a Guerra Civil e no exilio francés. María Teresa foi moza en Barcelona durante a Guerra Civil, de Elixio Rodríguez. O que pasa é que co conflito, no 36, Elixio Rodríguez marchou e ela quedou perdida por Barcelona, veu a Coruña, estivo presa con 16 anos acusada de ser membro do Servizo de Intelixencia Militar do Exército Republicano. Elixio non o conta en *Matádeo mañá*, pero foron noivos.

Estuda Javier na escola da Costa de San Agustín co mestre Melchor. Logo ingresaría no Colexio da Guarda para, en 1932, cursar o Bacharelato no Instituto da Guarda.

Nesta época, sendo un rapaz aínda moi novo, xa militou na Unión de Estudiantes Antifascistas, daquela coma tesoureiro, unha entidade que presidía Eugenio Carré Naya un dos fillos de Uxío Carré Alvarellos, e que posteriormente militaría tamén na CNT co nome de “Fausto Brand”, que escribe en *Solidaridad Obrera* numerosos artigos. Precisamente por esta militancia na Unión de

Estudiantes Antifascistas a finais do 34, na época do bienio negro, Javier, que ten 14 anos soamente, tivo que ir a comisaría por esa actuación. Xa neste tempo, e o seguiría facendo durante moitos anos, practicaba asiduamente o fútbol, neste caso nun equipo que se chamaba “El Olimpia”. Cando en xuño de 1936 nomearon ao seu pai César gobernador civil de Soria, inicialmente pensaba acompañalos; ao final marcharon César, a súa muller Amparo, e María Teresa.

Cando tivo lugar o alzamento de xullo de 1936 fuxiu, permanecendo agochado un tempo en Teixeira. Logo regresou á cidade e examinouse das disciplinas que lle quedaban de Bacharelato, aprobando. Os seguintes anos pasaraos coa súa irmá Ana María con moitísimas dificultades, vivindo en casas de amigos, tendo que vender ou agochar moitas cousas...

Mobilizado a primeiros de xullo de 1938, en plena Guerra Civil, mandárono a Toledo, estando logo en Cabezón de Pisuerga (Valladolid) e Villarreal (Castellón). Ata comezos de febreiro de 1939 non pasa a primeira liña. Estando nunha posición na Serra de Espadán, en primeira liña, -era xa cabo- pásase ao bando republicano.

Os italianos fixérono prisioneiro no porto de Alacante o último día da guerra (30-III-1939), sendo conducido ao Campo de Concentración de Albaterra de Catral, de onde escapou, ao pouco tempo, grazas a unha argucia (puido falsificar un salvoconduto). Logo de pasar por Orihuela, Murcia, Madrid e Segovia, chegaría a Coruña. Neses días chegou tamén a súa irmá María Teresa, que quedara blo-

queda en Barcelona, e á que detiveron e encarceraron, como antes contamos.

Axiña chegará a orde de arresto inmediato contra el pero, grazas a unha persoa que retrasou uns días a tramitación, puido refuxiarse na casa duns amigos en Mercurín (Anceis, Cambre). Os seguintes tres anos, utilizando o nome falso de "Luis", levou unha vida aparentemente normal. Achegábase en ocasións a Tabeaio, onde tiña boas amizades. Cunha moza deste lugar, María Josefa Castelo López, casaría uns anos despois.

Marchou máis tarde a Barcelona, cunha documentación que lle facilitaron. Alí entrou en contacto coa asociación "Galeuzca", que o axudou. Tentou pasar a Francia, pero foille imposible, ao estar ocupada polas tropas alemanas; estamos na altura de 1942-1943.

Ao rematar a IIª Guerra Mundial regresa a Mercurín. Cando o dictador Franco, obrigado polas circunstancias internacionais, promulga un indulto, Javier preséntase ás autoridades: hai un documento do 6 de abril de 1946 no cal se indica que o fixo na Coruña, quedando a disposición do Xuíz Militar Permanente da cidade.

Casado xa con María Josefa Castelo López, estivo logo traballando en Ponferrada como xerente dunha mina de volframio. Vivían nesta época con certas comodidades, pero o 13 de abril de 1948 (véspera do aniversario da IIª República) a Garda Civil foino buscar á mina. Neste ano tense que desprazar en dúas ocasións a Valencia: unha, para prestar declaración; outra, para asistir ao Consello de

Guerra Ordinario que se lle abriu alí, polo delicto de deserción.

En 1954 marchou a Francia por primeira vez porque non quixo colaborar coa Garda Civil de Ponferrada na captura duns guerrilleiros que actuaban nos montes próximos á mina. O 5 de marzo de 1954, logo de pasar por Bilbao, entra en Francia. Uns días despois retornou á Coruña na procura da súa muller; pouco tempo despois, primeiro ela e logo el, marchan ao exilio francés.

Javier Alvajar tivo un papel destacado dentro do Goberno Republicano no exilio, que tiña a súa se en París: foi, desde 1957 a 1965, Secretario do Ministerio de Información, Propaganda e Arquivos, encargándose, durante un tempo, da redacción das actas do Consello de Ministros; dende 1967 a 1969, Secretario da Presidencia, tendo tamén ao seu cargo os servizos de Secretario Contable do Ministerio de Facenda dende 1957 a 1969.

No 1957 foi nomeado Chanceler Honorario de Consulado, adscrito ao Consulado Xeral da República.

Cando o novo presidente do Consello de Ministros, Claudio Sánchez Albornoz, reduciu drasticamente o persoal, deixou de traballar para o Goberno, e Julián Gorkin ofreceulle un posto no Centro de Documentación e Estudos, que dependía do Congreso pola Liberdade da Cultura. Dito Centro, que logo se independizaría, publicou primeiro un *Boletín Informativo* e logo a revista *Mañana. Tribuna democrática española* (1966), da que sería admi-

nistrador, como tamén o fora un tempo atrás de *Galicia en Francia* (1964).

Será o primeiro presidente do “Fondo de Axuda aos Republicanos Españóis”, creado en París en 1965 promovido por Acción Republicana Democrática Española (ARDE), -partido resultante da fusión dos restos de Izquierda Republicana e Unión Republicana-, e do que formaban parte persoeiros como José Maldonado ou Fernando Valera; tamén presidiu o comité de ARDE en París. Traballou tamén na Editorial Ruedo Ibérico.

Como poden ver, tan só con este traballo chegaría para comprobar que tivo un papel fundamentalísimo en todos estes anos que estivo en París, pero máis tarde falarei doutra etapa, quizais a que máis nos interesa aos galegos, que foi o seu papel, primeiro como delegado suplente, e posteriormente titular, do Consello de Galicia en Europa.

Como dicía no título da conferencia, Javier Alvajar foi tamén un destacado membro da masonería. Xa o seu pai, César Alvajar, o era na Coruña, sendo membro da loxa “Pensamento y Acción nº 11”, -á que pertencía tamén, por exemplo, Salvador Echeverría-, e que despois, xa no exilio francés, estivo integrado nunha loxa francesa, en concreto a “Franklin Roosevelt” de Montauban. Javier se “iniciaría” o 20 de decembro do ano 1959 na loxa “España” de París, que pertencía á obediencia Gran Loxa de Francia, na que estaban integrados, na súa maior parte, os republicanos exiliados españois. Pero non era a única: había outra en París, a “Iberia”, que dependía do Gran Oriente de Francia. En abril de 1975 obtería o grado 33 do Rrito Escocés Antigo e Acepta-

do, que é o máis alto da masonería, formando parte do Supremo Consello do Grado 33 de España no exilio. Con este grado masónico regresaría a España no ano 1976, e en certa maneira foi un dos inspiradores da restauración da masonería na cidade da Coruña, aínda que non teño constancia de que se chegase a integrar, xa que, aparte da etapa de alcalde de Carral, estivo moi enfermo e pouca actividade puido facer.

Despois de regresar do exilio, no ano 1983 sería elidido alcalde de Carral na candidatura do PSdeG-PSOE, permanecendo no cargo ata 1986, cando tivo que abandonalo por razóns de saúde, falecendo dez anos despois. O Concello de Carral lembrouno dedicándolle unha rúa. Nestes anos de doenza, publicaría no *Anuario Brigantino* unha serie de lembranzas, tres delas adicadas á súa etapa na cidade da Coruña, á súa infancia, adolescencia e xuventude, e posteriormente outras tres entregas dedicadas á Delegación do Consello de Galicia en Europa, na cal non se centra exclusivamente neste asunto senón que tamén vai facendo incursións noutros aspectos relacionados coa súa vida.

Debido ao seu cargo de Secretario do Ministerio, foi quen de acumular un arquivo importantísimo, eu diría o mellor arquivo do Goberno Republicano que hai en España despois do oficial, que está depositado en Madrid, e que el cedeu ao Concello de Betanzos, porque Alfredo Erias, o arquiveiro bibliotecario do Concello de Betanzos foi quen lle foi publicando no anuario toda esta serie de traballos. Entre esa documentación están todas as cartas orixinais das rela-

cións do Consello de Galicia, con César Alvarar e con el, con figuras coma Alonso Ríos, con Suárez Picallo, entre outros. Case toda a documentación do Goberno Republicano, folletos, coleccións completas de revistas, entre elas os Boletíns Oficiais do Goberno Republicano, un fondo documental que aínda está por investigar a fondo. Eu traballei, cunha certa amplitude, a documentación relativa ao Consello de Galicia, pero hai aí material para investigar durante anos e anos, porque, como xa digo, agás en Madrid, non hai un sitio onde se conserve tanta documentación. Entre estes fondos está tamén a bandeira republicana exposta no Museo das Mariñas, que presidía as sesións do Goberno Republicano no exilio.

Poucos galegos como Javier tiveron un acceso tan directo ás autoridades republicanas no exilio, coas que ademais o uniu unha amizade aparte de, en moitos casos, seren membros da masonería. Diego Martínez Barrio, -o único español que foi Presidente do Goberno, Presidente das Cortes e Presidente da República-, Félix Gordón Ordás, Rodolfo Llopis, Fernando Valera, Madariaga, Tarra-dellas, Irujo, Julio Just, Maldonado, Emilio Herrera, Leizaola, Gorkin, Echeverría, Sánchez Albornoz, etc, etc...

Entrando x ana segunda parte da miña intervención, vou falar un pouquiño máis en detalle do que significou esta Delegación do Consello de Galicia en Europa. Aínda que Javier fixera as aproximacións historiográficas no *Anuario Brigantino*, desgraciadamente moita xente nin se enterara, polos problemas de difusión que teñen as revistas, máis naquela época, porque agora aínda podes meter

en internet os traballos e se poden consultar dende calquera parte do mundo. Foi realmente un papel importantísimo que lle permitiu a todos os exiliados en Sudamérica poder manter un contacto informativo e político, de primeira man, do que se estaba facendo na oposición anti-franquista, concretamente en Francia.

Xa había algún tempo que César viña mantendo correspondencia cos dirixentes galeguistas en Sudamérica. Primeiro con Castelao, bo amigo da familia –fora mesmo padriño na voda de Amparo Alvajar con Arturo Cuadrado en Valencia, durante a Guerra Civil-. Logo do pasamento de Castelao, asumirá Ramón Suárez Picallo a presidencia do citado Consello, iniciándose unha longa correspondencia. César amósase remiso a aceptar, dado os seus problemas persoais.

Á fin, nunha carta de 29 de setembro de 1957 dirixida a Suárez Picallo, comunicándolle César o falecemento do coruñés Salvador Etcheverría Brañas, ministro do Goberno republicano (pai de Carlos Etcheverría, actual presidente do Ateneo Republicano de Galicia), co que uns días antes estivera falando. Javier Alvajar e o ministro Julio Just organizaran o acto de enterro, no que César pronunciara o discurso fúnebre, intervindo a continuación o presidente do Goberno, Félix Gordón Ordás. Enviou unha coroa de flores e aloxou a Carlos Etcheverría, fillo do finado, na súa casa. Comunícalle tamén que acepta o cargo de Delegado.

Suárez Picallo manifesta a súa alegría pola aceptación de Alvajar, e ve con satisfacción que Javier Alvajar o estea

axudando moito; dille que, se o cre conveniente, el tamén manterá correspondencia con Javier.

A partir deste momento, Suárez Picallo, ademais de con César, manterá tamén correspondencia con Javier, que se ofrecera a traballar e que se encargará, neste tempo, do labor de enlace coas xentes que residían en Galicia, debendo ser París o núcleo de coordinación destes enlaces.

Durante estes anos Javier actuará como delegado suplente. Cando morre o seu pai, César, o 6 de xuño de 1965, ocupará o posto de Delegado.

Os problemas internos do Consello de Galicia provocaron que Javier pensase en varias ocasións en dimitir, pero, por presións de amigos do interior, e polo difícil que fora poder estar presente na Unión de Forzas Democráticas, decidiu seguir. En 1976, sen embargo, logo dunha xuntanza celebrada en Santiago das forzas democráticas galegas con Alvajar, tomarán o relevo, como representantes do interior, Domingo Antonio Quiroga Ríos e Afonso Zulueta de Haz. Zulueta era un membro representativo do Partido Galego Social-Demócrata (PGSD).

Pero vexamos agora un pouco por riba as actuacións políticas desta Delegación do Consello de Galicia en Europa. Empezaremos pola participación no Consello Federal Español do Movemento Europeo. Temos que ter en conta que estamos falando da prehistoria, cando se está a consolidar este movemento europeo, que posteriormente dará paso ao que agora estamos vivindo.

Presidíao Salvador de Madariaga. Aínda que houbo algunhas reticencias porque algúns non consideraban ao Consello de Galicia un partido, co apoio do Partido Nacionalista Vasco, de Acción Nacionalista Vasca, de Esquerza Republicana de Cataluña, de Acción Republicana Democrática Española e, sobre todo, polo interese de Madariaga, o Consello de Galicia integrouse en tal organismo. As primeiras xestións fixéronse a finais de 1958, contactándose con Madariaga.

En xullo de 1961 Javier Alvar, substituíndo ao seu pai xa asiste a unha xuntanza do mesmo. A partir dese momento, o Consello de Galicia, a través da súa representación en París, participa en cantas xuntanzas realiza o Consello Federal Español do Movemento Europeo.

Só a título de exemplo, a partir de 1965, vemos formando parte do Consello Federal Español a personalidades como Rodolfo Llopis (PSOE), José Maldonado e Fernando Valera (ARDE), Manuel de Irujo e José María de Leizaola (PNV), Julián Gorkin (a título persoal), Enrique Gironella (a título persoal), José María Gil Robles (Democracia Cristiana), Joan Sauret (ERC), Josep Sans (Esquerza Catalana), Carlos Martínez Parera (UGT-PSOE), Pablo Martín Zaro (Unión Social Demócrata), Salvador de Madariaga, Gonzalo Nárdiz (ANV) e Francisco Javier Alvar, entre outros.

Tamén a representación galega asistirá aos congresos do Movemento Europeo: todas as xuntanzas preliminares do célebre celebrado en Munich, entre os días 5 e 8 de

xuño de 1962, e aos celebrados en Cannes (1965), Bonn (1972), Londres (1973) ou Bruxelas (1974).

Javier Alvajar será membro suplente do Comité Director do Movemento Europeo en 1974 (sumaba un total de 84 dirixentes). Formaban parte neste momento da institución organizacións de Alemania, Austria, Bélxica, Gran Bretaña, Dinamarca, España, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Malta, Holanda, Noruega, Suecia e Suíza; entidades como a Asociación Europea de Ensinantes, o Consello das Comunidades de Europa, a Liga Europea de Cooperación Económica, o Movemento de Esquerda Europeo, o Movemento Liberal por unha Europa Unida, a Unión Europea dos Demócratas Cristiáns, a Unión dos Federalistas Europeos, a Unión de Resistentes por unha Europa Unida, os grupos demócrata-cristián, liberal e socialista do Parlamento Europeo, a Confederación Europea de Sindicatos, o Comité das Organizacións Profesionais Agrícolas da CEE, a Xuventude Europea Federalista, a Asociación de Xornalistas Europeos, a Federación Internacional de Casas de Europa e a Asociación Europea dos Cheminots, estando asociadas organizacións de Bulgaria, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, Romanía e Iugoslavia.

Outra das actividades foi a participación na Unión de Forzas Democráticas, chamada primeiramente "Pacto de París", que fora creada coa fin de ofrecer unha alternativa ao réxime franquista que servise tanto aos grupos da oposición no interior como aos exiliados. A UFD estaba formada por: PSOE, Esquerda Democrática Cristiá, ARDE,

PNV, ANV, UGT, Solidariedade de Traballadores Vascos (STV), Consello de Galicia, Irmandades Galegas e o grupo de Monárquicos Parlamentarios Constitucionais. Nun primeiro momento, existiu a oposición, por parte de grupos como o PSOE, e mesmo os vascos e cataláns, que non recoñecían ás Irmandades como órgano político dos exiliados galegos, a que estas entrasen no "Pacto de París". Estamos en 1958.

Ante estas reticencias iniciais, o Consello de Galicia e a delegación en París deciden deixar para máis adiante a idea de incorporárense ao "Pacto de París", cousa que se acadará, en boa medida polas boas relacións do máximo dirixente do PSOE, Llopis, como polas xestións realizadas por José Maldonado, presidente de ARDE.

En marzo de 1962 o Consello de Galicia comunícalle a César Alvajar que o Consello fixo xestións coas Irmandades Galegas para entraren, a través da de Bos Aires, na UFD, aceptando as condicións estatutarias que esta tiña, e que querían saber se nese organismo estaban representados os gobernos vasco e catalán, porque o Consello considerábase unha entidade similar e só entraría nas mesmas condicións.

Entre 1963-1964 o Consello de Galicia e as Irmandades ingresan como membros de pleno dereito, asistindo con regularidade ás súas xuntanzas.

De finais de 1966 é un documento da UFD no que se fala dunha xuntanza celebrada en París o xoves 1 de decembro de 1966, á que asisten os partidos que a forman.

Fálase nela do escrito que dirixiron ao goberno de Franco os grupos de oposición do interior. Ese escrito fora redactado nunha reunión en Madrid, asistindo como observadores o PSOE, ARDE, vascos e cataláns, que se amosaron disconformes co escrito, manifestando que a única postura digna era que se recomendase a abstención. Xustificaron esta postura na Declaración da UFD, que dicía que en ningún momento se colaboraría co Réxime, e que pedir o voto negativo xa supoñía un recoñecemento. Franco e o seu goberno non aceptaron nada deste documento. Javier Alvajar di que a UFD decidiu publicar un manifesto no que xa aparece como asinante a Irmandade, pero que ten problemas para que a recoñezan como organización política. Di que grazas á amizade que mantén con Llopis, Maldonado, Valera e Irujo, puido resolver este problema, pero que para eles sería mellor que o asinara o Consello de Galicia, ao que consideran máis político.

Tamén se participou na Unión Federalista das Comunidades Étnicas Europeas. Esta organización tivera un precedente no período entreguerras: o chamado “Congreso das Nacionalidades”, que, integrado na Liga de Nacións, traballaba a prol dos dereitos das minorías nacionais. Logo de desaparecer na época hitleriana, en 1949 fúndase en París a Unión Federalista das Comunidades Étnicas Europeas, sendo o seu primeiro presidente o valón belga Charles Prisnier, e o primeiro secretario xeral o bretón Joseph Martrai.

O Consello de Galicia e as Irmandades ingresan en maio de 1969 nesta organización, previa petición por escrito do Consello de Galicia, que remitira carta, datada

o 9 de abril dese ano en Bos Aires, asinada polo secretario de goberno do mesmo, Valentín Fernández. O ingreso fíxose nun Congreso que se celebrou entre os días 15 e 18 de maio de 1969, no “Cinema Central”, sito na Avenida da República, en Colmar (Alsacia-Francia). Asistiron, representando ao Consello e ás Irmandades, Javier Alvarar e Antonio Álvarez. A se do Consello estaba en 17 Quai aux Fleurs, F-75 Paris IV.

No ano 1962 se funda a Irmandade Galega en París, por Javier, que é o seu Contador. Presidida polo seu pai, César Alhajar, era unha Irmandade moi modesta: moitos deles xa non eran exiliados senón emigrados en Europa. Tentan traballar, pero ao pouco tempo a entidade empeza a esmorecer e desaparece. Máis anos duraría a Casa de Galicia en París, que tamén fundou en 1956 Javier na compañía do seu pai, de Salvador Echeverría e doutras persoas. Javier é o Secretario da primeira Xunta Directiva; despois, no ano 1964/1965, será tamén membro da redacción e editor de *Galicia en Francia* e estará integrado no equipo de fútbol desta sociedade, que por certo xogaba nunha liga federada de equipos en París. A Casa de Galicia, e o digo como dato anecdótico, tiña un grupo musical, un coro, que se chamaba “Alborada”, que dirixía o pianista Ramón Chao, pai do célebre cantante Manu Chao. Organizaban algunhas veladas, mesmo unha representación dunha zarzuela en París.

Imos rematando. Penso que é suficiente a visión que demos sobre a traxectoria de Javier. Xa o seu traballo dentro do Goberno Republicano no exilio, como o de editor,

sería importante de máis para que se investigase sobre a súa figura, -foi un dos poucos galegos vinculados ao Goberno Republicano no exilio-. Pero, ademais, o seu papel como Delegado de Consello de Galicia en Europa permitiulle vivir e protagonizar, de primeira man, os acontecementos políticos máis importantes de todos estes anos ata que no ano 1976 regresa do exilio. Por iso coido que foi unha boa idea da organización destas xornadas que se pensase en falar sobre a súa figura. Creo que o Concello de Carral pode estar moi orgulloso de ter na súa historia un alcalde como Javier Alhajar: moi poucos galegos, como dixemos, tiveron a oportunidade de participar de primeira man en acontecementos tan importantes para a historia contemporánea de España ou para a historia das institucións democráticas españolas, truncadas por unha sublevación militar fascista en xullo de 1936, e que, grazas ao esforzo moi duro por parte de moitos dirixentes, que tiveron que sacrificar a súa carreira profesional, a súa vida, que o perderon todo, foron quen de manter, durante o exilio, o facho do que significou o Goberno Republicano e a Segunda República, transmitíndonos ás novas xeracións todos eses valores dos que afortunadamente agora gozamos. Como dicía unha persoa, “a democracia é coma un xardín que hai que ocuparse de ir regando continuamente porque, se nos descoidamos, pode que un día ese xardín, esas flores, murchen”.

Ás veces, esquecemos o que significou vivir nesas épocas tan duras, nas que non había dereito a nada. Levamos un cuarto de século de sistema democrático e algúns pen-

san que foi así toda a vida, mais moitos de vostedes saben, porque o viviron , que non é así, e que debemos estarmos sempre moi vixilantes para que os valores democráticos que defendían persoas coma Javier non se perdan, e que as novas xeracións sigan tomando o seu relevo e levando este facho democrático, que é o fundamental. Unha sociedade que non é libre de decidir e de pensar é unha sociedade morta.

Máis nada, grazas de novo á Asociación Cultura Aberta por convidarme a participar nestas xornadas e a todos vostedes por achegarse a escoitar a miña disertación.

AS ELECCIÓN DE NOVEMBRO DE 1933. MITO E REALIDADE.

EMILIO GRANDÍO

(16 de outubro do 2008)

Moitas grazas ós asistentes e tamén a Asociación Cultura Aberta por esta charla e invitarme a estas Xornadas. Estas Xornadas teñen un tema moi concreto, a conmemoración da primeira vez que a muller votaba de xeito libre en España. É o 75 aniversario, un aniversario que politicamente a moita xente non lle interesa. Eu recordo que hai cinco anos, no ano 2003, había moito máis movemento en torno á conmemoración deste voto que hoxe en día, non sei a que se debe, mais sen embargo, pouco se escoita falar disto.

Todos os historiadores sabemos que este é un cambio decisivo, non só para a sociedade no seu conxunto senón tamén, evidentemente, para o ámbito feminino. É decisivo para a sociedade no seu conxunto porque a partir dese momento hai unha metade da sociedade que xa non ten unicamente a metade dos seus dereitos, senón que ten os dereitos políticos. Xa non so ten dereitos civís, dereitos sociais, senón que tamén ten dereito a decidir, a decidir politicamente nunha democracia coma aquela, que tiña problemas. Non vou esquecer nin quero agachar que tiña

problemas porque os historiadores non debemos facer ese tipo de cousas, pero que tiña elementos positivos. Aínda ca oposición de moitos dos dirixentes republicanos, un deses elementos positivos é a concesión do voto feminino. Custoulles moito, pero finalmente conseguíuse. Querería afondar un pouquiño en elo.

Respecto ó tema dese 75 aniversario, desas eleccións do 1933, ¿cal é aquela República de 1933, en qué consistía?. Antes de nada quero que os asistentes fagamos, aínda que sei que é difícil, un exercicio de reflexión. As mulleres e os homes que vivían naquel 1933 non viviron nin 1934, nin 1936 nin a Guerra Civil nin o franquismo. Iso é tremendamente importante para comprender a República, e sobre todo, para entender o primeiro bienio republicano. É unha democracia moi nova, recente, nova, que tiña moitos problemas, non so internos, senón tamén externos, que crecía no medio dunha crise económica e dunha grande conflictividade obreira e tamén política. E polo tanto, entre todas esas circunstancias comezaba a medrar “La Niña”, como lle chamaban daquela. Aquela nena era unha democracia, posiblemente os únicos dous anos dos cinco con maior sensación de democracia, de crear algo novo, foron precisamente estes dous anos, do 31 ó 33. Falamos da República coma se durara medio século, e realmente durou cinco anos, cinco anos que deixaron unha pegada moi fonda e non cabe dúbida de que o réxime que temos hoxe en día non sería igual sen aqueles cinco anos.

Neses dous anos a sociedade galega, a española, sentíase que podía facer todo. Incluso os sectores radicalizados,

os obreiros, os sindicatos, a auténtica esquerda, porque cando un falaba da esquerda falaba dos obreiros, dos cenevistas, dos socialistas, falaba de Largo Caballero... pois aquela esquerda tamén pensaba que podía facer algo, e de feito, a partir do ano 32 e 33 plantexou alternativas, ¿e porqué? Porque entendíase que todo era posible. So hai que ver as declaracións na instauración da república de moitos dos dirixentes locais republicanos para entender cal era o grao de utopía. Os discursos están cheos de referencias teóricas, pouca práctica política, porque non a tiñan, porque levaban moito tempo fora do sistema político ou mesmo nunca estiveran, e comezaban agora mesmo a crear unha democracia con moitos problemas e con moitos atrancos.

Creo que este exercicio de reflexión é importante. Cando un historiador traballa sobre un texto o que pretende é estar nese contexto, ser capaz de chegar a conclusións sobre o que pensaban, o que facían. Sobre as actitudes, obxectivos e incentivos dunha xente nun momento concreto nun espazo determinado. Os corenta anos de franquismo, e os tres de guerra civil, para mal ou para ben forman parte da nosa memoria, e forman parte da nosa construción de valores. Modelaron a varias xeracións, non so a unha, e esa cultura e moi difícil de perder, moi difícil.

Eu o expoño sempre: nós non tivemos dez anos ou doce anos de ditadura nazi, senón que tivemos corenta anos de franquismo, e antes tivemos sete anos máis de ditadura de Primo de Rivera, e antes tivemos un sistema de restauración no que a capacidade de entrar en política estaba

moi pechada, practicamente ata os últimos anos. Quero dicir con todo isto que somos o que fomos, e evidentemente para falar deste período do 31 ás eleccións de 1933, hai que colocarse nesa posición, nunha nova idea, con novos proxectos, por parte de todos, incluído por parte da dereita. A dereita non sabe tampouco que vai existir un 36, non o sabe, non prefigura dende un primeiro momento dar golpes de estado, non. Hai de todo dentro das posicións de dereita, é unha dereita moito máis plural do que parece. A herdanza do franquismo ó que nos levou entre outras cousas é a considerar á dereita coma única e non é así, hai moitos sectores dentro da dereita naquel momento. Maioritariamente non aceptan a República, é certo, mais traballan dentro dela tamén. Por tanto esa é a perspectiva na que nos temos que situar, que eu entendo que é fundamental para entender, non so aquel tempo senón o de hoxe en día.

O contexto socio histórico no que se instala o novo réxime. Hai que dicir que aquela democracia nacía cunha serie de problemas. Vou afondar en problemas concretos, pero vou falar tamén de problemas de saída, de mentalidades. Aquela democracia que se pretendía crear, aquel sistema parlamentario liberal que era a República das Cortes Constituíntes, a altura do ano 31 no contexto europeo, é un elemento vello, non novo. O que é novo é a Rusia bolchevique e o Partido Nacionalsozialista e posteriormente a ditadura nazi en Alemaña, aquilo era o moderno. O vello eran as repúblicas parlamentarias liberais, caducas, anquilosadas, que levaban moito tempo funcio-

nando nese sentido, non en España, pero si no contexto europeo. Por tanto nesa situación hai que colocarse: unha democracia que pretende crearse pero o mesmo tempo moitos dos seus sectores tendencialmente afíns, non van a colaborar, non a van apoiar para nada. Aquilo nacía xa coma un sistema vello, era moderno para España, pero no contexto no que se situaba era fortemente criticable. Todos os profesores de historia falamos sempre a altura da etapa de entreguerras do eterno tópico: “a crítica ó sistema liberal de entreguerras” . Pois aquí estaba. Todos eses condicionantes están aí, é un sistema vello de saída, non novo, non era moderno. O moderno era a violencia política, a aplicación da violencia política coma algo beneficioso, a consideración do Estado coma ‘deus ex máquina’. O colectivo era o estado, o importante non era o individuo senón o estado que dirixiría a todos os individuos nun ben común. Iso era o que atraía máis nese momento ós sectores sociopolíticos sen dúbida ningunha.

Aquela era unha República, ademais, de intelectuais. O parlamento das Cortes Constituíntes de 1931 foi coñecido coma “A República dos Intelectuais”. Moitos intelectuais e pouca práctica política previa, moi pouca práctica política previa. Os poucos que tiñan algo de práctica anterior ficaron aparte, por exemplo, o Conde de Romanones foi Deputado das tres lexislaturas e non interveu. Niceto Alcalá Zamora é dos poucos con Miguel Maura, que teñen unha traxectoria política anterior, mais en todo o demais de esquerda non hai unha praxis política anterior. Iso si, as Cortes están pragadas de xente que sabe falar

moi ben, cheas. Agora ben, á hora de colocar un Goberno civil, ¿a quen poñen? Pois Miguel Maura ten problemas de conciencia respecto da súa posición persoal coa Igrexa e colocan despois a Casares Quiroga. Porque Azaña confía en el, e por que ten algunha praxis política previa. Pero todo o demais fica practicamente esmorecido, non hai práctica política.

Ademais hai unha cultura de violencia política moi notable. A consideración da violencia coma algo benéfico para a política é un elemento extensible tanto á dereita coma a esquerda, e ademais neste hai tamén algúns tópicos que penso que hai que desbotar. Falabas antes do traballo da Deputación, precisamente estamos rematando un traballo sobre a cultura da violencia política e sobre o mantemento da orde pública na provincia. Aí hai que falar evidentemente de outubro do 34, e dos meses do Frente Popular, e hai que falar todo isto, e é complicado de entender. No que quero insistir agora, sobre o tema que me trae aquí, é que o ano máis complicado politicamente dende a perspectiva obreira, o ano máis revolucionario sen dúbida, o ano con maiores problemas de orde pública, non foi o ano 34, nin moito menos o 36, senón que é o 33, e incluso o 32 a finais. No que hai entre decembro do 32 e decembro do 33 temos ata 3 tentativas de insurrección anarquista xeral en toda España. Na cidade da Coruña hai uns meses nos que practicamente cada día estoupaban bombas, bombas ás dez da noite para que se escoiten ben. Practicamente tódolos días, e non por iso naqueles días houbo unha guerra civil.

A cultura da violencia política estaba moi estendida. O problema era que os sectores republicanos, sobre todo neste primeiro bienio, tiñan moitos problemas debidos á ausencia de práctica política, debido tamén a que a inmensa maioría da dereita, tampouco traballaba moito nese sentido, senón no contrario, no de querer recuperar o poder perdido. Querer recuperar posicións políticas e por tanto levar á crispación constantemente e é evidentemente nesa situación, ten como efecto violencia política. Isto estaba bastante máis estendido do que se poida pensar. Non se pode ollar a II República coma se fose o ano 2007, nin o 2008, nunca. Non se pode ollar dende esa perspectiva porque non ten nada que ver.

Outra cuestión: a palabra consenso, esa palabra a través da cal se fixo medrar o réxime do 77, esa palabra máxica, non existiu nunca durante a II República, nunca, nin tan sequera nos primeiros anos. A República nace coxa porque as posicións de dereita están completamente abrumadas polo cambio político, nunca pensaran que se puidera dar de xeito real, nunca prepararon unha opción b, e no que se vota nas Cortes Constituíntes do 31, os parlamentarios de dereita son escasos, e polo tanto se nas Cortes Constituíntes se elabora unha Constitución e os parlamentarios da dereita non participan, esa constitución vai tender cara a posicións de esquerda burguesa e do Partido Socialista. Na etapa de entreguerras en Europa ninguén falaba de consenso, porque o moderno non era o consenso, senón todo o contrario. Nas sociedades do benestar dos anos 70, o consenso, para esa inmensa clase media

que existía, era positivo. O problema era que esa clase media, en España, a altura dos anos 30, era inexistente, ou a representaban os tendeiros ou a representaban sectores burgueses que tendían á esquerda, pero esa era a clase media. Había unha enorme diverxencia económica, e unha enorme diferenciación social e económica, moito máis evidente da que había nos anos 70 en España, moito máis.

Outra cuestión, ¿cantas ideas de república había?. Ben, todo o mundo estaba, incluso durante a guerra, a favor da república, en defensa da república, pero para cada quen a república era unha cousa distinta. Evidentemente a república burguesa de Casares Quiroga non tiña nada que ver ca de José Villaverde nin ca república de Moreno Torres, os anarquistas, nin tiña nada que ver ca república dos comunistas, nin tiña nada que ver ca república de Largo Caballero, socialista, nin tiña nada que ver ca república corporativa de Gil Robles, nada. Todos eles ían a favor da república, o que implica un certo consenso nominal, pero evidentemente as propostas de futuro, os proxectos de futuro, estaban totalmente distanciados uns dos outros.

Hai unha cuestión de saída que me interesa salientar. Dende o primeiro momento debido a que a práctica política democrática era tan escasa, máis ben nula, ata o ano 31. Cando chegan os republicanos ó poder, cando chega a “Niña” o 14 de abril e posteriormente, hai unha sensación dentro das elites dirixentes debido a todos eses anos en que estiveron fora do poder, como de “turnismo” da Restauración: “agora nos toca a nós gobernar”, e por tanto

todos aqueles sectores de dereita que se presentaran nas eleccións municipais ou posteriormente, como monárquicos, coma Unión Patriótica, conservadores etc, etc.... Todos eses, ó final, foron substituídos e non podían por lexislación traballar baixo esa denominación na República. É dicir, unha das primeiras cuestións que se fan lexislativamente é prohibir a todos aqueles que non estean definidos explicitamente coma republicanos traballar neste sistema, que se chama república. Iso o que fai é distanciar de saída a determinados sectores. Eu enténdoo dende a práctica política previa, non coma sectarismo porque dende logo a práctica política posterior non leva a esa conclusión. E dicir, sectores de dereitas que entraron coma republicanos conservadores, hai moitísimos, que entraron con unha etiqueta soamente de republicano, incluso coma independentes, hai moitísimos. Entendo que non é sinxelo, é complexo, non hai unha única razón, non é que España o 13 de abril fose monárquica e o 14 de abril todos saísen á rúa, non. Iso é imposible no mundo da política, absolutamente imposible. Polo tanto iso require que a cultura política dos dirixentes políticos republicanos fose unha cultura escasamente democrática, era unha tradición en si mesma, mais sen embargo si o era en principio, ¿Por qué? Por que non tiñan outra praxis, aínda que quixeran facela, e tiñan proxectos de futuro para ela.

Cáles eran as perspectivas do cambio a altura dos anos 1931-33. Había varios problemas, entre eles os típicos: a distribución territorial do estado, a propiedade da terra (non especialmente en Galicia, na que ese problema resól-

vese a partir do ano 26), o non recoñecemento da explícito da república por parte da dereita (ese é un problema de saída coma xa vos comentei, esa república que nacía coxa), pero hai varios problemas máis importantes que quixera salientar:

Un deles é a actividade do movemento obreiro contra a República, contra esa república burguesa. UGT, PSOE e CNT dende logo están absolutamente en contra. Nos primeiros meses non hai problema, nunha especie de transición practicamente ata outono do 31. A partir do inverno do 31, pero sobre todo en xaneiro do 32, xa empezan os procesos insurreccionais por conflitos económicos basicamente, e todos eles se poñen de costas á república burguesa. Esa república non é a súa, o que entenden é que o Ministerio da Gobernación de Casares é unha especie de Kerensky, e que a partir de agora o que teñen que facer é o desborde ó outro lado, e dicir: montar unha república socialista revolucionaria, dito directamente por eles en cada un dos textos. E non estou falando de personaxes concretos radicalizados, senón da inmensa maioría dos xornais neste sentido. É un período de folgas, de paro (o paro chega no ano 32 de xeito moi especial a Galicia ademais con problemas na construtora naval, tamén en todo o sector pesqueiro). Todo ese caudal de descontento é canalizado en boa parte polos sindicatos obreiros a través de propostas revolucionarias. E polo tanto, de decembro do 32 a decembro do 33 as insurreccións de carácter económico convértense en insurreccións de carácter netamente político. Hai a vontade de desbordar a república

burguesa, e iso faise durante todo o ano 33, constantemente, o que trae un custe político enorme ó goberno. A dereita necesita chegar ó poder e utiliza iso constantemente. A súa tese é a seguinte: non é unha república forte, non é unha república que free eses problemas, e por tanto hai que atallalo cun goberno forte, cun goberno de dereita.

Dous. A igrexa. A igrexa colócase de saída, a inmensa maioría da xerarquía católica, fronte a república. Hai unha identificación republicanismo-anticlericalismo moi forte, moi presente dende os primeiros momentos. Sen embargo a xerarquía católica nunca está a favor da república ou de considerar á república coma algo seu. A xerarquía católica está nunha proposta absolutamente reaccionaria. Para eles España só pode existir dentro dun determinado esquema, dunha tríade conformada por un sistema monárquico, a unidade, unidade territorial, e evidentemente, católica. Se non se dan as tres pautas, iso non é España. Polo tanto, se o sistema de goberno non é unha monarquía, é unha república, ese sistema xa non é válido. Aínda así, tampouco debemos caer no tópico. Sobre todo a partir do ano 32 a xerarquía católica declárase politicamente dun partido. O partido dos curas é a CEDA. Iso o entende todo o mundo na república, incluso os propios curas. Agora ben, sobre todo polo golpe de Sanjurjo en agosto do 32, hai unha especie de tentativa de achegamento entre as súas realidades, entre a igrexa e un estado que quere ser laico. Agora ben, a partir do ano 33 especialmente a partir da aprobación da Lei de Congrega-

cións, a igrexa católica declárase decididamente en contra do republicanismo burgués. Iso acontece a altura de maio do 33; é un momento no que o goberno dos republicanos burgueses está moi debilitado, os socialistas xa non están no goberno, aprovéitase Casas Viejas (en xaneiro, febreiro) e posteriormente tamén a Lei de Congregacións. A Lei de Congregacións o que provoca é un peche de filas absoluto de todos os partidos políticos de dereita en torno da defensa contra esa lei. Provoca unha unidade da dereita que ten moito que ver, moitísimo que ver, ca vitoria electoral de 1933. Esa sensación de unidade, de partido forte, de necesidade ante un clima de violencia política constante por parte da insurrección anarquista, cunha campaña enorme, cun orzamento enorme, cunha CEDA que se organiza por primeira vez en marzo do 33, que é un partido político moderno e que van as súas mulleres polas casas revisando o censo electoral. Todo iso é importantísimo para entender a vitoria da dereita en 1933. E o ano 33 explícase tamén por iso, sobre todo porque o goberno está moi debilitado, tremendamente debilitado. É un goberno feble, que xa perdera no ano 32 o apoio dos sindicatos obreiros, que perde durante o ano 32 o apoio do Partido Socialista, da rama moderada. Ante iso o único que lle queda, o que se difunde constantemente nos medios de comunicación é a imaxe de Azaña dicindo: “tiros a la barriga” por Casas Viejas. Iso está en todos os medios de comunicación. Ademais, a Lei de Congregacións permite esa unificación, presentar esa imaxe de dereita homoxénea.

O terceiro elemento do que quería falar é o papel do exército. Hai que dicir primeiro, e isto xa o teño dito aquí e en moitos outros sitios, non podemos analizar o exército dun xeito xeralista. Houbo unha guerra civil porque había militares de esquerdas e militares de dereitas sen dúbida algunha. Se todo está dun lado é evidente que non hai Guerra Civil. Agora ben, hai que salientar que o papel dos militares na historia política española ata 1977 é fundamental, pero non estou dicindo como militares senón como políticos. E dicir, militares que son políticos. Hai que falar de todo o século XIX español, hai que falar non so de Serrano, de O'Donnell... e de Prim tamén. Hai que falar deles como políticos. Isto xurde da Guerra de Independencia. O papel dos militares na vida política española é fundamental. A Guerra de África no primeiro terzo do século XX é básica para entender o rumbo político do Estado; a ditadura de Primo de Rivera quen a dirixe é un militar; durante a Segunda República hai dúas tentativas militares: unha con éxito a de xullo do 36, outra de Sanjurjo; os 40 anos de franquismo... É dicir, nun conxunto de dous séculos o papel dos militares na vida política española é constante. Polo tanto o que fixo Azaña a altura do ano 31-32 en forma da Reforma do Exército, eu entendo coma unha medida moi pertinente, agora ben, si que hai que ter en conta que esa autopercepción dos militares de que “nós diriximos España” sigue aí, ven, entre outras cousas, de que os distintos gobernos da etapa contemporánea española entenden, en xusta correspondencia, ós militares como forzas que garanten a orde pública. Non hai un sistema de policía consolidado, estendido,

senón que se hai un problema nas cidades, ¿a quen se chama? Ós militares. Cando hai un problema no rural chámase a Guarda Civil, pero cando hai un problema de orde público, sobre todo ata os anos da república, ou un pouco antes, non hai un sistema de policía suficientemente estruturado para frear iso. Precisamente a república vai tratar de frealo ca creación da Guardia de Asalto, pero non chega a tempo.

Os mestres son a punta de lanza, a vangarda da renovación e da modernización política do país. So hai que ver os xornais locais de boa parte desta Galiza para ver artigos e editoriais de mestres nacionais falando directamente de temas políticos. Non unicamente do ensino, senón estritamente políticos. De aí ven o forte grado de represión que ten lugar posteriormente, xa que estaban a maior parte deles, moi metidos no ámbito da renovación da cultura política do país.

Por outro lado hai que dicir que indubidablemente o sistema republicano dotou dunha infraestrutura, quixo darlle unha infraestrutura educativa ó país, que non tiña. Sobre todo durante o bienio republicano hai unha extensión do número de escolas moi importante. Durante os cinco meses da Frente Popular tamén, aínda que evidentemente non tivo tempo sequera de realizar trámites administrativos. Mais sen embargo hai un feito curioso nese aspecto, cando hai problemas cos curas ou cos párrocos. E a ocupación ou incendio das casas reitorais a altura do ano 31-32 quedan de novo en propiedade do párroco. Mais sen embargo no 36 a incautación dos cemiterios leva xa

directamente a que cando abandona o párroco o cemiterio. Tamén se incautan das casas reitorais para dedicalas a escolas. Isto debe ser unha consigna do goberno porque en todas as corporacións locais acontece isto: cando hai un problema co párroco, o párroco abandona a casa reitoral, e esa casa reitoral municipalízase nun recinto escolar.

Polo tanto, o papel activo dos mestres eu entendo que é fundamental. Porque, volvo a insistir na primeira idea, a república durou cinco anos, mesmo podemos dicir sen grandes problemas que a democracia durou dous anos. Neses dous anos a pegada dos mestres é fundamental, para entender o cambio da cultura política deste país, non so a altura dos anos trinta senón tamén dos anos setenta. Cando as testemuñas falan da guerra, da represión, da república, unha das primeiras cousas que lle saen é o mestre, o mestre e a súa actividade, etc, etc... Porque representaba un discurso totalmente renovador, un discurso totalmente moderno, dentro do contexto europeo no que se situaba. E rompía aquela vella tradición do párroco como instrutor: hai un esforzo moi grande por parte da república na educación.

Outra das cuestións en positivo para Galicia nestes primeiros anos da República é fundamental, que é a apertura da primeira fase do proceso estatutario. Unha primeira fase que se ve precisamente interrompida por estas eleccións, pola crise de goberno, porque como supoño que xa coñecedes, hai un plebiscito convocado para decembro do 33, e que o resultado destas eleccións rompe. As xuntan-

zas de xuño do 31, as da Asemblea de Concellos de Compostela do 32 e a previsión do plebiscito para decembro do 33, por certo, do segundo estatuto, o primeiro o catalán, o segundo sería o galego despois do fracaso do estatuto vasco, era un proceso que estaba en marcha, o que pasa é que por conxuntura política hai cousas que o levan para atrás. E tamén hai que dicilo, a altura dese momento, un escaso peso de aqueles máis interesados nel. E dicir, o partido galeguista a altura do ano 33 e un partido maioritariamente composto para a opinión pública por fuxidos da ORGA, Villar Ponte, Suárez Picallo e grupos galeguistas locais. É dicir, o peso do Partido Galeguista a altura do ano 33 non é o peso do Partido Galeguista no ano 36. E a súa capacidade de mobilización menos. A capacidade de mobilización do Partido Galeguista no momento do estatuto, da plebiscitación do estatuto, é moitísimo maior. Por exemplo, o partido galeguista no 36 ten catro alcaldes, por determinadas circunstancias da Frente Popular etcétera, pero ten catro alcaldes. E ten unha rede asociativa estendida non só polo urbano, senón que tamén empeza a estenderse polo rural a altura do ano 36 de xeito moi notable. No ano 33 o que ten son catro deputados. Catro deputados cun peso político escaso ‘a priori’. O gran éxito do plebiscito faise a partir do pacto explícito dese punto no programa do Frente Popular, e que ese Frente Popular resulta vitorioso.

E o terceiro dos temas que me gustaría comentar hoxe e o tema da muller. É curioso pero á altura do 31 nas Cortes Constituíntes hai deputadas, catro, mais non hai

voto feminino. Evidentemente todo non se pode cambiar de golpe. Mais a situación era, teoricamente, moi aceptable polo republicanismo progresista, tamén polos sectores socialistas, mais sen embargo os problemas para a votación parlamentaria e a promoción do voto da muller fixeron que se demorara moito tempo. Non foi ata decembro do 31 cando se fixo ese voto , e ese voto aprobouse unicamente por catro deputados de diferenza, 131 a favor, 127 en contra.

Aí funcionou coma sistema de voto a liberdade de conciencia, coma se fose o voto sobre a confesión relixiosa: había xente que estaba a favor do voto feminino, había xente que estaba en contra. Aí non había posicionamentos comúns entre sectores de esquerda e de dereita. Ós sectores de dereita lles interesaba moitísimo o voto feminino, pero ós sectores da esquerda e a moitos outros dos que podería presumirse que non tiveran problemas con isto, poñíanse en contra.

Por tanto o problema do voto da muller realizouse a duras penas, isto ten que ser considerado. A sociedade española non estaba o suficientemente ‘madura’ para ese voto, para entendernos, aínda que esa perspectiva non me interesa. Este é un caso que tamén sempre comento: a represión da guerra civil faise maioritariamente sobre os homes, hai un 5% de represaliadas. E non é así porque as mulleres estiveran menos en política, senón porque incluso por parte dos propios represores , que eran parte desta sociedade, entendían que a muller era un elemento secundario, que politicamente non podían estar ó mesmo

nivel que o home, e por tanto, o seu inimigo non era a muller, eran os homes. ¿Cando comezan as mulleres a verse represaliadas, por exemplo? Pois maioritariamente é a partir dos anos corenta e pico, as cárceres empezan a encherse de mulleres, de enlaces de guerrilla. Antes deso, so eran perseguidas as máis destacadas, as mulleres que estaban cos seus maridos e non os abandonaban, etcétera. As demais case non se consideraban. Teoricamente un goberno que presumía desa liberdade, non podía botar para atrás o voto feminino, non podía illar un sufraxio universal que fose dunha parte da sociedade e da outra non.

¿Cómo era o sistema de partidos no ano 33? O sistema de partidos en Galicia a altura do ano 32-33 ten unha estrutura que creo que convén explicar. O partido referente tanto en Madrid coma en Galiza era a ORGA. A ORGA é o partido “casarista” por excelencia, pero sen embargo hai que dicir que a ORGA, aínda que a altura do ano 32-33 aparece coma un macro partido, cunha glorificación do seu líder, cunha campaña mediática enorme de Casares Quiroga... sen embargo é un partido sen masas, é un partido de elites. Portela Valladares, cando Casares Quiroga antes de espallar a ORGA a partir de 1930 despois do pacto de San Sebastián, fala con Casares Quiroga, e este lle ofrece a presidencia dese partido, do novo partido que se vai crear que é a Federación Republicana Galega: é unha extensión da ORGA, unha plataforma electoral. Portela Valladares lle di que non, porque é un partido de elites, un partido de minorías, porque non representa o

sentir galego. Esa sensación de elites nunca o abandonou, nin sequera a partir do ano 34-35 coa conversión en Izquierda Republicana. As masas da esquerda están nos sindicatos, ou ben no Partido Socialista, pero non están detrás da ORGA. O que hai nela son elites liberais, elites profesionais, por certo moi semellantes o que pode existir no Partido Galeguista, e que nalgún momento, eses sectores van polo Partido Galeguista porque entenden que a compoñente nacional non é o que lle corresponde a Casares e por tanto van por outro lado, pero con compoñentes ideolóxicas moi semellantes. Elites medias altas, urbanas principalmente, e que teñen as súas tensións, as súas redes de enfrontamento polo rural, e que se aproveitan sobre todo dun control do poder dende o ano 31. Alí queda un baleiro absoluto e hai que gobernar, e en Galicia quen vai a dedicarse a iso porque ten a maquinaria preparada vai ser o “Casarismo”, a través da Federación Republicana Galega, que ten as súas elites preparadas para gobernar.

O PSOE é quizais o partido máis estruturado a altura do ano 31. Non o maior, non o que ten máis capacidade en Galicia, pero si coma organización de partido máis sólida e firme. Aínda así ten varias tendencias internas, pero externamente sempre aparece así, coma PSOE, aínda que sexa un ala ou outra. Sen embargo o PSOE a altura do ano 32 vai virando sobre todo cara a esquerda radical, non lle convence indubidablemente o que acontece nesa república burguesa, nese goberno, hai moitos contidos nos que non está de acordo, e polo tanto vira a comportamentos de esquerda máis radicais. Os sindicatos obrei-

ros, volvo a insistir, son as auténticas organizacións de masas de esquerda. Hai unha intervención política moi activa. Claro, cando falamos de sindicatos non podemos ter a perspectiva de hoxe en día, e dicir, aqueles sindicatos eran sindicatos de clase. Sindicatos que tiñan un perfil económico pero que tamén tiñan un perfil político clarísimo, evidente. A súa revolución estaba en marcha. Hai que dicir que estes sindicatos son ademais os que teñen un poder moi notable neste momento, pero poder executivo real, porque hai algúns sectores do estado, nun estado deficitario, coma é o Estado Español a altura do ano 31, unha administración estatal que non chega. Entre outras cousas a case ninguén dos gobernos da restauración e da ditadura de Primo de Rivera lle interesou que España medrara coma estado, e ese estado deficitario necesita especialistas en determinados campos novos a altura da república. Por exemplo, no ámbito da cultura non hai unha rede de bibliotecas, é máis, na maior parte dos sitios non existe unha biblioteca, ¿e quen ten as bibliotecas que pretende crear ese estado? pois as teñen os sindicatos obreiros, ben os anarquistas, ben os socialistas, ben as sociedades de estudos. O que se fai é que o estado entra a considerar a biblioteca de Germinal ou a biblioteca do Sindicato de Oficios Varios coma a biblioteca municipal, directamente. ¿E quen se vai encargar da xestión? Pois os sectores obreiros, que están aí.

Outro aspecto nesta perspectiva de análise máis importante: o traballo. Cando chega o desemprego masivo, cando hai unha crise económica tan brutal, e necesitan

solventar ese tipo de problemas, a xeración de bolsas locais de paro quen a xestiona, sobre todo neste primeiro bienio, son os socialistas. De aí a crítica de boa parte dos anarquistas ós socialistas de que integráranse no estado, nese estado burgués, coma por certo xa fixeran no ano 23. Entón, ¿quen dirixe esas bolsas de paro obreiro? Pois as van dirixir sectores da UGT. Cando chega o ano 36, chega a Frente Popular e estamos nas mesmas: o estado non ten técnicos en desemprego, non ten técnicos para o mundo do traballo, e os únicos que están especializados no mundo do traballo e nas súas perspectivas, na realización de xurados mixtos, son indubidablemente os sindicatos, e entón o estado colle a estes sectores, da UGT e da CNT.

¿E qué pasa ca dereita? A dereita nos anos 31 a 33 ten un crecemento extraordinario, en boa parte porque ese crecemento parte de posicións moi baixas. A forza real da dereita do Estado non se plasma en 25 deputados de 450 que existen no parlamento español. Evidentemente a posición da dereita está minusvalorada, pero dende o ano 31 ata o ano 33 medrou moito. Creouse, como dixeran anteriormente cos auspicios da igrexa católica, o primeiro partido moderno de masas conservador en España, o primeiro, porque houbo outro partido moderno que era o Partido Social Popular a altura do ano 23 pero que non era de masas especificamente, pero este partido é de dereitas e ademais de masas. Xera unha estrutura política moderna, con formulacións novas de discurso político, cun forte investimento, cunha rede de sociabilidade e un discurso

moi achegado o discurso tradicional católico. Sempre se presentaron coma un partido católico, coma un partido de defensa da relixión católica. E polo tanto ese partido medra extraordinariamente. En dous anos por toda a xeografía española empezan a aparecer agrupacións de dereita, vencelladas en principio á xerarquía católica, e que despois van tendo o seu formato propio. Unha das cuestións máis transcendentales da investigación sobre a segunda república é que boa parte se traballa sobre posicións de esquerda, pero hai outra parte que se chama dereita, e queda outra parte desa sociedade sobre a que non se traballa practicamente nada. En consecuencia non se coñece, e polo tanto a maioría da sociedade atende unicamente ós tópicos. Pero aquela dereita, que pode resultar menos apaixonante dende unha perspectiva política porque non ten proxectos de cambio, internamente, coma partido político xera unha organización modélica, como aparello de partido, e coma estrutura. Hai un momento decisivo nese cambio, que é cando pasa a xefatura do partido de Ángel Herrera, propagandista da ACNP que a ten dende verán ata o outono do 31, pasa o poder a Gil Robles . ¿Por qué pasa o poder a Gil Robles? Porque Ángel Herrera entende o partido dende a perspectiva de Acción Católica. E a perspectiva de Acción Católica é a dun partido de elites, é un partido de cerebros escollidos, para culturizar e influír sobre o pobo. Ese funcionamento non levaba a nada para os seus propósitos. A partir de novembro do 31 toma o poder Gil Robles, e a partir dese momento, con todo ese discurso católico detrás, xera un partido cun discurso especificamente político, en defensa da relixión, , e

de masas. Unha das cousas que tivo éxito e que creo que foi decisivo, foi precisamente achegar á muller á política. E dicir, as primeiras organizacións claramente políticas das mulleres que se xeneralizan en España, son da CEDA. Os primeiros que xeran unha rede de agrupacións políticas femininas é a CEDA, a URD en Galicia.

En canto á mobilización significou un cambio total, porque iso daba, ademais doutras cousas, unha imaxe de modernización. A difusión da súa imaxe residía no seguinte: nós somos republicanos, temos a nosa idea de república corporativa, pero nós estamos aquí, e dicir, non nos podes dicir que non temos pedigrí nese sentido porque si que vamos neste camiño. E adaptáronse, e moi ben, porque a altura de novembro do 33 a CEDA está nun espectacular proceso de crecemento. So tivo un momento de certo parón na súa actividade que soportou moi ben, que foron os días posteriores ó golpe de Sanjurjo. Nese momento tivo que decidir entre se os monárquicos seguían ou íanse fóra do partido. Botaron os monárquicos do partido e adaptáronse a ese discurso moderno aínda máis.

Ben. Outro punto. As eleccións. O sistema electoral foi a primeira tentativa de democracia moderna e liberal en España. Iso creo que é innegable. Sen embargo teño que insistir no que dicía anteriormente, tiñan o poso do anterior, a práctica política anterior era indubidablemente a que era, non era outra. Non se pode inventar da nada aquela república, aquela democracia. Pero sobre todo na calidade da democracia, na calidade e na garantía do voto, aínda que tiña moitos problemas aínda que seguimos fa-

lando de bolsas de votos, aínda que seguimos falando de fraude electoral cara a Frente Popular, a dereita ou o que sexa, a garantía da calidade do voto aumentou considerablemente. A xente podía ir votar en boa parte dos casos, e o seu voto recoñecía-se. Outra cousa é que despois –ou previamente– se amañara dalgún xeito, pero a xente ía votar, en determinadas eleccións había colas nos colexios electorais.

Outra cuestión que creo que foi pouco ponderada é que as eleccións, o tempo do que estamos falando son cinco anos. As eleccións de carácter local, aquelas que cimentan, que dan sensación a unha sociedade civil de que hai un cambio, non se realizaron máis que en abril do 31 cun sufraxio censatario como o da restauración. Non se realizou con sufraxio universal senón que tivo lugar co regulamento electoral anterior. A non percepción pola sociedade de que os valores democráticos non penetraran no poder local, a idea de que todo se rexía a partir do que se decidía nas eleccións xerais e trasmitíase como antes a través do Ministerio da Gobernación colocándose dende aquí as correspondentes xestoras creo que tamén influíu nunha escasa imaxe positiva daquela democracia, sobre todo para as opcións de dereita. A cidadanía local non tiña a total percepción de que o seu voto lle valía para elixir ó alcalde que é o cargo político máis achegado á sociedade. Creo que isto foi fundamental na quebra de confianza nese sistema. Evidentemente non houbo tempo. As eleccións municipais que se pretendían realizar para abril do 36, para o 14 de abril ademais, finalmente foron

suprimidas por problemas de orde pública coa ilegalización da Falanxe con motivo do atentado de Jiménez de Asúa etc, etc... É algo curioso, eleccións locais de carácter xeral na república so se celebraron as de abril do 31, as únicas que houbo, e non foron feitas baixo un sistema xurídico de garantías totalmente democrático.

Quería falar das eleccións de novembro do 33. Máis ou menos as condicións están ditas. Aquela era unha democracia nova, con moitos problemas, e o problema político de novembro do 33 é que o goberno de esquerdas está roto. É dicir, que o goberno dos republicanos burgueses en coalición cos socialistas está roto, máis a posición largocaballerista está 'dando caña' ó goberno de Azaña, e polo tanto non é moi doado gobernar.

Nas eleccións do 33 aquela esquerda presentábase desunida. En Galicia hai candidaturas do PRG, do Partido Galeguista, Partido Socialista, Partido Republicano Radical Socialista, e de Acción Republicana. É dicir, cinco candidaturas para un espectro político reducido. Eran cinco cando a altura de xullo do 31 eran unha, ou dúas como moito. E por riba de todo a imaxe, unha foto de desunión e inestabilidade governamental.

Así coma a esquerda viña en retroceso, a dereita viña en aumento. En ascenso constante cun partido moderno, cunha estética paramilitar moi atraínte no momento. Non existe , e creo que temos que facer aquí un exercicio de reflexión, non existen as cámaras de gas nazis, non existe o holocausto, existe un partido nazi que quere controlar o

estado e gobernar de maneira corporativa. O que se coñece a altura do 33-34 de fascismo, é o de Mussolini. Considerado como algo semellante o fenómeno político actual de Berlusconi: a singularidade italiana. Pero se vos acordades, o fascismo italiano ven do 22-23, e neses anos non se crea unha alarma porque aparece máis como unha cuestión de índole interna, máis que cando invade Abisinia. Ata ese momento non hai unha sensación de alarma, e aquilo é o fascismo que coñecen. Claro, chega Alemaña, cae a República de Weimar, que tamén é unha república democrática e provoca o efecto de rexeitamento ou de aprobación. Hai que ter en conta que o holocausto e as cámaras de gas non existen, e por tanto aquilo que é a modernidade política para unha dereita que quere agradar ó público, que quere conquistar o voto de masas, e que quere o poder. Para conquistar ese voto de masas resulta moi atraínte toda esa estética. E ademais funciona, porque o Partido Nazi está aumentando, e tamén os outros partidos de dereita que aplican esa estética.

Respecto das eleccións poderíamos comentar como queda en Galicia, se queredes logo no debate podemos comentar un pouquiño desto, pero o posicionamento é ese: unha esquerda en retroceso e unha dereita en ascenso. Claro, se falamos que a auténtica esquerda é a esquerda obreira, a esquerda de masas, a esquerda votante, ¿onde está situada nese final do ano 33? Pois como xa vos comentei, maioritariamente esta situada en posicións abstencionistas. É dicir, non van ir a votar, e propugnan a abstención porque a república burguesa non lles interesa.

E a abstención percíbese claramente nas cifras electorais cando se observan os resultados, especialmente nos medios urbanos, que é onde hai máis forza sindical. O caso da Coruña é espectacular, matemático: as cifras da abstención no ano 33 se converten en votos en febreiro do 36, maioritariamente para a esquerda. Polo tanto, non é só esa forza da dereita, que tamén, esa vitoria engrandécese, a CEDA convértese no principal partido do parlamento porque tamén a posición da esquerda redúcese moitísimo.

Hai outra cuestión que me parece moi interesante: no parlamento xurdido das eleccións do 1933, os antigos dirixentes do bienio republicano acadan: o partido de Azaña cinco escaños, mesmo lle gaña a ORGA de Casares con seis. Estamos falando do ex-ministro da Gobernación, con todo o peso que significaba ese Ministerio na República -e antes-, e dicir, dos partidos do Presidente do Goberno e do seu segundo. Once escaños no medio de catrocentos cincuenta. A posición do republicanismo burgués a partir dese momento é brutal. O partido socialista segue sendo o partido maioritario de esquerda porque ten esa estrutura de partido sólida e consolidada, non en Galicia pero si noutros lados. Iso é fundamental para entender o outono do 34 e a implicación dos republicanos nel, porque eses republicanos burgueses ían detrás do que era o poder. E a masa votante radicalizada dos obreiros querían a revolución, e querían xa dende antes do ano 33 a revolución. Estes ían ó rabo a ver que podía pasar. Tamén hai que entender desde esa perspectiva a Frente Popular.

Esa era a realidade. Polo tanto o parlamento queda outra vez coxo. O parlamento queda tras as eleccións nun posicionamento de dereita moi notable, co Partido Radical e a CEDA nunha posición de goberno absoluto. E as posicións de esquerda nas que os antigos representantes dos dous anos de goberno anteriores, e dicir, os creadores do réxime quedaban nunha posición na que practicamente non existían, politicamente non existían. No terreo público no que eles tiñan a súa principal baza a xogar. Non tiñan poder para nada. De aí esa forzada reconversión de Izquierda Republicana, e logo da constitución da Frente Popular.

E finalmente xa para rematar, falar do voto feminino. Xa comentei anteriormente que ese punto de vista de esquerda xusto antes das eleccións, dous anos despois da aprobación dese voto, e un punto de vista de que ese voto beneficia a dereita. Máis eu entendo que iso non é así, é un tópico. Un tópico absoluto que se desbota polos resultados das eleccións do 36, pero que tamén desbótase dende a perspectiva de que hai un menor voto cara a esquerda burguesa. E a xente decide votar, a muller, o home, a esas posicións de dereita que se presumen coma un goberno forte. Por exemplo, teño aquí unha cita dun representante da esquerda en outubro de 1933 na que di: *La concesión del voto femenino, quizá fue prematura y por lo tanto supone peligro. Es cierto que en Galicia hay mujeres inteligentes y de voluntad libre, para las cuales la república es la base de todo progreso, pero no menos cierto es que existe una gran masa femenina cuyo pensamiento se subordina fácilmente a suges-*

tiones contrarias en esencia a la forma de gobierno republicana. Este pensamento para os postulados de esquerda é bastante frecuente, non estamos a falar de algo moi orixinal. Hai eleccións, nelas dúplícase o censo pola apartación feminina e os resultados finais amosan unha vitoria da dereita. Unha cita final de Lerroux poucos días despois da vitoria electoral: *Siempre dije que el resultado sería de un gran desplazamiento cara a la derecha, y que la principal causa de lo ocurrido es haberle entregado a la mujer un revólver y haberla ofendido después en sus sentimientos. Se ha hecho una política antireligiosa de rencor y de odio hiriendo los sentimientos de la mujer española.* Fixádevos como se loubra a si mesmo. Continúa: *Hay que tener en cuenta además que la mujer no tiene la preparación política que tiene en otros países, en los que como consecuencia de las grandes guerras, revoluciones, y sobre todo, por los nuevos estados creados como repúblicas en casi toda Europa han dado allí a la mujer otra sensibilidad.* Lerroux conclúe: *La mujer española no equilibra todavía el sentimiento con el entendimiento.* Este era a postura maioritaria naquela sociedade. É fundamental entender iso.

Creo que mañá Carme Domingo vai falar máis desta sensación, deste contexto ‘machista’ que existía en todos os políticos de esquerda e de dereita naquel momento. Pero os resultados que deron as eleccións do ano 33, a vitoria da dereita, teñen máis razóns que o voto feminino. A primeira delas é o abstencionismo da CNT, esa posición da CNT, do sindicato maioritario en España. Son os maiores votantes en número. É a masa votante por excelencia. Segundo, creo tamén que a consideración da repú-

blica coma algo de esquerdas influíu enormemente nesa perspectiva, os partidos republicanos de dereita eran minoritarios, naceron minoritarios, e practicamente desapareceron a altura de 1933. Esa consideración da república coma algo de esquerdas creo que inflúe enormemente na orientación do voto nestes comicios. En terceiro lugar, o incremento da dereita. É indubidable tamén que o peso da dereita en determinados sectores existía, mais non era dende logo tan absolutamente decisivo coma para varrer ou coma para entender por si soas esas cifras electorais. E nada máis, moitas grazas.

MULLER E POLÍTICA NOS ANOS 30

CARMEN DOMINGO

(17 de outubro do 2008)

Vamos a ver unos cuantos carteles que llaman directamente a la mujer de los años 30 a la participación, no porque no hubiese carteles dirigidos a hombres, sino porque son más singulares los dirigidos a mujeres...

En 1931 aparecen las primeras huelgas, las primeras reivindicaciones profesionales de las mujeres. También os muestro fotografías de las mujeres que se involucraban en los actos en las propagandas electorales, como es por ejemplo Victoria Kent, María Martínez Sierra (una escritora muy conocida en aquella época). Es más, creo que se involucraron más en aquel entonces en el aspecto de lo que lo hacen hoy...

Victoria Kent tiene una trayectoria política muy característica y se plantea sobre todo la igualdad y los derechos humanos. Hablar de las reivindicaciones feministas en España en los años 30 no tiene nada que ver con lo que pudieron ser las reivindicaciones feministas francesas en los años 60. No se están planteando reivindicaciones en las que se discrimine a la mujer con respecto al hombre, o del hombre con respecto a la mujer, sino que eran reivin-

dicaciones en las que se pretendía claramente que se igualen los derechos de ambos. Victoria, cuando es nombrada Directora General de prisiones lo tuvo muy claro y decide crear una cárcel para mujeres que será un ejemplo a seguir en toda Europa. La prueba está en que cuando acaba la guerra y tiene que exiliarse la llaman de varios países para que instaure allí los sistemas penales y las estructuras que ella había creado. Era un sistema de reducción de penas sobre el castigo. Victoria desde un principio cree que todo presidiario tiene derecho a la reinserción, dentro de cada cárcel hay escuelas... También es significativo su nivel de confianza cuando algún preso tras la muerte de su madre, os hablo de casos documentados, le pedía permiso para ir al entierro, ella le había firmar un documento conforme se comprometía a volver y no constan casos de que no lo hiciesen...

Volviendo a la cárcel de mujeres de Madrid, se construyó para quinientas reclusas y tenía guardería, escuela, talleres para las reclusas... Bien, pues pese a estar creada para quinientas, al acabar la guerra, entre el 39 y el 41 llegó a haber hasta doce mil reclusas metidas dentro...

En la Segunda República, también gracias a esta participación política de las mujeres, surgen algunas que serán muy relevantes en la política española a partir de entonces. Entre ellas Dolores Ibarruri y Federica Montseny. Esto hace que, a pesar de que en el 33 cambia el sentido del gobierno en las urnas, en el 36 las mujeres involucradas colaboran a la unión de todos los partidos de izquierdas para intentar así vencer a la CEDA ya que veían que les estaban quitando derechos de los que habían conse-

guido en la legislatura anterior. Por tanto, las mujeres de izquierdas se unieron dentro del Frente Popular pese a que sabían que las fuerzas de derechas y la falange, que se había constituido un par de años antes, en caso de que los resultados de las elecciones no les fuesen favorables, era muy probable que planteasen un conflicto bélico...

El hecho de que a la mujer se le hubiesen ido concediendo derechos durante la República, no sólo el derecho a voto, hace que al comenzar la guerra civil no hace más que acrecentar su voluntad de seguir involucrándose en la contienda bélica desde ese momento ya que entiende que el hecho de no participar en la guerra puede hacer que pierda esos derechos...

Tenemos múltiples muestras fotográficas de cómo las mujeres participaban activamente en diversas tareas durante la guerra. La verdad es que participa durante pocos meses en la parte activa de la guerra. Se les recomienda que regresen a la retaguardia y esto se debe a que basándose en un sentido práctico, se necesita a mucha gente en la retaguardia ya que es verdad que se necesita a alguien que esté construyendo la munición... Los mismos argumentos se utilizaron en la izquierda y en la derecha. Se mantuvieron activas en el frente sólo en las milicias anarquistas. También hay otro factor importante que es que en el frente había aumentado mucho el número de casos de sífilis y de prostitución...

Además de las fotografías de las que os hablaba, también hay una serie de carteles específicos de llamamiento a

las mujeres, eso sí, durante los primeros meses de la guerra, a la participación activa en el frente. Y en cuanto las mujeres pasan a la retaguardia es importante que veamos reflejado el cambio en el tipo de carteles y en las misiones que en ellos se le encomiendan...

Tras la victoria de los sublevados, la gente defensora de la República utiliza la imagen de la mujer en los carteles para demandar ayuda al exterior. Pero los franquistas, que hasta ese momento habían creído que la mujer no era igual que el hombre en ningún momento empiezan a aplicar la igualdad de la mujer justamente en las cosas menos necesarias (en las penas de cárcel, en los castigos corporales, los fusilamientos...). Es curioso que el ejército no tiene ningún problema al igualar el trato de hombres y mujeres. La prueba está en que entre las imágenes que hay de aquel momento de diversas cárceles de mujeres de toda España. Y queda claro que las penas no sólo se le aplican por su adscripción política, sino también por ser mujer, mujer de militante, hermana, hija o madre de militante... de ahí tanta superpoblación en las cárceles de mujeres. O sea que no tiene una pena por si misma, sino también por aquellos que tiene a su alrededor. Es importante señalar que si cambia el franquismo, la resolución con respecto al voto femenino del año 32. Por tanto, la mujer vuelve a tener todas las trabas y todos los problemas que tiene la mujer en el siglo XVIII y en el XIX pero en 1939. Se la empieza a acusar de todo y los derechos adquiridos entre el 32 y el 36 los van perdiendo y curiosamente son las propias mujeres de la Sección Femenina las que deciden

que hay que reducir los derechos femeninos y devolverle así su función de “ángel del hogar”, recurriendo en muchos casos a una justificación genética que la hacía incapaz de participar en muchos casos en la vida política o en cualquier otra función social, salvo si se mantenía en casa, que era la única función que le estaba permitida...

Por supuesto, la Iglesia recupera todo el poder que había tenido antes de las elecciones en las que se aprobó el sufragio universal y es la encargada de decirle a la mujer todo lo que no puede hacer y por qué tiene que estar sometida debajo del status del hombre y supeditada a la que el hombre diga. De hecho la mujer pasa de ser activa, crear asociaciones y participar en la vida pública a ser una mujer a la que se le recomienda que tenga la comida hecha para cuando su marido llegue del trabajo, que cuide su maquillaje...una serie de cosas que duran hasta hoy en muchos casos, en otros quiero pensar que no, pero desde luego hasta el 58 si porque están incluidos en los ideales de la Falange...

Muchas gracias.

(Transcripción de parte da conferencia de Carmen Domingo realizada o día 17 de outubro do 2008 na Casa da Cultura de Carral nas IV Xornadas de Recuperación da Memoria Histórica)

MULLER E REPRESIÓN NA GALICIA DA GUERRA CIVIL

CARMEN BLANCO

(18 de outubro do 2008)

Mulleres, homes e patriarcas

Eu nacín en pleno franquismo no seo dunha familia que, para min, vivía resistindo fronte a todo e gardo daquela, envolta no esplendor da felicidade de nena, unha memoria de dor que logo relatarei. Os meus pais eran progresistas e a miña nai tiña unha profunda consciencia feminista. A educación que me deron levoume, dende que tiven uso de razón, a loitar polo feminismo entendido como unha concepción da vida baseada na liberdade dos homes e das mulleres. E así, toda a miña actividade pública e privada estivo sempre centrada na procura da dignidade do ser humano, da igualdade de dereitos para toda a xente e do respecto ás diferenzas das persoas. E, dentro deste proxecto vital, os meus primeiros escritos versaron especialmente sobre as mulleres, sobre a historia da súa resistencia, pasada e presente, fronte á represión da vida libre, unha historia que era tamén a miña. Era aquela unha escrita científica, ensástica e xornalística, segundo os caso, sempre libertaria, que se inscribía dentro do mo-

vemento xeral de loita contra a ditadura franquista e as súas secuelas, unha escrita libertaria solidaria co esforzo levado a cabo polos homes e as mulleres de todo o mundo que queríamos liberdades profundas e reais para todos os seres humanos. Deste xeito fun publicando ao longo dos anos moitos libros sobre mulleres, moitos deles sobre literatura, que é a miña profesión e que era do que máis sabía, pero tamén libros de historia sobre as mulleres e o proceso, antiquísimo, de loita contra o poder patriarcal, algo que, daquela, na universidade galega non se facía, algo que fixen porque me parecía absolutamente necesario, porque ninguén o faría por min. Así é como en 1994 presentei a miña tese de doutoramento sobre *Imaxes de mulleres na literatura galega contemporánea á luz dos discursos feministas*. Foi a primeira tese abertamente feminista feita na Universidade de Santiago de Compostela. Era unha tese de literatura contemporánea que trataba de analizar cales eran as imaxes das mulleres, e tamén nalgún caso, dos homes, na literatura galega contemporánea de autoría masculina, a través do estudo de obras clásicas de Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Díaz Castro. O resultado da análise publicouse no libro *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Vigo, Xerais, 1995) que recolle no seu título os catro prototipos femininos dominantes nese conxunto literario, prototipos que se corresponden basicamente cos estereotipos da ideoloxía establecida na que o primeiro par, as proxenitoras e as mulleres amadas, simbolizan o centro máis ou menos positivo, e o último par, as profesionais do sexo e as mu-

lles con dimensión pública ou que se atopan fóra das normas sociais, representan as ambiguas e negativas mares. Mais, por enriba de todo sobresaé a mitificación das nais, o positivo absoluto, sombra poderosa que o envolve todo e que simboliza o paraíso perdido e o propio país, Galicia. Xunto a estas catro imaxes clave quedaban trazados tamén distintos prototipos masculinos heterosexuais, homosexuais e bisexuais, especialmente a través da súa presenza na novela *A esmorga* de Blanco Amor. E, no fondo destas estéticas esencialmente patriarcais e destas miradas basicamente androcéntricas dos patriarcas das letras, latexa a multiforme diversidade humana das mulleres e os homes reais, acochada máis alá deses patróns xenéricos galaicos. Vemos, pois, como na creación literaria feita antes e despois da guerra civil prevalecen no fondo uns patróns sexuais tradicionais con poucas excepcións, unhas excepcións que tratei de salientar sempre con anterioridade e posterioridade a esa tese, como, recentemente, no libro *Sexo e lugar* (Vigo, Xerais, 2006) (Blanco 2009b: 89-90).

A explicación deste peso patriarcal na literatura, como en todos os demais fenómenos sociais, está exposta na introdución teórica desa tese que sintetiza a historia do proceso feminista, contando a súa evolución ideolóxica, social e política. Esta introdución teórica deu lugar ao libro titulado *O contradiscurso das mulleres* (Vigo, Nigra, 1995), logo traducido ao castelán, ampliado e actualizado en *El contradiscurso de las mujeres* (Vigo, Nigra, 1997). Neste libro trato de trazar a historia do movemento de liberación das mulleres dende os comezos da humanidade,

cando se manifesta o poder do patriarcado, o poder sexual e o control das mulleres por parte dos prototipos patriarcais, estean, estes, encarnados en homes ou en mulleres, pois, cando falamos de patriarcas nos estudos de xénero, referímonos a aqueles prototipos humanos que exercen o poder sexual apoiándose noutros moitos poderes, como o poder de raza, de etnia, de relixión, de cultura, de estamento ou clase, de idade...

O proceso feminista: a reivindicación da igualdade da etapa sufraxista

O libro fala do que, *a posteriori*, chamamos movemento feminista, un feito que, como fenómeno social. máis ou menos xeneralizado, nace no século XIX, que é cando aparece o termo “feminismo”, pero que, como realidade resistente de certas persoas, e mesmo pequenas agrupacións máis ou menos excepcionais, é antiquísima. A loita pola igualdade humana sen discriminación sexual, que é o que realmente significa a palabra feminismo, é algo que comeza moito antes da data de nacemento da súa palabra, cando houbo nalgún lugar un ser humano que se opuxo a un abuso de poder sexual. E, por outra parte, esta loita pola igualdade estivo desde o seu comezo estreitamente vinculada ao pensamento progresista que foi o que primeiro a apoiou (Blanco 1997: 26).

No XIX aparece a primeira etapa deste movemento social, o coñecido como “feminismo da primeira onda” ou “feminismo sufraxista”, precisamente porque a súa reivin-

dicación máis emblemática é a do voto, en realidade unha metonimia política da igualdade de dereitos cívicos que aglutinou o groso do movemento nesta xeira. Neste sentido, un dos seus lugares de nacemento está na carencia de sufraxio feminino en revolucións burguesas como a Revolución Francesa. Esa loita tivera entre os seus obxectivos a consecución do sufraxio universal, mais o curioso era que o que se chamaba universal, deixaba fóra a metade do universo: as mulleres. A partir de aí, mulleres e homes que viron que isto era contraditorio e inxusto reclamaron o dereito ao sufraxio universal real para todas as persoas. A obra matriz deste feminismo político que clama pola inclusión das mulleres na cidadanía é a *Declaration des Droits de la Femme et de la Citoyenne* (1791) de Olympe de Gouges. Esta obra e a titulada *Vindicación of the Rights of Woman* (1792) de Mary Wollstonecraft, que postula a necesidade dun cambio radical que substitúa as bases inhumanas sobre as que asenta a opresión das mulleres, constitúen os textos teóricos esenciais do chamado “feminismo orixinario” do XVIII, que converte en discusión política a disputa social entre misoxinia e filoxinia ou debate sobre os sexos do “prefeminismo” dos séculos precedentes (Blanco 1997: 30-33 e 263-276).

En España o dereito do sufraxio feminino é un logro conseguido en 1931 coa II República, como moitos outros avances progresistas. E é tamén durante o período republicano cando as mulleres votan por primeira vez no estado español, en 1933. Os dereitos formais das mulleres, por tanto, son moi recentes. O feminismo sufraxista

tivo como primeiro obxectivo acadar un marco xurídico igualitario para mulleres e homes. Pero as reformas das leis non provocan inmediatamente as igualdades reais, por isto, conseguidas as reformas igualitarias no tránsito do XIX á metade do XX na maior parte dos países da cultura occidental, érguese a “segunda onda feminista”, a do “feminismo da liberación da muller”, que se prolonga ata hoxe, para reclamar a independencia e a liberdade profunda das mulleres. Porque a igualdade e a liberdade auténticas son realmente difíciles de acadar e hai que estar loitando por elas en cada minuto. E pode, mesmo, haber en calquera momento e lugar temporais voltas atrás, como as derivadas do levantamento militar de 1936 contra o réxime legal da República en España, unha imposición totalitaria que supuxo un retroceso brutal con respecto ás liberdades legais e reais conquistadas polas mulleres durante o período republicano (*A memoria esquecida* 2006).

Mulleres, memoria, silencio e represión: a voz da avoa *Cincenta*

Aquí enlazo co tema concreto da represión contada, primeiro, desde un dos meus modestos pero reais testemuños persoais. O meu avó materno era un home humilde, un proletario que nacera na pequena aldea de Ver do concello de Bóveda en Lugo e que cando tivo lugar o levantamento militar vivía na cidade de Santander coa súa muller e dúas fillas traballando como capataz da Compañía Telefónica. Participou na guerra civil na defensa da

República como afiliado á UGT e chegou a ser tenente interino do exército republicano. Foi capturado cando fuxía por mar en Asturias no vapor Asunción cara a Francia. El sempre contaba este feito con humor, para quitarlle ferro, dicindo “menos mal que nos colleron que senón morríamos na auga”. Foi detido e a súa familia pasou uns meses espantosos pensando na inminencia da súa morte. A rápida actuación das moitas persoas que o apreciaban conseguiu o sobresemento da súa causa. Mais que a través del, que contestaba as miñas preguntas co silencio sobre os feitos acompañado dun “é mellor para ti non saber isto”, eu souben da súa historia pola memoria da miña nai. Ela viviu de nena, en silencio e con responsable acougo, a angustia pola desaparición do seu pai, primeiro en Santander e logo en Galicia, a onde regresou coa nai e a irmá despois de caer a fronte norte e ser o pai apresado. A memoria da miña nai é unha memoria do silencio, xa que diante dela non se falaba de onde estaba o pai desde que fora capturado, mentres que si se falara antes, en Santander, de que estaba na fronte de guerra republicana e dos perigos que corría. Logo, pasado o tempo, ao longo da súa vida, foi coñecendo pouco a pouco a historia do pai polo que, con moita discreción, el e a nai ían contando ante ela. Estivo no cárcere e finalmente saíu en liberdade. A familia volveu estar xunta, mais el era un represaliado e un “roxo” e a familia estaba marcada negativamente para as xentes adictas á ditadura. Tiveron que sobrevivir reiniciando unha nova vida na cidade de Lugo, nunhas condicións políticas duras e traballando nunha actividade que a eles non lles gustaba: abriron un bar que daba viños e

comidas. Eu, polo tanto, medrei coa memoria familiar dos avances progresistas da vida na República, logo interrompidos polo espanto e as sombras da guerra e da ditadura. Esta memoria recólloa na ficción do libro de relatos *Vermella con lobos* (Vigo, Xerais, 2004), que no conto titulado “Mamaiña querida” conta unha historia inspirada na do meu avó, pero dende a perspectiva da miña avoa, e a través da voz da miña nai, que foi a que ma contou a min, que, á miña vez, a escribín pensando na miña filla como se lle estivese contando o conto de *Cincenta*, o conto da súa bisavoa *Cincenta* republicana. O libro foi publicado no ano 2004 e nese momento eu aínda cría, como se cría na miña familia, que o meu avó fora condenado a morte e que logo se lle conmutara a pena. Eu escribín o relato como o vivín contado pola miña nai, cando me falaba da angustia que sentira polo encarceramento e a condena a morte de seu pai. Mais, recentemente, logrei, tras moitos esforzos diversos, e, grazas, entre outras axudas, ao Proxecto de Investigación Interuniversitario “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares” e á información facilitada polo historiador Emilio Grandío, acceder á causa pola que o meu avó fora procesado. Entón souben que o meu avó non fora realmente condenado a morte, aínda que si vivira no cárcere a inminencia da morte, que, como souben tamén, foi certa para moitos dos seus compañeiros de fuxida por mar. A historia real do meu avó, sendo grave, fora menos grave que como fora vivida pola miña nai e por min, a través do silencio da súa transmisión. Ao coñecer a “verdade oficial” da causa eu sentín, primeiro, o absurdo da sobredose de dor sentida pola miña nai nena

e, logo, a alegría da miña nai nese momento por saber que a historia do seu pai tiña sido menos dura, e, persoalmente, souben que a verdade do avó estaba lonxe tamén daquelas probas xudiciais que o exculpaban para salvarlle a vida. Atopada a causa, publikeina contextualizada no artigo “A voz do avó: Silverio García Goyanes miliciano” na revista *Unión libre* no seu caderno monográfico *A voz das vítimas do 36* (Blanco 2008b: 135-144). Eu quería traervos isto aquí para dar unha pequena mostra da enorme complexidade de matices que pode haber na historia real da represión tal como se manifesta nas moi diversas vivencias de cada un dos distintos homes e das varias mulleres que a experimentaron máis ou menos directa ou indirectamente. E falar así algo do silencio e da memoria das mulleres.

Dereito ao voto e conciencia cidadá das mulleres: a liberdade mental de *Cincenta*

Como muller feminista sempre tratei de amosar esta perspectiva de muller, moito máis acalada que a dos homes. Como dixen, a miña memoria non só é unha memoria negativa de dor, tamén é unha memoria positiva de esperanza. A miña nai transmitiume, con realismo nada maniqueo, as súas vivencias e as dos seus pais dos bos tempos do pasado republicano, das ansias que na ditadura tiñan das liberdades republicanas e da súa vida vivida na posguerra agardando sempre que esas liberdades volvesen algún día. Os meus avós proletarios viviran antes da guerra unha vida cun presente e un futuro aberto á mellora.

A miña nai sempre contaba que a súa nai, de profesión os seus labores, exercía moi conscientemente o seu dereito ao voto durante a República cunha modesta belixerancia a favor da Fronte Popular, coñecedora, como era, da manipulación do voto feminino por parte, moi especialmente, da Igrexa católica. A negada liberdade de criterio das mulleres humildes e a súa consciencia cidadá existiu, existe e existirá. Eu gardo a memoria íntima dela e nese libro *Vermella con lobos*, no conto “Quérote, pai Pan, dixo Tigridia”, que recrea a miña nenez na reescritura do conto de *Peter Pan*, digo “Nunca esqueceréi cando pai me lavaba o pelo nin cando nai me contaba cómo ía votar a avoa pola Fronte Popular na República” (Blanco 2004: 23).

As liberdades da II República e a represión da Guerra Civil

Co levantamento militar de 1936, a Guerra Civil e a conseguinte represión exercida sobre todas as persoas defensoras da liberdade cortouse o camiño de avance progresivo cara á consecución de maiores liberdades para as mulleres e, con elas, tamén para os homes, xa que é imposible que os homes sexan libres se non o son as mulleres. O poder escraviza tanto a quen o exerce como a quen o padece. Experimentáno de distinta maneira verdugos e vítimas, mais en ambos casos son vivencias da escravitude. Coa II República chegaron para as mulleres, e para os homes, múltiples dereitos de cidadanía propios da sociedade burguesa e democrática, uns dereitos que non foron regalados, senón arrincados aos poderes en anos de loitas

por partes de homes, mulleres, grupos ideolóxicos progresistas, asociacións, partidos, sindicatos... Uns dereitos que, en liñas xerais e dentro dos obstáculos bélicos, continuaron avanzando na España Republicana en guerra. Foron estes uns dereitos legais, mais tamén uns dereitos reais que se concretaron en progresos moi concretos na liberdade de pensamento e acción das persoas, tanto na vida privada como na vida pública. Este avance nas liberdades humanas foi cortado de raíz polo golpe militar fascista que é, entre outras cousas, un levantamento contra todas as liberdades conseguidas democraticamente, entre elas, tamén as liberdades sexuais e de xénero acadadas. A ditadura, alí onde se implantou e desde o primeiro momento, perseguiu a todas as persoas que se significaron na defensa e no exercicio da liberdade propia e allea, da individual e da colectiva, e exerceu a represión sobre elas, con sutil e perversa violencia invisible tanto como con brutal e criminal violencia evidente.

A memoria histórica pola liberdade

Desde o mesmo momento en que se estaba exercendo esa represión ergueuse, como un instrumento máis na loita contra ela, a memoria que a nomeaba fronte ao silencio imposto que a negaba e ocultaba. A memoria histórica é un monumento intelectual imprescindible que cómpre perfeccionar sempre en positivo, con sabedoría e amor, e sen ningún tipo de odio, para preservar as xentes inocentes e para potenciar a liberdade de todas as persoas. Esta memoria histórica pola liberdade é tamén a necesaria

memoria histórica xusta, pola paz e para o presente e para o futuro. E é o medio intelectual para tratar de evitar que se volva repetir calquera tipo de represión da liberdade e para tratar de deter a espiral da violencia vingativa.

Memoria das Vermellas

Nesta necesaria recuperación da memoria histórica da que hoxe xa se vai ocupando a ciencia universitaria, as mulleres estiveron entre as persoas máis esquecidas ata moi recentemente. Con esta consciencia, compasando ciencia e arte, na revista *Unión Libre*, despois de lle dedicar un número á xeral *Memoria Antifascista de Galicia* no que as mulleres tamén estaban presentes (Sada, A Coruña, Do Castro, 2004), publicamos un especial titulado *Vermellas* (Sada, A Coruña, Do Castro, 2006) en homenaxe ás mulleres chamadas “roxas” que foran perseguidas polo fascismo. Este número está integramente dedicado ao tema de mulleres e represión en Galicia e nel están tratados, por persoas especialistas, diversos casos singulares, tanto individuais como colectivos, de especial significado histórico. E de novo, no número titulado *A voz das vítimas do 36* (Sada, A Coruña, 2008) escóitase a memoria da voz das mulleres, máis silenciada que a de moitos homes que sufriron a represión (*Unión libre* 2004, 2006 e 2008).

As mulleres padeceron un tipo de represión igual á dos homes. Unhas foron asasinadas no combate fronte ao fascismo. Outras morreron fusiladas despois dun xuízo inxusto. Outras foron asasinadas sen xuízo, *paseadas*, e

mesmo torturadas. Outras foron encarceradas, torturadas, maltratadas, acosadas, espoliadas, multadas, expulsadas dos seus traballos, represaliadas de distintas formas e obrigadas ao acocho, á fuxida, ao desterro e ao exilio... Como represión específica padeceron violacións e outros tipos de violencia sexual material ou simbólica, posto que a violencia sexual foi unha das armas utilizadas con xeneralidade nos conflitos armados, tanto como nas loitas de poder da vida cotiá, unha violencia que actúa máis directamente sobre as mulleres pero da que tampouco non están exentos os homes. O fascismo utilizou o sexismo, a misoxinia, a sexofobia e a homofobia patriarcais para facer sufrir horriblemente as vítimas violentadas, con torturas, violacións, maltratos e acosos, e as persoas que as querían e apreciaban. As mulleres foron obxecto directo preferente deste tipo de represión, mais moitos homes tamén a padeceron, con variacións máis ou menos equivalentes. A liberdade sexual é un dos dereitos humanos. Na cultura da vida que cómpre propagar a liberdade erótica e amorosa e a práctica do sexo con liberdade dignifica ás persoas. Mais para a tradicional “incultura” da opresión e da morte supón unha “deshonra”. Este prexuízo da “deshonra sexual”, que supostamente *humilla* a quen a padece, foi utilizado especialmente nos “castigos” fascistas das violacións, as torturas sexuais, nas inxestións obrigadas de aceite de ricino e o rapado de pelo, unha marca, esta última, do poder patriarcal que facía das peladas unhas apestadas sociais, privadas do que se consideraba un atributo esencial da súa “feminidade” sen o cal non serían nada (*Ver-*

mellas 2009: 42-43). O poder sexual foi utilizado da mesma maneira que o poder de clase ou os prexuízos escatolóxicos para tratar de desposuír as persoas da súa dignidade humana, obrigándoas a prácticas consideradas “degradantes”. Na novela *Atracción total* (Vigo, Xerais, 2008) fago homenaxes a estas persoas para dignificalas, nomeando a dúas loitadoras resistentes, a galeguista Elvira Bao e a comunista Urania Mella, filla do libertario Ricardo Mella:

Pensamos con infinita esperanza no por vir

Son Elvira Bao. Son Urania Mella. Humíllannos mandándonos limpar as latrinas do cárcere. Non nos importa. Este traballo iguálanos a todas as mulleres humildes do mundo. E mentres o facemos pensamos con infinita esperanza no por vir.

Unha rapada da represión

Son unha rapada da represión. Fun humillada e vou marcada. Non me importa. Nada disto me penetra. Estou viva. Acariño o meu cranio cos seus pensamentos libres intactos e saio á rúa orgullosa do meu rapado. Eles cortáronme o pelo pero eu reafirmeime aínda máis na miña personalidade absolutamente libre. E solidarízome con todas as persoas peladas agraviadas polo poder. E proclamo a beleza da pel espida do cacume coa cabeza alta (Blanco 2008a: 161 e 174).

A represión directa padecérona tanto as mulleres humildes como as dos demais grupos sociais. As que tiñan unha actividade política e sindical e se significaban pola loita polos dereitos cívicos foron as máis perseguidas, tan-

to no ámbito mariñeiro, como no labrego e como no urbano. A represión padecérona as mulleres progresistas de profesións liberais que estaban comprometidas coas súas causas, por exemplo, as mestras, que foron especialmente represaliadas, e mulleres pertencentes a todo o arco ideolóxico da esquerda e do centro: anarquistas, comunistas, socialistas, liberais, republicanas, galeguistas... Existe unha complexa historia da represión mais tamén outra paralela, igualmente complexa, da resistencia a esa represión e da continuidade da loita pola liberdade (*Vermellas 2009, Casas anarquistas de mulleres libertarias 2007*). En *Atracción total* recreo algo desta diversidade histórica no caso da familia de Santiago Casares Quiroga, das anarquistas coruñesas e da guerrilleiras luguesas:

María Casares

Cando María Casares saíu para o exilio levou con ela algunhas das mellores cousas de Galicia, transmitidas pola profunda apertura liberal do seu pai e pola libre es- tirpe popular operaria da súa nai: o amor á liberdade e á cultura; a autoafirmación e a fortaleza das mulleres; a filoxinia dos mellores homes; e o gusto polo gozo alegre da vida natural. Con esta equipaxe vital privilexiada superou os males do exilio deleitándose na arte dramática que chegou a dominar con absoluta mestría e deleitándose na arte de vivir da que gozou con plenitude. E así, para un dos seus amores, o seu compañeiro Albert Camus, María foi o que ela era: a vida.

Collían os puntos ás medias

Na ditadura a refén dos fascistas Esther Casares collía os puntos ás medias na Coruña da súa liberdade proviso-

ria. Como collía os puntos ás medias Urania Mella en Lugo ao saír do cárcere. Collían os puntos ás medias cansando os seus ollos libres e cansando os seus dedos libres afeitos á lectura libre e a tocar o piano libremente. Collían os puntos ás medias para gañarse a vida e a dos seus fillos. Collían os puntos ás medias para sobreviviren ata a liberación do exilio e da morte. E a morte chegaría correndo acelerada polos horrores da represión e do cárcere, como corrían acelerados os puntos nas carreiras das medias, perna arriba e perna abaixo. Elas, que collían con mestra paciencia os puntos das medias, non puideron coller en tempo os puntos da carreira da morte. Mais a memoria da súa dignidade resistente brilla como a pel de seda das pernas das mulleres sen medias de seda atravesando con fortaleza a adversidade. E emancípanos.

Corazón anárquico

Na Coruña, corazón anárquico de Galicia, floreceron fronte ao terror de 1936 as casas corazón anárquico das mulleres libertarias que, co seu corazón anarquista esnaquizado polo horror da represión, agacharon, solidarias, valentes e resistentes, o anarquismo perseguido. A casa corazón anárquico de María Otero, a casa corazón anárquico de Alicia Dorado, a casa corazón anárquico de Aurora Miguélez, a casa corazón anárquico de María Seixas, a casa corazón anárquico de Basilisa Álvarez, a casa corazón anárquico de Sebastiana Vitales e moitas outras humildísimas casas corazón anárquico viven habitadas na casa corazón anárquico do noso corazón anarquista esnaquizado polo horror da represión e disposto, solidario, valente e resistente, a seguir os latexos de todos os corazóns anárquicos destas mulleres libertarias para máis alá.

Guerrilleiras nos Ancares

Consuelo Alba Digón e as súas fillas Florinda e Domitila Gutiérrez Alba de Cervantes, valentes e resistentes á represión e ao acoso fascista, foron mulleres libres no monte. Guerrilleiras nos Ancares (Blanco 2008a: 165-6 e 174-5).

Como vemos, eu teño dado a coñecer certos aspectos desta represión, tanto a través da creación como da investigación, nos casos especiais das humildes mulleres vinculadas ao anarquismo e da bibliotecaria Juana Capdevielle, muller do gobernador civil republicano da Coruña, Francisco Pérez Carballo, na citada novela *Atracción total*, por unha banda, e, por outra, na publicación *Casas anarquistas de mulleres libertarias (A resistencia anarquista das mulleres despois do levantamento fascista de 1936)* (A Coruña-Santiago de Compostela, 2007), así como en distintos artigos que van avanzando na investigación do caso da bibliotecaria enterrada en Rábade (Lugo), o último dos cales, titulado “A bibliotecaria republicana Juana Capdevielle”, foi publicado en *Foeminas. Revista virtual de xénero*.

O paseo da bibliotecaria republicana Juana Capdevielle

O caso de Juana Capdevielle é altamente significativo para coñecer e comprender o complexo fenómeno da represión sobre as mulleres na guerra civil. O brillo da parella republicana, formada por ela e o gobernador civil

da Coruña que esperaba nese momento descendencia, pode simbolizar, por metonimia, todo o que perdemos co levantamento militar. Eles tres, os proxenitores e a súa futura criatura, encarnan todo o que matou a represión desencadeada en 1936. Capdevielle e Pérez Carballo eran mozos moi ben preparados que estaban mellorando a sociedade con accións positivas e foron asasinados. Eles representaban o presente, como a criatura que esperaban o futuro. O levantamento militar do 36 asasinou o presente do brillo republicano e abortou o posible esplendor do porvir. E, en consecuencia, arrebatounos a nós o noso presente: un presente que podería ter sido mellor que o de hoxe.

Juana Capdevielle estivo xunto ao seu home na defensa do goberno civil da Coruña nos primeiros momentos do ataque armado á legalidade republicana, refuxiouse logo nunha casa solidaria da mesma cidade da Coruña co obxecto de preservar a criatura que agardaba, quedou viúva tras do fusilamento do gobernador, foi encarcerada, e finalmente asasinada nun *paseo* que acabou co seu corpo nun foxo de Rábade, na estrada Madrid - A Coruña (Vermellas 2009: 22-25, Blanco 2009a).

A historia da represión que a conduciu á morte foi calada e silenciada polos axentes que a perpetraron criminalmente, pero foi falada en voz baixa dentro do progresismo, que a mantivo na memoria, mesmo por escrito, como un dos exemplos máximos dos crimes de guerra cometidos polo franquismo. Na recuperación da memoria histórica para o avance da liberdade é preciso recoñecer

todos os males cometidos e entre eses males están tamén os derivados do morbo sexual dos dous bandos, unha morbosidade que afectou especialmente ás mulleres mais non só ás mulleres, tamén, especialmente, aos homosexuais. O fascismo exerceu este morbo materialmente sobre os corpos de mulleres e de homes, con espantosas torturas e ademais imaxinou e verbalizou outras múltiples torturas que primeiro proclamou e logo ocultou. Mais na belixerancia entre bandos os progresistas tamén contraatacaron utilizando o imaxinario sexual morbosos para atribuírle aos fascistas violencias tremendas co obxectivo de descualificalos, violencias que en moitos casos non eran certas ou non estaban probadas. A recuperación da memoria de Xoana Capdevielle viuse especialmente afectada por este poder sexual que ofusca as mentes, tamén moitas veces escravas, das xentes que se consideran progresistas.

En *Atracción total* trato de crear outra memoria posible da admirable muller que foi Juana Capdevielle:

Mulleres cultas e progresistas

Juana foi unha bibliotecaria que participou moi activamente na alta cultura madrileña da República desde o seo da Universidade e do Ateneo. Pertenceu ao grupo emerxente de mulleres cultas e progresistas que estaban cambiando coa súa existencia consecuenta a vida pública e privada do país. Estivo afanada nas súas tarefas intelectuais e tardou en coñecer un home que lle gustase por todo. Cando o encontrou casou con el polo civil e ao pouco tempo a parella veu vivir a Galicia, cando o home se puxo á fronte do Goberno Civil da Coruña, por cuxa defensa perdería a vida.

O amor é indestrutible

Juana, fuches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivésemos xuntos. Deixáchesme dito na noite do vinte e catro de xullo de 1936 antes de que te matasen. Paco, fuches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivésemos xuntos. Dígoche na noite do dezaioito de agosto de 1936 antes de que me maten. E penso: quitaranme a vida, mais non me quitarán o amor porque o amor é indestrutible.

Todo se cumpría

Pobriña Juana. O que deixaras dito co claro fulgor da túa intelixencia de muller sabia e libre, absolutamente satisfeita de selo, todo se cumpría na túa vida e na túa morte. Na túa vida coa unión civil de amor sólido e firme, como o chan que pisabas, dedicada á necesaria actuación social entusiástica. Na túa morte co teu destino inxusto e tráxico de muller sincera e valente perseguida e posta á marxe da sociedade. Mais a feliz vida nova que anuncia o clamor modélico e xusticeiro da túa vida e da túa morte emblemáticas, tamén toda se cumprirá.

Corpo intacto só tocado polas balas

Unha muller que te contemplou morta na terra do Monte da Gándara lembra o teu corpo intacto só tocado polas balas. A súa lembranza limpa o morbo da misoxinia e da obsesión sexual coa que xente dos dous bandos se apropiou da túa morte (Blanco 2008a: 158-9).

Referencias bibliográficas citadas

- A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas* (2006), Santiago de Compostela, Servizo Galego de Igualdade, Xunta de Galicia,-Andaina.
- Blanco, Carmen (1997), *El contradiscurso de las mujeres. Historia del feminismo*, Vigo, Editorial Nigra.
- Blanco, Carmen (2004), *Vermella con lobos*, Vigo, Edicións Xerais.
- Blanco, Carmen (2008a), *Atracción total*, Vigo, Edicións Xerais.
- Blanco, Carmen (2008b), “A voz do avó: Silverio García Goyanes miliciano”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, 13, *A voz das vítimas do 36*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, pp. 135-144.
- Blanco, Carmen (2009a), “A bibliotecaria republicana Juana Capdevielle”, *Foeminas. Revista virtual de xénero*, Lugo, Concellería da Muller, Concello de Lugo, marzo, 2009. <http://www.foeminas.lugo.es>.
- Blanco, Carmen (2009b), “Imaxes de Mulleres na Literatura Galega: Penélopes de Poetas. Rosalía Penélope, Xohana Penélope e Olga Penélope”, González Paz, Carlos Andrés (Ed.), *As voces de Clío: a palabra e a memoria da muller na Galicia, Cadernos de Estudos Gallegos. Monografías*, 8, Santiago de Compostela, Instituto de Estudos Gallegos “Padre Sarmiento”, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 89-100.
- Casas anarquistas de mulleres libertarias. A resistencia anarquista das mulleres despois do levantamento fascista de 1936* (2007),

A Coruña-Compostela, Confederación Nacional do Traballo de Galiza (CNT).

Unión libre. Cadernos de vida e culturas, 9, *Memoria antifascista de Galicia* (2006), Sada, A Coruña, Edicións do Castro.

Unión libre. Cadernos de vida e culturas, 11, *Vermellas* (2006), Sada, A Coruña, Edicións do Castro.

Unión libre. Cadernos de vida e culturas, 13, *A voz das vítimas do 36* (2008), Sada, A Coruña, Edicións do Castro.

Vermellas. Chamábanlles “rojas” (2009), catálogo da exposición organizada pola Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela nas actividades de *Lugo cultural* na sala Isaac Díaz Pardo da Facultade de Veterinaria no Campus de Lugo de marzo a maio do 2009, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Mesa redonda
(18 de outubro do 2008)

MULLER E POLÍTICA NA GALICIA DE 1933.

ELISEO FERNÁNDEZ; EMILIO GRANDÍO; CARLOS PEREIRA

ELISEO FERNÁNDEZ

Cando se fala da muller durante a República, o primeiro que debemos destacar é que o gran protagonismo social que ten non se corresponde para nada co seu protagonismo na vida pública, moito menor. Hai que sinalar que a muller tiña unha importancia fundamental no mundo do traballo, sobre todo no mundo rural. Isto incrementouse aínda máis trala masiva emigración de homes. Quedaron aquí moitas familias monoparentais e as mulleres eran as que tiraban adiante co traballo no mundo agrario. Tamén houbo industrias moi importantes, como por exemplo a conserveira, nas que a muller tivo un protagonismo fundamental no seu desenvolvemento. E tamén podemos citar que na propia bisbarra da Coruña a presenza de mulleres en moitas fábricas era maioritaria. En concreto a Fábrica de tabacos con dúas mil empregadas, a fábrica de mistos, e non debemos esquecer toda a industria pesqueira na que moitas empresas auxiliares tiñan empregadas a máis mulleres que homes (pescantinas, redeiras...).

O traballo feminino tiña unhas características especiais diferenciadas do masculino. Entre eles podemos sinalar a discontinuidade e a estacionalidade (sobre todo no mundo do mar). Outra característica era o traballo por peza ou a *destajo*, que era feito máis por mulleres que por homes. Había unha discriminación salarial bastante forte (cobrando elas moito menos que os homes). Ademais, outros traballos, como o do servizo doméstico para terceiros ou o das costureiras que traballaban na casa, mais por conta allea, eran maioritariamente femininos.

Este tipo de traballos provocaron que a súa vinculación cos sindicatos fora difícil. En moitos casos polo seu illamento (os traballos en casa) e noutros casos debido á súa discontinuidade, ás quendas... non resultaba doado que se incorporasen moitas mulleres á loita sindical. Tamén caben sinalar factores culturais. En xeral, o seu baixo nivel cultural dificultaba que tomasen conciencia da importancia de involucrarse en movementos sindicais. Por último a influencia da igrexa facía que tampouco se achegasen moito a ese tipo de colectivos.

Malia todo, a incorporación da muller aos sindicatos, aínda que con atraso, foise producindo durante o período da República. Pero antes, na década dos anos 10 xa se crearan algunhas sociedades obreiras. Foron fundadas normalmente por homes pero a maior parte das persoas que se involucran e colaboran nesas sociedades eran mulleres. Durante os anos da primeira guerra mundial esas sociedades colleron unha forza importante. Era unha época de carestía dos alimentos, de problemas de carestía dos ali-

mentos básicos (as chamadas subsistencias) e se produciron unha serie de motíns en mercados, sobre todo en pobos pequenos e tamén nalgunha cidade, nos que se protestaba pola carestía dos produtos de primeira necesidade. As mulleres chegaban ao mercado no que a escaseza provocaba esa suba de prezos e comezaban a protestar, nun primeiro lugar de xeito espontáneo pero máis adiante de forma xa organizada. Os motíns déronse por toda Galicia chegando a haber algúns moi dramáticos, como o que ocasionou oito mortos en Sedes-Narón. A maior parte daqueles mortos eran mulleres. Polo tanto pasaron de non ter case protagonismo no movemento obreiro a ser as principais vítimas da represión por parte das forzas de orde pública. Incluso se volvemos atrás, podemos citar a famosa folga de 1901 na cidade da Coruña, na que houbo unha forte represión e na que xa as mulleres foran as máis afectadas.

Na zona da Coruña as primeiras organizacións foron a das xastras, coa mediación dun militante anarquista: José Sanjurjo. Despois está a organización dun sindicato por parte das traballadoras da fábrica de tabacos, a Unión Tacabalera que estaba máis vinculada ao socialismo; algún tempo despois xurdiu outra sociedade de tabaqueiras de carácter anarcosindicalista.

Ao falar da integración da muller nos sindicatos, temos que lembrar algo xa comentado: era unha iniciativa que normalmente partía de homes, que se dirixían ás mulleres para que se integrasen no movemento e para que estivesen organizadas sindicalmente. Ademais de Sanjurjo, antes citado, tamén podemos falar de Severino Chacón anima-

dor da organización sindical das tabaqueiras coruñesas. Por un lado isto era positivo porque as incitan a involucrase, pero ao mesmo tempo era un freo porque non eran elas as que daban o paso e iso repercutía en que non dirixían o movemento, o que lles restaba capacidade de decisión nestas sociedades obreiras femininas. Eran sociedades obreiras que estaban tuteladas por homes. Excepcionalmente si que houbo algunha muller que conseguiu facerse visible. En 1913 hai unha muller que funda un grupo anarquista feminino que se chama La Antorcha en Ferrol. Tamén podemos citar a Josefa López, unha tabaqueira que foi a única muller que participou no congreso da CNT en 1919 e Avelina Fernández que tamén participa en varios mitins, tanto na década dos anos dez como no comezo da década dos vinte.

Despois do parón que houbo no movemento sindical durante a dictadura de Primo de Rivera, unha vez chegada a República houbo un forte renacemento da actividade sindical. Durante todo o período desta Segunda República o movemento sindical foi en aumento aínda que este ascenso da sindicación non foi algo continuo: durante ese período tamén houbo altibaixos. É importante dicir que o movemento obreiro a principios de século só estaba consolidado en cidades e vilas pero que na República achegouse tamén ao ámbito rural e mesmo a lugares lonxe da influencia urbana. Cada vez houbo máis sociedades femininas e ao mesmo tempo xa por fin comezaron a ter máis responsabilidade e protagonismo: sendo directivas e incluso prescindindo da xa citada tutela dos homes.

No comezo da época republicana, que é a de máis dinamismo no mundo laboral, houbo varios conflitos importantes. Podemos falar de folgas das traballadoras do téxtil na Coruña, podemos sinalar tamén a mobilización das mesteiras que loitaban por reivindicacións que non puideran facer durante a dictadura, período no que dependían da boa vontade dos patróns. Tódalas melloras que estaban paralizadas tentaban recuperalas ao comezo da República a través do movemento sindical.

No sector do mar tamén houbo conflictividade. Sobre todo nas empacadoras de Vigo e Marín e nas pescantinas de Cariño. Cumpre lembrar que en moitas ocasións as traballadoras do porto ían a pe ata os barcos a descargar o pescado; algunhas delas traballaban coa auga por riba da cintura, o que pode dar idea da dureza do seu traballo. Todas loitan por melloras laborais que antes resultaban imposibles de acadar. Outro colectivo cun traballo moi duro e con importantes reivindicacións eran as descargadoras de carbón na Coruña e Ferrol.

Todo isto contrasta coa situación na Fábrica de Tabacos na que hai unha relativa tranquilidade. Isto se explica porque a Fábrica de Tabacos era unha empresa que levaba unha política moi paternalista coas traballadoras e había tamén unha serie de seguros e avantaxes con respecto a outras traballadoras. Mesmo daban certa garantía de permanencia da relación laboral coa incorporación de fillas e netas das traballadoras á fábrica. Había un sindicato específico do sector, a Unión Tabacalera, que era o sindicato

maioritario e tiña un discurso moderado, mentres que o sindicato da CNT tiña unha presenza menor alí.

En 1932 xurde un importante conflito cando se implanta o “Seguro de maternidade”. Supuña que as mulleres que tiñan un fillo se lles pagaba un salario durante a baixa, correspondente a ese seguro. Os sindicatos da CNT opuxéronse a esta medida. O sindicato anarcosindicalista propoñía que toda a cotización a fixera o patrón e que as mulleres non tiveran que cotizar por iso xa que os salarios eran moi xustos como para ter que afrontar ese pago. Ademais, como moitos eran traballos descontinuos, os patróns cotizaban por elas mentres non traballaban pero cando se reincorporaban ao seu posto lles estaban descontando todo o cotizado nese período e a veces o soldo case se lle quedaba en nada. A CNT convocou unha asemblea na Coruña sobre este tema e se decidiu convocar unha folga xeral que durou tres días e na que houbo incidentes de violencia bastante importantes. Sobre todo entre os que non estaban de acordo coa folga e os que estaban a favor, moitas veces vencellados a UGT que en parte eran, digamos, patrocinadores dese seguro de natalidade desde os ministerios gobernados polos socialistas.

Nesta época, os gobernos da República tentan dar unha imaxe de orde, empregando ás forzas e corpos de seguridade do estado con contundencia diante das reivindicacións obreiras. O incidente máis forte da folga polo seguro de maternidade tivo lugar o segundo día de mobilización, cando unha multitude se concentrou nas portas da fábrica de tabacos e comezou a tirar pedras contra as traballadoras que rompían a folga; a forza de orde pública

interveu con disparos, ferindo a vintedous homes, un dos cales morreu posteriormente.

Seguindo máis adiante no tempo, a muller colleu aínda un maior protagonismo no movemento sindical. Xa apareceron na prensa artigos escritos por mulleres. Houbo oradoras femininas que viñan de fora como Rosario Dolcet, unha propagandista catalana da CNT, ou Federica Montseny que veu no ano 1935 e que chegou a ministra no tempo da guerra civil. Houbo incluso mitins especificamente para mulleres. Cumpre sinalar a actividade na zona da Coruña dun pequeno grupo de mulleres que rematou fundando o grupo *Mujeres Libres*, entre as que destacaba Sebastiana Vitales, emigrada en Estados Unidos (onde coñecera ao seu home Francisco Ballón); durante os anos 34 e 35 deu mitins para mulleres por toda Galiza.

Por outra banda, as Juventudes Socialistas e as Juventudes Libertarias tiñan un porcentaxe de mulleres moito maior do que tiñan os grupos anarquistas ou incluso no mesmo partido socialista, onde a presenza da muller seguía sendo minoritaria. Seguía habendo machismo por parte dos homes nos sindicatos, pero si que é certo que a balanza entre homes e mulleres estaba cada vez máis equilibrada.

Todo isto cambiou no ano 33 coa victoria da CEDA. Aí se produciu un retroceso para as mulleres en xeral pero para as sindicalistas moito máis. Despois dunha breve esperanza no período da Fronte Popular, a cousa empeorou definitivamente coa chegada da guerra civil. Na ditadura as mulleres sindicalistas sufriron represión pola súa

actividade e tamén padeceron a represión das súas familias. A represión sobre moitos homes co exilio, a guerrilla... provocou que recaese sobre moitas mulleres o esforzo de levar adiante as casas, incluso de manter a homes que estaban agochados. Podemos dicir que as mulleres foron vítimas do franquismo por partida dobre, como mulleres represaliadas elas mesmas en primeiro lugar e despois tamén como familiares de esposos e fillos asasinados, encarcerados, exiliados ou agochados.

EMILIO GRANDÍO

Eu vou falar dunha sociedade distinta á que nos comentaba Eliseo. É unha sociedade que perde poder e que quere reconstruílo con tódolos medios ao seu alcance. É unha sociedade que no ano 30 e 31 está xoqueada, sen saber o rumbo que tomar. A relación do conservadurismo coa política procede da Igrexa. A Igrexa, no caso das mulleres conservadoras, é a principal impulsora da rede de movemento social. Os valores que se van a difundir dende ese partido católico novo van a ser a familia, a relixión, os fillos, o respecto a figura do home... De feito, rematarei falando deses valores porque creo que son fundamentais para entender a cultura do franquismo. Penso que o modelo feminino do franquismo non se comprende sen saber o modelo de intervención das mulleres na política conservadora da República.

A principal rede que montan as mulleres políticas conservadoras durante a segunda república é sen dúbida a Acción

Católica Femenina. Unha organización dependente totalmente da igrexa, ao igual que Acción Católica Masculina e que ten o seu núcleo (e é un elemento moi importante neste pensamento) na familia. Vamos a atoparnos dentro de todas estas organizacións conservadoras, aínda que divididas en organizacións masculinas, femininas e xuvenis, toda a organización familiar. É dicir, os pais están involucrados na masculina, as nais na feminina e os fillos nas JAP. A familia é o núcleo, non é a persoa. Polo tanto cando aparece un discurso laicista no ano 31 é importante decatarnos que se entende como unha agresión non política, se non persoal. A 'política' como tal non existe dentro do pensamento conservador, ou faino en moi escasa medida, e polo tanto enténdese como unha agresión á familia. Neses anos necesitan transformar pola política algo que simplemente entendían como algo persoal. Tamén nisto as mulleres xogaban un papel decisivo. ¿Por qué motivo? Pois porque a partir do ano 31 o censo duplícase e esas novas eleccións do 33 supoñen un novo mercado de votos descoñecidos. Por tanto, a dereita vai ir dende esa posición de saída que xa dixemos que era moi feble en canto a acción política, e pasa nesta época a levar un discurso que pretende conseguir a afiliación da muller, e tamén pretende amedrentar aos sectores de esquerdas presentando á muller como un sector cautivo da dereita.

Hai moitas organizacións femininas de dereita: tradicionalismo, Falange, Acción Católica... Agora ben, son moi minoritarias internamente. O partido que deu o gran paso organizativo e conseguiu unha ampla vinculación da muller foi a CEDA (Confederación Española de Derechas

Autónomas). Vou tentar explicar en pouco tempo como é ese proceso de reconstrucción.

A CEDA é o primeiro partido político que estrutura, cun fin político e firme, ás mulleres. Nin o sindicalismo conseguira estruturar dun xeito tan sólido ás mulleres dentro da súa organización. E isto baséano en que o seu núcleo non son as persoas, como dixemos antes, é a familia. Se o marido está na Acción Católica Masculina, ela vai a estar, sen plantexarse outra cousa, na feminina. Son, por tanto, os primeiros que movilizan de xeito organizado e forte ás mulleres nun discurso claro e político. De feito hai algunhas teses bastante recentes, dun par de anos para aquí, que plantexa que esta reconstrucción de organizacións conservadoras femininas pode ser vista incluso como unha adaptación do sufraxismo, como unha adaptación do movemento feminista. Non é unha idea tan descabellada a altura dos anos da República. Eu non comparto totalmente esta idea. Sin embargo, esa idea de que a muller se ten que organizar, adaptado ao discurso relixioso, funciona. A de que a muller ten que pasar a ser un axente político funciona. Moitas destas mulleres que comentaba Eliseo que falaban nos mitins dentro das organizacións republicanas, pois tamén existen no bando conservador, iso si, o seu discurso era adaptado ao que dicía a Igrexa. Algunhas delas conseguiron bastante trascendencia no ámbito galego e incluso no ámbito do estado. A principal organización que se crea en Galicia é a Agrupación Feminina Lucense, dirixida por Mercedes Sánchez Arrieta, irmá dun dos dirixentes do Sindicato Católico Agrario.

Mercedes Sánchez xogará posteriormente un papel decisivo, incluso na creación da propia CEDA. Xunto con Carlos Ruíz del Castillo será a representante galega na fundación da CEDA. Para que vos fagades unha idea da súa importancia é unha das poucas mulleres que está presente nas ponencias da propia constitución da CEDA.

¿Cómo é o proceso de construción?. Hai unha necesidade de crear asociacións. As primeiras asociacións femininas son mixtas. Boa parte das asociacións femininas non son exclusivamente femininas. É certo que os homes aparecen en escasa medida, están en clara minoría, pero aparecen. Entre o 31 e o 33 necesítase crear unha estrutura baseada na incorporación da muller pero por dentro necesitan políticos e mulleres na política aínda non había. As directivas están conformadas do mesmo xeito que nas organizacións masculinas e funcionaba tamén un “consello técnico asesor” no que xa aparecía unha maioría masculina antes que feminina. Non teñen xeralmente locais en propiedade, o común era que compartisen local coa organización masculina. Tamén aparecen sedes en casas particulares ou parroquias. Hai unha relación persoal e financeira moi notable coa Acción Católica. Boa parte deles proceden dos ámbitos de Acción Católica e das catequesis parroquiais.

Hai que dicir que tampouco lle era alleo a constitución de organizacións xuvenís. É curioso salientar que Galicia era unha das poucas zonas do estado donde as organizacións da CEDA femininas teñen organizacións xuvenís. Hai moi pouquiños casos, como Valencia. Son zonas onde as organizacións teñen a estrutura máis firme e máis consolidada.

Para rematar quero sinalar tres cuestións fundamentais no seu desenvolvemento. A primeira é a consideración da muller dende esa perspectiva católica tradicional do franquismo. Isto vai a ser unha “avantaxe” en determinados ámbitos. Podemos citar o ámbito da represión. Os homes, practicamente ata a extensión das redes de enlace dos maquis, da guerrilla, non consideran á muller como un obxecto político. E por isto, a represión física, a represión clásica ten un número moito menor nas mulleres que nos homes. Agora ben, se falamos de represión psicolóxica, ou represión dentro das comunidades súfrena moito máis as mulleres que os homes. Precisamente porque as mulleres están en aspectos da vida cotidiana na que os homes non están.

En segundo lugar, non é posible entender, por exemplo a Sección Femenina, o impacto que ten, os seus valores e a súa estruturación sen que non existira a CEDA. A CEDA deulle un papel político á muller, aínda que é posible que funcionase moito máis a nivel de imaxe que na realidade, e isto é algo que se debe traballar máis. Aínda así era a imaxe requerida a tenor dos resultados electorais. A beneficencia social, o traballo en escolas nocturnas... eran cousas que xa se facían a través das mulleres cedistas. Pero agora, un exemplo moi gráfico, as que se encargan de reelaborar o censo electoral son as mulleres. Nos anos 32 e 33 van en parellas casa por casa, nas cidades especialmente, para comprobar canta xente hai e preparar as próximas eleccións. Ese papel político está presente neses anos.

E en terceiro lugar, como eixe fundamental, os valores. Eses valores do franquismo presentes cada día. A responsabilidade de cara á familia, do retrainiento familiar, da redución do espazo da familia pasando dun espazo público a un espazo interior... Son comportamentos sociais da dictadura pero que se traspasan maioritariamente a través das mulleres. En que medida isto se verifica está aínda tamén por traballar.

CARLOS PEREIRA

Hai tres anos recibín, por parte de Emilio Grandío, para un volume sobre republicanos en Galicia, o encargo de escribir un apartado que se ía titular “Mulleres e República”. Ao principio pensei que era un encargo cómodo -era un tema que tiña xa moi avanzado-; pero, para a miña sorpresa, comentoume que non se refería só á Segunda República, senón que tiña que empezar dende os albores do século XIX. O caso é que, finalmente, aquela investigación viu a luz co título de “Muller e *res pública*”, -a suxerencia tamén de Emilio-, e nel fun facendo un percorrido polas masonas, as librepensadoras e o movemento obreiro ata chegar á época que agora nos ocupa, a da Segunda República.

Comentaba antes Eliseo Fernández que había sindicatos que tiñan ampla representación de mulleres, -sobre todo nas fábricas nas que elas eran o elemento maioritario-, pero que na maior parte dos casos, pesie a ser minoritarios, eran os homes quen os dirixían. No caso dos partidos políticos pasará algo similar. Situacións como a que

temos agora, cunha muller vicepresidenta do goberno, e outras ministras ou presidentas de comunidades autónomas..., era inimaxiñable. Mais non debemos esquecer que esta nova circunstancia débese, en boa medida, a que na época da que imos falar houbo mulleres que deron un paso adiante e ingresaron nos partidos políticos.

Constatamos, na Segunda República, a participación, aínda que testemuñal, das mulleres nas directivas da formacións políticas. É lóxico que sexa escasa, xa que as mulleres votan por primeira vez no Estado español nas eleccións xerais de 1933. Carmen Pérez Pais, unha investigadora galega, afirma que as mulleres non ocuparon ningún cargo de responsabilidade nas organizacións patronais, nin profesionais agás no ensino; só menciona algunhas vogalías en sociedades como a Liga Española de Derechos del Hombre de Vigo ou Izquierda Republicana na Coruña.

Respecto da participación das mulleres como candidatas electorais, é minúscula. Eu coñezo moi poucos casos. Trátase de Concepción Alfaya López, que se presenta por Alianza Republicana nas eleccións de 1931 por Pontevedra, provincia pola que se presenta tamén Amalia Figueiroa polo Partido Comunista nas xerais de novembro de 1933 e a republicana conservadora Xulia Becerra que nas de febreiro de 1936. Si figuran outras mullereso como presidentas de mesa electoral, ou suplentes de presidentes, nas eleccións de febreiro de 1936 en Lugo.

Como concelleiras atopamos á mestra Gabriela Nieto no concello lugués de Rábade. En Cervo había outra mul-

ler, en Boiro na época da Fronte Popular estaba unha socialista, e outra foi alcaldesa de A Cañiza en Pontevedra.

En canto a orientación política, o Partido Galeguista só constituíu un grupo feminino en Ourense que en 1936 publica un manifesto dirixido ás mulleres co gallo do plebiscito do Estatuto. Iso si, había mulleres afiliadas ao partido en varias localidades. Na Coruña, por exemplo, a cullerdense Amparo López Jeán (nai de Francisco Javier Alvar, alcalde de Carral polo Partido Socialista durante a democracia), formaba parte do comité local, e á súa vez era presidenta da Agrupación Republicana Femenina (tamén formaría parte do Comité Executivo do Partido Galeguista en Barcelona, durante a Guerra Civil).

Outro precedente tamén sería o grupo feminino da Irmandade da Fala da Coruña, aínda que neste momento a entidade tiña un compoñente máis sociocultural que político. En todo caso, en 1918 a Asemblea Nacionalista de Lugo recoñecía no seu articulado a igualdade de dereitos para as mulleres, algo que non era frecuente.

O Partido Republicano Radical, un dos máis importantes do período republicano, -xa existente anteriormente-, terá unha agrupación feminina en Vigo. O Partido Republicano Radical-Demócrata, -unha escisión do mesmo, onde estaría o pai de Francisco Javier Alvar, César Alvar e do cal nacería Unión Republicana-, tamén tiña algunhas afiliadas nalgunhas localidades, como por exemplo en Cee, onde se conserva o listado de afiliados. O Partido Republicano Radical Socialista, un partido curio-

so porque tivo moita importancia a comezos da República, -digamos que era un partido socialista moi esquerdista dentro da burguesía e que máis tarde se escindiría para, unha parte del, contribuír a fundar Izquierda Republicana-, dispuxo dunha agrupación de mulleres en Pontevedra e algunha afiliada chegou a directiva nalgunha das súas agrupacións locais.

No ano 1933 este partido fai un importante esforzo publicitario pedíndolle ás mulleres que participen, que exerzan o seu dereito a voto, divulgando textos como: *Votad a la República si no queréis hombres sin tierra, hogares sin pan e hijos sin escuela. La democracia ampara el derecho de la fe en el templo y en el hogar, pero no permitiría sacar el crucifijo del altar para convertirlo, profanándolo en instrumento de humanas ambiciones.* Que era precisamente o que querían as mulleres de dereitas, que o crucifixo se convertese nun elemento político.

Unha escisión deste partido, o Partido Radical Socialista Independiente, contará tamén na Coruña cunha muller, Trinidad Villalón, como vogal no seu comité local en xaneiro de 1934.

Un dos grupos que si tivo unha agrupación de mulleres importante foi Acción Republicana na Coruña, dende principios da República. E tamén o 18 de marzo de 1936 constitúese oficialmente na Coruña a sección feminina de Izquierda Republicana, aínda que, xa antes desta data, hai mulleres desta filiación política desenvolvendo labores como o buscar apoios para os nenos orfos de Asturias,

participando no comité organizador da “Semana del niño” etc. Tamén nas Juventudes de Izquierda Republicana atopamos a dúas mulleres, América Muñiz e Carmen Ginés, como vogais.

Dentro do que sería o republicanismo máis xenérico, na Coruña existía Juventud Republicana, que na época da Segunda República ten nos seus comités a dúas mulleres, Matilde Muñoz e Joaquina Conde, que aparecen ademáis participando en mitins como oradoras. En xuntas directivas posteriores, no período 1934-1936, encontramos como tesoureira da entidade a Matilde Núñez e a María Mosquera como vogal. Aínda non chegaban a ser presidentas ou vicepresidentas, pero ían copando postos nestas directivas.

No que respecta ao Partido Comunista de España, ao igual que na maioría das forzas políticas galegas a presenza da muller era cativa. Na Coruña, as mulleres simpatizantes estaban relacionadas co grupo de teatro *La Dínamo*. Por terras de Curtis atopamos a sobranceira figura de Isabel Ríos, cofundadora dunha cédula con outras mulleres e na zona de Lugo destacará Enriqueta Otero, que pasará moitas peripecias -publicadas máis tarde nun libro-. Na provincia de Ourense aparecen figuras como a da compañeira de Avelino Álvarez, un dos dirixentes do partido nesta provincia, e que intervén en mitins na campaña das eleccións xerais de 1933. Na zona de Valdeorras atopamos a Milagros Teixeira dentro do Partido Comunista. Na cidade de Ourense unha activa militante é Jesusa Prado, e igualmente simpatizaba co comunismo a compañeira do médico Antonio Carnicero, Maruxa.

Outro caso interesante é o do Partido Socialista Obrero Español. Xa en 1904 fúndase en Bilbao o primeiro grupo feminino socialista, é dicir, a tradición xa era bastante antiga. En Ferrol, esta entidade nace en 1919 co obxecto de formar á muller no exercicio dos seus dereitos e práctica dos seus deberes sociais. Presidindo o grupo estaba Matilde Edreira. Anos despois atopamos á propagandista socialista Virginia González dando mitins na Coruña e Ferrol. En 1920 o concelleiro socialista Antonio Vello dá unha conferencia que se pode considerar como a constitución de grupo. Disolto durante a ditadura de Primo de Rivera, o grupo volve coa República en maio de 1931, creándose á vez unha biblioteca proletaria.

No Congreso provincial das Colectividades socialistas na Coruña, celebrado en Betanzos en novembro do ano 1931, participa este grupo feminino con 51 afiliadas. Pode parecer un número escaso, pero non o é: a Agrupación Socialista de Ferrol, que era a máis numerosa, tiña 130 afiliados, outros tantos a da Coruña, 50 a de Santiago e 40 a de Betanzos. Tiñan máis afiliadas, xa que logo, o grupo femenino socialista de Ferrol que as agrupacións socialistas de Santiago ou Betanzos.

A comezos de 1933 o PSOE fará unha campaña agrario-socialista na que atopamos participando como oradora á mestra de Miño, María Vázquez, que falará en Redes, en Fene e tamén ante obreiras de fábricas do téxtil. María Vázquez será represaliada no 36.

A represión desatada trala revolución de outubro de 1934 leva á ilegalización de organizacións obreiras; será

levantada en abril de 1935. En Ferrol, a campaña do Grupo Femenino Socialista, ou da Asociación Obrera da Construción Naval irá encamiñada á solidariedade cos presos a través de axudas económicas ás súas familias, creando comités pro-presos...etc. En Vigo hai mulleres socialistas activas, mesmo deputadas, como a deputada por Granada María de Lejárrega, que participa en multitudinarios actos pedindo a amnistía e a liberación dos presos.

No que respecta á cidade da Coruña, en 1935 atopamos a Elvira Pazos como vogal desta asociación socialista. E nas eleccións de febreiro de 1936 igualmente hai mulleres socialistas, como Pilar Durán ou Carmen Naya Mariñas, que participan en actos electorais en lugares como Lorbé, Caión..., ou, en Pontedeume, María Abella, que será asasinada no 36.

Tamén na prensa socialista galega atopamos, nalgunhas ocasións, artigos e colaboracións de mulleres. Podemos citar algunha publicación como *Renovación* de Ponteareas, ou *El momento* de Viveiro.

Esta sería, someramente, a panorámica da participación de mulleres dunha maneira activa nos cambios políticos. Pero hai outras entidades socioculturais que tamén bordean o que serían os fins políticos. Citareinas un pouco por riba, xa que nelas figuran moitas mulleres que participan, ao mesmo tempo, en partidos políticos. Unha delas é Socorro Rojo Internacional, na que laboraba a viguesa Placeres Castellanos (da que se acaba de editar unha biografía), unha muller que forma parte da Liga de

los Derechos del Hombre, que aparece como militante da agrupación socialista de Vigo. Asasinado o seu esposo, o mestre Víctor Fraiz, consegue pasar a Madrid durante a Guerra Civil, e aparece escribindo en prensa antifranquista. Placeres sufrirá moitas peripecias no exilio, regresando a Vigo moitísimos anos despois.

No caso coruñés tamén atopamos mulleres como Josefa de la Fuente, que representa a Socorro Rojo Internacional no Comité da Semana del niño do que antes falamos.

Outra entidade, de nome tamén moi curioso, é a Agrupación de Mujeres contra la guerra y el fascio, apoiada polo PCE e por Izquierda Republicana fundamentalmente, aínda que tamén participan nela mulleres socialistas. Contou con grupos en varias cidades como Coruña, Ferrol, Ourense ou Porriño. Organizan en Vigo o Día Internacional da Muller en marzo de 1936, organizan mitins, manifestacións... En Vigo era directiva desta agrupación Urania Mella, filla de Ricardo Mella, un dos célebres dirixentes e teóricos do anarquismo galego.

En Ferrol tamén se coñece a directiva da entidade. Tiña a se no Centro Obreiro, onde tamén radicaba á da UGT.

Outra entidade que dura uns meses, pero que é moi interesante, é a Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispanoamericanas y Cruzada de Mujeres Españolas. O nome é longo porque procede da fusión de dúas sociedades: a primeira parte do nome corresponde a unha socie-

dade que aglutinaba a mulleres de moitas partes do mundo, sobre todo de España e Hispanoamérica, e a segunda parte era dunha sociedade fundada en España. Non vou insistir demasiado nela pero si dicir que forma parte dunha pléiade de organizacións que, a partir de 1918, vanse creando en España. E, en moitas delas, dentro dos seus fins, estaba a reivindicación dos dereitos femininos, entre eles o sufraxio. Esta Liga organizará na Coruña diversas actividades de concienciación feminista (conferencias, cursiños...). Non é de extrañar, xa que logo, que periódicos conservadores e católicos como *El Ideal Gallego*, consciente da forza desta agrupación, chegue a dicir nas súas páxinas: *Toda mujer católica que lo sea de corazón, no debe manchar su timbre de católica figurando en las listas de la Liga Internacional de Mujeres*. Pola tribuna da Liga pasarán políticos como Alfredo Somoza, médicos como Hervada, como Búa Carou, ou socialistas e deputados como Manuel Cuervo, María Vázquez, etc.

Tempo despois, a principios de 1933, nace na Coruña a Agrupación Republicana Feminina, que ata 1936 tivo como presidenta á xa citada Amparo López Jeán, nacida en Vilaboa (Culleredo), e que morrería no exilio en Montauban (Francia). A Agrupación Republicana Feminina fixo numerosos actos, dende cursos para formación de mulleres, conferencias, mitins. Pero non deixaron a un lado o labor político: encargáronse de xestionar o control das convocatorias electorais, facían chamamentos para que a xente confirmase que estaba no censo, pedían o voto... Este inenso labor levará a Santiago Casares Quiroga,

nunha visita que fixo ao seu local no 1933, a dicirlles que oxalá os partidos políticos con homes á fronte practicasen esa visión unitaria que sostiveron as mulleres nesa campaña electoral: quizais os resultados tivesen sido mellores. Este tipo de actividade continuará nas eleccións de febreiro de 1936.

Hai outras entidades de mulleres, neste caso de carácter benéfico e independentes, que funcionan na República: un exemplo pode ser o Patronato Femenino de Ferrol. Esta entidade, xa no ano 1932, ofrece comidas para obreiros a baixo prezo. Outro caso é a Asociación Benéfico Femenina Mariana Pineda, que se constitúe na Coruña nos primeiros días de 1933, que máis tarde cambiará o seu nome polo de Concepción Arenal. En Lugo aparece a Agrupación Feminina Lucense, de carácter conservador. Por último, hai outra entidade, tamén creada na Coruña, a Asociación Concepción Arenal para la Protección y Rehabilitación del Preso, na que forma parte da súa directiva a mestra María Barbeito Cerviño, que mesmo será presidenta entre 1931 e 1933; unha muller de ideas avanzadas para a época que sufriría a represión dendo depurada do Ensino. Directora do colexio Eusebio da Guarda da Coruña, foi unha das introdutoras dos métodos máis avanzados de ensino que xa a principios de século XX se estaban implantando no mundo.

Concluimos cunha reflexión. Aínda que o número non sexa moi grande, constatamos que hai un proceso no cal, de vagar, as mulleres vanse introducindo nas organizacións políticas. Os seus pasos serían pequenos, pero sen

elas, e outras que as precederon, non poderíamos entender a realidade actual. Na Historia, as cousas non nacen por xeración espontánea; sempre hai un proceso (sexa de longa ou curta duración). E é a historia de longa duración a que consegue que as mentalidades cambien, en ocasións moito máis que con súbitas accións políticas. Se fixésemos unha viaxe á época da República, -xa non digo a tempos anterior-, e o comparamos coa situación actual, o rol da muller cambiou dun xeito espectacular. Somos conscientes de que queda moito por facer, mais creo que a sociedade avanza, dunha maneira imparabile (aínda que sigamos vendo episodios de asasinatos e violencia de xénero con demasiada frecuencia), cara á igualdade.

LA REFORMA AGRARIA DE LA SEGUNDA REPÚBLICA: LOS ORÍGENES DE LA GUERRA CIVIL.

FRANCISCO ESPINOSA MAESTRE

(21 de outubro do 2009)

Una etapa maldita: el Frente Popular

El origen de mi trabajo sobre la Reforma agraria viene de otro anterior, *La columna de la muerte*, donde hacía un recorrido de lo que fue la ocupación del territorio del suroeste desde Sevilla hasta Mérida y Badajoz, siguiendo las columnas que salen el día 2 de agosto: columnas de Asensio y Castejón, al mando de Yagüe. En ese libro analicé lo que hizo cada columna, pueblo a pueblo, hasta que llegaron a Badajoz, e intenté saber lo que pasó allí. Al hacerlo detecté que había un problema, ya que existía un vacío sobre el tema agrario.

A raíz de ese libro, por mis visitas a los Registros Civiles de la provincia de Badajoz, obtuve un número de víctimas, el número mínimo de víctimas que se causó a la población, en torno a unas 7.000 personas (en el periodo 1936-45). De ellos, un sesenta por ciento eran jornaleros o yunteros. Por tanto, la mayoría de las víctimas del golpe militar estaban relacionadas con el mundo agrario. Esto pasó no sólo en

Badajoz, sino en toda España, incluida Galicia, aunque nada tiene que ver el sistema de la tierra aquí con el sistema del sur. Fue esa sensación de no haber estudiado el origen del golpe del 18 de julio lo que más tarde me llevó a volver atrás y decidir que tenía que estudiar la cuestión agraria.

Percibí entonces que, entre los historiadores, muy pocos se habían preocupado recientemente por la República y menos aún por el Frente Popular, que parecía no existir. Esto viene de la propia dictadura, que lo hizo desaparecer de la historia. La propaganda de la dictadura lo que hace es establecer que las elecciones de febrero del 36 fueron ilegales y que todo lo hay desde ese momento es un vacío que es el que vienen a llenar los militares con el golpe. Por lo tanto, esos cinco meses de gobierno del Frente Popular no existieron y lo único que se encuentra son libros totalmente tendenciosos que no vale la pena tener en cuenta. Y luego, desde la transición, hay que decir que la Universidad se ha preocupado muy poco por estudiar aquella época. Algo de la República pero casi nada del Frente Popular. Salvo alguna excepción parece que el periodo no interesa, por lo que es un terreno vacío del que no sabemos prácticamente nada. De ahí que no haya jornadas sobre este tema y que éstas de Carral sean una excepción. Esto se debe a que casi nadie puede contar nada de esos meses o, como mucho, sólo pueden citar cuatro tópicos.

Por ello, cuando inicié el trabajo sobre la reforma agraria me planteé: ¿qué causas se dan como origen de la guerra civil?, ¿hasta dónde se ha llegado en ese tipo de explicaciones? Llego a la conclusión de que algunas causas se

remontan al inicio de la edad contemporánea. Hay análisis que comienzan en el primer tercio del siglo XIX con el desastre que hubo con la guerra de la independencia, la vuelta de Fernando VII, todo aquel periodo tan terrible; siguen también por las desamortizaciones del XIX, la Restauración o la época de Primo de Rivera, y concluyen en la guerra civil, que supone el final del proceso. Si analizamos todo ese ciclo veremos que hubo crisis política casi continua y crisis económica, en definitiva crisis de un estado inconcluso que por diversos motivos nunca acabó de cuajar en España. En busca de las causas incluso podemos remontarnos a la formación del estado en la época de los Reyes Católicos.

Son también problemas entre el clericalismo y el laicismo. Una Iglesia que tiene que aguantarse con que le quiten las tierras pero que al mismo tiempo obtiene una posición de privilegio que nadie le ha quitado y que todavía hoy padecemos. Además está el protagonismo del ejército, que es una pesadilla a lo largo del XIX y del XX. En definitiva, una crisis general del Estado, que no funciona como tal.

Cuando estudiábamos la carrera en la Universidad no sabíamos si aquí había habido revolución burguesa o no. Si pensamos en el modelo francés resulta evidente que aquí no la hubo. ¿Y revolución industrial? Pues hasta que Jordi Nadal lo estudió parecía que no había existido. Pero había otro problema en un plano casi olvidado: la cuestión agraria.

El último gran libro sobre la cuestión agraria fue un estudio de Edward Malefakis (titulado *Reforma agraria y revolución campesina en la España del siglo XX*), un investigador de origen griego, nacionalizado norteamericano, quien lo hizo durante la segunda república. Un trabajo fabuloso que se publicó aquí a principios de los setenta. Se trata de un libro que sigue siendo interesante y que aún es citado en muchas ocasiones. En él nos damos cuenta de que la cuestión agraria jugaba un papel fundamental en el periodo republicano. Realmente jugaba un papel mayor del que realmente le correspondía. Hay que tener en cuenta que en torno a la tierra, clave en el mercado de trabajo, giraba el noventa por ciento de los jornales y que, por consiguiente, en torno a la tierra giraban la mayor parte de los problemas políticos, económicos y sociales del país. Y esto, en un país mal estructurado, rural, sometido a las castas políticas y a las burguesías regionales, alguna mandando en su territorio, imponiendo su modelo de sociedad... Ese fue el modelo que llegó a la segunda república.

El hecho de conocer como acaban las historias del pasado nos condiciona mucho la posibilidad de analizarlas libremente y al imaginar lo que pudieron ser. Y esto afecta mucho a la segunda república y especialmente al periodo del Frente Popular. Siempre se nos ha dicho: “empezó la guerra civil” y si no estamos prevenidos lo más fácil es asumir la propaganda franquista. La realidad es que primero fue el golpe militar; la guerra civil empieza después.

Estamos ante un golpe militar como los golpes militares que hemos conocido, caso del de Pinochet o el de Videla.

La propaganda franquista se cebó con ese periodo. Intentó borrarlo por completo, cosa que prácticamente consiguió. Y además llenó de tópicos las cabezas de toda la gente a lo largo de cuatro décadas. Y eso perdura. Sobre todo si se habla con gente de cierta edad. Han mantenido siempre que las elecciones fueron ilegales, como decía antes, y así justifican el golpe. El resultado de esa campaña continúa a nivel coloquial. Como anécdota les contaré que recuerdo un día que estaba en el Corte Inglés de Sevilla haciendo cola para pagar un DVD de una película de Basilio Martín Patino, un documental que hizo sobre el tema de Casas Viejas. Y había un matrimonio mayor también en la cola y el hombre, que vio el DVD, le dice a la mujer: *Mira, lo de Casas Viejas: "tiros a la barriga", como dijo Azaña*. Eso le dijo. Y eso era precisamente lo que repitió la derecha antirrepublicana y la propaganda franquista, que la culpa de la matanza de Casas Viejas la había tenido la República, atribuyéndole a Azaña esa frase totalmente falsa de que *eso se solucionaba a base de tiros en la barriga*. Esta anécdota es reciente y es buena muestra de que ésa es la historia que arraigó: la mentira mil veces repetida.

La reforma agraria de la II República

Bien, quiero recorrer ahora brevemente lo que fue de la reforma agraria durante la segunda república. Hay que

comenzar diciendo que tuvo dos fases. La primera, desde el 31, cuando se proclama la república hasta el 1935, al final del bienio negro, estuvo marcada por una serie de decretos promulgados por Largo Caballero, lanzados curiosamente desde el Ministerio de Trabajo. Fueron, entre otros, la jornada de ocho horas, que supuso una revolución en el mundo agrario. Antes no había límite horario y a los propietarios esto no les gustó por lo que suponía respecto a las horas extras. Otro decreto importante fue el del “laboreo forzoso”, que obligaba al propietario a cultivar tierras que no se cultivaban. Esto provocó igualmente muchos problemas entre los propietarios que pensaban que con sus tierras podían hacer lo que quisieran.

Sin embargo, al inicio de esta Ley de reforma agraria, se plantearon dos cuestiones. Una, la incapacidad que demostró la conjunción republicana socialista que había ganado las elecciones para poner en marcha la reforma agraria. Lo hizo de una forma lentísima. El otro factor fue el enorme poder que tenía la derecha. Al principio de la proclamación de la república se queda un tanto descolocada pero rápidamente comienza a organizarse y ya deja clara la actitud que mantendrá durante todos estos años, que supone un boicoteo continuo a todo lo que llegaba del gobierno.

Durante el primer bienio (1931-33) se vive un primer intento semifrustrado de poner en marcha esta reforma que todos, incluida la derecha y sin saber muy bien en qué iba a consistir, consideraban urgente y necesaria. Lo que pasó fue que se tardó mucho en darle forma, en do-

tarla de contenido. Las sesiones se prolongaron durante muchísimo tiempo. La derecha, por medio de recursos y por retocar cada artículo, provocaba que cada uno de ellos tardase meses en aprobarse y a esto se unió otro problema, ya que nunca se la dotó de fondos para llevarse a cabo. Así, por desgracia, no se hizo con la celeridad y los medios que la situación requería. Y además hubo otro problema. Se aplicó a todas las provincias, cada una de ellas con sus peculiaridades, y ésto provocó grandes problemas de eficacia administrativa. Más adelante sí que se concretaría la acción en una serie de provincias. De este modo, ante la falta de criterio, las buenas intenciones convivieron con la inoperancia más absoluta.

El segundo bienio, el llamado bienio negro, puso de manifiesto los límites que tenía la derecha española. Era una derecha que no estaba dispuesta a ceder en la cuestión agraria. Este bienio tuvo dos etapas en lo referido a esta cuestión. La primera tuvo carácter continuista y se mantuvieron los proyectos que se habían aprobado en la época anterior. Se había puesto en marcha el asunto de los asentamientos y, sobre todo, el Registro de la Propiedad Expropiable, un documento muy importante. Se trata de un retrato de toda la propiedad del país en ese momento. Se veía de quién era, cómo estaba y, a raíz de ese registro, decidían qué tierras se iban a expropiar. Esto se tardó muchísimo en hacer y en el treinta y tres ya estaban viéndose sus frutos. Pero la derecha en cuanto pudo –la ocasión fue octubre de 1934– entró en una etapa totalmente desmanteladora y en lo que podemos considerar la auténtica contrarreforma agraria.

Nada de esto que comento se podría entender bien sin tener en cuenta la Ley de Orden Público que mantuvo la república. Y ¿por qué digo esto? Por dos razones. La República no supo acabar con la militarización judicial de los conflictos sociales. Esto quiere decir que cualquier conflicto en el que estuviese involucrado un policía, guardia civil o militar pasaba por la jurisdicción militar. Y otro problema importante, todos los conflictos quedaron en manos de personas que no eran las más adecuadas, en muchos casos militares. No se veía, porque iban vestidos de civiles, pero eran militares que se habían metido en la administración civil y la república los mantuvo en sus cargos. Otras veces se les mantuvo pese a ser gente de derechas, por motivos clientelares.

Esa gente no debería haber estado ahí en esos cargos y menos en contacto con algo tan importante como los conflictos derivados de la reforma agraria. Esta política errónea de orden público dejó un rastro de sangre que atraviesa desde el momento de la proclamación hasta el final de la república. En el verano del 31 tiene lugar en Sevilla una aplicación de ley de fugas con motivo de una huelga general y se detiene a cuatro obreros que al ser conducidos por el Parque de María Luisa son asesinados. Y ya en la fase final, en junio del 36, se comete la matanza de Yeste, un conflicto agrario en el que llegó la Guardia Civil y mató a 17 campesinos. He citado el primero y el último de estos hechos pero en el medio hubo otros muchos conflictos y asesinatos.

Esta política frustró todo intento de equilibrio y desquició la vida social en España. Permitió a la derecha capitalizar en beneficio propio todo el caos que existía, incluido el que ella misma creaba. Hay que tener en cuenta que la prensa estaba casi toda en manos de la derecha y la impresión que te da si la lees es que aquí se estaba viviendo prácticamente en la jungla. Esto pasa incluso hoy en día: a veces si lees cierta prensa da a veces la impresión de que estamos viviendo de nuevo al borde de la guerra civil. La lentitud de la reforma agraria está detrás de la grave crisis que se produce en 1933, que conlleva que la izquierda pierda las elecciones a finales de ese año.

La segunda fase de la reforma agraria que expongo ya son los cinco meses de gobierno del Frente Popular, esos cinco meses que parece que no han existido nunca. Estuvieron marcados por el legalismo. Los republicanos estaban obsesionados por la legalidad y eso marcó todas las decisiones. Esto chocaba con la decisión de los campesinos de avanzar. Estaban hartos de la lentitud y ya avisaron antes y después de las elecciones de que no iban a permitir que se repitiera lo del 31. La realidad se anticipó a la legalidad. Hubo un titular de la revista *El obrero de la tierra*, que pertenecía al sindicato agrario socialista, que decía: *Primero el hecho, luego el derecho*. El sindicato tenía una enorme fuerza en la provincia de Badajoz, provincia piloto de la reforma agraria, y en el centro y sur del país. Y hubo un hecho clave: el 25 de marzo del 36, a las 6 de la mañana, miles de campesinos invadieron 3.000 fincas en toda la provincia. Cabe imaginar lo que supuso eso. Se

hizo sin causar una sola víctima. Por parte del gobernador civil hubo una actitud que no hubo antes. La Guardia de Asalto fue a las fincas para desalojarlas pero actuó de forma controlada. Y, por otra parte, los campesinos, cuando los echaban se iban, sin enfrentamientos, pero en cuanto se alejaban los guardias volvían a ocupar las tierras. Este hecho formó parte de la memoria de Extremadura y dio lugar a un antes y un después que solo fue superado por el golpe fascista.

El problema es que luego acabó todo tan mal que la memoria de los vencidos no tuvo continuidad. Los sucesos del 25 de marzo tuvieron una resonancia nacional enorme. Los medios de derecha lo comentaron alarmados. La derecha estaba estrechamente ligada a la tierra y naturalmente se dio cuenta de que no era igual aquello que el primer bienio republicano. Y en ese momento se produjo un hecho importante. Parte de la derecha se retiró de la política. Hubo partidos de derechas que pensaron que allí no pintaban ya nada. La República no solo no servía a sus intereses sino que además ponía en duda su poder.

Para colmo de males, para la derecha, el Frente Popular recogió una serie de demandas sociales muy interesantes como fue la recuperación de los bienes comunales. Esto llegó al Parlamento en mayo y junio del 36. Cuando la derecha vio que iban a cambiar de manos bienes que habían poseído desde la desamortización del siglo XIX hasta la época de la restauración cuando se aprobó la ley hipotecaria, pensaron: esto va hacia la revolución total y absoluta. El debate que se estaba celebrando precisamente

el 18 de julio cuando se produce el golpe era el de los bienes comunales. La derecha, como puede verse en los archivos municipales, se va retirando de la política y se acerca hacia los grupos que pueden ayudarle a cortar lo que está pasando. Este sería el caso de Falange en los pueblos, un partido minoritario pero que a partir de marzo del 36 empieza a sonar más (reciben dinero, ayudas, aumenta la militancia), y, sobre todo, de los militares. A éstos los estaban alabando continuamente, poniéndolos como los salvadores de la patria, cosa a la que estaban acostumbrados y que no tenían ningún problema en creerse. Constituían castas, un hermano era militar, otro propietario y otro cura. Todo quedaba en familia. Pensaban que España eran ellos.

Por tímidas que fueran estas reformas, que en modo alguno tuvieron carácter revolucionario, la derecha lo percibió todo como una terrible agresión y de ahí la ofensiva sistemática de la patronal con el incumplimiento sistemático de todo lo que se ordenaba. Decían: acato pero no cumplo. En realidad, en aquel momento, esto agudizó las contradicciones, radicalizó a la izquierda y la llevó a un callejón sin salida que acabó en la huelga general campesina de junio del 34.

Esta huelga tuvo unas consecuencias gravísimas porque resultó un fracaso. Dejo a los campesinos sumidos en el abandono total. Sin embargo, recientemente ha salido un libro con notas y el diario de Salazar Alonso, que era el ministro de gobernación en ese periodo, y él reconoce en sus escritos que hizo todo lo posible por provocar la huel-

ga, ya que sabía que si se producía la huelga podía devolverles el golpe con mucha más fuerza y con mayor efecto que el que los campesinos podían darle a él. Con lo cual decidió favorecerla. Y así actuó también en octubre del 34. Afirma que, en la medida que pudo, provocó ese movimiento. No hay que olvidar una cosa: ni siquiera en la época del Frente popular se optó por una vía revolucionaria. En todo momento se mantuvo la legalidad. Lo que estaba en curso era una reforma que se quería que fuese legal, que la aprobase el parlamento y que la regulase el Instituto de Reforma Agraria.

La realidad se ve en los archivos municipales. Sin embargo, si se ven los titulares de la prensa obrera da una impresión errónea, ya que una cosa son los titulares y otra es lo que demuestra el día a día de los campesinos. Los titulares son incendiarios, pero si ves los archivos municipales con documentación de base, se demuestra que los campesinos quisieron seguir los cauces legales y quisieron contar con el asesoramiento del Instituto de Reforma Agraria. Fue precisamente el hecho de ver a los campesinos y a sus representantes sindicales con los delegados del IRA y los representantes del catastro yendo en grupo por cada pueblo y analizando la situación en cada sitio, lo que ponía mala a la derecha. Veían todo esto como un gran peligro, mucho mayor que una improbable revolución.

Aunque la historiografía más conservadora mantenga lo contrario, la enorme presión que ejerció el movimiento campesino a partir de febrero del 36 no llevaba en ningún momento la intención de destruir la república burguesa;

tampoco querían destruir las bases del estado republicano. Simplemente quisieron en cada momento que se cumplieran las promesas programáticas del Frente Popular con respecto a la cuestión agraria. Por ejemplo, en la provincia de Badajoz cuando el golpe militar fracasa, las milicias de voluntarios que surgen el mismo 18 de julio, que son las que impiden que triunfe el golpe en la provincia y que las columnas que suben tengan oposición, tienen su base en los listados que proporciona la Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra.

El Frente Popular

Finalmente los sectores antirrepublicanos asestaron el golpe definitivo a la república en julio del 36 acelerando una trama que empieza antes, el mismo día de las elecciones, y aprovechando también el asesinato de Calvo Sotelo, que les vino muy bien para sus intenciones. Las maniobras para que no llegara a asentarse la República pueden rastrearse desde el comienzo. Se cita mucho octubre del 34, pero desde mucho antes hubo movimientos, ahí está el golpe de Sanjurjo, por ejemplo. También tienen importancia los sucesos de Sevilla en el verano del 31. Son sucesos que trascendieron a todo el país, salió en la prensa nacional...deben situarse en importancia por encima de lo que sucedió en Castilblanco y Casas Viejas. En este caso de Sevilla, la burguesía más reaccionaria se adueña del Gobierno Civil, asesina a cuatro obreros con total impunidad, burla la comisión parlamentaria que se desplazó a Sevilla para investigar aquellos hechos y, finalmen-

te, no ocurrió nada. En el mismo inicio de la República, un hecho tan grave como aquel no tuvo ninguna consecuencia judicial para nadie. Y esa misma burguesía es la que acompañará a Sanjurjo en el 32, la que se pone a disposición del gobernador civil en octubre del 34 y la que, por supuesto, en el momento clave del 18 de julio del 36 está allí en primera fila para lo que haga falta. Será importante en el golpe, en la guerra y en la dictadura.

Esta burguesía no sólo existía en Sevilla. En cada región supuso un aporte básico para la dictadura franquista sin la cual no se entendería nunca el carácter agrario que tuvo el fascismo español. Los sucesos que comenté antes del Parque de María Luisa, sólo tres meses después de la proclamación de la república, supusieron que mucha gente se diese cuenta de que la República no tenía fuerza suficiente para imponerse al viejo orden. Esa clase de gente que no dejaba de plantearle pulsos desde diversos lugares, burlando las normas que dictaba la república. Se sentían ganadores con estas cosas. De hecho, cuando la comisión parlamentaria fue a Sevilla, uno de los políticos desplazados comenta en un escrito que se cruzaron en una avenida con algunos de los responsables del asesinato y se rieron de ellos.

La violencia juega un papel primordial. Se creó una sensación de que la república podía derivar en caos. Y es importante desenredar esa madeja por complicado que parezca. Determinar quién hizo cada cosa durante la república no tiene nada de fácil, pero es fundamental para comprender todo lo que pasó. Destaca, por un lado, la

estrategia de tensión que diseñó por un lado la derecha antirrepublicana. Sobre todo en los meses del Frente Popular, y también hay que tener en cuenta la campaña que llevó a cabo la prensa antirrepublicana. Me refiero a atentados, actos fascistas de todo tipo, la extensión de bulos, rumores desde la prensa y la radio. Todo con la idea de que se fuese preparando el terreno para el golpe que ya se sabía que estaba en marcha. Esto concluyo el mismo 18 de julio con el bulo mayor, aquel que mantenía que el golpe se anticipaba a un complot comunista que iba a traer el soviet a España. Decían que estaba planeada una revolución e incluso sacaron documentos y los publicitaron en la prensa para convencer a la gente de que ese complot existía.

Los meses del Frente Popular siempre fueron considerados el prelude de la guerra civil. Estos tópicos siguen hoy en día vigentes. Cabe decir que el resultado de las elecciones de febrero del 36 sacó a la luz los numerosos conflictos que habían existido en las semanas previas provocados por la guardia civil. Esto lo sabemos ahora porque podemos acceder a los archivos y a los sumarios que se abrieron. El primer suceso violento tras las elecciones fue precisamente cuando desde un coche se disparó contra la puerta de la cárcel Modelo de Madrid en el momento en el que se está celebrando la libertad de los presos. Se trató de una ráfaga que provocó varios heridos. Otro atentado importante se produjo el 12 de marzo de ese año, a menos de un mes de las elecciones, cuando se atenta y casi se mata al diputado y jurista Ruiz Jiménez de Asúa. No lo mataron a él pero si al policía que lo custodiaba.

También se atentó contra el domicilio de Largo Caballero y así semana tras semana. El gobierno interpretó que había un plan evidente para desestabilizarlo y decidieron tomar medidas. Fue en ese momento cuando ilegalizan Falange. Y precisamente en esos días, la CEDA, a través de Gil Robles, decidió lanzar el debate sobre el orden público. Para ello utilizaron una información supuestamente objetiva con estadísticas de asesinatos, asaltos, quemas de monumentos, etc. que exageraba y falseaba la realidad. Todo eso perduró durante mucho tiempo e incluso todavía hoy circula esa propaganda pro golpista debido al grupo (me refiero a los Moa, Vidal, Jiménez Losantos y a una serie de diarios tanto de ámbito nacional como regional) que trabajó para el el PP entre 2000 y 2004, su Segunda Legislatura Triunfal.

Tras el atentado sufrido por Largo Caballero hubo otros, como por ejemplo el que se produjo contra Eduardo Ortega y Gasset. O el día del desfile del 14 de abril, que conmemoraba el aniversario de la proclamación de la República, cuando pusieron petardos debajo de la tribuna presidencial y hubo carreras y disparos. Después se supo que hubo militares implicados en ese atentado que ya estaban preparando el golpe. Alguno, como el capitán Manuel Díaz Criado, sería poco después delegado de Orden Público de Queipo. También cabe recordar el asesinato del magistrado Manuel Pedregal, que fue el juez cuyo voto sirvió para condenar al que había atentado contra Jiménez de Asúa, que acabó con el policía que lo acompañaba. En teoría no se debería haber sabido que su

voto fue el que decidió la condena, pero alguien lo filtró y por eso lo mataron.

La izquierda siempre planteó que existía un plan para adueñarse de la calle como fuera y que por tanto era urgente la republicanización de las fuerzas de orden público y de la magistratura, ya que había muchos jueces que siempre actuaban a favor de la derecha. El caso es que, por las investigaciones recientes que se han hecho, sabemos que la violencia casi siempre tenía la misma procedencia: los grupos fascistas. En concreto, por mi estudio sobre la provincia de Badajoz, entre el 31 y el 36 se producen cinco víctimas entre las fuerzas del orden y un mínimo de treinta entre los obreros. Evidentemente el que tenía el arma era el que más mataba. Si se hiciese un recuento exhaustivo pueblo a pueblo entre esos cinco años estoy seguro de que esa desproporción aumentaría considerablemente. Y esto fue general.

Hay que destacar que durante la etapa del Frente Popular hubo gran tensión y numerosas provocaciones pero, pese a ello, la izquierda controló ese impulso de violencia que existía en muchos grupos. Eso se debió a que la izquierda sabía que vivía un momento privilegiado y no quería que se le fuese, por eso lo hacía todo con un cuidado enorme para que aquello no se fuese a pique. Esto se nota en el sentido común que ponían alcaldes y concejales para controlar las propuestas más violentas, aquellas que podían generar más tensión social. Sin embargo, fueron la violencia política y el desorden los factores que se adujeron y que justificaron el golpe militar. Esto pasó también

con el golpe de Pinochet, que decía querer sacar a Chile del caos. Más tarde supimos que el desorden en Chile lo creó precisamente la derecha golpista con la ayuda de Estados Unidos.

Sin embargo, hay que recordar que el derrumbe de la democracia española no se debió a la generalización de la violencia que se produjo en la primavera del 36, cosa que aún hoy tenemos que escuchar. Cada trabajo que se hace demuestra que las condiciones revolucionarias que hubo en España en 1936 no tienen nada que ver, ni están en el nivel de lo que podía estar pasando entonces en Alemania o Italia. Hay trabajos de historia comparada en los que se estudia lo que pasaba en esos países y en España en ese momento y no hay comparación posible. En todo momento los responsables del golpe militar que se estaba preparando ocultaron sus verdaderos motivos y, como suele ocurrir, alegaron motivos patrióticos o motivos religiosos, lo que siempre queda mucho mejor que decir la verdad. Sin embargo, un desastre tan grande para un país como el que se vivió en España a partir del 18 de julio de 1936 incita a la autoinculpación. Los republicanos se autoinculparon de todo lo que debían haber hecho y no hicieron. Eso pasa en todas las situaciones en las que se pierde. Hay muchas memorias de socialistas y otros republicanos en las que se ve esto.

Algunos de los protagonistas de aquellos hechos fueron especialmente agudos en los análisis de aquellos hechos. Traigo aquí precisamente lo que comentaba el antes citado Luís Jiménez de Asúa por la claridad que tuvo de análisis. Dijo lo siguiente:

Olvidamos que es más grave irritar que herir y no tuvimos en cuenta el consejo de Maquiavelo de no irritar al enemigo que no se puede vencer. Era posible doblegarlo pero no con aquellos métodos.

Y olvidamos que no hay libertad contra la libertad y permitimos que el enemigo abusara de ella para imponer regímenes liberticidas. La juricidad nos trajo consecuencias terribles.

La república comprendió que la reforma agraria no sólo era precisa, sino que constituía la espina central del nuevo régimen. Lo comprendió, pero no lo ejecutó.

Son frases lúcidas de un hombre que captó el problema y además tuvo experiencia cercana ya que fue uno de los abogados de los campesinos de Castilblanco. Existe un libro con la defensa que él hizo y resulta interesante leerlo por la claridad de ideas y por la exposición.

Reflexiones finales

Lo cierto es que desde la misma proclamación de la república en el 31 se observan las enormes dificultades que tuvo para imponerse. De ahí también la tremenda frustración de los sectores más desfavorecidos, ya que pensaban que les iba a beneficiar la ley de reforma agraria. El tiempo pasaba y los campesinos no veían que llegara eso que se había anunciado. Por otra parte, el uso continuo de la violencia por parte de guardias civiles o guardias de Asalto, que hacían lo que les daba la gana, provocó que mucha gente se distanciase del poder político, ya que se veían

desprotegidos. El propio poder político cayó en un defecto muchas veces repetido. El poder tiende frecuentemente a justificar los excesos de los cuerpos de seguridad que están a su cargo. El fracaso de la reforma agraria fue también el fracaso de la República y también el motor de los movimientos que desembocan en el 18 de julio.

Eran tales las carencias históricas con las que se había llegado al periodo del que estamos hablando, que lo poco que se hizo constituyó un avance importante. Pero, al mismo tiempo, era tal la situación de precariedad en que se movían los reformistas que aquel intento fue visto como una auténtica provocación para la derecha. Por no admitir ni siquiera admitían que se hiciera el Registro de la Propiedad Expropiable. De hecho la derecha siempre se había negado al catastro, e incluso ya durante el siglo XIX, en la época de la restauración, se mostraron frontalmente opuestos a que se hiciera el catastro. Y acusaban a los políticos de derechas, que era los que había, de un apetito insaciable de burocracia. Evidentemente no querían que se supiesen las tierras que realmente tenían cada uno ni lo que cotizaban. El gran historiador Tuñón de Lara dijo:

Para desbaratar la reforma agraria hizo falta una guerra y cientos de miles de muertos.

También dijo:

La minoría de la gran propiedad abocó a la mayoría del país a la guerra civil para salvaguardar sus propiedades y sus privilegios.

En cuanto a la reforma agraria, creo que pese a los problemas que había por las diferencias entre las diversas zonas del país, el altísimo coste que suponía hacer todo aquel trabajo hubiera sido una ayuda impagable para combatir el desempleo, que era un problema gravísimo, y hubiera fijado población activa agraria. Esto habría traído un crecimiento de renta y de inversión en aquel momento tan delicado. Y, sin lugar a dudas, una transición menos traumática de la sociedad agraria tradicional a la sociedad moderna. Luego se hizo de una forma terrible, en tan sólo dos décadas.

Resulta evidente que, de haber seguido con los planteamientos que llevaba el gobierno del Frente Popular, los beneficios hubieran llegado a una gran mayoría social, que habría abandonado el estado de precariedad en que se encontraban. Hay una frase del director del Instituto de Reforma Agraria, que era gallego, Adolfo Vázquez Humasqué, que desde México, en el exilio, en 1940 escribió: *La reforma agraria beneficiaba a 16.000.000 de españoles que vivían directamente del campo y a los que se le habría dado sólo un poco de justicia y equidad en el trato.* Desgraciadamente la historia no fue por ahí. El golpe militar y la guerra arrasaron con todo lo que había significado la república. La contrarrevolución agraria, que fue lo que vino luego, abrió precisamente el camino a la revolución que se quería evitar, la revolución roja tan temida.

El costo humano de todo esto fue inmenso. La primera oleada de terror fascista fue terrible; y luego vino otra de signo contrario. Primero cayeron miles de campesinos y

después cientos de propietarios. Por ejemplo, en la parte oriental de Extremadura fueron asesinados decenas de ellos. Y la espiral de violencia abierta por los golpistas, acabó, como era su propósito, destrozando absolutamente todo. De forma que, eso que decían los propietarios a los obreros durante la república, lo de *comer república*, se convirtió poco después, una vez que se impone el golpe militar, en otra expresión terrible que tuvieron que escuchar muchos campesinos camino del paredón: *ahora te vamos a dar la reforma agraria*, que no era otra cosa que meterlo en una de las fosas comunes abiertas por todo el territorio ocupado. Éste fue realmente el destino de la reforma agraria republicana: las fosas comunes, muchas de ellas situadas en las propias fincas donde trabajaban los obreros.

En el caso extremeño, las primeras exhumaciones que se hacen entre los años 1977-78 y 1981 son precisamente exhumaciones de campesinos asesinados en fincas particulares. En algunas de ellas estamos hablando de fosas con 80, 90 y hasta 100 personas. Los llevaban al lugar, les hacían abrir la fosa, los ponían en fila, les disparaban y luego se cerraba. Esas fosas estuvieron controladas por la guardia civil durante muchos años y existía la orden de no pasar nunca el arado ni tocarlas en las tareas del campo. La gente sabía que estaban ahí. Son fosas que en muchos casos se abrieron durante la época de la transición.

La izquierda fue borrada del mapa, la reforma agraria fue arrasada. No quedó nada ni de ella ni de sus protagonistas, que fueron absolutamente aniquilados al amparo

del periodo de expansión nazi y fascista en el período que va del 36 al 45. Nueve años de terror continuo y luego treinta años de dictadura.

Concluyo con una frase de Castelao que viene a pelo para definir lo que fue la república y la posterior “antirrepública”. Escribió Castelao:

Estos mequetrefes dieron en la manía de llamar marxistas a cuantos defienden las reivindicaciones laborales y anti-españoles a cuantos defienden las libertades constitucionales.

Muchas gracias.

Mesa redonda
(22 de outubro do 2009)

A FRENTE POPULAR EN GALICIA: ORIXES E ACCIÓN POLÍTICA

BERNARDO MAIZ VÁZQUEZ; EMILIO GRANDÍO

BERNARDO MAIZ VÁZQUEZ

Pensaba comezar dando algún dato do acontecido no período da Fronte Popular en Carral xa que non tiña coñecemento do volume editado por “Cultura Aberta” ao respecto. Simplemente lembrarei quen exercía como alcalde de Carral no 1936, José Doval. Nun dos libros de memorias de Deputado Emilio González López, destaca como o encontro en Madrid, como estan xuntos nun detalle curioso, nun incidente cun grupo de pistoleiros da Falange, xustamente cando estaban en Madrid como compromisarios para a elección de Azaña, ou para un mitin de Azaña.

Dixo de min o Emilio Gradío que son un experto, mais día a día doume máis de conta de que son un experto cada vez en menos cousas. En todo caso, o que si fun -e o recoñezo e o digo con moita fachenda- fun, como digo, un pioneiro á hora de investigar estes temas, pero por unha cuestión puramente cronolóxica, pois estou a piques de cumprir sesenta anos, o que me deu unha situación de privilexio fronte á xente máis nova. Puiden falar, entrevis-

tar e chorar cos protagonistas, e rirnos tamén, con persoas que recordaban moito, por exemplo a miña propia nai, que no ano trinta e un. tiña 15 anos e comezaba a carreira de medicina. E tamén poiden falar con moitos veciños meus nunha zona virada tan á esquerda como a banda sur da ría de Ferrol, Mugar dos, teño que recordar que era, xunto con Pontevedra, os dous únicos concellos de Galicia que tiñan alcalde do Partido Comunista no ano trintaeseis. E seguimos sendo os “rojos”, con “j”.

A República é percibida aínda hoxe (e así ten que ser) nunha visión un pouco idealista, como un período de avances, de democratización, de igualdade, de progresivas liberdades individuais e colectivas, e ademáis, como Emilio Grandío vos contará, con deficiencias.

En primeiro lugar hai unha cuestión fundamental: as élites dominantes souberon adaptarse perfectamente ó novo sistema. A adaptación das elites supón a pervivencia do caciquismo tradicional; e tamén dun neocaciquismo que pode estar nas mans do Partido Radical en moitos lugares de Galicia. Na provincia da Coruña fundamentalmente estaba da man da ORGA; e vou poñer un exemplo moi significativo que recollín en Laracha hai uns anos, que corresponde ao antroido do ano 1933, e que di: *antes era Bugallal quen mandaba nestes lares , agora que a cousa cambiou manda Santiago Casares.*

Outro elemento a suliñar e que se vai agudizando ó longo do período republicano é a radicalización de posturas. Os extremismos (digo esta expresión con moito coidado) son outro elemento que demostra que é unha mala época: pri-

meiro fora a crise do “azúcar” no ano 21 e agora a crise do 29, que axudara a precipitar a caída da monarquía. A República comeza a súa andaina por todo esto nunha situación económica dura. Quero recordar, como saberán, que Primo de Rivera, entre outras cousas, devaluara a peseta, por poñer un exemplo, e ese efecto da crise está a notarse máis tarde e colle case todo o período da República.

Un terceiro elemento sustancial (gústame moito insistir nel pólo que vou dicir máis adiante) foi a importancia dos emigrantes retornados, que nesta area viñeron sobre todo de Cuba, menos da Arxentina. Eses emigrantes retornados, voluntariamente en moitos casos, outros porque foron expulsados economicamente dos países nos que estaban gañando a vida, ou outros que foron expulsados violentamente porque había unha lexislación na dictadura de Machado para a expulsión *de extranjeros indeseables* que colocou nos barcos de volta a moita xente. Por poñer un exemplo concreto, no ano trinta expulsan 34 sindicalistas galegos que son deportados da Habana e, según chegan aquí, intégranse en sindicatos e noutras sociedades. Estes emigrantes retornados son unha peza fundamental para a consolidación da República. E incluso para avanzar máis á esquerda da República.

A República foi un tempo de rexeneración democrática. E (repítome moito neste caso) teño moitas conferencias comezadas cunha frase de Rafael Dieste que define á República como un tempo de esperanza, que foi en realidade unha esperanza frustrada.

Non esquezamos a situación internacional na que medraban espectacularmente os reximes autoritarios. E permítanme que meta como réxime autoritario a Unión Soviética. Temos o fascismo italiano e a ascensión de Hitler ó poder en novembro de 1933, xustamente cando hai eleccións tamén en España, e o caso de Portugal, que moitas veces esquecemos, onde existía unha dictadura. E hai que falar doutras dictaduras de dereitas dos tempos da Segunda República como Hungría, ou Polonia... E non esquecer que en Francia ou Inglaterra estaban a medrar grupos parafascistas como o “National Front” en Gran Bretaña ou o “Ordre Nouveau” en Francia. Nese contexto medra o extremismo da Dereita (son expresións que non me gusta utilizar pero é para entendernos rápidamente). Esta situación medraba tamén na esquerda, coa radicalización que se estaba a dar na FAI, no Partido Comunista, nas JSU, coa creación das Milicias Obreiras, etc...

Ao longo do período republicano hai zonas nas que a viraxe cara á esquerda é máis notable que noutras. Esta zona na que estamos é unha zona na que esa viraxe queda máis perceptible porque é unha zona de transición entre Coruña e Santiago. Aquí o implantamento da CNT entre o agrarismo é francamente notable. E tamén, por certo, o implantamento da “Federación Nacional de Trabaxadores de la Terra” (concretamente en Herves) que veu da man de Ramón Beade dende Betanzos.

Na esquerda proletaria (que é a expresión que utilizaban na época) hai a idea de que no ano trinta e un todo é posible, mesmo a revolución. De feito, dentro do PSOE,

é clarísima a impronta largocaballerista en todo o que é a area de Ferrol. Non Quintanilla, que era un moderado, pois realmente quen estaba a mandar naquel momento no Partido Socialista Obreiro Español non era Quintanilla, eran outra xente máis radical que procedían do sector naval, da UGT, como o que foi alcalde de Ferrol no trintaeseis, Santamaría (mecánico) ou sobre todo o que era o mestre do Seixo, Angel Mato Peña, que era un home moi notable (quen por certo, ten un neto, Angel Mato, que é concelleiro de obras agora no Concello de Ferrol e que está montando “la de Dios es Cristo”, e fai ben). Pois, como dicía, don Angel Mato, era o verdadeiro cerebro que tina o PSOE na área norte da provincia da Coruña. Por non falar do enorme peso que tiña a CNT. Agora ben, estar na CNT naquel momento moitas veces só era estar nun sindicato, non ser anarquista, pois hai fenómenos tan curiosos como comprobar como significadas persoas da CNT estaban afiliados a un partido tan de orde como a Unión Republicana. Neste sentido, andiven a comprobar a que estaban afiliados os obreiros, ou os labregos (non os propietarios, os xornaleiros) do Partido Galeguista, e maioritariamente estaban na UGT. Un fenómeno curioso.

Insisto: a CNT e a UGT son fundamentais para entender a situación da Galicia nos anos da República, máis que a urdime dos partidos políticos. E hai que dicir que o Partido Comunista era un partido moi pequeno pero alí onde hai un comunista, aí está o partido, era un partido activísimo, se eran catro parecían corenta e ao longo da

xeira republicana foron creados radios comunistas por todas partes. Estoulles a falar de Ferrol, Cedeira, Fene, Mugardos, Miño, Vilarmaior, ... Esa expansión é igual que a do Partido Galeguista, que sobre todo nos anos trinta e tres e trintaecatro sementara numerosas Irmandades Galeguistas, Grupo Galeguista Nacionalista, ...

Había unha dinámica política moi potente e moi activa por parte da esquerda, incluída a esquerda burguesa, e había un profundo activismo da dereita que quedara desmantelada coa derrota republicana e que se reconstrúe do trintaedous en diante mediante primeiro de agrupacións femininas e aínda máis de organizacións católicas. Ese clericalismo intentou restaurar, e case o consegue no 1935, o orzamento para “culto y clero” (ou sexa, para ser mantidos polo Estado). Hai que ir mirando concello a concello, situación a situación, para comprobar que tiñamos uns cregos, uns beatos e unhas beatas verdadeiramente belixerantes.

Nese senso hai ilustrativos aspectos algo mais que anecdóticos, coma que o alcalde de Ferrol, Quintanilla, publicara que das 11 da noite as 8 da mañá non se podían tocar as campás porque a xente tiña dereito a durmir... ¡e a que se arma! Ou di que como cando queiran facer unha procesión van ocupar as rúas públicas teñen que pedir permiso coma se fora para outra manifestación, e tamén se arma. E vai outro exemplo de rebeldía dereitista: Os cementerios pasaron ser municipais e os párrocos tiñan que entregar as chaves, pero i moitos cregos se negaron a entregar as chaves docemente. É moi duro ter o poder

omnímodo, sexa económico, militar, político ou ideolóxico e perdelo, como neste caso. Resisten como gato panza arriba.

E repito unha vez máis, son as sociedades agrarias, moitas e moi reforzadas, son as sociedades mariñeiras, fundamentalmente da CNT, son as sociedades proletarias e, por certo tamén as culturais, as que verdadeiramente dinamizan e republicanizan. Había un asociacionismo potentísimo en Galicia, como segue habendo. E a xente ía ás cousas, aos actos,...pode que porque non había televisión. Estes son elementos a ter en conta, pois os cambios sociais suceden sen que nos deamos de conta.

Máis tamén había por parte da esquerda obreira, impaciencia revolucionaria pola conquista do poder. E hai unha pregunta de caixón que me fixeron aínda moi poucos días atrás noutro lugar: “¿Cómo é posible que a Coalición Republicana Socialista Agraria (detalle que quero destacar aquí en Galicia) arrasara nas eleccións municipais de abril do 1931 e gañara as elección xerais de xuño? ¿E qué sucedeu no 1933? Pois, sinxelamente, que a dereita que estaba desmantelada no trintaen xa estaba reconstruída no trintaetrés, e a esquerda proletaria que no trintaen fora coaligada, vai estar ao seu xeito, espallada, dous anos despois.

E a esquerda dáse de conta da situación, dánse de conta de que o período lerrouxista é un período regresivo, un período de marcha atrás, no que as conquistas populares do primeiro bienio (non as vou mencionar agora, pero son ben coñecidas), quedaban paralizadas. Por exemplo a

Reforma Agraria, ou unha cuestión que comprobei e me sorprende bastante: o proceso estatutario de Galiza, que estaba en marcha, que se acollía a un decreto do 27 do 5 de 1933 que sinalaba que só había que avisar cun período de 15 días de antelación para convocar ao Referéndum - ou Plebiscito, como lle quieran chamar- e que resulta que o tiñan previsto para decembro do ano 1933, mais en Novembro foron as eleccións, gañou a dereita, e a Diputación da Coruña solicitou que non se celebrara. Detalle, para mín, sorprendente por novidoso na investigación.

Había outros sectores verdadeiramente galeguistas na esquerda, no Partido Comunista, que cara ao Pacto de Frente Popular sabían que o que agora chamariamos dereito de autodeterminación era unha idea exposta nun Congreso da Internacional Comunista por Dimitrov (un búlgaro, que foi preso polos nazis, foi condeado e conseguiu librar, a conta de ser búlgaro, precisamente)..

Hai un aspecto que quero teñan en conta si aquí algún de vostedes, por idade é posible, militaron ou militan no Partido Comunista. Eu sí, por eso me atrevo a falar desto: no PC sempre existiu o choque, a contradicción entre Nacionalismo e Internacionalismo. Cando vas ler a Marx, ás fontes, para ver o que escribiu sobre do que agora chamamos liberación nacional, alí está..., pero aínda así atopámos esa situación de choque. De feito, a ala esquerda do PSOE en España non entendía os Nacionalismos porque eles o que estaban vendo era a *la burguesía catalana*, estaban vendo que no País Vasco quen demandaba a autonomía eran os sectores mais integristas, o PNV dos

anos daquela... do Carlismo ao PNV era difícil ve-la diferenciana naquel tempo. Ben, lóxicamente a esquerda obreira di: *No, no, no...viva el Internacionalismo Proletario*. ¿A qué se debe pois o cambio da Internacional Comunista? Porque naquel momento Moscú mandaba... e Pepe Díaz en España obedecía... O que non obedece fóra...O que sucede e que ven as orellas do lobo. ¿Á qué lobo lle ven as orellas?... pois ao fascismo, a finais do ano trintaetres temos a Hitler no poder en Alemania *armando la que está armando*. Hai unas frases de Dimitrov que son moi significativas, di: *as masas traballadoras teñen que optar hoxe non entre a dictadura do proletariado ou a democracia burguesa, senón entre Democracia Burguesa e Fascismo*, e mesmo recomenda aos Partidos Comunistas que recurran ao patriotismo contra do fascismo, engadindo que no caso español o patriotismo era o do pobo galego, catalán e vasco.

Ese Pacto presenta certas incógnitas na súa xénese, e mais especificamente en cómo encaixalo en Galiza Ben, atención a esto que ven, que para mín foi sorprendente: sempre se afirmou que a iniciativa da Frente Popular fora de Azaña, pero antes José Díaz, nun *Mundo Obrero* de xuño do trintaecinco chama á Unión Popular Antifascista e chama á creación dun frente de esquerdas. Pois miren por onde, un personaxe curioso, Matías Usero, un ex sacerdote ferrolán próximo ao PSOE, nun periódico pequeno chamado *Renovación* que era de Unión Republicana, en marzo do 1935 escribe: *No queda otra opción que prepararse para la batalla de las urnas y venciendo en ellas sal-*

var a España del Fascismo. Si queremos liberar de la cárcel a millares de nuestros hermanos, si queremos conservar la sombra de libertad que nos queda, y con ella a la República, sólo existe un camino, la unidad frente al enemigo común. ¿De qué está falando este home? Está falando do que foi despois a Frente Popular. Esto retrotráeme a outubro de trintaecatro, porque de aí en diante é cando se encadean todas estas situación que levaron a que fora posible a Frente Popular de cara a unhas eleccións, que non se sabe moi ben cando ían ser convocadas.

Direi que é un pouco desesperante nesta altura da miña vida profesional (quizáis Emilio Grandío, como é mais novo aínda nono sufriu tanto), cruzar a fronteira de Galiza, chegar a España e que te miren con cara de comiseración. ¿Saben a situación esa cando che dicen...*¡Jo!, qué conservadores sois los gallegos, ¿no? porque mira las elecciones...* E lle dis: *pero mira, tu eres de Navarra...* ¿*Quien gobierna en Navarra sino UPN?* Ou que che diga un de Madrid, con alcalde do PP e presidenta idem, que estás gobernado polo PP e lle dis que mira, perdoa, a Deputación da Coruña está gobernada polo PSOE e o BNG, e a de Lugo exactamente igual, eu vivo nun concello gobernado polo Bloque e cando voi cara a Ferrol atravesó un concello que está gobernado pola esquerda, así que ... *te callas, compañero.*

Recientemente nun Congreso tíven que aclarar que votara cada quen en Galiza no 1936 e que non me falaran de Outubro do trintaecatro, porque se o lugar onde mais incidencia houbo foi en Asturias e o caso catalán é nota-

ble, despois...en Galiza, por favor, e lamento moito levarvos a contraria, é que é a realidade, no levantamento proletario de trintaecatros destaca Asturias, despois Vizcaia e despois, determinados lugares de Galiza.

Pois segue habendo por aí atlas históricos donde en Galiza non pasou nada. ..;Carallo! En Ferrol houbo 4 mortos, un deles, como lles indiquei antes, Angel Mato Peña, mestre do Seixo de Mugardos. E fomos atopando na documentación xudicial militar da época, cartas, referencias que indican que a que tiña preparada a esquerda obreira en Galiza era una cousa moito mais grande do que foi verdadeiramente. Pero a represión foi tan brutal, non estou falando dos catro mortos, estou falando da represión posterior con trintaetantos mil presos políticos en toda España que foron levados lonxe; deles os galegos foron sobre oitocentos, dos que 350 eran da área de Ferrol-Coruña, a maioría levados a un penal de triste memoria: o Penal de San Cristobal en Pamplona.

O de “Amnistía, amnistía, amnistía” é o que dí Matías Usero: *si queremos liberar de la cárcel a millares de nuestros hermanos...*, tal foi a consigna común da esquerda, e dese outubro en diante, o Partido Radical foi unha desfeita, canto menos temos que falar de desgoverno, e de polarización políticosocial, a esquerda contra o fascismo e as dereitas contra o Comunismo. A parálise que se produciu foi grande... Aínda que hai un ministro de Educación lerrouxista do que teño falado sempre ben, un home cun nome e apelido inesquecibles: Filiberto Villalobos, que continuou o labor do primeiro bienio republicano, cando

fixeran centos de escolas e crearon, cousa moi importante, arredor de 350 bibliotecas escolares en Galiza das que nalgún arquivo municipal están os Estatutos e que actuaban coma bibliotecas circulantes; pois a preocupación de Filiberto Villalobos era o ensino medio, os Institutos, e creou una chea deles, eiquí o de Ribadeo ou o de Noia...

Por outra banda hai una fortísima represión sobre o movemento obreiro e sobre os nacionalismos periféricos (para entendernos), paralizan a reforma agrária, repoñen xenerais no mando, a Franco, Mola... Polo que a esquerda camiña cara a creación do FP, do Frente Popular, aínda así o PSOE é moi reticente, con cousas coma *ningún compromiso con las fuerzas burguesas*. E en Galiza o sector máis radical, o máis potente dentro de PSOE era o largocaballerista, que de entrada dixo que non a unha alianza. Pero tamén hai un elemento significativo que algún autor ten comentado, que as forzas proletarias en Galiza, o PSOE, o PC, a UGT, a CNT ou un partido moi curioso, trostquista, que era o POUM (Partido Obreiro de Unificación Marxista), que, como sabrán, o seu Secretario Xeral, Joaquín Maurín, estaba en viaxe propagandística en Galiza cando se armó la que se armó en xullo do 1936, fíxose pasar por un comercial catalán e sobreviviu, hai un libro magnífico da súa filla explicándoo,, *Así se salvó Joaquín Maurín*, que estaba en Coruña o 20 de xullo de 1936, que viñera crear a Agrupación do POUM en Santiago, pois o POUM tiña un implantamento moi importante en canto á cualidade e calidade dos seus afiliados. Pois ben, din os estudiosos que no caso de Galiza, as forzas da esquerda proletaria, estaban moito mais próximas, moito

menos enfrentadas do que podían estar noutros lugares de España, e que mais enfrentadas estaban determinadas opcións republicanas (fundamentalmente de Unión Republicana e Izquierda Republicana) por liortas de familias políticas e por cotas de poder local. Si o pacto, a idea do Frente Popular, era unha idea que oficialmente procedía da Internacional Comunista e de Dimitrov, como lles decía, foi Azaña coa súa Izquierda Republicana o que artellou todo, e nun mítin en outubro do 1935, chamou á creación dun Bloque Popular Antifascista xustamente no momento en que Italia estaba invadindo Etiopía (detalle significativo tamén), convidando ao PSOE a integrarse nesa entidade; do PSOE foi un moderado socialdemócrata como Prieto quen levou as negociacións cara a Izquierda Republicana, e un home moito mais radical, Largo Caballero, quen levou as negociacións cara ó Partido Comunista e cara, quizáis, tamén á CNT.

Pero en Galiza para o Pacto había un problema grave que era o “casarismo”, que quería controlar absolutamente todo, e estaba a situación equívoca na que quedaba o Partido Galeguista diante *del poco fervor autonómico* de Casares Quiroga, polo que, según González López, fixeron falta varias viaxes súas Coruña- Madrid, Madrid- Coruña para amañalo. Nese senso, e que non lle pareza mal a ninguén do PSOE, estoutro día escoite na radio que Zapatero era mais galeguista que moitos de PSOE de Galiza... Será verdade. Pois resulta que Azaña era mais galeguista, mais autonomista, que moitos da Izquierda Republicana de Galiza, da antiga ORGA, as cousas como son.

Saben que o Pacto da Frente Popular foi asinado en xaneiro de 1936, e, curiosamente, o Partido Galeguista non entrou nel hasta abril no pacto de FP. ¿ Qué organizacións temos aí? Pois como fundamental “Izquierda Republicana”, que era a grande forza política de Galicia Norte (igual que o Partido Radical fóra -que xa non- a grande forza política da Galicia Sur); “Unión Republicana” (que tiña xente moi significada, coma o que foi despois alcalde da Coruña cidade), xente que procedía do “Partido Radical Socialista” (da época de Marcelino Domingo); o PSOE; o Partido Comunista; o POUM, o Partido Republicano Federal (que tiña en Ferrol una pequena agrupación e outra en Santiago); o Partido Sindicalista; a UGT, e o Partido Galeguista, e a ver se deixamos de lle dar tantas voltas a un grupo absolutamente raquíτικο numericamente que chamaron Dereita Galeguista, que hoxe estiven contando cantos eran e eran ; 26! Moi significados si, que si Otero Pedraio, que si Risco...pero só vinteseis. . Por certo, que Otero Pedraio, por se non o sabían, cando foi nas Cortes da República a proposta de concesión de voto á muller, oportunamente saiu da sala e non votou...Un home respetabilísimo, pero un home profundamente conservador nas súas conviccións. Esa era numericamente a Dereita Galeguista. Cando se foron eses, Carballo Calero, que era seguramente o elemento mais izquierdista que había na dirección do Partido Galeguista naquel momento, máis aínda que Suarez Picallo, levou a proposta de integrarse na Frente Popular e todos votaron que sí menos un.

¿Quién gobernaba nése momento? Pois gobernaba un político verdadeiramente admirable, Portela Valladares, que foi quen convocou as eleccións, e comezou a campaña; hai una diferenza entre a campaña que levou a dereita, que foi una campaña absolutamente en negativo, de defensa da familia, da propiedade privada, de España una e...atención...hai mítines nos que din que *si ganan los rojos, van a repartirse a las mujeres...*; De meter medo!. A campaña que levou a Frente Popular, foi de signo positivo, por suposto sempre coa ameaza do fascismo, que podía estar aí detrás, pero de signo positivo. E mítines, mítines, mítines...en lugares inverosímiles...dinamización popular.

Agora permítanme una cousa, e, por favor, que ningún se dea por ofendido. O curso pasado, nun grupo de alumnos de 2º de Bacharelato actual, moi, moi intelixentes, cadrou que estaba eu explicando este período cando foron as eleccións, hai dous anos, é dicir, as estatais. E lín o periódico un día e cheguei con él na man á clase e lles díxen: *mirade, vouvos ler un discurso*, e lín un fragmento daquel discurso e lles preguntei: *¿Esto de quién vos parece que é?* E dixeron: *De Calvo Sotelo; De Gil Robles...* Dixen eu: de *Mariano Rajoy* Impresionante, non me digan. Era un discurso de Mariano Rajoy na campaña electoral e nel que falaba de familia, propiedade privada, España se rompe... Como experimento pedagógico foi moi aleccionador

Crearan en Madrid un Comité da Frente Popular, dirixido, como os tres mais senlleiros, por Largo Caballero, Martínez Barrio e Azaña, e eso se reproduce aquí de ma-

nera semellante. Por exemplo, o que coñezo eu mellor, que é o caso de Mugardos, á área de Ferrol, estaban, de xeito paritario, representados “Izquierda Republicana” e non republicana, Partido Socialista e Partido Comunista. No caso de Ferrol tamén o Partido Galeguista, por exemplo. Daba igual o implantamento local de cada organización, ese era o pacto que había a escala estatal. Un pacto que non procederé a ler, porque son tres folios, pero que é verdadeiramente significativo, porque cando se fala de esquerda, esquerda, esquerda, ata un certo punto...no pacto queda moi claro que *no se acepta la nacionalización de la tierra, que no se acepta la nacionalización de la banca,* e tamén hai que destacar que a Autonomía, ese tan traído e levado elemento que levara ao Partido Galeguista a se integrar no pacto da Frente Popular, aparece practicamente coma un anexo ao final de todo e fóra de contexto, no punto 4º, que pon: *El Gobierno pondrá en ejecución los métodos necesarios para asegurar el acceso de la enseñanza media a la juventud obrera. Los partidos coaligados repondrán en su lugar la legislación autonómica.* Metido con calzador, tal cual. Eso é o que levou ao Partido Galeguista a se integrar, e fixeron ben.

O programa da Frente Popular, teñen que velo coma un plantexamento de goberno, de feito dí no encabezamento que é a *norma de Gobierno que desenvolverán los partidos republicanos de izquierdas con apoyo de las fuerzas obreras.* Xa se deixa aquí entrever que non van entrar as forzas obreiras no Goberno que poida saír. E é interesante porque recolle os problemas e plantexa as solucións. Neste

senso hai una disputa que sempre se plantexou, cal foi o papel que xogou a CNT nesas eleccións, e a CNT votou. ¿Qué sucedeu a partir deste momento? O 16, 17 e 18 de febreiro do 1936, o pacto funcionara moi ben á hora de crear candidaturas na Coruña e en Pontevedra, de gañar actas de deputados. En Ourense fracasan estrepitosamente, e en Lugo sucede que Portela Valladares, un home admirable que puxera o gran periódico que había no momento, *El Pueblo Gallego*, a disposición do Partido Galeguista, que era un animal político (no sentido positivo da expresión), que morreu no exilio, coma vostedes saben, que se negara a aceptar un golpe de estado, ... un democrata, a fin de contas. Portela, que ía de candidato por Lugo, quería garantir a súa presenza, pois en Lugo o pacto co Frente Popular se escorna e se produce un pacto entre *portelistas* e “Unión Republicana” que deixa ao PSOE e ao Partido Galeguista cunha man diante e outra detrás.

Unas eleccións, por certo nas que a participación (según quen estudiou esto ben a fondo, que eu non) foi moi elevada: calcúlase que en España rozou o 70%. Unhas eleccións que tal como eran as corruptelas electorais da época foron aceptablemente limpas, aínda que houbo acusacións da dereita e da esquerda no caso de Ourense e de Coruña que se resolveron cunha transacción en Madrid, ou sexa, se impugnades as de Coruña, non sae Casares Quiroga elixido deputado e a ver qué fan vostedes cun Ministro que non é deputado, e a cambio deixade que a dereita gañe en Ourense.

Basta revisar os xornais da época para ver coma foi recollida a victoria os días 18 e 19 daquel febreiro, con gran *regocijo popular*, e inmediatamente constituíron un novo Goberno. Portela Valladares actuou moi correctamente. Franco tivo unha conversación telefónica co Xeneral Pozas e outra con Portela Valladares *que le cuelga el teléfono..* E nos concellos e nas Deputacións créanse Xestoras. ¿Qué son esas Xestoras? Eran a reconstrucción das Corporacións do ano trintaenun, que moitas delas (concretamente a de Carral fora suprimida pola súa posición en outubro do trintaecatro), pero valorábase que as forzas políticas locais foran oídas á hora de crear esas Comisións Xestoras. E así foi. Revocaron aos Gobernadores Civiles, revocaron ás Deputacións e aos Concellos. O día 22 de febreiro saíron os presos (os 30.000 presos), que retornaron ás súas casas... Eu pensei escanear para proxectar hoxe unhas fotos coa recepción que lles deron na estación de Barallobre e na estación de Pontedeume, unhas fotos dos presos chegando, da xente en terra,...una cousa espectacularmente chamativa naquel momento. Vin non hai moito una foto de Vigo que é impresionante...¿Saben qué pasa? Que as fotos as quitaban desde atrás e non se ve o que poñía nas pancartas, pero está toda a Porta do Sol colapsada completamente.

¿Cal foi o resultado en Galiza desas eleccións? Miren, é curioso, non sabemos exactamente (ou polo menos non me atrevo a afirmalo) se a Frente Popular en Galicia obtivo 29 deputados ou obtivo 32. Sí que sabemos que o total eran 49. E concretamente, hoxe, coma non me ca-

dran os números, sigo sin saber o número exacto de deputados que tiñan as Cortes, xa que encontrei nun lugar 257 no parlamento Español da Frente Popular dun total de 453. Encontrei noutro lugar 272 da Frente Popular dun total de 484, ... O que sí que sabemos é que a dereita sacou un total de 139. Ou sexa...fracaso estrepitoso.

E daquela,... De aí en diante comeza a actuación do novo Goberno con problemas moitos, porque esa impaciencia revolucionaria que vos estaba a contar antes, ese querer acelerar, facer a Revolución xa, pois vai a máis. Deso saíu unha expresión moi curiosa: *rigor proletario*. O Partido Comunista decía: “ moi ben, vamos xogar con dúas barallas: acción parlamentaria e outra acción extra-parlamentaria”. Igual que decía a CNT.

O Asociacionismo vai a mais neses meses de forma espectacular. Proliferaban asociación libertarias cuns nomes preciosos, imaxinen formar parte dunha Sociedade que se chama *Ateneo Libertario Naturaleza Consciente*. É una maravilla,¿non? Ademais, avanzara moito a unificación das Xuventudes Socialistas e das Comunistas...o que se chamou as Xuventudes Socialistas Unificadas, e os militares están conspirando, desde o primeiro momento, desde o 14 de abril do ano 1931 estaban conspirando, pero desde febreiro do 1936 a conspiración é permanente. E o Goberno (me da igual o de Azaña que o de Casares Quiroga), facendo que non se entera. Había Comités do Frente Popular a escala local que comunicaban a quen correspondía: *mire usted, que los militares tal.....e archivado*.

E para ir acabando, desenvolverei algun modélos:

A xente que vivíu aqueles anos, cando falaba con eles (foron morrendo desgraciadamente todos) dicían: *Daquella foi cando víamos a verdadeira República. A partir das eleccións do Frente Popular foi cando realmente avanzamos.* De feito, Juan Prieto Balsa, o alcalde de Mugardos no ano 1936, asesinado en Pontedeume o 24 de xullo do ano 1936, según tomou posesión, e así está anotado no libro de Actas Municipal, dixo: *ahora por fin ha llegado la verdadera República del Pueblo.* ¿Qué era esa verdadeira República do pobo? Pois que relanzaron a reforma agraria, reaxustaron os mandos militares, relanzaron os Estatutos, co que chegamos ao caso de Galiza e vou rematando.

Outra cousa foi a violencia neste período, nesa primavera, a violencia fascista. De marzo a xullo do 1936 a Falanxe matou catro traballadores en Galiza , e por se non abonda hai un caso moi significativo, en Redes, un lugar que coñecen vostedes, o día do Carme, ao día seguinte ao día do Carme, o sea, o 17 de xuño, foron tres veciños de Redes denunciar á Guardia Civil: *Que la víspera, cuando la juventud de este pueblo estaba sanamente paseando, al grito de ¡Viva el Fascio! Salieron un grupo de muchachos, con tiros al aire e que mallaron neles, nunha palabra. Había unha agresividade na extrema dereita moi forte. ¿Da esquerda tamén? Sí, menor, non hai comparación posible.*

Para rematar, dous casos. Un primeiro: Quintanilla, un moderado do PSOE, en *El Obrero*, un periódico do PSOE, recolle en xuño do 36, una vez relanzado o proceso estatutario, prevendo o que podía suceder, que: *para el*

parlamento Gallego se debe formar un frente único proletario. E un segundo: o Partido Comunista chamou a votar nun Mundo Obrero de xuño do 1936, escriben: antifascistas gallegos, apoyados por antifascistas españoles, contra fascistas gallegos, apoyados por los reaccionarios españoles. Votad el Estatuto hacia la liberación de los Pueblos Nacional y Social. Téñeno clarísimo.

Suliño de novo que eran os Comités do Frente Popular, a escala local e tamén provincial -que en cada lugar tiñan unhas executivas que funcionaban de forma semellante-, os grandes dinamizadores dese período. ¿Quén son eles? Pois son aqueles que contribuíran tanto, coma lles indicaba, a “afortalar” as sociedades de labradores, as sociedades de mariñeiros, as sociedades culturais, e entre eles, moitos, moitos, moitísimos, fóran retornados da emigración.

E despois a gran frustración, a sublevación militar-fascista de xullo do 1936, xa outra historia.

Con isto remato ...e... ¡A pola Terceira República!

EMILIO GRANDÍO

Vou tentar ser o mais breve posible...De saída, referente ás orixes do Frente Popular, un par de acotacións do que comentou Bernardo:

É evidente que é fundamental outubro do 34. Agora ben, hai outra cuestión, que foi suliñada pero creo que non suficientemente: non é só outubro do 34, é setembro

do 34. É dicir, por exemplo, outubro de 34 xenerase en boa parte porque durante o mes anterior a prensa de Madrid unicamente está falando dunha conspiración da cal se está detendo xa directamente a moitos sindicalistas. Dende Setembro do 34 estase a presentar o que se supón unha revolución a grande escala dende Madrid. Ao final, evidentemente, a Revolución está estruturada como Bernardo e outros sabemos, pero realmente tiñan consciencia de que non tiña a forza necesaria. Pero se está tensando a corda. Dende agosto e setembro do 34, sobre todo dende a dereita, se está tensando a corda. E tamén hai que dicir que moitas veces se fala de que a conspiración comeza o 14 de abril do 31 e é certo. Pero hai un tipo de conspiración que incluso o propio Portela Valladares coma xefe de Goberno denuncia na campaña electoral que é a tentativa de facer un golpe de Estado encuberto nos últimos meses de finais de 1935 por parte do Ministro Gil Robles. Hai textos directos de Portela 10 días antes da Campaña Electoral decindo que por moito que nos poñamos a ver quen vai gañar e quen non vai gañar, por favor, que non gañe Gil Robles. Incluso o o dí o moderado Portela Valladares que tenta facer un tapón. Eso está en prensa, está reiteradamente en prensa durante a Campaña Electoral. E non é precisamente que Portela se coaligue coa esquerda (que coma dixo Bernardo, o único sitio onde se coaligou coa esquerda, foi precisamente en Lugo). En todo-los demais sitios, as coalicións establécense coa dereita.

Esto por un lado...Dous, a relación entre o orde público (que comentou onte en parte Paco Espinosa) e a

militarización xudicial por parte da Administración é evidente. É dicir, cando hai que reprimir os problemas de orden público, o único Goberno que tentou levalo para atrás foi precisamente no primeiro bienio republicano. A partir da chegada da dereita ao poder: nos problemas de orden público xustiza, garda civil e exército é una soa cousa. Ademáis hai que ver todas as suspensións de Concellos previas a outubro do 34: en xaneiro, marzo do 34. Logo de outubro do 34 xa moito mais... Aí tamén a aplicación da *Ley de Vagos y Maleantes* funciona a todo dar. Habería que falar moitas cousas do período anterior á Frente Popular e creo que nos van quedar moitas no tinteiro.

A acción política da Frente popular deses 5 meses tén una característica fundamental: a súa orixe electoral. Hai un pacto previo preelectoral no que existe una serie de apartados comúns: a Autonomía, a saída dos presos... Cada quen tira cara ao seu lado, pero o mais importante para a acción política é que ese pacto preelectoral, despois de gañar as eleccións, mantense. E ademáis, cunha fortaleza envidiable. Posiblemente por necesidade, pero o que dende o primeiro momento se establece é unha complementariedade táctica, os republicanos no goberno e os obreiros nas rúas, tradúcese a partir do 19 de febrero de 1936: vai haber un reparto do xogo político. Uns estaban no Goberno porque sabían que evidentemente, dende o posicionamento da dereita non habían de asumir nunca que Largo Caballero entrara a formar parte do Goberno; e outros, os republicanos burgueses, nunha situación absolutamente deteriorada a nivel de representación política,

dixeron: se queremos gañar unhas eleccións, os que nos van a dar os votos son os obreiros e os sindicatos, e polo tanto, temos que deixar que collan a rúa...e a colleron. Xa contarei despois cómo, que non ten que ser de forma estrictamente violenta.

Nas candidaturas resulta importante contrastar unha cuestión: a campaña do Bloque Contrarrevolucionario, é una campaña moi violenta e apocalíptica...tamén o é a da esquerda. Pero si alguén temos que decir que son Revolucionarios, e nos conflitos que plantexan e no que queren cambiar, do que está -da República burguesa- e do que queren cambiar -una República Corporativa, fascista, imperialista, etc...- é a dereita. Porque a esquerda o que vai plantexar é un discurso completamente distinto, un discurso conservador, de volta ás reformas do bienio republicano. A República do 31 é a súa bandeira. Outra cousa é que despois, como xa vemos nesa acción política, lévese adiante dun xeito bastante mais acelerado que co primeiro bienio. É curioso distinguir éses dous discursos, sobre todo porque a Gil Robles non o tiñan previsto na convocatoria de eleccións. Eu, polo menos entendo que a súa 'hoja de ruta' era tomar o poder a finais de 1935. Hai tentativas de golpe de estado encubertas que Portela Valdadares tira para abaixo. Pero atopábase totalmente enfocado. Gil Robles desde outubro do 34 está decidido a tomar o poder e cambiar cara a una República Corporativa. É necesario explicar este contexto.

Como decía tamén Bernardo, e cito textualmente, no ano 31 a xente pensaba que todo era posible. E mesmo a

Revolución. A verba Revolución está nas bocas de todo o mundo, sexan burgueses moderados, sexan de dereitas ou de esquerdas non no 36, senón xa desde o ano 31. Este concepto está presente no discurso diario. Eso implica que o discurso representa en parte a acción que existía. O contexto e a cultura de violencia política que non se xenera en abril do 31, senón que ven de antes, está no debate das rúas. Falábamos antes da violencia da dereita: durante o ano 33, o ano de maior explosión revolucionaria,, sobre todo por parte dos sectores anarquistas, practicamente nunha ratio de unha bomba que estoupa na Coruña cada tres días. Bombas que estoupan de madrugada e que se oen en toda a cidade. Ese son está ben presente. O contexto violento está ahí, para todos, tanto para a dereita coma para a esquerda. E España non está aillada dese contexto tampouco. En Europa hai un contexto de violencia política. Hai que explicar que amplios sectores sociais galegos e españois querían unha Revolución; é decir, un xiro radical das políticas empregadas, ben cara a dereita ou cara a esquerda.

Sí hai que decir, que a pesar deste contexto de violencia política hai unos datos, a nivel de investigación, que contradicen un pouco os tópicos e rachan mitos. Durante os meses da Frente Popular, prodúcese a niveis de conflictividade social, económica e política, un “gozne” a partir de abril-maio de 1936. Ata ese momento, realmente hai feitos políticos (os típicos encontronazos entre sectores de dereitas, de esquerdas...moi frecuentes, polo menos nas rúas e lugares desta provincia de A Coruña). Pero sen

embargo desde abril do 36, prodúcese conflictividade, pero exprésase sobre todo a través de conflictividade de carácter económico-social. É dicir, son folgas, son fenómenos violentos contra a Patronal, etc... pero non necesariamente atentados de carácter político. Hai unha data sobre a que pivota todo o período da FP que é a ilegalización da Falange. A Falange é certo que está rabiosa pero está fóra das rúas. Polo tanto, quedarmos con que a conflictividade, por motivos políticos, descende a partir de abril de 1936.

A acción política da Frente Popular, ten moito que ver non só con esa complementariedade táctica da que falaba, senón tamén con que pasan de ser una plataforma electoral a ser una plataforma de Goberno. Quen vai gobernar a partir dese momento no ámbito local van ser as corporacións, pero teñen que ter o visto bo e ser nomeadas polos Comités Locais do Frente Popular. Estes Comités teñen unha estruturación de decisión moi concreta. Internamente, polos documentos que puiden atopar, o voto interno dentro dos Comites non era una representación polos resultados acadados. Os sindicatos dedicábanse ao mundo do traballo e os partidos burgueses adicábanse á política. Nese momento están todos ahí e cada quén ten o mesmo peso político. E dicir, imaxinádevos, había catro asociacións que estaban nun Concello determinado, e se había 8 postos, pois dúas para cada una, independentemente que se chamara PC ou o Izquierda Republicana. Polo tanto, se vai plantexar una cuestión: se ben teóricamente as Corporacións que teñen que entrar son aquelas

que fóran suspendidas en outubro de 34, esas Corporacións, para a xente dos Comités da Frente Popular, é vella. Esa xente ten un plantexamento da República vello para eles. Abril do 31 para eles é algo xa a superar. E polo tanto, vos diría que o 80% das Corporacións Locais, non aceptan a reposición deses concelleiros e queren colocar outros concelleiros novos. Concelleiros novos que teñen un perfil determinado á espera...Xestoras, nomeáanse xestoras que ao final serían as únicas que habería. Hai unha convocatoria rápida de eleccións municipais previstas para o 12 de abril de 1936, das que ninguén fala e que fóron suspendidas precisamente polo nivel de violencia política previo coa ilegalización da Falange.

Esas Xestoras quedaron ao final como as dirixentes, pero realmente o que eran, eran Xestoras Interinas. ¿Quén compoñía esas Xestoras? Eu a chamo a 'Xeración perdida', porque realmente é una xeración nova. Na maior parte dos casos non é a xeración de abril do 31. É una nova xeración cunha actitude moderada, non tanto nos obxectivos, senón nos medios. É dicir, hai una aceleración das reformas, das prácticas e da execución e acción política, que en 5 meses (pasa en todos os ámbitos) se fixo: reforma agraria, estatuto de Autonomía, etc...que en 5 meses se fixo máis que en dous anos do bienio republicano. En boa parte por ese chamamento da xuventude que dende logo dende 1932-33 está ben presente, tanto na esquerda coma na dereita.

Hai que mencionar tamén datos novos, froito das últimas investigacións realizadas ó respecto:

Aproximadamente o 53% dos alcaldes de Galicia, cento e pico dos 300 totales, teñen menos de 40 anos. Os alcaldes maioritarios por formación política son de Izquierda Republicana. Non hai un peso excesivo de IR, pero podemos dicir que é o núcleo. Teñen maioría na provincia da Coruña, Lugo e Ourense. Eses alcaldes teñen una porcentaxe co segundo, que é o PSOE, en número de alcaldes, de un a dous. É dicir, dous tercios para IR (66%) un tercio para o PSOE (33%). Sen embargo, onde non se cumpre esta función é en Pontevedra. Alí hai o dobre de alcaldes do PSOE que de IR. En boa parte pola estruturación asociativa que teñen e polo impulso que ten o PSOE, maior en Pontevedra que noutros lugares de Galicia. En canto a profesións, hai un 50-50 aproximadamente entre obreiros campesiños e propietarios liberais.

Falaba antes Bernardo da acción política e da acción social, e evidentemente é moi semellante, sobre todo neste caso concreto que son os meses de goberno da Frente Popular. Hai 5 liñas de acción política neses 5 meses de acción da Frente Popular en Galicia:

1. Adicación ás políticas sociais. Hai melloras sanitarias e no ensino. E teñen moita relación coa expropiación que se lle fan aos locais da Igrexa. Boa parte deses locais son expropiados para ámbitos fundamentalmente do Ensino...para Institutos, Escolas, etc... Atopei equipamentos de Centros Escolares en Pontedeume, en Cangas, en Redondela, en Ordes, en Betanzos, en Noia e en Rianxo. Tamén en Ordes e en Santiago. En Ordes e en Nigrán fánse

listados de “pobres de solemnidade” para asistencia médica e hospitalaria gratuíta. (Claro, esto é o que se atopaa. Seguramente habería moitos outros que non atopamos, xa que fai 70 anos destoo e todo se perde). Pero o que está claro é que a política social é fundamental para unha Frente Popular que lle debe moito ao Sindicalismo Obreiro.

2. Política contra o desemprego. Neste momento hai unhas taxas de desemprego altísimas, un dominio, por parte dos sectores conservadores e da patronal do que era o mercado de traballo feito no bienio negro, e polo tanto hai que loitar contra eso. Adícanse a facer obras públicas financiadas polo Concello en Cangas, Rianxo... Ademais disto, quén se vai adicar ao mundo do traballo desde a perspectiva do Estado, van ser, evidentemente, os Sindicatos. Porque é a xente que teñen a capacidade de establecer esa rede de desemprego, etc... As bolsas de paro obreiro local maioritariamente se entregan á xente dos Sindicatos non só neste momento senón tamén antes.
3. A laicización dos Concellos. Hai Municipalización das casas rectorais, edificios relixiosos, hospitais, escolas. Prohíbense as procesións, prohíbese o toque de campás, reactivación da municipalización dos camposantos, derrube das paredes de separación dos cementerios. Entre o cementerio civil e o cementerio católico en varias zonas de Pontevedra, por exemplo (faise en máis zonas pero comento as que contras-

tamos). Sustitución de persoal relixioso por civil, por exemplo, nos hospitais vencellados á Deputación.

4. O Estatuto. En relación ó que comentou na súa ponencia Bernardo Maiz, respecto á Deputación da Coruña, dominada en novembro do 33 pola xente da ORGA, é certo que boa parte do republicanismo burgués herculino plantexa dende o primeiro momento a súa oposición ó Estatuto polo tema da capitalidade. Cando hai assemblea de concellos iso non se leva adiante, demórase a resolución sobre o tema. Tamén hai que dicir que estes debates non son nada excepcionais. Mais trascendente puido ser que mesmo durante o tempo de goberno da Fronte Popular, quince días antes da celebración do plebiscito de xuño de 1936, Osorio Tafall, como subsecretario de gobernación, lle pediu directamente a Anxel Casal que non se celebraran as eleccións. Entre outras circunstancias porque as cifras que manexaban — que finalmente se comprobaron— non eran boas. Anxel Casal negouse a retrasar a data xa que estaba feita toda a propaganda. As cifras finais —e sobre todo os xeitos— que fixeron posible a plebiscitación do Estatuto non dan a percepción de que aquilo no foi todo o limpo que debería ser. Mesmo no concello de Carral atopamos que en tódalas mesas hai a mesma porcentaxe de voto afirmativo e a mesma porcentaxe de abstención. Iso pasa non só en Carral, se non tamén noutros concellos.

5. Melloras no planeamento urbán. Hai un interés por levar adiante planeamentos urbáns novos, tamén propiciados polo alto desemprego. Isto se daba non só nas cidades, se non tamén en ámbitos máis reducidos. Hai planes de municipalización na Coruña e noutras pequenas localidades. En Santiago parálanse edificios moi simbólicos, aprováanse ruas moi importantes para facilitar a construción e os accesos ás cidades. Fanse urbanizacións e pavimentacións, por exemplo en Pontedeume. Obras de alcantarillado, tensión de alumeado eléctrico en Betanzos; a estrada de Praia América á Ramallosa en Nigrán; a ponte do Pedrido; fondos para a construción do parque de Joaquín Costa na Coruña... E dicir, os propios concellos entenden que o período ten que representar algo novo incluso na planificación urbanística. Se estamos ante una nova sociedade se necesitan novas cidades.

Para rematar en canto a acción política, comentar dúas accións da Fronte Popular, un período evidentemente moi curto. No ámbito de Galicia, Coruña é una provincia dominante pola súa relación con Madrid e esta marcada polo Casarismo. O Casarismo perdeu as eleccións do 33 pero a Fronte Popular gaña as eleccións nesa provincia da Coruña, pero sin embargo non gaña representatividade nos concellos. IR ten dous tercios pero hai un tercio de socialistas e outros sectores que contan, cando Casares Quiroga poucos meses antes chegou a ter o setenta e pico

por cen dos concellos. O que quería facer Casares era realmente retomar ese poder. Un poder que se perdera, e hai que ter en conta que a nova xeración política desborda a moderación que podía ter IR. Sobre todo en dous casos: na alcaldía de Santiago, na dimisión de Anxel Casal, moi precipitada e que se mantivo practicamente para levar o Estatuto cara a Madrid. Creo que esa dimisión que comentario débese a un problema interno da corporación local moi forte entre a esquerda republicana, máis ben a ORGA de López Po, e outros sectores da sociedade compostelana que asumen que debe ser Anxel Casal (digamos que é o que menos desencontros verifica para esa alcaldía).

Outro a ter en conta é o Alcalde da Coruña, Suárez Ferrin, que é de Unión Republicana, non de IR. Un personaxe curioso, pero sobre todo na súa relación co gobernador civil Pérez Carballo. O Goberno é a arma que instrumentaliza Casares Quiroga para cambiar o poder nos concellos da provincia. Creo que Pérez Carballo ten relación directa coa dimisión de Anxel Casal e tamén influíu na posible dimisión de Suárez Ferrin.

Pérez Carballo foi fusilado nas primeiras horas tras o golpe militar. Segundo testemuñas recollidas na documentación militar durante os meses nos que estivo como Gobernador Civil da Coruña non se fala nin co alcalde da cidade nin co gobernador militar da cidade que é Salcedo. Ou sexa que nesa situación de grande conflictividade é curioso que non tivesen conversas.

E o último, xa para rematar, é un condicionante que non se expresa na acción política da Frente Popular pero

que está presente de maneira constante que é o ambiente de sublevación das dereitas. No ámbito político, a partir da victoria da Fronte Popular, so lles queda a protesta constante de Gil Robles e Calvo Sotelo. Diso atópanse documentos, legaxos enteiros, pedindo documentación a tódolos concellos de España respecto de como vai o problema de orde público alí, a quen detiveron, a quen non... Esa é a información que reciben e a sacan logo no parlamento cunha nula contrastación de fontes. A esta percepción de alarma amplificada debemos sumarlle os medios de comunicación conservadores onde aparecen constantemente tamén estas protestas de Calvo Sotelo e Gil Robles, xunto á actividade máis estríctamente católica. A CEDA desaparece, Calvo Sotelo a través do Bloque Nacional si que ten certa actividade, pero a meirande actividade política de dereitas desaparece. E non por censura, senón internamente. Iso acontece a partir de febreiro do 36 e tamén tralo golpe de Sanjurjo no 32. Digamos que se retraen detrás da cobertura daquelo que non é estríctamente político. A difusión das súas ideas e valores vai a través doutros mecanismos e medios.

Hai que dicir que hai ata cinco veces neses meses que a dereita máis reaccionaria pretende facer un golpe, ben de xeito encuberto, ben cun modelo máis directo como o que finalmente aconteceu en xullo. Para que Portela Valladares, un xefe de gabinete, fale en campaña electoral, e isto está en todos os periódicos, fale de que a Gil Robles non o poden admitir na xefatura do goberno republicano polo perigo que conleva, é que a situación de alarma res-

pecto dos posicionamentos da dereita hexemónica é moi evidente. A súa vez crea un clima pre e postelectoral moi complicado.

Esas cinco ocasións comezan como xa sabedes en febreiro de 1936 –e mesmo a finais de 1935–, con dúas conversas entre Gil Robles e Francisco Franco con Portela Valladares despois das eleccións para facer un golpe de estado encuberto. Pero logo hai conversas, cando menos as que se atopan presentes no Goberno Militar na Coruña nos primeiros días de marzo de 1936; outra o dezanove de abril e finalmente unha prevista para o dezanove de xullo que se adianta ao día dezasete. A do dezanove de abril se descabeza. ¿Por qué toda esta situación? Porque á dereita non lle interesaba que o tempo corra xa que vai a favor da visualización das políticas da Fronte Popular. A campaña electoral fora tan dramática, tan apocalíptica, tan brutal, que realmente o que lle interesaba a esa dereita era que ese clima de crispación se mantivera. E polo tanto que se recordara. Non que se tivera en conta o que están facendo os dirixentes da Fronte Popular, se non que se recorde como era esa crispación do tempo das eleccións, que nos decían na campaña, etc, etc. E que iso se mantivera. A medida que ía avanzando o tempo a conflictividade por motivos políticos baixa e polo tanto, aínda que sexa facer historia ficción, o rumbo non era precisamente este. A acción política dos gobernantes da Fronte Popular non levaba directamente a un clima de violencia se non todo o contrario, axudaba a témpalo. E dende logo a acción política directa nos propios concellos era moi tranquila.

Mesa redonda
(23 de outubro do 2009)

A MEMORIA DA FRENTE POPULAR

JULIO PRADA; DIONISIO PEREIRA;
ANDRÉS DOMÍNGUEZ ALMANSA

JULIO PRADA

A dereita e a visión da Fronte Popular

A visión que transmite a dereita da Fronte Popular é moi simplista. Xira ao redor duns clichés coñecidos, que ademais son moi útiles para percibir toda unha dinámica de cómo se vai construindo un pensamento reaccionario e ultraconservador a partires dunha imaxe, incluso antes de que esa imaxe estea plasmada na realidade. Quero dicir que, por exemplo, que se un colle, sen necesidade ir a unha documentación moi específica, por exemplo, artigos de prensa, dende mediados do 35 xa se empeza a construír unha dinámica interpretativa por parte de amplos sectores da dereita sobre o que logo vai a ser esa visión da Fronte Popular.

Por exemplo, en xuño de 1935, Calvo Sotelo xa está proclamando no seus órganos de prensa que España vive literalmente nunha «guerra civil», cun argumentario que se utilizará logo na etapa da Fronte Popular e durante a campaña. E son momentos nos que unicamente o Partido Comunista en España, en aquel momento moi marxinal, fala

da necesidade de chegar a *unha concentración popular antifascista*. Son os únicos que fan referencia a isto e ninguén lles fai caso. Fóra das súas filas, este discurso a mediados do ano 35, non logra ter repercusión. *El Debate* o órgano de prensa da dereita accidentalista da CEDA, en agosto de 1935, xa advirte aos españois do cambio de táctica da Internacional Comunista e literalmente di que todos os que entren naqueles fronts antifascistas, dos que se empeza a falar en toda Europa, estalle a facer o xogo a Moscova. E dicir, moito antes de que se pense na constitución dunha Frente Popular en España e se plasme ese pensamento, se empeza a articular as primeiras liñas do discurso.

Con todo, é durante a campaña electoral de febreiro do 36 onde se materializan todos os que son os grandes eixos das ideas-forza tan simplemente repetidas durante esa campaña, que eu creo que se poden sintetizar ao redor de catro puntos.

O primeiro sería a idea de orde fronte ao caos e a anarquía. E a identificación do caos e a anarquía co que representa a Frente Popular. E por extensión todo o que supoñen de ameaza contra a paz social, contra a familia e contra a propiedade.

Unha segunda idea sería a identificación automática do comunismo con Moscova e coa Frente Popular, que lles permite apropiarse en exclusiva do que é o ideal da patria. E iso malia aos esforzos de Azaña durante toda a campaña electoral en negar o carácter antinacional, faltaría máis, da propia coalición. Pero evidentemente a dereita utilizou isto de xeito moi hábil. É máis, conservamos

algunha documentación excepcional á que eu sempre aludo. A Falanxe en Ourense, cando Primo de Rivera aínda non tomara a decisión de que a Falanxe non ía formar parte da Fronte Atirrevolucionaria porque non se lle outorgan o número de postos nas candidaturas que Jose Antonio quería, nese momento envíanse unha serie de instrucións de carácter reservado para que a Falanxe en Ourense, nos seus mitins de propaganda, aluda a que, literalmente: *debemos insistir en que dado no existe en realidade una candidatura de izquierda nacional, toda vez que la que se presenta con aquel nombre no es sino en realidad la marxista con algunos nombres republicanos a los que les ha dado entrada por condescendencia, nosotros insistamos en nuestro ideal patrio*. É, por tanto, una simplificación, pero unha simplificación que tivo moitísima recepción, precisamente polo simple da mensaxe, no que podemos denominar as «masas neutras». *El Ideal Gallego*, no seu editorial do día 4 de febreiro do 36 plantexaba os termos do debate electoral neste plan: *¿Eres en suma español? Pues Rusia aprobó recientemente hacer de nuestra patria la primera de sus colonias... el día 16 Marxismo o España*. «Frente Popular ou España». Esa é a dicotomía.

Por extensión e con relación ao anterior, a dereita pretende apropiarse en exclusiva tamén do sentimento católico, que é o segundo gran pivote desa campaña electoral. É a loita fronte ao ateísmo marxista, din eles, e fronte ao laicismo republicano, que van nunha mesma candidatura. Para a dereita resulta incompatible ser católico, ser español e votar as candidaturas da Fronte Popular. Tamén o 16 de febreiro, por seguir con citas da dereita, non só da

máis reaccionaria, imos con outra cita de El Debate: *Cuando la revolución está al acecho, cuando lo más sustancial de nuestro ser colectivo está en peligro, cuando se amenaza de exterminio a la religión y se juega la independencia de la patria, el retraimiento de votar sería casi un delito.*

E logo a última das grandes simplificacións, respecto á que hai que dicir que determinados sectores da esquerda axudaron co seu discurso á dereita. É a idea de presentar as eleccións como a última estación de tránsito de cara a implantación do comunismo en España. Faino, por seguir a orde, da máis extrema dereita, á dereita máis moderada. Faino Fal Conde, un dos líderes da Comuñón Tradicionalista. Faino, como digo, non só en xornais españois, tamén estranxeiros, como nas súas declaracións a *La Croix*, xornal que se publicaba en París, no di que: *Estamos convencidos de que el Frente Popular es una estación de tránsito para la implantación del comunismo.* Faino tamén *La Nación*, que é un dos voceiros da dereita monárquica alfonsina. O 17 de xaneiro trata de necios a todos os que cresen que se gañaba a Fronte Popular, os marxistas, en concreto Largo Caballero, permitirían que gobernasen Martínez Barrio ou Azaña. Din *Siguiendo instrucciones de Moscú se merendarán a Azaña o Martínez Barrio y pondrán en marcha las cláusulas reservadas del pacto: la disolución de la guardia civil, la nacionalización de la banca, la estatificación de la prensa, la desmilitarización del ejercito, la destitución de funcionarios y la formación de milicias rojas.* E, moi significativamente, anticipándose ao futuro dicía que no caso de que esa opción triunfase *España sólo podrá ser salvada por una mano vigorosa y por un procedimiento extra-*

ordinario. A apelación ao exército aquí está moi clara. Pola súa banda, a dereita accidentalista en *El Debate*, o 2 de febreiro, insiste en que *El Frente popular quiere convertir España en lo que es México o en lo que es Rusia. El reino de la barbarie y de la tiranía*.

Pero tamén dicía fai uns intres que unha parte da esquerda prestou un servizo impagable a este discurso e así o recollen xornais que non son precisamente de tendencia dereitista; polo menos que tratan de manter posicións centristas ata etapa da Fronte Popular, que tentaban manter unha posición equidistante. Eran xornais do prestixio de *Ahora*, que era dos máis seguidos de Madrid e onde publicaba artigos Ortega y Gasset. Este xornal, facíase eco das declaracións de Largo Caballero no senso de que o 16 de febreiro non era máis que unha «estación de tránsito» na conquista dos verdadeiros obxectivos, sinalando que a coalición representaba *No (...) la cesión de los principios civilizadores de Occidente a cambio de un plato de lentejas, pero sí a trueque de un cesto de actas*. Dito doutro xeito: a estratexia das esquerdas obreiras consistía, nunha primeira fase, en forzar ós partidos republicanos a realizar o programa mínimo de reforma co obxectivo de reforzar as súas posicións, e unha vez que estes obxectivos estivesen conclusos presionarían para que entrasen decididamente pola senda marxista que conduciría á implantación dun sistema soviético na España. É evidente que a falta dun programa unitario e ben desenvolto (algo que era imposible) nunha dereita tan dividida, non só no dende o punto de vista ideolóxico, senón tamén por temas persoais dos seus

líderes, esta idea de bloque contrarrevolucionario de oposición ao marxismo, foi a súa principal amalgama. Ata tal punto chega a dicotomía e o enfrontamento que basta ler un editorial apenas citado do xornal *ABC* días antes das eleccións, en concreto o 14 de febreiro, que resulta absolutamente terrible cando sentenciaba: *No hay opción entre la muerte y la vida. Entre la paz y la revolución. Entre el pistolero criminal y la paz social. Entre el ateísmo y el cristianismo. Entre la prosperidad y la ruina. Entre la libertad y la esclavitud asiática. Entre la Patria y Rusia. Entre el hogar y su aniquilamiento. Entre el espiritualismo y el materialismo. Entre la unidad y el separatismo. Entre el orden y el caos. Entre la ley y la dictadura del proletariado. Entre España y anti-España. No hay opción.* Isto uns días antes das eleccións, moito antes da primavera trágica e antes da violencia política que logo se desatará e será recorrentemente utilizada na etapa de goberno da Frente Popular.

Unha vez formado o goberno e constituídas as Cortes, realmente non hai un cambio substancial no discurso, pois se sigue incidindo neses catro eixes catastrofistas que antes sinalaba, co cal xa non insistirei máis nesta idea. De tódolos xeitos si que cabe un pequeno matiz. Creo que caeríamos nun erro se simplemente vemos esa solución de continuidade sen os matices dos primeiros momentos que seguen ás eleccións do 16 de febreiro do 36. Son moi significativos discursos e declaracións á prensa de xente do espectro máis reaccionario, como por exemplo Albiñana, o líder do Partido Nacional Español, que algúns consideran xa parafascista, senón fascista (son dúas interpreta-

cións que hai entre os historiadores sobre este partido), que ven a Azaña como eficaz dique de contención para evitar ese estado soviético presunto que ía a implantar a Fronte Popular. E así chega a dicirse que *La situación de los acontecimientos es tan paradójica, que los españoles habrán de agradecerle al señor Azaña que continúe representando la tendencia conservadora y contentiva dentro del Frente popular. Es como una compuerta cerrada que cohibe toda la inundación. El día que Azaña deje de ser esta compuerta, se abrirán las esclusas de la revolución social y sus aguas rojas inundarán España.* Outro que fai declaracións nesta dirección é Francisco Casares, membro da CEDA, para o cal: *Es muy posible que Azaña cumpla la insigne misión de defender España contra la ola soviética.*

E fíxense vostedes que este discurso ten seguidores non só dentro, senón tamén fora de España. Ún as veces se pregunta: ¿por qué as democracias occidentais non axudaron máis decididamente á República? ¿Por qué ese papel tan capital que xoga Inglaterra nes primeiros intres de internacionalización da guerra civil? Se un acude á prensa, ben é certo que de nesgo conservador, británica, pero de enorme influencia na opinión pública do seu país, atopa bastantes das claves do que logo vai a pasar. E as atopa xa dende a propia campaña electoral da Fronte Popular. Se vostedes collen algúns números desta prensa durante a campaña, atopará unhas críticas feroces á crecente presenza da simboloxía comunista en carteis e manifestacións da Fronte Popular, tales como a cor vermella, a fouce e o martelo, o saúdo co puño no alto, ou os retratos de Lenin,

Stalin, Thaelmann e outros heroes «vermellos». Inmediatamente despois da vitoria electoral, nas súas edicións dos días 17 e 18 de febreiro empezan a aparecer asociacións (creo que é a palabra que mellor o define) fotográficas entre España e a Rusia de 1917. Unha das primeiras imaxes que se transmite son os gardas de Asalto que acoden a controlar as manifestacións festivas que seguen á vitoria das esquerdas e a demanda de saída dos presos políticos que aínda estaban no cárcere. Vese nas fotografías como os gardas de Asalto confraternizan e se unen aos manifestantes. Inmediatamente a asociación é cos gardas vermellos en Rusia sumándose aos bolxeviques en outubro do ano 1917. Ou como se contraponen as manifestacións festivas do 12 de abril do 31, onde se cantaba o himno de Riego e a Marsellesa, e en cambio agora se canta á Internacional e se desfila co puño en alto. E tamén o *Daily Telegraph* recolleu nas súas páxinas a presenza de axitadores comunistas, como Bela Kun, que di que «chegaran a España como axentes da Rusia soviética para dirixir aos extremistas e preparar a insurrección comunista», ou cando a chegada dos exiliados de Rusia, dos que se dicía que «foran adestrados en métodos revolucionarios», que teñen como misión, dar pasos para formar as milicias comunistas en España e dar pasos a esa implantación do estado soviético.

¿E qué podo dicir dos debates parlamentarios famosos da primavera, cun Gil Robles e un Calvo Sotelo, non só narrando todos eses excesos e esa violencia política, os atentados, as queimas, a destrucións de igrexas, senón insistindo en presentar esa etapa como unha transición

cara a implantación de ese estado comunista? Calvo Sotelo, no famoso discurso, logo da ameaza de Casares Quiroga, non só remata coa famosa frase de *más vale morir con honra que vivir con vilipendio*, senón que incide nesa imaxe de Casares Quiroga convertido nun Kerensky, é dicir no líder burgués que abriu o camiño ao triunfo da revolución bolxevique, ou no Miháli Karolyi, que fixo outro tanto no caso de Hungría, na breve experiencia da república soviética húngara de despois da primeira guerra mundial.

Xa para rematar, dado que ese discurso da dereita é tan uniforme, tan pouco cheo de matices, quixera comentar que pasa nos cuarteis onde están os militares, que a fin de contas eran os que ían dar ese golpe de estado que remata coa experiencia republicana, e que son parte dese mesmo *stablishment*, que se sublevan para defender os seus propios intereses. Un militares que ven como o discurso da dereita sobre a Fronte Popular vai entrando na propaganda dos cuarteis. Non é moita a documentación orixinal sobre panfletos que sabemos que circularon nos cuarteis durante a primavera do ano 36 mentres se preparaba a insurrección militar, pero algúns son extraordinariamente significativos. Os que parten da Unión Militar Española, un dos sectores máis reaccionarios do exército e capital na trama golpista, manteñen esas ideas forza comentadas antes case calcadas. A idea do anti-marxismo, a percepción de que as forzas armadas están sendo penetradas por elementos bolxeviques que buscan a súa destrución. A identificación da Fronte Popular co marxismo e con esa idea de tránsito cara a revolución.

Dino os seus panfletos moito mellor do que o podo dicir eu: *Primero desbordamiento de la izquierda republicana y del socialismo templado, después, paso cauto, taimado y traidor en el avance. Movimientos sociales que siembren la inquietud, la ruina y la desesperación en las clases sociales obreras. Bancarrota de la Hacienda y la Economía. Exaltación de la disgregación y del separatismo. Persecución implacable contra todo lo español, capaz de reacción y de defensa. Destrucción del Ejército y de las fuerzas armadas, atacando su honor y debilidad, minando su disciplina. Entrega final de una España rota, maniatada, desangrada, al terror de hordas salvajes al dictado de Moscú.* Polo tanto, sementan o terror ante unha subordinación a un poder estranxeiro tal como se dixo durante a campaña electoral. A coalición da Frente Popular, sexan os seus membros da esquerda burguesa ou da esquerda marxista ou obreira, forman parte da mesma armazón. Ben sexa por ignorancia ou por complicidade, a esquerda burguesa faille o xogo á esa esquerda marxista.

Está tamén a idea da patria en perigo a consecuencia do caos imperante, a chegada da anarquía. E a apelación final ao exército que é, non a novidade, xa que a está a facer Calvo Sotelo dende 1935, como dicía ao principio da miña intervención, como mínimo. Incluso dende a revolución de outubro do 34. Tamén o vemos no manifesto do Bloque Nacional que no mes de decembro do 34 xa está moi claramente nesta liña. A única novidade deste novo discurso é que volve a situar ao exército no plano de salvador da patria. Din eles: *Sentimos inquietud y ansia de acción. Sonrojo de no ofrendar nuestras vidas por España*

(...) Los soldados de España estamos decididos a salir en su defensa, a ofrendar la vida por la patria. La disciplina, el honor, la fe jurada nos obligan. El alzamiento contra los asesinos de España no es ya sólo un derecho, sí un sagrado deber. No se trata de una sublevación más, sino de un sublime y supremo acto de servicio patrio (...) [que] no puede demorarse mucho por más que el dolor y el sufrimiento esté purificando la sociedad española (...). Nuestro movimiento tendrá carácter nacional. Nuestras miras no son políticas ni tienen por fin el salvar intereses de clase. Ni ambicionamos gobernar ni queremos salirnos de nuestra misión, pero tenemos el deber supremo de salvar a España antes de que se consume su destrucción, naturalmente por parte do goberno da Fronte Popular.

Evidentemente, aquí están os discursos que tan ben callaron e aquí está o esquema que a dereita tiña da súa chegada ao poder na etapa da Fronte Popular: xa non se trataba de impoñerse a través das urnas ou a través do convencemento no seu programa político; había que facelo, como tantas veces na historia de España, a través do seu brazo armado: o exército.

DIONISIO PEREIRA

Loita de clases en Galicia no tempo da Fronte Popular

Voume centrar nun tema pouco estudado e do que existen poucos escritos, que é o da loita de clases en Galicia no tempo da Fronte Popular, centrándome na esquer-

da obreira e deixando para outro día, cando teñamos máis tempo, á patronal e á esquerda burguesa. Vouno facer dun xeito moi esquemático, dando antes que nada fe de vida do que representaban as devanditas forzas operarias no noso país. No seu conxunto, todo hai que dicilo, tiveron un acelerado crecemento na súa afiliación no primeiro semestre do ano 1936, logo dun período de crise aguda logo da frustrada Revolución de Outubro de 1934 en Asturias. Compre apuntar, tamén, que a crise á que aludimos non só fora provocada polo fracaso de tentativa en cuestión, mais tamén polo fracaso doutras iniciativas que tiveron un aquel insurreccional tamén por estas terras, como puido ser a folga xeral convocada en decembro do ano 1933 pola CNT, tras o acceso ao poder da dereita tras as eleccións de novembro daquel ano.

De maneira moi esquemática e indo de maior a menor, comezaremos polas grandes centrais sindicais, a UGT e a CNT, que historicamente sempre tiveran unha notoria igualdade de forzas no territorio galego: así, cando chega o golpe militar do 18 de xullo de 1936 andarían en torno a 40.000 afiliados e afiliadas cada unha delas. Se engadimos outras forzas moi influídas polo *Partido Comunista*, como podía ser a “*Federación Tabaquera*”, con moita implantación na Fabrica de Tabacos da Coruña, a “*Unión de Trabajadores y Trabajadoras de las Fábricas de Conservas de la Ría de Vigo*” con case que 5.000 afiliadas, ou tamén a central sindical auspiciada polo PCE, a “*Confederación General de Trabajadores Unitaria*” (CGTU), que durante o Goberno da Frente Popular vaise integrar totalmente na UGT, sumando todos estes e algúns outros colectivos

menos importantes, a afiliación sindical en Galicia chegaríase aos 90.000 afiliados e afiliadas. Esta cantidade, viña sendo un 10% da poboación activa galega e representaba a maior taxa de afiliación acadada nunca no noso país. Pero isto non quere dicir que, no conxunto da poboación traballadora, o movemento obreiro tivese unha gran implantación no país, pois os labregos constituían a maioría social e no mundo rural, composto maiormente por pequenos propietarios agrícolas, a penas incidían os sindicatos de clase.

Despois, o PCE e o PSOE, as dúas grandes correntes marxistas no Estado español, tiñan segundo diversas fontes en torno a 15.000 ou 20.000 afiliados/as, malia que non son cifras moi fiables. O *Partido Comunista* tivo un importante medre durante os derradeiros meses da Fronte Popular; segundo Víctor Santidrián que é o maior especialista na historia do PCE en Galicia, nese período vaise pasar de 3.700 afiliados a 7.400. Unha cifra importante, dende logo, se a comparamos con outras zonas do Estado español. Os motivos deste aumento de afiliación foron tres: 1º) a súa estratexia de unidade sindical, incorporándose os seus militantes tanto á UGT como á CNT coa famosa consigna de “Uníos Hermanos Proletarios” (UHP); 2º) polo apoio entusiasta ao Estatuto de Autonomía; como se sabe, xunto ao Partido Galeguista, o PCE foi a forza política que máis axudou a súa promulgación. 3º) por un medre sensible da súa presenza no campo, refrendada pola “*Federación Comarcal Agraria*” de Pontevedra e a pola “*Federación Provincial Campesina*” de Ourense, ambas orientadas en boa medida por militantes comunistas.

O sector esquerdista do PSOE, que como se sabe estivo encabezado por Francisco Largo Caballero, reforzou a súa influencia no partido durante os 6 meses da Fronte Popular e tamén vai controlar de xeito bastante notorio a “Unión General de Trabajadores” en Galicia.

En conxunto podemos dicir que a implantación destas dúas correntes marxistas non foi nada desprezable, e de maneira un chisco sorprendente posto que Galicia non era un país industrial do tipo de Asturias ou Catalunya, aquela é comparable coa que tiñan en Asturias e no País Vasco, sobre todo no caso dos comunistas.

Había, ademais, outras forzas de esquerda máis pequenas: o *Partido Sindicalista*, que practicaba un anarcosindicalismo moderado e con referencia política no Parlamento e nos concellos moderados, estaba ben implantado no obreirismo de Compostela e algo no de Coruña; o “*Partido Obrero de Unificación Marxista*” (POUM), resultante da unión da trotskista “*Izquierda Comunista de España*” e o “*Bloc Obrero y Camperol*” de Joaquín Maurín, foi unha pequena formación que na Fronte Popular tivo, sen embargo, un acelerado crecemento intervindo quer na UGT, maiormente na “*Federación de Trabajadores de la Enseñanza*” (FETE), quer na CNT. Ademais, habería que contar coa “*Federación Anarquista Ibérica*” (FAI), que non pasaría dos 350 militantes, moi activos sobre todo nas “*Juventudes Libertarias*” (JJLL), xunto coas “*Juventudes Socialistas Unificadas*” (JSU), resultado da fusión acontecida nos derradeiros días da Fronte Popular das xuventudes socialistas coas súas homónimas comunistas. En

conxunto, estas formacións de esquerdas minoritarias, terían a penas un par de milleiros de activistas. Por último, nesta apesurada fe de vida, compre constatar a práctica inexistencia da esquerda nacionalista tras a fenecida *Unión Socialista Galega*, que desaparece pouco despois das eleccións do ano 1933. A devandita esquerda nacionalista, fica reducida a unha pequena corrente marxista que actúa no interior do Partido Galeguista, pero que non asume ningún carácter referencial cara afora.

¿Cales son as actitudes destas diversas forzas políticas diante da conformación da Fronte Popular e da propia votación de febreiro de 1936?. Aquí hai bastantes máis matices que os que se poden apreciar nos grupos políticos de dereita. En primeiro lugar, o PSOE vai ser o referente na negociación das forzas de esquerdas obreiras cos republicanos, cos galeguistas e cos agrarios para conformar no noso país a Fronte Popular. Precisamente para chegar a unha avinza con estes dous derradeiros, o partido socialista admitirá por vez primeira o apoio explícito ao Estatuto de Autonomía, cando no seu anterior roteiro republicano esta non era unha cuestión prioritaria para este partido, por dicilo suavemente. Daquela, o PSOE é un partido dividido en dúas grandes tendencias, a moderada liderada por Indalecio Prieto que é partidario de retornar ás políticas reformistas do primeiro bienio republicano unha vez gañadas as eleccións, e a esquerdista que entende a Fronte Popular como un dique antifascista que dera opción para superar pola esquerda o programa frontista, moi semellante ao da Coalición Republicana Socialista do ano 1933, se deixamos fora a reclamación de amnistía para os presos

políticos procedentes da represión desatada tras a revolución de Outubro do 34 e o retorno aos seus postos de traballo dos despedidos por apoiar aquela tentativa frustrada. Esta corrente esquerdista do PSOE entende, xa que logo, o período da Fronte Popular como de transición cara unha etapa de goberno netamente socialista.

O Partido Comunista defende de xeito afervorado, neste intre, a estratexia da IIIª Internacional de promover fronte antifascistas de carácter interclasista, coas capas medias de carácter liberal, que serían as responsables de levar a cabo no Estado español unha revolución burguesa que, daquela, aínda estaba inconclusa. Precisamente o seu apoio entusiasta ao Estatuto de Autonomía de Galicia, enténdese nesta lóxica: unha moderada resposta á cuestión nacional, que non puxera en cuestión un réxime liberal baseado na democracia representativa. Con esta argumentación, os comunistas ortodoxos opóñense con decisión a estratexias como as mantidas polo POUM que, partindo da independencia de clase do proletariado, tentan obviar este marco. O PCE, preconizaba naquel intre as alianzas obreiras entre os principais sindicatos e forzas operarias, como un dos eixos sustentadores do goberno interclasista da Fronte Popular, evitando posibles desbordes ou lecturas máis revolucionarias do que saíra aprobado nas urnas.

A CNT mantén por aqueles días e como é normal na súa estratexia, o afastamento cos pactos políticos da Fronte Popular, pero apoiará “de facto” as listas da Fronte Popular en Galicia. De feito, todos os militantes que podemos coñecer noutrora, dixéronos que, nas eleccións,

votaron á Fronte, e moitos non só votaron senón que exerceron de compromisarios frontepopulistas nas mesas electorais. Este é un tema totalmente resolto: a CNT non apoiou explicitamente á Fronte Popular, pero si o fixo na práctica co obxectivo de acadar a amnistía dos presos políticos e a reposición dos despedidos nos seus postos de traballo.

Dende 1934, a “*Confederación Regional Galaica*” da CNT foi, a carón da asturiana, a máxima defensora dun pacto coa UGT para resolver cuestións sindicais concretas e tamén para defender as liberdades, admitindo non obstante as dificultades doutriniais que existían para unha avinza de carácter revolucionario que eliminara de maneira definitiva o perigo fascista. A CNT tiña claro que desexaba ultrapasar o marco constitucional e, de feito, demostrouno na rúa. Así, por exemplo, na Coruña os cenetistas encabezaron as masas populares que foron quen de conseguir a liberación dos presos, antes mesmo que se deran instrucións dende a Dirección Xeral de Seguridade en tal sentido. E tamén aproveitaron as circunstancias favorables para impulsar, xunto coa UGT, unha intensa conflitividade nos centros de traballo con vistas a mellorar as condicións laborais e materiais dos asalariados e asalariadas; una conflitividade que foi acompañada dunha retórica chea de referencias á proximidade do comunismo libertario, pero que non pasou a maiores.

A conflitividade operaria en Galicia nos anos 1935 e 1936, prodúcese, ao contrario do que acontece no primeiro bienio republicano, nun contexto de unidade sindical

no que a colaboración entre a UGT e a CNT será moi estreita, co concurso entusiasta do PCE e tamén doutras correntes minoritarias, tal que o *Partido Sindicalista* ou o POUM. Non obstante, é importante constatalo, non existirá nunca un pacto explícito entre ambas centrais sindicais para definir unha estratexia común a máis longo prazo e fora dos avatares dos conflitos laborais.

Dentro da conflitividade operaria daquel tempo, podemos definir dúas fases. Unha, ata o inverno de 1935, de carácter defensivo, na que os sindicatos o que pretenden é obrigar á patronal a cumprir, quer a lexislación laboral do bienio progresista (1931-1933), quer as bases de traballo que foran conculcadas pola Patronal tras a derrota de outubro de 1934. Esta fase defensiva, péchase coa folga do metal na bisbarra de Vigo que comeza en novembro de 1935 e remata en marzo de 1936, e que, dalgunha maneira, supón a recuperación sindical. Foi unha folga moi combativa e participativa que pretendeu máis unha vez (e digo máis unha vez, porque hoxe en día nas negociacións do convenio do metal en Vigo continúa a ser unha cuestión crucial) o control da contratación, o pago proporcional das vacacións ao tempo traballado, a readmisión dos despedidos tras outubro de 1934 e pretendía tamén presionar ao goberno para reimplantar a xornada semanal de 44 horas, que fora eliminada polo goberno do Bienio Negro, como medida para remediar o paro. A folga rematará con éxito, debido en boa medida á vitoria da Frente Popular nas urnas, feito que colocou nunha situación de inferioridade á Patronal.

A segunda fase, que ocupará os derradeiros seis meses da República, é de carácter ofensivo e, mediante a unión sindical, as centrais operarias empurrarán na rúa para acadar de xeito efectivo a readmisión dos despedidos en outubro de 1934, acompañada da expulsión dos crebafolgas que os substituíron daquela, o control da contratación de maneira que para poder traballar fose preciso estar afiliado a UGT ou a CNT. Ou sexa, pretenden o monopolio sindical na oferta da forza de traballo. Tamén presionarán ao Goberno da Fronte Popular para que levase a cabo o seu programa en materia sociolaboral, máis que nada canto á lexislación que fora conculcada no segundo bienio dereitista e que rexeu mal que ben na primeira etapa republicana. Tamén mobilizáronse para acadar a denominada “semana inglesa” de 44 horas de traballo, as vacacións pagadas e tamén un incremento substancial dos xornais.

Neste tempo, haberá unha mancha de conflitos laborais espaxados por toda Galicia, coa Coruña á cabeza. A esta abundante conflictividade sociolaboral, de folgas case sempre curtas nos inicios da Fronte Popular, vanse incorporar capas sociais normalmente pouco afeitas, caso da muller traballadora ou da xuventude.

Canto ás tácticas sindicais, a CNT continuará coa súa metodoloxía de acción directa, aínda que agora por influencia da UGT en determinadas ocasións aceptará a intervención dos organismos gobernamentais de arbitraje, caso dos Xurados Mixtos, pero sempre para facilitar a resolución dos conflitos e sen renunciar nunca á convocatoria de folgas. En reciprocidade, e como resultante da

unidade coa CNT, a UGT vaise radicalizar desbordando en ocasións as canles legais mediante a convocatoria de folgas, pero sen deixar de acudir, tal e como fixo no primeiro bienio republicano, aos organismos de arbitraje.

Para concluír esta cuestión, podemos afirmar que houbo no breve tempo da Frente Popular unha osmose entre as dúas centrais sindicais: ambas ceden dalgunha maneira nas súas estratexias, a prol da acción común.

A expulsión dos rebentafolgas que ocuparon os postos dos folguistas en outubro de 1934, moitos deles introducidos por sindicatos fascistas ou amarelos, e a irrupción provocadora da Falange vai provocar a efusión de sangue proletaria en diversos puntos do país (en Vigo, Coruña, Ourense, Sarria, entre outros lugares) e tamén vai provocar en resposta a convocatoria inmediata de folgas xerais nas que se pretende que as autoridades interveñan para neutralizar as accións dos falanxistas. Son, pois, folgas políticas pero sempre en resposta as accións fascistas, non na procura dun novo marco social. Son, asemade, as únicas folgas xerais que haberá neste período, agás nalgunha vila. O tempo da Frente Popular presentase nalgúns estudos como un período de desborde da conflictividade laboral e isto habería que matizalo. Dende logo, as folgas xerais de envergadura son máis habituais no bienio progresista e no Bienio Negro, que durante a Frente Popular. Hainas con motivacións laborais nalgunha localidade como Viveiro, pero son a excepción: nestes seis meses, as folgas deste calibre prodúcense máis que nada en resposta ás agresións falanxistas.

Non se aprecia nesta fase final da República unha situación que puideramos definir como pre-revolucionaria no noso país, provocada polas distintas correntes proletarias. Non existen tentativas insurreccionais como no ano 1933, nin revoltas importantes fora das violencias que se producen no intre da vitoria da Fronte Popular e que, dalgunha maneira, podemos interpretar como resultado da represión do período anterior debido ás actitudes revanchistas que mantivo a dereita durante o Bienio Negro. Con posterioridade, só a intervención violenta dos fascistas, provocará respostas de semellante intensidade en diversos puntos de Galicia.

Se temos en conta as reivindicacións das principais folgas daquel período, non albiscamos por ningures pretensión de ir máis aló do marco de acción política da Fronte Popular, nin moito menos escenarios de duplo poder. Xa coñecemos as motivacións do paro do metal de Vigo. Outro conflito emblemático deste tempo foi o paro durante varias semanas da flota sardiñeira nas Rías Baixas, acontecido na primavera do 36: nel, a reivindicación sovranceira era que o Goberno republicano e a Patronal garantiran un prezo mínimo para a sardiña, fronte a depreciación provocada polos industriais conserveiros con obxectivos aínda hoxe discutidos. O derradeiro conflito importante do tempo republicano, foi o paro de 28 días levado a cabo no tendido do camiño de ferro Zamora-Ourense, que afectou a milleiros de “carrilanos” entre A Pobra de Sanabria e vilar de Barrio. As peticións dos traballadores foron, exactamente: xornal de 6 pesetas para os peóns, semana de 44 horas, roupa de traballo pagada pola

empresa nos labores subterráneos, horas extras valoradas un 25% máis, despedimentos indemnizados con nove días de xornal e recoñecemento dos delegados sindicais por parte dos contratistas. Como se pode comprobar, nada hai de revolucionario nestas bases de traballo. O que si se albisca tanto nesta folga dos “carrilanos” como na dos pescadores, en lugares tan dispares como as Rías Baixas e a ruda montaña ourensá e zamorana, é o convencemento dos folguistas de acá e de acolá respecto das verdadeiras intencións da Patronal de deixar podreecer estes conflitos, para así provocar desordes e desgastar ao réxime republicano. Desta visión participan outros traballadores de distintos ramos que teño entrevistado. Se acreditamos nisto, os verdadeiros (contra) revolucionarios estarían máis ben nas capas acomodadas, que dende febreiro de 1936 xa desbotaron á República como réxime político no que puideran salvagardar os seus privilexios e intereses como clases dominantes.

Compre tamén subliñar, e iso é moi importante, que esta xeira combativa ten como único escenario as vilas e as cidades, sen que neste intre teñan participación algunha os traballadores do campo, afastados maiormente, fora dalgúñas excepcións (como son os casos de certas organizacións labregas da provincia de Ourense, do sur de Lugo, ou das contornas das capitais coruñesa e pontevedresa), de calquera estreita alianza de clase co proletariado organizado.

Como conclusión, na miña impresión, na Fronte Popular e de acordo coas especiais condicións nas que se

desenvolveu na anteguerra a loita de clases no noso país (compre repetir outra volta que a esmagadora maioría social estaba constituída polos pequenos propietarios rurais), o movemento operario galego non desmentiu os seus sinais de identidade, marcados pola moderación verbo doutras zonas do Estado e polas fortes tendencias unitarias que o percorreron xa dende o remate do primeiro bienio republicano. Neste contexto e malia o seu carácter urbano e vilego, por breve tempo será o principal movemento de masas do país, cunha audiencia dabondo superior á súa propia implantación. Por estas terras, a confrontación social levaba un ritmo propio máis vagaroso e calquera mudanza de envergadura na relación de forzas que favorecera aos desposuídos, precisaba dunha alianza máis estreita entre o proletariado e os traballadores do campo, da que o breve tempo da Fronte Popular puido deparar. Asemade, tal e como apuntei antes, neste derradeiro tempo republicano non existiu entre as grandes centrais sindicais ningún plano de acción conxunto que fose máis alá da confluencia unitaria nos conflitos laborais e da resposta puntual ás agresións do fascio, quer polas reservas que había en amplos sectores operarios (nos socialistas moderados e no PCE, por exemplo) no caso de calquera estratexia que procurase desbordar as marxes do goberno da Fronte Popular, quer porque algúns sectores da militancia anarco-sindicalista non superaron unha visión exclusivista e sectaria.

O asunto é que o movemento obreiro xa ía contratempo. No que foi o derradeiro 1º de Maio do militante máis

recoñecido da “*Confederación Regional Galaica*” da CNT, o carpinteiro compostelán José Villaverde, este advertiu en Vigo dende o estrado do desaparecido Cine Tamberlick que, de non mudar a traxectoria que os sindicatos levaban respecto das Alianzas Obreiras e da súa consideración como alicerces dunha futura sociedade sen clases, “*el porvenir nos cerraría sus puertas, para abrir las de nuestras tumbas*”.

Por desgracia, así foi.

ANDRÉS DOMÍNGUEZ ALMANSA

A fráxil memoria do pasado político republicano

Iniciarei a miña aportación a esta charla colectiva lembrando as verbas de Tucídides, quen se achegou á Historia a través das testemuñas daqueles que viviron os feitos en primeira persoa. Argumentaba que ía traballar coa oralidade, coa memoria, porque quería corrixir as incorreccións dos cronistas, atractivas a costa da verdade. Polo tanto esta aposta polas fontes orais non é tan novidosa á hora de construír a Historia. Poden selo os novos paradigmas cos que traballemos, así como distintos achádegos historiográficos.

Neste ollada ao mundo clásico, respecto ao tema que nos ocupa, non se pode pasar por alto a Sócrates, e a súa contemplación da memoria e o olvido como dúas cuestións indisolubles. A nova historia oral ten sabido incorporar esta òptica, introducindo o non memorizado, o esque-

cido, o olvidado como elemento de estudo e análise. Quédense, pois, con esta palabra: olvido.

O argumento que se vai desenvolver baséase na experiencia acadada no proxecto “Nomes e voces”, concretamente nas aproximadamente cento vinte entrevistas realizadas por quen lles fala, ás vítimas da represión e aos seus descendentes. O que aquí se vai presentar é un esbozo dun traballo en construción a través do cal podemos achegarnos á memoria dun pasado recente, deturpado e, en boa parte oculto como a experiencia republicana e a máis concreta da Fronte Popular.

As primeiras entrevistas realizadas xa perfilaban a idea de que, agás pequenas pinceladas, o común dos perseguidos e derrotados abundaron en borrar este episodio da memoria. O primeiro en confirmarmo foi un home de cen anos, cuxas lembranzas pasaron de glosar a figura do seu pai a contar con detalle o acontecido a partir de xullo do 36. Así, fronte ao seu esquecemento do sucedido entre 1931 e xullo de 1936, o seu relato foi abondoso no referente ao Golpe de estado e a conseguinte represión, incluso sen reparar e narrar con bágoas nos ollos os problemas de impotencia que durante tempo lle acarreou o seu paso polas prisións da nacente ditadura franquista.

Noutra entrevista a un protagonista directo daqueles feitos, antigo obreiro dun estaleiro naval en Vigo o proceso de desmemoria volta a repetirse. No seu discurso tamén atopamos dúas partes moi claras, o seu descubremento da cultura a través da lectura e, por outra parte, a represión, evadindo e dándolle nula importancia á experiencia

política vivida no período republicano. Cousa ben curiosa cando tanto el como o anterior entrevistado amosaron unha profunda politización no mundo actual e ambos militaban no período republicano

Este fenómeno do olvido faise moito máis evidente nos relatos dos fillos e fillas das vítimas, nos que a República é un vago recordo, as veces cargados das lecturas torticeiras feitas polo propio franquismo. Repítese como un axioma nestas memórias a forte disimetría entre a feble ou incerta lembranza da República e máis aínda da Fronte Popular, e o gran poder de evocación e recordos que suscita a represión.

Da República ficaron recordos puntuais e quedou unha feble memoria, acentuada aínda máis no eido estritamente político. E, pois, labor do historiador: analizar ese olvido que vos pedín que retivédeses ao principio da charla. E eu intento analizar ese baleiro en función do que si foi memorizado con contundencia, a represión. Porque aquí si que estamos ante unha memoria precisa. Precisa en varios niveis. Precisa para lembrar o proceso represivo que se viviu nese momento e precisa para recordar quen o levou a cabo. E, precisamente, esta forte memoria da represión é a que elimina a memoria das vivencias e inquedanzas políticas previas ao Golpe militar

Agora imos explicar un pouco este olvido do que falamos. E farémolos con catro claves que están ligadas indisolublemente á represión.

1) A brutalidade do fenómeno represivo. Algo que aparece en todas as memorias é o sentimento de sorpresa.

Non tanto por un Golpe, que podía ser alviscado coma possibilidade... senón pola súa contundencia, sen precedentes, coa que se escinficou e consolidou. Foi algo indescribible para os que o padeceron, xa fosen nenos ou adultos. Todo o acontecido explica o olvido. Olvido, sometemento e autocensura dunha memoria que advertía moi intimamente que os chamados a facer algo pola súa capacidade política ou pola súa defensa do republicanismo, foron aniquilados. Esa foi unha experiencia que a xente interiorizou moi claramente. Todo aquel que se movía..., ou mellor aínda, esa palabra que se sigue utilizando nas dictaduras latinoamericanas e a represión que levaban aparelladas “o que se significou” estaba perdido. Polo tanto é un elemento que fai olvidar esa significación. Como tamén a fan olvidar a evidencia dunha derrota que se vive máis intensamente nun ámbito no que o cambio de bando e a delación non son alleos.

2) Paralelo a iso, as vítimas asumen unha culpabilización da política. Entenden pois a política como algo digno de eliminar. Nunha entrevista asoma a figura dunha muller á que lle asasinaron ao seu fillo, meténdose dende ese día na cama e establecendo a prohibición na familia de que se falara de política. Son moitas as historias dramáticas neste sentido ás cales o historiador ten que buscar algo máis que o seu sentimento dramático. Que maior drama, contemplado dende a lóxica dunha sociedade democrática, que as propias familias das vítimas argumenten que o seu pai ou a súa nai non fixo nada para censurar o seu asasinato, porque isto no fondo é asumir que outros asasi-

nados si puideron facer algo que o xustificase, cousa que acaba respondendo á lóxica dos exterminadores.

3) Uma terceira via para o olvido e o asentamento do franquismo e a xénese dunha sociedade sen política. Este é un dos grandes logros do franquismo. Neste contexto, que ademáis ten recente a experiencia da represión, a xeneración de República non fala aos seus fillos de política. Pero, ao mesmo tempo, os fillos, socializados nun ambiente no que a loita política é totalmente imposible, tampouco preguntan aos pais. Uns non contan e os outros non preguntan. Polo contrario si que preguntan sobre que lle pasou ao seu pai ou a nai... Preguntábanlle as persoas da familia coas que estaban que lles pasara aos que faltaban. Pero a ninguén se lle ocurría preguntar, nun mundo no que a política non existía, ¿de qué partido era papá?, ¿con quen se levaba ben?, ¿con quen se aliaba?. Ese discurso anulouse pola derrota pasada e presente, sempre recordada dende as manifestacións de Vitoria do réxime ate as caras dos vitoriosos contempladas día tras día.

4) Outro alicerce do olvido compre asocialo co importante papel que ocupan as mulleres na transmisión da memoria do acontecido. A maioría dos fusilados, paseados e encadeados por longos anos son homes. E tócalle as mulleres contestar a esas preguntas que os nenos facían. ¿Qué lle pasa a papá?. ¿Cómo morreu papá?. ¿Onde está? ¿Por qué nos pasa isto? ¿Por qué somos así?. Pero claro, a encargada de responder a isto é unha muller, que en contraposición cos homes - en moitos casos politizados e con certa cultura - estaba maioritariamente escasamente poli-

tizada e con frecuencia apenas analfabetizada. Entramos aquí nunha nova realidade. Moitas veces entendemos o mundo polas estratexias da xente que escribe e que se posiciona a través dos seus escritos na sociedade, máis temos que pensar que os grupos analfabetos tamén teñen a súa propia estratexia de subsistencia e permanencia como tem amosado nos seus estudos de fonte oral a notable historiadora Mercedes Vilanova. As nais, viúvas de asasinados ou com maridos en prisión, eliminaron a lembranza política da vida cotiá porque, ademais doutras razóns, era, ante todo unha maneira de subsistencia. En certa maneira a súa vitoria foi a subsistencia dos seus fillos. Protexéronos e em moitos casos déronlles o coñecemento do que pasou na casa, usando a memoria como unha silente forma de resistencia fronte ao franquismo.

Así pois, fronte aos poucos e normalmente coñecidos e recoñecidos que decidiron conservar unha profunda memoria política asociada á etapa da Fronte Popular, a maioría das xentes do común, experimentadoras dunha profunda derrota vital tomou a via do olvido. Só o xeito de sentirse e ser vítima foi o único legado que deixaron aos seus fillos e fillas, cando non o silencio absoluto. A experiencia traumática borrou o pasado, a memoria quedou pendurada do terror e agora tócalle aos historiadores recuperala, ou máis certeramente, entendela e incorporala ao relato dunha Historia nova, sen silencios...

Para finalizar só me queda manifestar a miña esperanza en que chegara un día en que isto que agora se chama “memoria histórica” sexa asumido pola sociedade, no

sentido de que, independentemente do posicionamento político de cada quen, as vítimas do franquismo, teñan un recoñecemento colectivo, ao mesmo tempo que este período da nosa Historia pase a ser estudado en profundidade. Algo teríamos conseguido.

Gracias.

